



FORO PATRIMONIO E SOCIEDADE

GUÍA PRÁCTICA PARA
A ANÁLISE DUN SECTOR CLAVE
NA GOBERNANZA DO FUTURO

2019-2021

ÍNDICE

O Foro /P5

Presentacións	/P7
Introdución	/P14
Antecedentes	/P15
Planificación e proceso de deseño do foro	/P16
Temáticas do foro	/P19
Participantes nas mesas do foro	/P19
Mesas de traballo	/P20
Metodoloxías de traballo	/P29
Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro	/P32

Mesas 1-2-3 /P35

Conclusións /P201

Anexos /P209

Mesa política	/P211
Conclusións das Xornadas do Foro Patrimonio e Sociedade	/P217

Bibliografía /P237

Mesa 1 /P35

Eixe temático 1 /P39

DE DESTINATARIOS A ACTORES DAS POLÍTICAS PATRIMONIAIS

1. O enfoque participativo da xestión do patrimonio cultural /P40
2. A corresponsabilidade social e política /P42

Eixe temático 2 /P45

A TRANSVERSALIDADE DAS POLITICAS PÚBLICAS PATRIMONIAIS

1. O patrimonio cultural como principio inspirador das políticas públicas /P46
2. O patrimonio cultural na ordenación territorial e na planificación sectorial /P49
3. Redefinir a escala de xestión /P52

Eixe temático 3 /P55

OS INSTRUMENTOS LEGAIS

1. Unha regulación normativa de maior calidade /P57
2. Planificación territorial integrada na lexislación: novas estratexias para novos patrimonios /P60
- 3.3. Participación social na lexislación patrimonial /P63

Eixe temático 4 /P65

O PATRIMONIO CULTURAL DE CUSTO A RECURSO

1. O patrimonio cultural no desenvolvemento sostible /P67
2. O patrimonio cultural como (principal) recurso turístico /P70

Eixe temático 5 /P73

ALTERNATIVAS DE XESTIÓN PATRIMONIAL

1. Elementos para un novo modelo de xestión: ferramentas, métodos, enfoques e recursos materiais e humanos /P75
2. Superar a xestión institucional do patrimonio cultural /P79
3. O PC como eixe das políticas de desenvolvemento rural /P82

Mesa 2

/P85

Eixe temático 1

/P89

O PATRIMONIO, UN CONCEPTO GLOBAL

1. Materialidade e inmaterialidade do patrimonio /P92
2. A paisaxe como patrimonio: unha visión dende a historia /P95
3. A paisaxe como parte do patrimonio e a cultura /P99

Eixe temático 2

/P103

OS INSTRUMENTOS DE PROTECCIÓN E XESTIÓN DAS PAISAXES URBANAS E RURAIS HISTÓRICAS

1. A protección do patrimonio no centro das paisaxes urbanas históricas /P105
2. Instrumentos territoriais na protección e xestión do patrimonio cultural /P109

Eixe temático 3

/P113

ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DO PATRIMONIO

1. Evolución dos criterios e posibilidade de adopción na xestión patrimonial /P115
2. Situación xurídica e administrativa do patrimonio de Galicia /P118
3. A potencialidade dos plans nacionais para a xestión do patrimonio /P22

Eixe temático 4

/P127

XESTIÓN DO PATRIMONIO E SOCIEDADE

1. As demandas do público sobre o patrimonio: unha visión dende o Valedor do Pobo /P129
2. Novos pasos para unha xestión pública e integrada do patrimonio /P134

Mesa 3

/P139

Eixe temático 1

/P144

O PATRIMONIO COMO MEDIO DE SOCIALIZACIÓN

1. Valores, concepto e dimensións do patrimonio na sociedade actual /P146
2. O patrimonio como produto cultural /P150
3. Avaliación social da xestión patrimonial /P154

Eixe temático 2

/P159

EDUCACIÓN E APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA

1. A educación patrimonial no ensino regrado xeralista non universitario /P161
2. Formación /P166
3. A profesionalización no quefacer cultural en Galicia: realidade e desafíos /P169

Eixe temático 3

/P172

SOCIEDADE, CIDADANÍA E DEREITOS CULTURAIS

1. Gobernanza e participación /P174
2. Asociacionismo /P179
3. Redes /P183

Eixe temático 4

/P187

COMUNICACIÓN, TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN

1. O papel das TIC (recurso, medio, mensaxe) /P189
2. Cultura de transferencia de coñecemento e innovación /P193
3. Comunicación patrimonial /P197

EDICIÓN

Rebeca Blanco-Rotea
Teresa Nieto Freire
Cristina Sánchez-Carretero

COMITÉ CIENTÍFICO

Rebeca Blanco-Rotea
Juan M. Monterroso Montero
Carlos Nárdiz Ortiz
Teresa Nieto Freire
Cristina Sánchez-Carretero
Iago Seara Morales

ANEXO II. DOCUMENTACIÓN DAS XORNADAS DO FORO PATRIMONIO E SOCIEDADE

María del Mar Bóveda López

XESTIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Purificación Carballo

REVISIÓN LINGÜÍSTICA

Reverso Comunicación

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Ekinocio

DOI: 10.17075/fpsgp.2021

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela 2021



AUTORES DOS TEXTOS

Carlos Amoedo Souto
David Barreiro
Rosa Benavides García
Rebeca Blanco-Rotea
José Antonio Caride Gómez
Ceferino Castro
Manuel Chaín Pérez
María Luisa Chas Amil
Isabel Cobas Fernandez
Beatriz Comendador Rey
Felipe Criado-Boado
Alfonso Díaz Revilla
Soledad Felloza
Begoña Fernández Rodríguez
Julio Gómez
Beatriz González Moreno
Ana Goy Diz
Belén Hernández Lafuente
Juan Manuel Monterroso
Carlos Nárdiz Ortiz
Teresa Nieto Freire
Augusto Pérez Alberti
María Xosé do Mar Pérez Fra
Beatriz Prieto Lamas
Fran Quiroga
Gabriel Quiroga Barro
Pegerto Saavedra
Cristina Sánchez-Carretero
Lucía Santiago Sanmiguel
Iago Seara Morales
Luisa Serrano
Paz Varela Campos
Mercedes Vázquez
Ramón Yzquierdo Peiró

O Foro



Presentacións

Limiar

Rosario Álvarez

O patrimonio cultural galego, con todo o universo que xira arredor deste concepto, está na cerna e razón de ser do Consello da Cultura Galega desde o momento mesmo en que Galicia afirma no seu Estatuto (art. 32) que a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego son competencia da Comunidade autónoma e que a tal fin se constituirá, mediante lei do Parlamento, este órgano.

A Lei de creación do Consello da Cultura Galega (Lei 8/1983, do 8 de xullo) abunda neste carácter e neste mandato xa desde a propia exposición de motivos: «Un patrimonio cultural tan vizoso coma o que posúe e caracteriza a nosa nacionalidade e o programa, fondo e de alongados horizontes, que ten de ser desenvolvido pola nosa Comunidade, requiren a formación dun órgano cualificado, tal como concibe o Estatuto». Aínda que todas as competencias que se relacionan no articulado teñen que ver dun xeito ou outro con ese principio de atención patrimonial, salientan as de «analizar cantas cuestións se refiran ao patrimonio cultural», «asesorar e consultar aos poderes da Comunidade Autónoma no que xulgue preciso para a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego» e «elevar aos poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas» que permitan avanzar no mesmo sentido. En consonancia con isto, a Lei do patrimonio cultural de Galicia (Lei 5/2016, do 4 de maio) recolle a especial relevancia do Consello da Cultura Galega como máximo órgano de asesoramento e consulta dos poderes públicos da Comunidade autónoma (art. 7, 1).

Por esa razón fundacional a liña de estudo, protección e promoción do patrimonio cultural foi sempre parte constituínte da columna vertebral do Consello da Cultura Galega, desde os relatorios iniciais (de patrimonio histórico, de antropoloxía cultural, etc.) á actual Sección de Patrimonio e Bens Culturais, herdeira e continuadora de todo o traballo ininterrompido realizado polas súas antecesoras desde 1983, durante case catro décadas de existencia. A Sección e mais a Comisión Técnica Temporal creada especificamente para xestionar e orientar o *Foro Patrimonio e Sociedade*, ambas coordinadas por Rebeca Blanco-Rotea, traballaron intensamente desde 2018, primeiro no deseño e metodoloxía do Foro, logo no seu desenvolvemento, redacción dos documentos e elaboración da obra que presentamos. Non hai palabras

abondas para enxalzar o alto grao de compromiso e excelencia no desempeño do seu labor nin para agradecer a súa contribución; facemos extensibles os parabéns e a gratitude, de todo corazón, a toda a rede de persoas e institucións que se implicaron e colaboraron nesta obra coral.

Os lectores comprobarán que nesta obra se dan a man as dúas liñas de actividade que definen o Consello da Cultura Galega, de acordo co mandato fundacional. Dunha parte, ofrecemos en síntese os froitos da análise, reflexión, debate e consensos producidos no seo do propio foro, no que participou un amplo abano de persoas, todas especialistas acreditadas en diferentes actividades, interesadas no patrimonio cultural desde diferentes perspectivas, con intereses e problemáticas non sempre coincidentes; un debate aberto e construtivo, demorado no tempo, conducido con ánimo de que non deixasen de estar sobre mesa os puntos en que, a priori, cabía agardar disenso ou mesmo conflitos abertos. Doutra, atendendo á función de alta asesoría do Consello da Cultura Galega, esta contribución fórmulase como un informe e unha guía; nela faise unha proposta de consenso, aberta e integradora, construtiva, de directrices xerais de xestión integral do patrimonio cultural, co ánimo de que sirva ao deseño das políticas públicas arredor do coñecemento, protección, conservación, valorización e mellora do patrimonio cultural galego, reforzando tanto a xestión e eficacia das diversas administracións coma o papel necesario da cidadanía.



Patrimonios de Futuro ou Torres de Babel

Rebeca Blanco-Rotea

Hai uns anos participei nun proxecto que denominamos LDEA (Linguaxe para a descrición de elementos arquitectónicos históricos) que tiña un obxectivo ambicioso, desenvolver de forma teórica e abstracta unha linguaxe na que se buscara unha convención sobre como denominar os elementos que forman parte dunha arquitectura histórica para que profesionais de diferentes ámbitos disciplinares puidésemos entendernos. O proxecto empregaba os modelos de clase para modelar a realidade que nos interesaba e nel participamos un informático doutor en arqueoloxía e especialista en tecnoloxías semánticas, unha arqueóloga da arquitectura, unha historiadora da arte e unha arquitecta¹.

O motivo de levar a cabo este proxecto viña dado porque o informático vía no edificio un modelo de clases, a arqueóloga da arquitectura unha estratificación, a historiadora da arte un ou varios estilos e a arquitectura unha estrutura. Todos formabamos parte dun proxecto maior no que estabamos a desenvolver un sistema de información patrimonial para unha cidade histórica. Tamén se trataba dunha proposta para traballar de forma previa nas arquitecturas históricas antes de que fosen intervidas e de propor un sistema de seguimento da rehabilitación do parque de vivendas: coñecer, manter, conservar, socializar.

Cando empezamos a traballar nese sistema de información patrimonial, démonos conta de que o primeiro que debiamos facer era entendérmonos e que nos entendesen. Isto posibilitaría xerar unha estrutura da arquitectura e o urbanismo na que plasmar toda a información xerada grazas ás intervencións de diferentes tipos desenvolvidas na cidade. Creo que foi unha grande experiencia e que a nivel teórico avanzamos en moitas liñas. Só a nivel teórico. Todo o demais foi unha utopía que non puidemos materializar. Nós entendémonos, pero levar isto a un plano de relacións maior resultou inviable e o sistema de información patrimonial non se permeabilizou da necesidade dese entendemento. Ao meu modo de ver, era un proxecto abocado ao fracaso, porque naceu pechado e preconcebido e, de feito, non está operativo. Un edificio, e non digamos unha cidade histórica, é algo moi complexo: forma, función, historia, materialidades e in-

materialidades, vivencias, trazados, etc. conviven nun mesmo espazo en diferentes tempos. Son elementos vivos nos que se conxugan a vida diaria e a historia. Se a iso lle engadimos que eses elementos son patrimonio, e o son da humanidade, a complexidade multiplícase exponencialmente.

Co patrimonio pasa algo parecido, é complexo, un obxecto de intereses dispares e non sempre converxentes e, as persoas que o habitan, o usan e o perciben falan linguaxes distintas. Este foro pretendía precisamente buscar unha linguaxe común desde a que poder comezar a construír un modelo de xestión integral e integrador no que todos os axentes implicados nesta xestión nos sentíssemos cómodos. Na Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega (CCG) levabamos varios anos facendo unha reflexión interna sobre a mudanza que se producira no seo dunha das nosas actividades dentro desta institución, o asesoramento en materia de patrimonio e bens culturais. Ademais da habitual elaboración de informes atendendo á solicitude que nos chegaba por parte de diferentes institucións e organismos públicos de Galicia –fundamentalmente da Xunta de Galicia e, dentro dela da Consellería de Cultura e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural como organismo asesor da Xunta de Galicia por mandato estatutario–, cada vez máis eran diferentes entidades da sociedade civil, nomeadamente asociacións culturais, as que nos facían chegar solicitudes de informes fundamentalmente como consecuencia de conflitos patrimoniais.

Non quere isto dicir que antes non existise un asociacionismo cultural activo en Galicia, todo o contrario –como se poderá comprobar cando na Mesa 3 tratamos ese tema–, senón que agora buscaban un interlocutor no CCG e a súa asesoría no eido do patrimonio. Deste xeito, puidemos comprobar de primeira man cales eran as demandas que a sociedade civil nos facía ás institucións as súas inquedanzas e preocupacións e a súa posición activa arredor do patrimonio cultural. Creo que foi a propia sociedade civil a que nos puxo fronte a algo que a UNESCO demanda nos últimos anos, a obrigatoriedade real de practicar unha gobernanza participativa nesta materia e, para iso, poñer a sociedade nos procesos que lle afectan directamente


.....
1. González-Pérez, C.; Blanco-Rotea, R.; Mato, C.; Camiruaga, I. (2013): “A formal language for the Description of Historical Architectural Elements”, en F. Contreras, M. Farjas, F. L. Melero (eds.): *CAA 2010. Fusion of Cultures. Proceedings of the 38th Annual Conference on Computer Applications and Quantitative Methods in Archaeology (Granada, Spain, April 2010)*. BAR International Series 2494, Oxford, Archaeopress, 221-228.

á toma de decisións sobre este e a súa xestión. Faltaaba deseñar como podemos materializar isto en Galicia.

O xiro que se produciu en 2015, momento no que se impulsaron os formatos participativos nas moitas actividades realizadas neste ámbito dende o CCG –especificamente a Sección de Patrimonio e Bens Culturais–, outorgoulle un maior protagonismo aos debates nelas. Isto tamén nos permitiu acadar unha abundante información sobre a situación do patrimonio en Galicia e coñecer de primeira man o que diferentes sectores e actores patrimoniais demandaban para mellorar esta xestión patrimonial integral e integrada.

Foron todos estes materiais os que revisamos e analizamos para deseñar unha actividade, agora si, reflexiva, sobre a súa xestión e sobre o papel que en todo iso xoga a sociedade. Mais tamén, sobre a normativa legal que regula a súa protección e administración e sobre as políticas públicas que se levan a cabo nesa comunidade. Foi a partir desta análise que decidimos no seo da sección que este tiña que ser un foro de debate e que tiña que implicar a todos aqueles axente que na nosa comunidade tivesen algo que dicir arredor do patrimonio cultural. Un ano para a análise e o deseño e outro para a reflexión, que finalmente se prolongou ao longo do que vai de 2021 co gallo do minoración que sufriu o foro por culpa da pandemia da COVID-19.

É un traballo coral: sociedade civil, administración, academias, universidades, organismos públicos de investigación, ensino medio, industrias culturais, profesionais liberais ou outras institucións collémonos da man para traballar xuntas na busca de cales deben ser os eixos a seguir en Galicia na xestión integral do patrimonio e na gobernanza participativa, das problemáticas, necesidades e recomendacións neste ámbito, dende unha mirada propositiva. A gran xenerosidade e profesionalidade por parte de todas as persoas implicadas deu como resultado o traballo que aquí presentamos. Pola nosa parte, e a miña en concreto como coordinadora da Sección de Patrimonio e Bens Culturais, creo que non podemos agradecer abondo o seu traballo e achega a esta tarefa que esperamos que dea os seus froitos en beneficio do patrimonio cultural e teña continuidade no futuro.



O patrimonio no Consello da Cultura Galega

Iago Seara

En 1983, sendo presidente da Xunta de Galicia Gerardo Fernández Albor, e por mandato estatutario, créase o CCG por medio da Lei 8/1983, do 8 de xullo, de creación do Consello da Cultura Galega, que, no seu artigo 1 indica o seguinte: «coa finalidade de defender e promover os valores culturais do pobo galego, conforme co previsto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia, constitúese o Consello da Cultura Galega, con carácter, composición, competencias e funcionamento que se establecen na presente lei». Así mesmo, no seu artigo 2 di que «o Consello de la Cultura Galega é un órgano con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins». No decreto do 10 de xullo de 2008 aprobouse o seu regulamento de organización e funcionamento, sendo presidente Emilio Pérez Touriño e conselleira de Cultura e Deporte Ánxela Bugallo, e quedou derogado o anterior, do ano 2000.

O Consello da Cultura Galega (CCG) é, pois, un órgano estatutario da Comunidade autónoma de Galicia de carácter asesor e consultivo, que ten como finalidade promover, difundir, asesorar e preservar os valores culturais do pobo galego. Ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, goza de total autonomía orgánica e funcional e actúa con independencia e obxectividade respecto dos poderes da comunidade autónoma e da súa Administración. A súa creación, no ano 1983, é orixinal no panorama autonómico estatal ao ser a única institución destas características que figura recollida nun estatuto de autonomía.

O Pleno do CCG está formado por representantes de diferentes institucións culturais –academias, universidades, fundacións e centros de investigación especializados– e por personalidades sobranceiras nos diversos campos da cultura galega. O exercicio das súas competencias e labores pode ser demandado polas administracións, pola cidadanía ou realizarse por oficio, é dicir, por iniciativa propia. Estas poden ser tales como:

- Fomentar a lingua e a cultura galegas en canto creacións orixinais do pobo galego, entendidas non só como unha herdanza que cómpre conservar e transmitir, senón como un patrimonio que cada xeración debe arrequentar.
- Investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego, tentando facer accesible a toda a cidadanía de Galicia e tamén univer-

sal os produtos máis valiosos tanto da cultura propia coma daquelas outras de interese.

- Analizar cantas cuestións se refiran ao patrimonio cultural galego moble e inmoble, territorial e urbano, material e inmaterial, nas súas diversas facetas e niveis, atendendo á súa preservación, ao seu estudo, á súa valorización e á súa promoción e/ou difusión.
- Promover actuacións culturais adecuadas aos seus fins, tales como a organización de congresos, seminarios, conferencias ou exposicións, a creación de grupos de pescuda, reflexión ou debate, o establecemento de arquivos ou centros de documentación, a elaboración de estudos ou informes ou a realización de publicacións.
- Asesorar e consultar aos poderes públicos da Comunidade autónoma, especialmente á Xunta e ao Parlamento de Galicia, mais tamén ás deputacións e concellos e outras institucións.
- Elevar aos poderes públicos da Comunidade autónoma informes e propostas a prol do coñecemento, da investigación ou aquelas outras dedicadas á conservación, restauración, protección e defensa, promoción, etc. dos valores culturais galegos que alumeen na cotiandade da vida cultural, científica e artística. Tamén calquera actividade social sobranceira xurdida dos diferentes procesos e factores que, querendo ser históricos, xonguen a vontade e os valores de sentimento colectivo de pertenza a través de calquera manifestación material e espiritual da comunidade que a soporta.

Esas mandas son ferramentas que o CCG reporta para que cada xeración poida arrequentar o rico patrimonio cultural galego. Consolídase así como liña forza, ao mesmo tempo que se constrúe e chega, na actualidade, a ser un feito positivo tanxible e intanxible que representa o sentir da cidadanía de Galicia, ata ser percibido como unha presenza colaboradora no ámbito dos procesos históricos actuais de patrimonialización cultural e indentitaria. É, pois, o Consello un punto de referencia obrigado para aquelas persoas e institucións que estean interesados e/ou comprometidos naquel arrequentamento do patrimonio cultural ou en novas expresións materiais e espirituais que son herdanzas de continuidade ou de sentimento de ser.

A través da presenza e visibilización do traballo da súa Sección de Patrimonio e Bens Culturais, o CCG vén sendo un organismo asesor e consultor da Consellería de Cultura, e dentro dela da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dende 1983 por mor de resolución e, logo, por mandato da Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia (artigo 7.3). Esta mesma situación competencial mantense na actual Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPC/16) (artigo 7.1), na que o CCG ocupa unha situación preeminente sobre os outros organismos asesores e consultores.

En calquera caso, sexa por resolución, primeiro, e logo por lei, tales determinacións devenen dos labores administrativos requiridos e regulados para a conservación, protección e/ou promoción do patrimonio e os bens culturais. Polo tanto, tamén devenen doutras que sexan demandadas dende a orde estatutaria na interpretación e compromiso cos procesos de patrimonialización cultural: feitos activos, vivos e permanentes, todos eles expresión singular dos caracterizados xeitos da cultura actual, e a galega en particular.

Isto é tanto así que hoxe en día pódese dicir que o CCG é identificado por todas as familias culturais galegas que se sitúan de forma responsable ante o patrimonio material e inmaterial. Veno como unha ferramenta cultural e social enxertada por dereito propio nos procesos vivos máis importantes de patrimonialización cultural e identitaria.

Os seus labores a través da Sección de Patrimonio e Bens Culturais seguiron, primeiro, o funcionamento das antigas Comisións Provinciais de Monumentos, que derivaran logo nas Xuntas Locais do Tesouro Artístico no exercicio da Lei de 13 de maio de 1933 relativa ao patrimonio artístico nacional, modificada en parte pola Lei do 22 de decembro de 1955 sobre conservación do patrimonio histórico-artístico. Esas Xuntas nunca acadaron o valor e senso cultural do modelo das Comisións Provinciais de Monumentos e, menos aínda, a súa autoridade. Foron, non obstante, o modelo que se seguiu nos primeiros tempos do CCG, que logrou unha presenza seria e meritória.

Nun primeiro momento traballouse nos temas vinculados á Ponencia de Antropoloxía Cultural –coordina- da entre o 20 de decembro de 1885 e o 17 de novembro de 1986 por Antonio Fraguas, e logo por Filgueira Valverde e González Reboredo–, dende a primeira andadura do Consello e ata o ano 2007, en que desaparece. Nun segundo momento, a partir do 31 de marzo de 1998 na Ponencia de Patrimonio Histórico e, a partir do 25 de setembro de 2008, na creada Sección de Patrimonio Histórico, coordinada por Iago Seara, logo

Sección de Patrimonio e Bens Culturais dende 2012, que coordina dende o 2016 Rebeca Blanco-Rotea.

Unha vez aprobada a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español tampouco cambiou a inercia de referencia a aquela institución modélica na etapa anterior da xestión patrimonial das Comisións de Monumentos. Simplemente, agora o ámbito non era provincial, senón galego e vencellado ao asesoramento e consultoría do goberno e do pobo de Galicia. O discorrer da Sección de Patrimonio Cultural neste tipo de labores tiña unha perspectiva e unha expectativa que se abrixa co Estatuto de Autonomía e coa posta en funcionamento do CCG desde unha percepción vencellada ao posibilismo dun nacionalismo cultural. Esta evolucionou cara a unha percepción do seu papel na conservación do patrimonio galego, unha das razóns de ser da institución e do propio arrequentamento tanto da lingua coma do patrimonio mesmo.

Por outra parte, queda dicir que tal como eran os perfís dos primeiros compoñentes e institucións representadas no plenario do CCG, facíase natural a referencia e a continuidade daquel modelo. Polo tanto, era case obrigado apoiarse na significación que tiñan as Comisións de Monumentos anteriores á lei de 1933, xa que este modelo e os seus comprometidos interlocutores formaban parte, ou chegaran a ser parte, dos propios valores asignados logo á razón de ser do CCG.

É en 1993, dez anos despois do inicio das súa actividade, cando o CCG se viu na obriga de realizar de oficio un informe sobre as intervencións nas trazas do Camiño de Santiago Francés e a súa incidencia na reforma da estrada de Lugo a Santiago. Foi un documento que, pola relevancia que alcanzou esa iniciativa nos medios de comunicación e nas asociacións vencelladas ao Camiño, derivou irremediamente no Parlamento de Galicia e foi tratado na Comisión de Cultura. Esta interpelou á Xunta de Galicia na persoa do director xeral do Patrimonio Cultural daquel entón. Aquel informe fora auspiciado polo membro do plenario do Consello da Cultura, Pedro de Llano, como coordinador que era, daquela, da Sección de Artes Plásticas e Arquitectura. Pódese dicir agora que aquel posicionamento proactivo do CCG adaptouse, dalgunha maneira, aos aspectos fondos da tradición galega das Comisións Provinciais de Monumentos.

Con todo, tamén é certo que a existencia dunha Administración Galega do Patrimonio Cultural a quen lle dirixir de oficio un asesoramento responsable, fixo que o labor do Consello tivese o efecto de reconducir os dous episodios de intervención no territorio que estaba a cuestionar. Iso ocorreu xusto no ano en que o Consello Internacional de Monumentos e Sitios, ICO-

MOS, estaba elaborando o informe-proposta que rematou en decembro dese mesmo ano coa declaración do Camiño de Santiago Francés como Patrimonio da Humanidade.

Esta singular presenza do CCG en tales episodios e, en parte, a da propia Administración galega, converxe nun debate asociativo, parlamentario e disciplinar. Hai que pensar, ademais, que o obxecto patrimonial tiña a dimensión dun Ben de Interese Cultural territorial e contiña, polo tanto, unha carga de valores espirituais, inmateriais ou intanxibles, que referenciaba, aínda, o espírito daquelas Comisións de Monumentos. Debemos recordar tamén quen eran os membros da Sección e do Plenario do Consello daquel entón.

Non cabe esquecer o feito de que, aínda así, os primeiros órganos asesores municipais asociados aos Plans Especiais de Protección dos Conxuntos Históricos apoiábanse no modelo da Comisión Provincial de Monumentos para asesorar os seus plenos municipais. Todo iso implicaba un xeito de facer que aínda estaba lonxe do sentimento de patrimonialización cultural, de valor identitario, que rexe na actualidade no espírito do Consello da Cultura Galega, pero que supuxo o seu xermolo.

Aquel debate auspiciado polo informe e pola propia actividade cultural do CCG, coa xusta reacción da administración galega, foi un fito de referencia que puxo en valor a pertinencia e singularidade da presenza do Consello nos procesos de patrimonialización cultural, dentro da tradición dun nacionalismo cultural.

Ese fito foi pouco a pouco adaptándose ás formas novas de ver e (re)coñecer socialmente a evolución do patrimonio e a súa conservación. Aí comeza a súa comprensión como un proceso histórico que queda esculpido, traballado, construído, pintado, *paisaxeado* e pingado polas olladas coas que os seus creadores cambian a súa natureza e o seu significado, a través dunha identificación, apropiación e resignificación. Poñamos por caso o ocorrido coa percepción do territorio, co paradigma da paisaxe, que parte dende unha ollada física del e lle confire un sentimento emocional para logo apreciálo como Ben de Interese Cultural, incluso sobranceiro, e que en Galicia adquire a presenza como valor identitario e pertenza, produto dos procesos históricos, das accións antrópicas e da apreciación simbólica por parte da sociedade. Todo iso levounos á necesidade de estudalo dende unha visión interdisciplinar para que sexa posible desenvolver axeitadamente o coñecemento e conservación de tal fito patrimonial.

A busca dun coñecemento interdisciplinar contribúe a acadar un sentir social de identidade e de pertenza dos bens. Cando noutros contextos, como pode ser o caso do Reino Unido, se fala dun ben, sexa cal sexa o seu tipo ou a súa categorización, non se deixa de insistir en que é un anaco de historia, é dicir, percíbese como parte dun proceso histórico cultural vivo, aínda que sexa só na dinámica social da patrimonialización cultural actual. No Consello da Cultura Galega comezou esa visión semellante cando deu o paso cara á comprensión do patrimonio dende a interdisciplinariedade, introducindo no seu xeito de observalo outras disciplinas máis aló das exclusivas belas artes da tradición latina, que inspiraran o modelo das Comisións Provinciais de Monumentos. Ese proceso viuse apoiado polas leis da senda constitucional e autonómica, o que asentou a idea social do Patrimonio Cultural de Galicia.


Así, ademais das institucións da memoria tradicionais, na Sección de Patrimonio e Bens Culturais incorpóranse outras disciplinas, o interese por outros procesos de patrimonialización cultural nos que a sociedade xoga un papel moi importante. Tamén outros especialistas, para achegarse ao día a día do labor do CCG en materia de patrimonio, demandado este polas sensibilidades doutros colectivos e por determinados procesos culturais á hora de enriquecer a percepción dun horizonte maior na comprensión e na conservación do patrimonio cultural.


O Consello da Cultura Galega fixo visible este xeito patrimonial a través de actividades como os Encontros Monográficos co Patrimonio Cultural, que se desenvolven dende novembro de 2015 e que xa van no número 33. Nelas, expuxéronse as novas procuras patrimoniais como feitos para a expresión ceibe e viva de colectivos comprometidos en procesos de patrimonialización concretos ou que traballan desenvolvendo diferentes proxectos patrimoniais, para poñelos en coñecemento e discusión.

O éxito de asistencia e participación activa a estes eventos dende a posta en marcha da actividade, preludiaba o recoñecemento que tivo a Sección na súa posible achega a estes mesmos procesos velando pola salvagarda, o coñecemento e o acrecentamento do patrimonio cultural. Tamén polo enriquecemento real que estaba acadando a idea social sobre o patrimonio e os bens culturais cun significado máis amplo na cultura galega como feito vivo e actual, por riba dunha visión pasiva e tradicional do patrimonio. Ampliáronse, desta maneira, as ideas de participación social, tanto no sentir da configuración como valor de pertenza e

de propiedade cultural coma de compromiso e sentir da conservación como parte do obrigado coñecemento. En definitiva, o arrequeamento da idea de que somos parte dos procesos de patrimonialización cultural.

A evolución tivo como consecuencia que no CCG se acadase un espazo e un tempo onde se podían acoller o devir continuado destes diferentes procesos e, polo tanto, acoller en parte o beneficio de sentilos necesarios, diferenciados e conformadores da pertenza social do patrimonio, de percibilos como expresión da identidade e parte dunha paisaxe cultural concreta. Foi, esta, unha maneira de actualizalo, pero tamén de velo ao xeito daqueles pioneiros traballos da xeración Nós dos que, entre outros, poderíamos poñer como referencia as *Notas encol das formas de poboación labrega* de Ramón Otero Pedrayo (1927) ou aquel singular estudo da Terra de Melide, unha obra colectiva de 1933. É neste sentir e deriva da Sección de Patrimonio e Bens Culturais, onde se desenvolveu o xermolo que nos levou a desenvolver o Foro Patrimonio e Sociedade do que daremos conta nas próximas páxinas.





Introdución

Este documento resulta dun traballo iniciado pola Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega (CCG) en outubro de 2018 e que tiña como obxectivo trazar as liñas xerais que guiarían o desenvolvemento dun foro baixo o título «Patrimonio e Sociedade». A intención era organizar este evento ao longo do ano 2020 e encamiñalo cara á reflexión e o establecemento dunhas directrices básicas arredor da xestión integral do patrimonio cultural na nosa comunidade autónoma.

Finalmente, por causa do estado de alarma que vivimos no ano 2020, o foro adiouse 6 meses, prolongándose ata xuño de 2021 e rematando coa presentación deste documento. Nel plásmanse os motivos que levaron á súa realización, a estrutura, as temáticas, a calendarización e a súa metodoloxía. Inclúe tamén unha guía práctica resultante do traballo das mesas e outros materiais que se xeraron a partir das actividades desenvolvidas no transcurso do foro; en concreto, unha mesa política cos partidos que teñen representación no Parlamento de Galicia e unhas xornadas de presentación das conclusións.

Este foro xorde como consecuencia de tres feitos. Por unha parte, débese aos resultados das diferentes xuntanzas da Sección de Patrimonio e Bens Culturais (SPBBCC) do CCG desenvolvidas arredor deste tema entre outubro de 2018 e outubro de 2019. Por outra, é froito das conclusións obtidas dentro da propia sección a partir da elaboración do documento «Liñas forza en materia de Patrimonio e Bens Culturais para a elaboración da diagnose do sector cultural galego como base para a creación da estratexia da

Cultura Galega 2021» (5 de decembro de 2017). Este texto produciuse tras un encargo do propio CCG como resultado do acordo de colaboración asinado coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o 25 de outubro de 2017. Finalmente, a realización do foro veu tamén motivada polas diferentes manifestacións sobre a necesidade dunha análise profunda da xestión do patrimonio cultural (PC). Estas opinións foron realizadas por distintos colectivos, asociacións e axentes que traballan en materia de PC en Galicia, así como por asistentes ás distintas actividades levadas a cabo arredor do patrimonio polo CCG.

Dende a SPBBCC consideramos que é da nosa responsabilidade recoller estas demandas e iniciar un período de reflexión tras o cal resultase un documento de traballo nesta liña. Logo dun tempo de análise, de toma de decisións e de planificación desenvolvido en varias xuntanzas monográficas, decidiuse que o mellor formato para levar isto a cabo era o foro. Así determinouse a necesidade de poñer en marcha o proxecto, baixo a idea de conectar o patrimonio coa sociedade, desenvolvendo tres mesas de traballo que abrangan de forma ampla as posibles interaccións da xestión integral do patrimonio cos diferentes ámbitos que lle afectan.

Antecedentes

No traballo levado a cabo pola SPBBCC nos últimos anos vimos detectando diferentes temas globais relativos ao PC que precisaban dun debate profundo, sen présas e coa ollada no futuro. Algunhas das cuestións que poderían guiar este debate son estas:

1. Serven as políticas de protección coas que contamos hoxe en día na nosa Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPC)? Non no papel, senón na praxe real.
2. É necesaria unha transversalidade real na toma de decisións sobre o patrimonio? Cómpre ter en conta que se trata dun asunto que non só compete á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (en diante DXPC), senón que tamén afecta a outras direccións xerais, secretarías... da Xunta de Galicia, sen que ata o de agora se producise –de maneira xeral– unha toma de decisións consensuada. Máis aínda: é posible chegar a esa transversalidade? e como?
3. É obrigada unha cooperación/coordinación entre as diferentes administracións (Estado, Xunta, concellos, consorcios, deputacións...) ás que compete a xestión do PC. Existe esta coordinación? Como se realiza? Se non existe, que mecanismos se poden implementar para que sexa efectiva?
4. É necesario revisar o funcionamento da Comisión de Cultura do Parlamento.
5. Debemos reivindicar e potenciar a importancia do papel da sociedade en materia de patrimonio:
 - Educación patrimonial
 - Asociacionismo
6. Temos a obriga de garantir a transferencia de coñecemento á sociedade, así como o acceso á información sobre o PC á cidadanía e a tódolos axentes implicados na súa investigación, xestión, salvagarda, etc. Existe esta transferencia? Cales son os mecanismos para que se produza? Se están a fallar, cales poden ser as alternativas para que a transferencia e o acceso á información sexan efectivos?
7. Cal é e como debe ser o papel doutras institucións e axentes en materia de xestión do patrimonio e políticas patrimoniais galegas? Por exemplo, entre outras:
 - Organismos Públicos de Investigación (OPI)
 - Universidades
 - Bibliotecas, Arquivos e Museos (BAM)
 - Academias
 - Profesionais
 - Asociacións do patrimonio

Como dicimos, grazas a toda a retroalimentación obtida nos últimos anos a partir das actividades realizadas no CCG en relación ao patrimonio, estas e outras temáticas teñen unha importancia fundamental no correcto funcionamento da xestión patrimonial. Algunhas están ben resoltas, outras requiren unha revisión e, moitas delas, están aínda por desenvolver ou non están funcionando axeitadamente, polo que posiblemente habería que cambiar a maneira de abordalas ou mellorar a xa existente.

Entendiamos tamén que todos estes aspectos non se poden resolver –nin sequera identificar– sen un traballo previo de análise. Este traballo debería contar cunha participación plural e ampla dos distintos colectivos, entidades e axentes que están implicados na cadea da xestión integral do patrimonio, que podería representarse no que se coñece como cadea de valor do patrimonio cultural (CVPC) e que se sintetiza nos seguintes procesos: identificación, documentación, significación, valoración, conservación, valorización e recepción do patrimonio.

Por todo isto, en 2018 propúxose ao CCG dende a SPBBCC a realización dunha actividade concibida como un foro que executase o mandato que se lle fai por lei a este Consello da Cultura Galega. Cómpre ter en conta que un dos seus cometidos principais é elevar aos poderes públicos da comunidade autónoma, en toda a súa extensión, informes e propostas a prol da defensa e promoción dos valores culturais galegos. Tanto o foro como este documento pretenden cumprir ese mandato.



Planificación e proceso de deseño do foro

Nas diferentes xuntanzas da sección que tiveron lugar ao longo do período comprendido entre outubro de 2018 e outubro de 2019 para desenvolver esta tarefa, considerouse que era necesario agrupar todas as temáticas arriba recollidas en grandes bloques de debate, arredor dos cales se establecería a estrutura de traballo do foro. Ademais, eramos conscientes de que posiblemente faltasen outros moitos temas máis específicos. Por exemplo, un que se considera central, pola importancia na cultura galega e na nosa identidade, é o da paisaxe. Porén estas cuestións máis concretas analizaranse máis polo miúdo no propio traballo das mesas. Obviamente, ao tratarse dun asunto tan complexo, somos conscientes de que hai outros temas quedan fóra, pero que deberán ser recollidos nos seguintes pasos, confiando en que a iniciativa acade o interese desexado.

Detrás todo isto emerxe a idea de que precisamos dunha nova estratexia en materia de xestión do patrimonio cultural ou, cando menos, dunha revisión da xa existente en Galicia. O concepto de PC sufriu importantes cambios nas últimas décadas, do mesmo xeito que mudaron os procesos de patrimonialización e tamén as relacións das comunidades co patrimonio. Ao tempo, as mudanzas socioeconómicas –que implican, entre outras cousas, o abandono do campo–, lévannos inevitablemente a preguntarnos que debemos/podemos/queremos facer con todo o noso patrimonio rural. Este patrimonio vese directamente afectado pola ausencia de habitantes que se identifiquen con el e, en consecuencia, velen pola súa conservación e protección. Pérdese así a implicación da cidadanía nunha función que entendemos que debe ser compartida se non queremos que o patrimonio se perda irremediabilmente. Neste sentido, un dos aspectos que parece claro –cando menos *a priori*– é a necesidade dunha transversalidade real na xestión do PC, nas políticas patrimoniais e nas relacións dos axentes patrimoniais e da cidadanía co patrimonio.

Por todo iso, considerouse que ao longo de 2020, antes iniciarse o Xacobeo 2021, sería importante centrar parte dos nosos esforzos en reflexionar, debater e facer propostas arredor destes temas. Con este fin impulsamos a elaboración dun foro de patrimonio baixo o título «Patrimonio e Sociedade». Para o seu deseño e desenvolvemento, como comentabamos,

traballouse durante todo un ano –de outubro do 18 ata outubro do 19– nas xuntanzas da sección, con base na seguinte planificación:

1. Deseñar os obxectivos do foro «Patrimonio e Sociedade».
2. Deseñar a metodoloxía de traballo.
3. Buscar os perfís necesarios dos participantes no foro, selecciónalos e convidalos. Estes deberían ter dúas funcións:
 - No deseño das mesas de traballo.
 - No desenvolvemento das mesas de traballo.
4. Decidir as temáticas:
 - Políticas patrimoniais en Galicia.
 - Transversalidade.
 - Marcos de relacións/colaboracións...

Neste documento preséntanse tamén os resultados daquel traballo previo que serviu para deseñar a estrutura, a temática e a metodoloxía do foro, logo desenvolvido nas tres mesas de traballo aprobadas pola sección.

1. Estrutura do foro «Patrimonio e Sociedade».
2. Fases de traballo.

O traballo do foro foi desenvolvido segundo unha estrutura que comezaba na fase de deseño do mesmo e que remata agora coa publicación de todo o proceso, así como das súas conclusións, nesta guía práctica.

FASE I Definición do foro OUT. 2018-19	FASE II Presentación do foro 15 NOV. 2019	FASE III Actuación das mesas de traballo e da mesa política 02 MARZO 2021	FASE IV Presentación das conclusións na xornada Foro Patrimonio e Sociedade 19, 20, 21 ABRIL 2021	FASE V Publicación da guía práctica do foro XULLLO 2021
--	---	---	---	---

Fig. 1. Estrutura do foro que se desenvolve en cinco fases de traballo.

Fase I: deseño do foro

Na Fase I deseñamos e definimos o foro dende a SPBBCC, establecendo a dinámica de traballo, os temas, a coordinación e os equipos. Tamén se concretou un título xenérico, que finalmente foi «Patrimonio e Sociedade». A proposta resultante das xuntanzas de traballo foi a seguinte:

- Optouse por traballar tres grandes temas entre decembro de 2019 e novembro de 2020 (finalmente prolongouse ata abril de 2021) en torno a tres mesas de traballo. Cada mesa tería dous coordinadores, membros da sección. Desta maneira, poderíamos garantir o aliñamento entre os traballos das mesas e a proposta do foro aprobada pola SPBBCC. Ao tempo, poderíamos asegurar a harmonización da súa dinámica e da súa filosofía coas liñas estratéxicas que rexen o traballo da sección, así como do propio CCG. Alén disto, coordinación debería asumir as funcións de buscar material, dinamizar o equipo, preparar (e documentar) as reunións e coordinar a elaboración do informe de conclusións da mesa, a guía práctica. Para o traballo de documentación de todo o proceso, así como no apoio aos labores máis administrativos, contamos co apoio dunha traballadora do CCG, Purificación Carballo Pérez, quen asistiu en todo momento á coordinación do foro.
- Decidiuse que cada mesa tivese un equipo de traballo diferente –que incorporaría tamén membros da propia sección–, de xeito que fose o máis polifónica posible. As mesas estiveron formadas por entre 10 e 12 membros, alén das dúas persoas coordinadoras. Deste modo, tratouse de que estivesen representadas todas as entidades e axentes que puidesen ter algo que dicir en materia de xestión do PC en Galicia. Cada mesa tivo unha duración final de 17 meses de traballo (do 1 de decembro de 2019 ao 30 de abril de 2021). Ademais, habería unha xuntanza de coordinación entre mesas, de modo que o traballo de todas elas permanecese interconectado e tivese un seguimen-

to permanente. Pola súa parte, a coordinación trasladou á sección as decisións tomadas.

- Tamén se decidiu que os resultados do foro se presentarían nunhas xornadas en novembro de 2020, coincidindo co Día Mundial do Patrimonio, mais estas houberon de quedar adiadas ao mes de abril de 2021, como consecuencia do retraso producido nos procesos de análise pola situación pandémica. Para esa efeméride presentamos un vídeo no que se mostraba o traballo que se estaba a desenvolver: <https://www.youtube.com/watch?v=tgk6fCGen4o&t=14s>

Fase II: presentación do foro e inicio das mesas de traballo

- O 15 de novembro de 2019, coincidindo co Día Mundial do Patrimonio, fíxose a presentación pública do foro na sede do CCG.
- Presentáronse a temática das mesas, a dinámica de traballo, a coordinación e os equipos. Tamén se anunciou a xornada final.
- Trala presentación, en decembro, comezaron a traballar as mesas do foro.

Fase III: mesas de traballo

1. Duración:
 - Traballo das mesas: do 1 de decembro de 2019 ao 30 de abril de decembro de 2020.
 - Elaboración do documento de conclusións e deseño das xornadas do foro: de novembro de 2020 a marzo de 2021.
2. Dinámica das mesas:
 - Nomeamento dos participantes un mes antes do comezo de cada mesa (novembro de 2019). Contactárase previamente con eles para ter a súa conformidade.
 - Xunto co nomeamento, entregóuselles aos participantes un plan de traballo previamente definido pola coordinación e a SPBBCC.
3. Plan de traballo (pódese ver con maior detalle no apartado *Metodoloxía de traballo*):
 - Preparar os temas sobre os materiais proporcionados pola coordinación.
 - Extractar ideas dos materias.
 - Elaborar un borrador de traballo sobre o tema a partir desas ideas.
 - Na fase final, entregar un documento de traballo consensuado entre todos os participantes. Estes documentos conformarían as conclusións do foro.
 - Celebrar xuntanzas de coordinación despois das xuntanzas das mesas.

Fase IV: xornadas do Foro Patrimonio e Sociedade

1. Propuxemos celebrar unhas xornadas de peche do foro nas que se presentasen as conclusións e se debatese sobre as ideas principais recollidas nas mesas.
2. A dinámica das xornadas debería resultar do propio traballo elaborado nos meses anteriores, pero no deseño do foro fixemos unha proposta de partida:
 - Deberían levar o mesmo título que o foro.
 - Terían lugar a finais de abril de 2021. Esta data modificou a proposta inicial (arredor do 16 de novembro de 2020).
 - Contarían con tres mesas, centradas nas temáticas traballadas, reproducindo así a propia configuración do foro.
 - Cada mesa podería ter a seguinte estrutura:
 - Conferencia dunha persoa experta convidada.
 - Presentación das conclusións de cada mesa por parte da coordinación.
 - Debate contando co equipo de traballo.




Fig. 2. Dinámica de traballo do foro.

Temáticas do foro

Para definir os temas das mesas tivéronse en conta as ideas que xurdiron nas xuntanzas da SPBBCC e os eixes nos que se considerou que era importante traballar a partir do documento elaborado pola propia sección titulado “Liñas forza en materia de patrimonio e bens culturais para a elaboración da diagnose do sector cultural galego como base para a creación da Estratexia da Cultura Galega 2021”. A fin de organizar todo isto, propuxéronse tres temas transversais:

- Mesa 1: Patrimonio, políticas públicas e normativa legal.
- Mesa 2: Xestión patrimonial: conservación, protección, promoción e difusión do PC.
- Mesa 3: Patrimonio, educación, formación e cidadanía.

A coordinación de cada mesa sería encargada a membros da sección no momento no que se deseñou o foro. Debería ser paritaria e recoller perfís académicos e profesionais diversos. Pola súa parte, a coordinación xeral sería asumida pola persoa sobre a que recae a coordinación da propia sección. Este equipo conformou o comité científico do foro a través dunha comisión técnica temporal creada *ad hoc* no CCG e que rematará o seu labor unha vez presentada a guía práctica do foro. As persoas que coordinaron as mesas foron as seguintes:

- Mesa 1: Teresa Nieto Freire e Cristina Sánchez-Carretero.
- Mesa 2: Carlos Nárdiz Ortiz e Iago Seara Morales.
- Mesa 3: Rebeca Blanco-Rotea e Juan M. Monterroso Montero.

Cada equipo puido desenvolver, segundo o seu propio criterio, diferentes temáticas dentro da súa mesa. Isto permitiu abordar dende diferentes ópticas e coa necesaria flexibilidade unha realidade tan complexa e intrincada como o PC.

Participantes nas mesas do foro

Considerouse que os posibles participantes no foro terían que conformar unha mostra ampla na que se inclúsen todos aqueles sectores que dunha ou doutra maneira están implicados na xestión, formación, conservación, administración, investigación e divulgación do patrimonio e os bens culturais en Galicia. Ademais, tamén debían estar representados aqueles colectivos da cidadanía que –de diferentes formas– están en relación co patrimonio, moitas veces asumindo a figura de coidadores. Así, os participantes nas mesas deberían escollerse entre os seguintes tipos de entidades, institucións e colectivos:

- OPI
- Universidades
- BAM
- Academias
- Administracións
- Asociacións culturais
- Industrias culturais
- Profesionais liberais

Todas estas mesas deberían contar cun mínimo de dous membros da SPBBCC: as dúas persoas que as coordinaban. Os integrantes de cada mesa serían entre 8 e 10 persoas, ou un máximo de 12 no caso de sumarse alguén máis das seccións.

A selección de participantes fíxose, por tanto, tendo en conta dous aspectos: por un lado, que houbera unha representación destes axentes; por outro, que as persoas tivesen un perfil amplo para que estivese representada a diversidade e pluralidade que representa a xestión do patrimonio. Tendo isto en conta, os membros da SPBBCC fixeron propostas de posibles candidatos e, sobre elas, seleccionáronse os membros que finalmente formaron parte do foro. Exceptuando catro persoas que por motivos laborais tiveron que deixar o foro, o equipo permaneceu no proxecto ata a fase final do seu desenvolvemento.

Mesas de traballo

A continuación incluímos de xeito máis detallado o resumo, motivación, temática e proposta de participantes de cada unha das mesas de traballo.

Mesa 1 Patrimonio, políticas públicas e normativa legal

As actuais estratexias de protección e xestión dos bens culturais fan uso de mecanismos de protección deseñados dentro dun concepto de patrimonio histórico-artístico e que non sempre se acomodan ao patrimonio cultural, cunha particular extensión xeográfica e tipolóxica e a incorporación de bens territoriais. Trátase de mecanismos reactivos baseados na tutela administrativa. Pola súa banda, os xestores das políticas sectoriais manteñen unha posición defensiva diante do patrimonio cultural, evitando ou eludindo os conflitos xurdidos arredor deste.

Neste sentido, a harmonización da conservación patrimonial co desenvolvemento socioeconómico é un desafío pendente, mais inescusable, que require que a protección e a conservación do patrimonio cultural sexan asumidas como unha responsabilidade e un obxectivo común de todas as políticas sectoriais.

Obxectivo da mesa

A finalidade desta mesa é analizar como a conservación do PC pode ser parte das políticas públicas –de todas– que a deben integrar e como se pode romper, dunha banda, coas políticas defensivas do patrimonio e, doutra, coas políticas defensivas contra o patrimonio.


Así, o obxectivo desta mesa é elaborar un documento que sexa útil no deseño desas políticas públicas, así como na harmonización dos seus obxectivos e da lexislación, como instrumento de execución das mesmas. Todo isto debe facerse nuns marcos amplos: mundial, europeo, estatal, tratados, compromisos, cartas, estratexias, directivas...

Os ámbitos de actividades que foron obxecto de análise son os seguintes:

CULTURA	TERRITORIO	ECONOMÍA
Patrimonio	Medio natural	Explotación de recursos
Protección	Medio ambiente	Forestais
Xestión	Paisaxe	Agraria
Intervención	Ordenación do territorio	Enerxía
Equipamentos	Mobilidade	Minería
BAM	Patrimonio	Turismo
Centros de interpretación	Urbanismo	Desenvolvemento rural
Programación		Vivenda
Financiamento		
Profesionais e Empresas		

Táboa 1. Ámbitos de actividade que son obxecto de análise na Mesa 1.

Nesa abordaxe cómpre atender non só ao contido das políticas públicas, senón tamén aos problemas e ás necesidades públicas, á toma de decisións e aos procesos, así como aos resultados e impactos que producen. Por outra parte, a análise deberá realizarse atendendo ao compoñente espacial e xeográfico das políticas públicas e do PC, así como á participación colectiva. Por último, en todo este proceso é necesario ter presente a posible disputa de espazos, os nós clave, as relacións de poder e a detección de eventuais resistencias.



Participantes na mesa

Coordinación

Teresa Nieto Freire, arquitecta/SPBBCC/Xunta de Galicia, Patrimonio, Urbanismo: Vivenda
Cristina Sánchez-Carretero, antropóloga/SPBBCC/Incipit

Participante adicional da Sección de Patrimonio e Bens Culturais

Gabriel Quiroga Barro, arquivista/SPBBCC/Xunta de Galicia, Arquivos: Arquivo do Reino de Galicia

Participantes externos á Sección de Patrimonio e Bens Culturais

Na proposta de participantes atendeuse á representación dos seguintes ámbitos:

Lexislación, economía, explotación de recursos, economía ecolóxica, paisaxe, territorio, biodiversidade, desenvolvemento rural/local, planificación territorial, turismo, políticas urbanas, políticas culturais, industrias culturais e participación social.

Asemade, tívose en conta a combinación de perfís académicos e experiencia na xestión nas distintas áreas, así como a representatividade das distintas institucións e axentes implicados na xestión do PC:

- Organismos Públicos de Investigación (OPI)
- Educación (Edu)
- Administración (Adm)
- Bibliotecas, Arquivos e Museos (BAM)
- Academias (Acd)
- Asociacións culturais (AC)
- Profesionais liberais (PL)
- Industrias culturais (IC)

Proposta completa de participantes

PARTICIPANTE	PERFÍS	CCG	Edu	OPI	Adm	BAM	Acad	AC	PL/IC
Teresa Nieto Freire (Coord1)	Arquitecta SPBBCC/XuGA, Patrimonio, Urbanismo: Vivenda	●			●				
Cristina Sánchez-Carretero (Coord2)	Antropóloga SPBBCC/Incipit – CSIC/Pres. Asociación Antropología del Estado Español/Pres. Agantro	●		●					
Gabriel Quiroga Barro	Arquiveiro SPBBCC/XuGa, Arquivos: Arquivo do Reino de Galicia	●				●			
Representante da Xunta de Galicia, Manuel Chain Pérez	Arquitecto Subdir. Xeral de Patrimonio				●				
Alfonso Díaz Revilla	Arquitecto Planificación Territorial /UdC/ Oficina de Planeamento S.A.		●						●
Carlos Amoedo Souto	Catedrático Dereito Administrativo USC/XuGa /Consellería Cultura		●		●				
Marcos Lorenzo*	Economista e antropólogo Industrias Culturais/USC	●			●				●
Rede do Patrimonio Cultural. Lucía Santiago Sanmiguel	Representantes de Asociacións da Rede/Avogada							●	
Fran Quiroga	Xestión de montes comunais/ creación contemporánea/man común/feminismo/Industrias Culturais							●	●
Luisa Chas Amil	Economía-Explotación/ Recursos-Economía ecolóxica GI Economía Ecolóxica e dos Recursos Naturais (USC)		●						
Inés Santé Rivera*	Enxeñeira agrónoma Directora IET 2015-2018; GI LABORATE (USC)		●		●				
Mar Pérez Fra	USC/Coordinación en Galicia do Programa de Desenvolvemento Rural (2007- 2013)/Resp. Departamento de Coordinación e Planificación de Desenvolvemento Rural da AGADER (2005-2007)		●		●				

Táboa 2. Participantes na Mesa 1. Indícanse os perfís profesionais e o ámbito no que desenvolven a súa actividade. Sección de Patrimonio e Bens Culturais: SPBC; Xunta de Galicia: XuGa. *En cor rosa, as persoas que renunciaron por motivos laborais.

Mesa 2

Xestión patrimonial: conservación, protección e promoción-difusión do patrimonio cultural

A segunda mesa estivo centrada na temática da xestión patrimonial. Concíbese este concepto desde unha visión integral que abrangue todos os elos da cadea de valor do patrimonio. Dentro desta cadea son especialmente relevantes a conservación, a protección e a promoción-difusión do PC. Por outra parte, cómpre tamén ter en conta a distinta natureza dos bens patrimoniais, prestando unha atención axeitada tanto aos materiais como aos inmateriais.

En relación con isto, partiuse da idea de que os criterios de conservación do patrimonio cultural deben ter en conta aspectos diversos vinculados coa categoría e singularidade do ben –cuxa determinación require un proceso de coñecemento, identificación, clasificación e valoración previos– e coa súa tipoloxía (material ou inmaterial, urbano ou territorial, moble ou inmobile...). Esta conservación do elemento patrimonial segundo o grao de integridade e autenticidade do ben –mais tamén segundo a súa categorización dentro das figuras que marca a lei– pode responder a diferentes tipos de intervencións que, á súa vez, deben ter en conta as sensibilidades individuais e colectivas –moi relacionadas coa conexión patrimonio-sociedade-identidade– sobre o significado que cada elemento do PC leva implícito.

Neste sentido, calquera intervención encamiñada á conservación, protección e promoción-divulgación do patrimonio debe seguir sendo historicamente inseparable da caracterización dos bens e da identificación dos seus significados e valores patrimoniais. Ademais, debe adaptarse aos diferentes tipos de ben, xa que cada un requirirá de distintos modos de intervención que tamén debemos ser capaces de determinar de forma axeitada. Deste xeito, as accións engadirán novos valores á natureza do ben (material e/ou inmaterial).

Dentro desta xestión integral, outorgárase unha especial relevancia aos procesos finais da cadea de valor. Para isto, analizarase a súa importancia na sociedade actual e teranse en conta os novos significados do patrimonio, a súa promoción e difusión, os seus valores e os procesos aparelados á intervención encamiñada á súa conservación, protección e valorización.

Obxectivo da mesa

A partir destas reflexións previas, son moitas as preguntas que xurdiron arredor de que tipo de xestión se está a facer na nosa comunidade, preguntas sobre se estamos a teorizar e practicar unha xestión realmente integral ou apenas atendemos a determinados elos da cadea de valor do patrimonio cultural (Criado-Boado: 1996). Atendemos só á conservación? Só á protección? Ocupámonos adecuadamente da difusión? Traballamos da mesma maneira con todos os bens ou pomos maior interese en determinados patrimonios, primando –por exemplo– o monumental sobre o identitario?

Responder a estas preguntas era parte dos obxectivos desta mesa. Con esta meta, propuxéronse algunhas ideas sobre as que discutiu para tentar definir unha xestión integral axeitada ao patrimonio cultural galego, tendo en conta tanto a lexislación autonómica como a estatal e a europea.



CONSERVACIÓN	PROTECCIÓN	PROMOCIÓN/DIFUSIÓN
Valores materiais e inmateriais	Valor catastral, económico e cultural	Papel na xestión
Carácter identitario do PC	Acceso cultural	Profesionalidade
Paradigmas de restauración	Factor público / factor privado	Economía do patrimonio
Paradigmas de conservación	Institucións da memoria	Ferramentas
Conservación sistemática	Descaracterización de espazos rurais	Metodoloxía
Conservación proactiva	Patrimonio moble	Tipos de difusión
Intervención mínima	Patrimonio inmoible	Relación co ben patrimonial
Patrimonio moble	Patrimonio inmaterial	Ferramentas para o turismo?
Patrimonio inmoible	Paisaxe cultural	Dende o proceso?
Patrimonio inmaterial	Patrimonio industrial	Ou como resultado?
Paisaxe cultural	Participación da cidadanía	Patrimonio público
Deberes e dereitos	A conservación devén da protección?	Cidadanía e outros axentes

Táboa 3. Ámbitos de actividade obxecto de análise na Mesa 2

Participantes na mesa

Coordinación


Carlos Nárdiz Ortiz: Enxeñeiro de Camiños/SPBBCC/
Profesor na Escola de Arquitectura da UdC/proxec-
tista obras de urbanización/Decano do Colexio de
Enxeñeiros de Camiños

Iago Seara Morales: arquitecto SPBBCC/antigo do-
cente na UdC/Hispania Nostra/Icomos España/Res-
tauración do Patrimonio/Paisaxe

Participantes adicionais da Sección de Patrimonio e Bens Culturais

Pegerto Saavedra: historiador/SPBBCC/Catedrático
Historia Moderna da USC/Membro da Real Academia
Galega

Luisa Serrano: arquitecta/SPBBCC/ Profesional Libe-
ral/Conservación do Patrimonio Construído



Proposta completa de participantes

PARTICIPANTE	PERFÍS	CCG	Edu	OPI	Adm	BAM	Acad	AC	PL/IC
Carlos Nárdiz Ortiz (Coord1)	Enxeñeiro de camiños SPBBCC/Planificación Territorial/UdC	●	●						
Iago Seara Morales (Coord2)	Arquitecto/restauración arquitectónica/paisaxe SPBBCC/antigo docente na UdC/Hispania Nostra/Icomos España	●	●						●
Pegerto Saavedra	Historiador SPBBCC/Catedrático Historia Moderna USC/Membros da Real Academia Galega	●	●				●		
Luisa Serrano	Arquitecta/Conservación do Patrimonio Construído SPBBCC/Profesional Liberal	●							●
Beatriz González Moreno	Dereito Profesora Titular da UVigo/ Responsable da Área de Cultura e Patrimonio do Valedor do Pobo		●	●					
Begoña Fernández Rodríguez	Historiadora da Arte USC		●						
Felipe Criado-Boado	Arqueólogo/Paisaxe/ Patrimonio Dr. Incipit – CSIC/Pres. European Association of Archaeologists			●					
Augusto Pérez Alberti	Xeografía Catedrático de Xeografía/ antigo docente da USC/ Industrias Culturais		●						
Representante da Xunta de Galicia. Manuel Chaín Pérez	Arquitecto Subdir. Xeral de Patrimonio Cultural/XuGa				●				
Rede do Patrimonio Cultural. Xosé Ceferino Castro	Representante de Asociacións da Rede/Arquitecto/Música							●	
Julio Gómez	Historiador e investigador sonoro Promotora Sinsalaudio/ Pres. Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural								●
Rosa Benavides	Restauradora								●

Táboa 4. Participantes na Mesa 2. Indícanse os perfís profesionais e o ámbito no que desenvolven a súa actividade. Sección de Patrimonio e Bens Culturais: SPBBCC; Xunta de Galicia: XuGa.

Mesa 3

Patrimonio, educación, formación e cidadanía

O patrimonio cultural, como concepto e como realidade, é un elemento estreitamente vencellado coa sociedade. Dunha banda, constitúe parte do noso pasado –como herdanza, mais tamén como construción cultural na que asentar os fundamentos da nosa realidade–. Doutra, representa a intensa relación que a sociedade mantén, ao longo do tempo, cos símbolos da súa identidade e coas sociedades sobre as que construímos o que hoxe somos como pobo galego².

Alén disto, o PC é aquilo que nos identifica como cultura. Trátase de algo que debe ser ratificado como tal tras un proceso de identificación, valoración, aceptación social e patrimonialización. Isto é algo que compete, nuns casos, ás administracións públicas (o proceso de incoación do castro de Santa María de Cervantes como BIC, por exemplo). Noutros, é a identificación da sociedade cun elemento do pasado o que fai derivar un proceso de patrimonialización (o proceso de declaración do parque do Pasatempo como BIC, por exemplo). En todo caso, ten que haber unha vinculación sociedade–elemento para que este pase a ser patrimonio, ben por vía administrativa, ben por vía consuetudinaria.

Seguindo esta argumentación –e tendo en conta a importancia da relación que existe entre cidadanía e patrimonio– a sociedade debe xogar un papel determinante na xestión patrimonial e en todas as fases da cadea de valor do patrimonio. Doutra xeito, converteremos todo aquilo que afecte á xestión integral do patrimonio nun proceso illado, desvinculado da súa razón de ser. Se non hai un vencellamento, rápido esqueceremos. E coa perda da memoria, virá a desaparición dese patrimonio, ben sexa material, ben inmaterial, ben ambas as dúas cousas.

Obxectivo da mesa

Os obxectivos deste mesa están fortemente relacionados con reforzar a vinculación entre o patrimonio e a sociedade, nomeada aquí como cidadanía. Neste sentido, hai diferentes aspectos que centraron o interese da mesa.

Algunha das problemáticas que se identificaban ao principio deste documento, no apartado de *Antecedentes*, leváronse a esta mesa para intentar buscar algunha resposta. Así, falabamos do deber de reivindi-

car e potenciar a importancia do papel da sociedade en materia de patrimonio, traballando con aspectos como a xestión patrimonial e o turismo.

Tamén é preciso atender á transferencia de coñecemento cara á sociedade e ao acceso á información sobre o PC para a cidadanía, así como para todos os axentes implicados na súa investigación, xestión, salvagarda, etc. Trátase de aspectos poliédricos que non teñen unha única resposta.

Ademais, debe ser obxecto desta mesa analizar como se debe reconstruír a relación patrimonio–sociedade, superando os obstáculos que normalmente leva aparellados e achegando ferramentas que permitan actuar de forma proactiva. Cómpre acometer a resolución dos conflitos patrimoniais, así como na construción dunha identidade cultural na que se aprecie e respecte o patrimonio dende o empoderamento social.

Deste xeito, a sociedade debe ser partícipe en todos aqueles procesos que afectan ao patrimonio, dende a propia identificación daquilo que consideramos que nos representa como pobo, ata a súa implicación na conservación cara ao futuro e o seu emprego como un recurso cultural.

Todo isto está moi relacionado con aspectos que se tratarán noutras mesas, como a necesidade dunha transversalidade real na toma de decisións sobre o patrimonio e a obrigatoriedade na cooperación entre diferentes axentes que se encargan da súa xestión. De modo que nos formulamos a seguinte pregunta: por que non converter á sociedade nunha forza, en lugar de vela como un atranco na xestión patrimonial? Cómpre realizar unha fonda análise da cuestión para dilucidar como se podería levar isto a cabo. En todo caso, esta observación pasa tamén pola revisión de todos aqueles integrantes da sociedade que, dalgunha maneira, teñen unha relación co patrimonio.

Tendo todo isto en conta, as principais temáticas que se abordaron na mesa foron:

- Educación patrimonial: o patrimonio nas escolas.
- Formación patrimonial e profesionalización do sector: estudos de grao, posgrao e de doutoramento.
- Formación patrimonial non regrada.
- Patrimonio, identidade e valores patrimoniais.
- O papel da cidadanía na xestión patrimonial como comunidade.
- Cidadanía e xestión da memoria compartida.

.....

2. No sentido na nación–cultura que apunta Villares (2017: 120).

FORMACIÓN	PROFESIONALIZACIÓN	CIDADANÍA
Escolar	Multidisciplinidade	Determinación de valores
Ensino medio	Conflitos profesionais	Memoria compartida
Universitaria	Colexios e asociacións profesionais	Proceso de elección crítica
Non regrada	Asesoramento	Coparticipación
		Comunidades e asociacións
		Patrimonios emerxentes

Táboa 5. Ámbitos de actividade obxecto de análise na Mesa 3.

Participantes na mesa

Coordinación

Rebeca Blanco-Rotea: arqueóloga/SPBBCC/GI Síncrisis USC/Lab2PT da UMinho

Juan M. Monterroso Montero: Historiador da Arte/SPBBCC/Profesor na USC/antigo decano de Xeografía e Historia na USC/GI Iacobus USC


Participantes adicionais da Sección de Patrimonio e Bens Culturais

Antonio Martínez Cortizas: Biólogo/SPBBCC/Catedrático de Edafoloxía da USC/GI EcoPast USC

Beatriz Prieto Lamas: Edafoloxía e Química Agrícola/SPBBCC/Profesora USC/GI GEMAP-USC

Participantes externos á Sección de Patrimonio e Bens Culturais

Na selección dos participantes prestouse especial atención a que os seus perfís encaixasen nos obxectivos da mesa, así como a que estivesen relacionados co ámbito educativo en diferentes estadios (educación básica, formación profesional, universidade e formación non regrada), co asociacionismo e cos movementos sociais arredor do patrimonio.



Proposta completa de participantes


PARTICIPANTE	PERFÍS	CCG	Edu	OPI	Adm	BAM	Acad	AC	PL/IC
Rebeca Blanco-Rotea (Coord1)	Arqueóloga Coord. SPBC/USC	●	●						
Juan M. Monterroso Montero (Coord2)	Historiador da Arte SPBC/USC	●	●						
Antonio Martínez Cortizas*	Biólogo SPBC/USC	●	●						
Beatriz Prieto Lamas	Edafoloxía e Química Agrícola SPBC USC	●	●						
David Barreiro	Arqueólogo Incipit - CSIC			●					
José Antonio Caride	Pedagogía Social Grupo de Investigación SEPA – Interea/USC		●						
Belén Hernández Lafuente	Enxeñeira agrónoma Xerente do Consorcio de Santiago/anterior Subdir. Xeral de infraestruturas agrarias/ Consellería de Medio Rural e do Mar				●				
Beatriz Comendador	Arqueóloga UVigo		●						
Isabel Cobas Fernández	Arqueóloga/docente de ensino secundario		●						
Representante da Xunta de Galicia. Paz Varela Campos	Perfil relacionado coa educación e o patrimonio				●				
Rede do Patrimonio Cultural. Soledad Felloza	Actriz, contadora de historias, fotógrafa, escritora e dramaturga							●	
Ramón Yzquierdo	Historiador da Arte Dir. Museo da Catedral de Santiago					●			
Ana Goy	Historia da Arte Desenvolvemento local e PC/ Lexislación e patrimonio USC/GI IACOBUS		●				●		
Mercedes Vázquez	Historia Socia de dehistoria. Cultura. Historia. Patrimonio Asociación de Veciños «A Xuntanza»							●	●

Táboa 6. Participantes na Mesa 3. Indícanse os perfís profesionais e o ámbito no que desenvolven a súa actividade. Sección de Patrimonio e Bens Culturais: SPBC; Xunta de Galicia: XuGa; Grupo de Investigación: GI). *En cor rosa as persoas que renunciaron por motivos laborais.

Metodoloxía de traballo

Parte do traballo inicial consistiu en deseñar a metodoloxía coa que abordar a análise de cada mesa. Dada a complexidade dos temas e o amplo número de participantes, era necesario dotar o foro dunha estrutura metodolóxica que permitise atender os obxectivos e, asemade, cumprir os prazos marcados. Neste sentido, fíxose unha proposta de partida que logo cada equipo foi adaptando á casuística da súa mesa, ao coñecemento dos participantes e á diversidade dos temas a tratar. Así, a propia construción metodolóxica foi un proceso paralelo ao avance do propio foro. Non obstante, como xa dixemos, o calendario tivo que ser modificado como consecuencia da ralentización do traballo durante o estado de alarma derivado da COVID-19.

- **Duración:** do 1 de decembro de 2019 ao 31 de xuño de 2021. Tempo de dedicación presencial, cun máximo de catro xuntanzas: a primeira de constitución da mesa, polo tanto, de entre unha e dúas horas de duración; as seguintes tres serían en horario de 16.00 h a 20.00 h. O resto do tempo, traballo individual cos documentos que se foron xerando das mesas e nos que se traballou a través dunha plataforma proporcionada polo Consello da Cultura Galega.
- **Aspectos prácticos.** Houbo tres tipos de xuntanza:
 1. **Xuntanza de constitución das mesas (1):** unha xuntanza curta (dúas horas) para coñecerse entre os participantes, explicar o programa de traballo e aclarar as posibles dúbidas.
 2. **Xuntanza das mesas (3):** xuntanzas de traballo dunhas catro horas de duración. Era necesario asistir co traballo marcado previamente xa feito, de xeito que na reunión só se tratasen os temas de forma precisa. Nos casos en que algunha persoa non puido asistir fisicamente, foi incorporada por videoconferencia. Cada mesa de traballo tivo unha xuntanza independente cuxas datas nunca coincidiron, xa que nelas unha mesma persoa era a encargada de levantar acta.
 3. **Xuntanza de coordinación (5):** xuntanzas pensadas para a posta en común da marcha das mesas e a discusión interna, así como para asegurar que a dinámica das mesas se



axustaba ao funcionamento definido polo foro. Nelas participaron os seis coordinadores das tres mesas.

Dinámica das mesas

1. **Nomeamento do comité científico do foro**, do que formaron parte as persoas coordinadoras.
2. **Nomeamento das persoas participantes** un mes antes do comezo de cada mesa (novembro de 2019). Contactouse previamente con elas para ter a súa conformidade.
3. Xunto co nomeamento entregouse un **plan de traballo** previamente definido polos coordinadores e a SPBBCC. Este plan xa se enviara con anterioridade para que puidese ser discutido o primeiro día cos participantes. No mes de decembro tivo lugar a **xuntanza de constitución das mesas**.

Plan de traballo

- Meses 1-2 (decembro³ de 2019 – xaneiro de 2020): preparar os temas sobre os materiais proporcionados pola coordinación de cada mesa. A coordinación xuntara materiais para a análise relacionados coa temática das mesas. Solicitouse, ademais, aos participantes que subise á plataforma de traballo calquera outro material que considerasen de interese. Durante os meses de decembro e xaneiro revisáronse estes materiais.

.....
3. Considérase o mes 1 aquel no que comeza o traballo presencial das mesas, en decembro de 2019.

- Mes 3 (febreiro de 2020): extractar ideas dos materias. Presentación nunha primeira xuntanza de traballo. Fíxose unha reunión de catro horas de duración para facer unha chuvia de ideas en torno aos temas que se debían analizar a partir dos materiais e a experiencia dos participantes.
- Meses 4-6 (marzo, xullo – setembro 2020): elaborar un borrador de traballo sobre o tema a partir desas ideas. Segunda xuntanza de traballo para completar o borrador. Cada participante, a partir das ideas e temáticas coas que lle correspondía traballar, fixo as aportacións que considerou oportunas mediante un borrador que foi xuntado e traballado por parte da coordinación. As aportacións foron presentadas a discutidas nunha xuntanza que tivo lugar ben na segunda quincena de xullo (posiblemente no caso da Mesa 3), ben na segunda quincena de setembro.
- Meses 7-8 (outubro, novembro 2020): entregar un documento de traballo consensuado entre todos os participantes. Unha vez feito, discutido e traballado o documento, ao que se lle engadían as aportacións dos membros das mesas, distribuíuse para que fixesen o *feedback* que considerasen oportuno. Os resultados desta tarefa discutíronse de forma presencial nunha **xuntanza** que tivo lugar no mes de novembro. Nela recolléronse as conclusións que deben terse en conta na elaboración dun plan de xestión integral do patrimonio en Galicia e no desenvolvemento de novas políticas culturais que traballen a educación patrimonial, a formación adaptada ás novas necesidades do patrimonio –así como aos novos patrimonios– e a relación entre este e a cidadanía. Asemade, tendo en conta o interese mostrado dende as mesas, organizouse unha mesa política coincidindo co Día Mundial do Patrimonio, no formato de Encontro Monográfico (EMPC). Nel discutíronse os contidos do documento cos representantes dos partidos políticos convidados, aos xa se lles proporcionara o borrador do documento previamente.
- Meses 9-10-11 (decembro 2020 – febreiro 2021): redactar as conclusións do foro. Durante os meses de decembro, xaneiro e primeira quincena de febreiro, confeccionouse o documento final. Este traballo incorporou tamén as conclusións da mesa política e os tres documentos resultantes de cadansúa mesa. Despois difundíuse o documento entre os membros das mesas e os participantes nas xornadas, así como entre os integrantes da Sección de Patrimonio para que fixesen os seus comentarios. No mes de decembro elaborouse o programa das xornadas coa proposta de participantes e comezáronse a facer os convites oficiais.
- Mes 11-12 (febreiro – marzo 2021): incorporar os comentarios ao documento de conclusións do foro. No seo desta fase, o 2 de marzo, tivo lugar a celebración dunha Mesa Política cos tres partidos políticos con representación parlamentaria en Galicia. Esta mesa, aínda que non estaba prevista no deseño inicial do foro, considerouse axeitada para discutir a situación da xestión do PC en Galicia e o propio traballo que se estaba a desenvolver no foro.
- Mes 13 (abril 2021): organizar as xornadas de presentación de conclusións, acompañadas de mesas de traballo sobre as conclusións. Tiveron unha duración de tres días –dedicouse un a cada mesa–, cunha parte aberta ao público de mañá e outra pechada de tarde na que se traballou sobre o documento de conclusións.
- Meses 13-15 (abril – xuño 2021): traballar no texto final, incorporando os resultados do labor das xornadas para elaborar un documento xa publicable.
- Houbo reunións de coordinación entre estas mesas (meses 3, 5, 6, 8 e 11) que coincidiron coas reunións da sección para que todos os membros puidesen facer as súas achegas sobre o traballo elaborado.
- A continuación, preséntase a guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro. Recolle as conclusións das mesas e do foro. Xa nos apéndices, recolle tamén as conclusións da Mesa Política e das xornadas «Patrimonio e Sociedade».



Cronograma de traballo

Tarefas	2019		2020							2021						
	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Xul	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ/ Xul
Presentación																
Xuntanza 1 mesas: constitución das mesas																
Preparación dos temas das mesas																
Xuntanza 2 mesas: Ideas																
Xuntanza 1 coordinación																
Borrador de traballo																
Xuntanza 2 coordinación																
Xuntanza 3 mesas: Borrador																
Aportacións borrador																
Xuntanza 4 mesas: Documento conclusións																
Xuntanza 3 coordinación																
EMPC mesa política																
Redacción documento de conclusións																
Elaboración programa para as xornadas Abr21																
Xuntanza 4 coordinación																
Remisión documento aos participantes nas mesas e xornadas																
Incorporación de comentarios ao documento																
Xornadas de conclusión																
Revisión do documento, incorporación das conclusións das xornadas																
Publicación do documento																

Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro

Por que unha guía práctica?

Todo o traballo desenvolvido no foro xerou unha serie de materiais aos que decidimos darlles estrutura a fin de presentar os resultados como un documento final, que é o presente texto. Durante o proceso xeráronse documentos de diferente índole, dende os que recollían as liñas forza na Mesa 1 aos textos desenvolvidos por ámbitos temáticos na Mesa 2 ou os resultados de diferentes tarefas levadas a cabo na Mesa 3. Estes materiais dan conta dun traballo complexo e que non podíamos presentar en bruto pola súa extensión, heteroxeneidade e complexidade. Por esta razón, decidimos buscar unha ferramenta de síntese que nos permitise presentar os resultados para as tres mesas nun formato homoxéneo. Así, para esta proposta tomamos como modelo o documento elaborado pola UNESCO *Cultura en crisis: guía de políticas para un sector creativo resiliente*.

Dunha banda, tratábase de facer un documento que recollese o traballo reflexivo que levado a cabo no foro arredor da situación do patrimonio en Galicia e do papel da sociedade nesta realidade. Doutra, precisabamos que fose un documento práctico co que establecer unhas recomendacións para mellorar a xestión patrimonial no noso territorio e reforzar a participación da cidadanía no proceso. Nese sentido, o documento ten diferentes lecturas:

- Unha primeira, focalizada no propio foro, na que se explica o sentido, deseño e estrutura do mesmo, ao que corresponden as páxinas anteriores.
- Unha segunda na que se presentan os resultados das mesas aglutinadas e dos eixes temáticos que, á súa vez, se dividen en ámbitos. Estes ámbitos temáticos correspóndense con cada unha das liñas forza determinadas por consenso para cada mesa. Cada un deles correspóndese, ademais, cunha ficha cuxo deseño é común para todas as mesas.
- Unha terceira na que se mostran as conclusións do foro, un documento sintético de traballo que aglutina os aspectos clave que os trinta e sete participantes consideraron máis relevantes.
- A *Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro* correspóndese coa segunda lectura posible. Unha vez rematada a elaboración das fichas incorporáronse a análise que sobre as mesmas se fixo nas tardes das xornadas do foro que tiveron lugar no mes de abril de 2021, de xeito que o documento final é resultado dun traballo e unha reflexión corais.

Cales son os seus obxectivos?


Debe terse en conta que esta guía non se considera un documento pechado, é dicir, non está concibida como un texto definitivo sobre como xestionar integralmente o patrimonio en Galicia; esta é unha tarefa que cremos que non corresponde a este foro. Mais si ten outros obxectivos. Por un lado, pretende ser unha base sobre como abordar ese labor de xestión. Por outro, quere tamén servir de referencia sobre os retos que esta debe asumir e sobre as temáticas que preocupan a unha representación ampla de todos os sectores implicados. Por último, trata de ofrecer algunhas orientacións sobre os posibles métodos de traballo en relación co PC.

Neste sentido, trátase de mostrar os resultados dunha análise profunda da xestión patrimonial en Galicia, identificando os ámbitos clave e as necesidades. Ao tempo, propóñense algunhas recomendacións baseadas na propia análise, no coñecemento que os membros da mesa –dende moi distintos campos e perspectivas–, teñen do sector e en toda a literatura consultada. En definitiva, queríamos poñer ao dispor do ecosistema patrimonial un documento que puidese axudar a construír o futuro dunha xestión patrimonial integral, plural e participativa do patrimonio en Galicia.

A quen vai dirixida?


Esta guía vai dirixida a un público moi amplo, a todos os axentes implicados en Galicia na xestión do patrimonio cultural: administracións públicas, OPI, universidades, centros de ensinanza en educación patrimonial, institucións da memoria (bibliotecas, arquivos e museos), academias, profesionais, asociacións do patrimonio e sociedade civil no sentido máis abrangente posible.

Pero, sobre todo, ten dous destinatarios concretos: dunha parte, os representantes políticos encargados de establecer as políticas públicas que regulan a xestión do patrimonio e que establecen o seu marco normativo; doutra, as administracións públicas que se encargan de materializar esa xestión patrimonial e son responsables da salvagarda o patrimonio. En ambos os dous casos, consideramos que o documento pode ser de grande utilidade e pode servir como punto de partida para abordar a elaboración dun plan autonómico patrimonial.



Estrutura da guía práctica

A guía práctica segue unha estrutura articulada sobre as mesmas tres mesas do foro. Cada mesa definiu uns eixes temáticos (entre catro e cinco). Neles delimitáronse unha serie de ámbitos de actuación. Finalmente, aglutináronse as liñas forza definidas polo equipo de traballo. Así, a estrutura é a seguinte:



Como manexar este documento?

A estrutura deseñada permite acceder á información completa do foro. Tamén se poden consultar os resultados de forma individual por mesas, por eixes ou por ámbitos, segundo os intereses de quen manexe o documento. Neste sentido, poderá observarse que algún dos aspectos que se tratan en cada unha das mesas poden ser recorrentes nas outras, se ben analizados dende ámbitos e enfoques diferentes. Por iso admiten unha lectura tanto individual como colectiva.

O documento intenta analizar moitas das problemáticas que afectan ao patrimonio en Galicia e achegar recomendacións sobre como abordalas. Xa que logo, pretende ser unha ferramenta construtiva que axude a atopar respostas e a seguir camiñando cara a unha mellora da xestión patrimonial participativa en Galicia.

Mesa 1

Patrimonio, políticas públicas e normativa legal

Autores do borrador da Guía Práctica na Mesa 1

Teresa Nieto Freire
(coordinadora)

Cristina Sánchez-Carretero
(coordinadora)

Alfonso Díaz Revilla
Carlos Amoedo Souto

Fran Quiroga

Gabriel Quiroga Barro

Lucía Santiago Sanmiguel

Luisa Chas Amil

Manuel Chaín Pérez

Mar Pérez Fra

Descritor da mesa

As actuais estratexias de protección e xestión dos bens culturais desenvolven mecanismos de protección deseñados dentro dun concepto de patrimonio histórico-artístico, que non sempre se acomodan ao patrimonio cultural, coa extensión xeográfica e tipolóxica de bens e a incorporación de bens territoriais. Trátase de mecanismos reactivos baseados na tutela administrativa das actuacións que lles afectan.

Pola súa banda, os xestores das políticas sectoriais manteñen unha posición defensiva diante do patrimonio cultural, evitando ou eludindo os conflitos xurdidos arredor deste. A harmonización da conservación e salvagarda patrimonial co desenvolvemento socioeconómico é un desafío pendente, mais inescusable, que require que a protección, conservación e salvagarda do patrimonio cultural sexa asumido como unha responsabilidade e un obxectivo común de todas as políticas sectoriais.

Obxectivo da mesa

A finalidade desta mesa é analizar como a conservación e salvagarda do patrimonio cultural pode ser parte das políticas públicas (de todas) que a deben integrar; tamén como romper coas políticas defensivas do patrimonio e coas políticas defensivas contra o patrimonio.

O obxectivo é elaborar un documento que sexa útil por unha parte no deseño desas políticas públicas e por outra na harmonización dos seus obxectivos e da lexislación como instrumento de execución desas políticas, que ten/debe enmarcarse nuns marcos amplos: mundial, europeo, estatal, tratados, compromisos, cartas, estratexias, directivas...

Os ámbitos de actividades que foron obxecto de análise son os seguintes:

CULTURA	TERRITORIO	ECONOMÍA
Patrimonio	Medio natural	Explotación de recursos
Protección	Medio ambiente	Forestais
Xestión	Paisaxe	Agraria
Intervención	Ordenación do territorio	Enerxía
Equipamentos	Mobilidade	Minería
BAM	Patrimonio	Turismo
Centros de interpretación	Urbanismo	Desenvolvemento rural
Programación		Vivenda
Financiamento		
Profesionais e Empresas		

Estrutura da mesa na guía práctica

Na mesa 1 seguiu-se unha metodoloxía de codeseño dos eixes temáticos e liñas de actuación. A primeira xuntanza tivo lugar o 9 de decembro de 2019 co triplo obxectivo de coñecernos, explicar o mecanismo de traballo e propoñer ideas sobre eixes temáticos para tratar. Cumpríronse os tres obxectivos e elaborouse unha listaxe de 18 ideas para seguir traballando. A segunda xuntanza, o 6 de marzo de 2020, tivo como obxectivo fixar as temáticas que o grupo considerou relevantes que estiveran incluídas na mesa 1, repartir temas entre as persoas que participaban e consensuar a metodoloxía da seguinte fase de traballo. Nesta xuntanza, ademais, avanzouse na revisión de diferentes modelos patrimoniais. Acordouse que as coordinadoras mandarían un documento que recollese as achegas e, vía correo electrónico, cada participante escollería as ideas-forza que podería desenvolver nun breve documento para a seguinte xuntanza.

O estado de alarma da seguinte semana, debido á situación de pandemia, paralizou o traballo e decidiuse –de acordo coa coordinación da Sección de Patrimonio– continuar o traballo en setembro de 2020. Na terceira e última xuntanza, en outubro de 2020, xa se tiña elaborada unha estrutura de eixes temáticos e de ámbitos de actuación, presentouse un modelo de guía para recoller as achegas e cada participante escolleu os ámbitos de actuación nos que desenvolver as fichas que se entregaron en decembro 2020.

Na última fase do traballo, entre decembro 2020 e marzo 2021, as coordinadoras recompilaron as fichas. Unificaron as achegas xuntando máis de 200 puntos (entre obxectivos, necesidades e propostas) e ordenáronos nos cinco eixes temáticos finais que se inclúen a continuación.

RESUMO DAS FICHAS

MESA 1

Eixe temático 1

DE DESTINATARIOS A ACTORES DAS POLÍTICAS PATRIMONIAIS

1. O enfoque participativo da xestión do patrimonio cultural
2. A corresponsabilidade social e política

Eixe temático 2

A TRANSVERSALIDADE DAS POLÍTICAS PÚBLICAS PATRIMONIAIS

1. O patrimonio cultural como principio inspirador das políticas públicas
2. O patrimonio cultural na ordenación territorial e na planificación sectorial
3. Redefinir a escala de xestión

Eixe temático 3

OS INSTRUMENTOS LEGAIS

1. Unha regulación normativa de maior calidade
2. Planificación territorial integrada na lexislación: novas estratexias para novos patrimónios
3. Participación social na lexislación patrimonial

Eixe temático 4

O PATRIMONIO CULTURAL DE CUSTO A RECURSO

1. O patrimonio cultural no desenvolvemento sostible
2. O patrimonio cultural como (principal) recurso turístico

Eixe temático 5

ALTERNATIVAS DE XESTIÓN PATRIMONIAL

1. Elementos para un novo modelo de xestión:
ferramentas, métodos, enfoques e recursos materiais e humanos
2. Superar a xestión institucional do patrimonio cultural
3. O patrimonio cultural como eixe das políticas de desenvolvemento rural

EIXE TEMÁTICO 1

DE DESTINATARIOS/AS A ACTORES DAS POLÍTICAS PATRIMONIAIS

Ámbitos de actuación

1. O enfoque participativo da xestión do patrimonio cultural
2. A corresponsabilidade social e política

Descritor

Nos últimos tempos estase a manifestar, de maneira crecente, unha certa desilusión social ao redor do goberno do patrimonio, así como unha falta de recursos e unha limitada resposta do coidado do inxente patrimonio por parte das Administracións públicas. Mais, ao mesmo tempo, vemos como se está a activar unha certa corresponsabilidade social que, dende diferentes soportes como redes, foros, asociacións ou movementos cidadáns, reclaman a importancia do dereito ao patrimonio. A actitude da Administración, ante a situación do patrimonio e a alarma social, non é, no entanto, de colaboración. En definitiva, preténdese pasar de ser destinatarios/as das políticas patrimoniais a actores destas.

Este cambio de paradigma está contemplado tanto na Lei de patrimonio cultural (LPC) como na Lei de patrimonio natural (LPN) de Galicia. Existen claros paralelismos entre a salvagarda do patrimonio cultural e o ambiental (o patrimonio natural). Os desafíos para enfrontar e as solucións para a xestión pasan por actuacións que teñen elementos comúns. Existe unha gran complexidade baseada en posicións de partida contraditorias e conflitivas.

As leis de patrimonio reiteran que a política de conservación ten como finalidade o seu legado e a súa transmisión ás xeracións futuras. Temos que ter en conta que os bens patrimoniais, ao igual que os ambientais, non pertencen unicamente á veciñanza do lugar onde se localizan, nin á actual cidadanía no seu conxunto.

Por unha banda, teñen a característica legal de ser bens interxeracionais. Isto obriga a activar o principio de precaución para determinar que bens patrimoniais que merecen ser conservados polo seu valor sobranceiro. Á relatividade do xuízo de valor cultural realizado conforme ás presentes preferencias e intereses, debe sumarse o coñecemento experto, que ten un papel relevante na significación cultural dos bens como ferramenta moduladora deses xuízos.

Por outra banda, ao considerar o concepto de patrimonio ou os denominados procesos de patrimonialización, existen diferentes niveis, moitas veces en conflito, dende o ámbito local ata o do conxunto da humanidade. Esta constatación implica desenvolver políticas, quizais diferentes, pero, en calquera caso, complementarias, neses diversos niveis. Sexa como for, nunca debe perderse o punto de ancoraxe coa comunidade que forma parte dunha determinada práctica cultural.

Esta mesma comunidade, que é dinámica, non está exenta de contradicións na súa relación co patrimonio. A poboación local, en moitas ocasións é corresponsable dos bens patrimoniais que existen no lugar onde reside, mais noutras ocasións non os percibe como algo valioso ou como recurso para conservar e que pode constituír unha fonte de riqueza. Estas contradicións son xeradas en parte pola desaparición dos modos de vida tradicionais e a introdución de novas dinámicas económicas que transforman as relacións sociais e a propia percepción do patrimonio. As consideracións e contradicións sinaladas engaden complexidade á hora de aproximármolos á xestión patrimonial.

Poderíamos chegar ao consenso de que, con independencia da opinión particular e individual, o patrimonio cultural galego *pertenza* a todas as persoas de Galicia como un dereito irrenunciable? Podemos considerar o patrimonio como un común, ao igual que o é o aire, terras comunitarias ou comúns dixitais? Ante os procesos de acumulación por desposuímento que sofren os comúns, onde o patrimonio non fica alleo, cómpre valorar e posibilitar que as comunidades –co apoio do persoal técnico– poidan continuar garantindo a sostibilidade deste, coa súa gobernanza e éticas asociadas ao legado común e á herdanza.

Pode ser que na actualidade os principais destinatarios das políticas públicas a prol do patrimonio cultural sexan os colectivos formados polos visitantes, turistas, peregrinos, en definitiva, os *clientes* do patrimonio cultural. Por isto é importante resituar as políticas públicas patrimoniais ampliando o concepto de destinatarios/as.



O ENFOQUE PARTICIPATIVO DA XESTIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

Idea forza

É necesario un cambio de paradigma no goberno do patrimonio: do modelo punitivo ao coidado e corresponsabilidade.

Descritor

A gobernanza participativa do patrimonio é, cada vez máis, un requisito nas ferramentas legais. No entanto, este requisito non está acompañado de ferramentas concretas nas políticas públicas que posibiliten o seu desenvolvemento. Pola contra, os estudos sobre este tema ofrecen datos empíricos sobre os usos cosméticos dos procesos participativos na xestión patrimonial. Ao nivel dos corpos legais patrimoniais internacionais (UNESCO, UE), enténdese que a sociedade debe participar na identificación dos valores culturais, sen que iso supoña deixar á marxe os expertos, que deben seguir tendo un papel importante, xa non liderando en exclusiva a conservación do patrimonio, senón máis ben como facilitadores no proceso de identificación e presentación do patrimonio.

Ao nivel dos corpos legais patrimoniais internacionais (UNESCO, UE), enténdese que a sociedade debe participar na identificación dos valores culturais, sen que iso supoña deixar á marxe os expertos


Diagnóstico/Problemática/Contexto

O dereito ao patrimonio está recoñecido no noso contexto legal como o dereito ao acceso, coñecemento, beneficio e gozo, pero non contempla a participación nas decisións que lle afectan, no seu recoñecemento, protección e conservación. A mobilización da sociedade civil prodúcese con frecuencia espontaneamente fronte a decisións que se consideran lesivas contra o patrimonio cultural e, demandan, ben a súa protección e conservación, ben a modificación ou paralización de actuacións que o poñen en risco. Raras veces se convoca a súa participación activa en relación coa xestión do patrimonio cultural, coa súa utilización como recurso ou con outras actuacións sectoriais que afecten a súa salvagarda.

Na participación cómpre avanzar nos chanzos da escaleira nos que metaforicamente Arnstein (1969) avalía os graos de participación cidadá, na que estariamos máis preto do nivel cero que corresponde a unha participación aparente, que Wilcox (1994) define como o paso de «información» a «consulta», a «decidir xuntos», a «actuar xuntos» e a «amparar os intereses independentes da comunidade». Cómpre, igualmente, contar coa participación e traballo das asociacións que permiten chegar a áreas máis amplas da sociedade.

Obxectivos

1. Crear mecanismos de gobernanza patrimonial participativa que aseguren unha participación efectiva da sociedade no deseño, aplicación, seguimento e avaliación das políticas nos distintos ámbitos que afectan o patrimonio cultural.
2. Favorecer mecanismos de autogobernanza patrimonial.
3. Evitar as instrumentalizacións dos procesos participativos.



Necesidades

1. Carecemos de espazos adecuados para participar na toma de decisións sobre o que facer co patrimonio. Aqueles axentes sociais que mostran sensibilidade cara a estes bens senten que non hai vías establecidas para influír nas estratexias de conservación e posta en valor, mesmo daquelas que emanan da Administración pública.
2. Dotar a sociedade de medios, recursos e mecanismos para propoñer accións da Administración pública e do resto das institucións a prol do seu patrimonio, tanto as relativas ao seu recoñecemento, estudo e rexistro, como á súa protección, conservación ou salvagarda.
3. Promover o recoñecemento social do patrimonio. Cómpre un novo contrato social ao redor do patrimonio, que pasa polo apoderamento cidadán do seu valioso legado. Só así chegarán as necesarias mudanzas nas políticas públicas e de asignacións orzamentarias.
4. É necesario impulsar políticas públicas –e o marco legal que as posibilite– que reclamen e sitúen o patrimonio como común.


Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Incorporar a cidadanía na toma de decisións: xerar liñas e espazos de participación, dotalos de recursos de formación e asesoramento técnico para crear espazos de diálogo ao redor da súa relación co patrimonio cultural; manifestar os seus intereses e demandas de cara á política pública en materia do seu propio patrimonio cultural, así como iniciar vías de autogoberno patrimonial.
2. Promover a identificación e recoñecemento de persoas e de colectivos sociais directamente vinculados co patrimonio cultural –a poboación local– e dotalos dun medio de expresión da súa opinión, das súas demandas e aspiracións en relación co patrimonio cultural.
3. Contar co tecido asociativo, dende as asociacións locais de defensa do patrimonio, do medio natural, custodia do territorio e tamén coas organizacións sociais informais das parroquias.
4. Transmitir información de forma clara, transparente, accesible e entendible: a opinión técnica, científica e académica experta e especializada ten que ser transmitida á sociedade no seu conxunto –e en especial a aqueles colectivos directamente vinculados aos bens patrimoniais– para que aquela poida compoñer e enunciar as súas opinións e argumentacións.



Abrir espazos de diálogo e aprendizaxe entre movementos que traballan polo común noutros eidos

5. Abrir espazos de diálogo e aprendizaxe entre movementos que traballan polo común noutros eidos, así como impulsar alianzas de actores diversos e superar comunidades recursivas abríndose a outros colectivos que poidan ter interese no patrimonio.
6. Valorizar e apoiar experiencias participativas, así como aprender daquelas que son exitosas e das que non –e tamén das tensións e friccións xeradas–, co obxectivo de madurar os mecanismos de participación.



CORRESPONSABILIDADE SOCIAL COAS POLÍTICAS PÚBLICAS SOBRE PATRIMONIO CULTURAL

Idea forza

Facilitar o achegamento entre sociedade e patrimonio e recoñecerlle á cidadanía maior protagonismo nas políticas e na xestión patrimonial.

Descritor

As Administracións públicas son percibidas como as principais defensoras e beneficiarias do patrimonio, actuando como propietarias, protectoras, xestoras e lexisladoras e orientando as políticas de xeito coercitivo ou incentivador. Porén, cómpre ter en conta que a porcentaxe maior de intervencións sobre o patrimonio cultural protexido son as que promoven e deseñan os seus propietarios, posuidores e usuarios e non a administración competente en materia de patrimonio cultural. A situación actual de boa parte do patrimonio amosa a inadecuación das medidas aplicadas, o que obriga a pensar en novos xeitos de xestión, tendo en consideración a corresponsabilidade social e política que integre institucións, administracións, profesionais, especialistas e cidadanía.

A situación actual de boa parte do patrimonio amosa a inadecuación das medidas aplicadas, o que obriga a pensar en novos xeitos de xestión, tendo en consideración a corresponsabilidade social e política

Diagnóstico/Problemática/Contexto

Como o Convenio de Faro recolle, a corresponsabilidade está baseada nun dobre recoñecemento político e social da responsabilidade persoal e colectiva respecto ao patrimonio cultural –Convenio Marco do Consello de Europa sobre o valor do patrimonio cultural para a sociedade, Faro, 27.X.2005–. A LPC (art. 5) recoñécelle á cidadanía o dereito ao acceso, coñecemento e gozo, así como á transmisión e á divulgación social do patrimonio cultural de Galicia, pero non contempla a sociedade como actor das políticas patrimoniais. Concentra as competencias na administración responsable do patrimonio cultural e esquece a posibilidade de establecer sinerxías entre as actuacións de todos os axentes públicos, privados e institucionais que actúan ou poden actuar sobre o patrimonio cultural.

Hoxe, o recoñecemento do valor da contribución da sociedade á xestión dos recursos patrimoniais converteuse nunha necesidade derivada por unha banda, da ampliación do concepto de patrimonio cultural e, en consecuencia do número de bens protexidos, e, por outra, das restricións financeiras nas políticas culturais que reducion sensiblemente os fondos públicos destinados á conservación do patrimonio cultural. A implicación social na xestión dos recursos patrimoniais culturais e naturais, coa creación e sostibilidade dunha rede de organizacións sociais, contribuiría a xerar sentido da copropiedade colectiva sobre eses bens e a promover o benestar social e a calidade de vida a longo prazo.


Cómpre resituar a cidadanía no centro dos procesos con capacidade de ser parte na definición e xestión do patrimonio, tal e como establece a Convención Marco do Consello de Europa sobre o valor do patrimonio cultural para a sociedade. O exercicio desa corresponsabilidade social require que sexa recoñecida polo corpo social que a outorga e que a recibe; tamén que este teña aptitude e capacidade, posibilidade de actuar, de producir etc., que depende dos medios e recursos de que dispoña para exercelo.

Obxectivos

1. Acadar unha complicitade social e política para a salvagarda e protección do patrimonio cultural que apoie e contribúa ás mudanzas das políticas patrimoniais.
2. Buscar un equilibrio entre as dinámicas interventoras dos organismos públicos no patrimonio e a reivindicación cidadá dun protagonismo maior no deseño desas políticas.

Necesidades

1. A procura do equilibrio entre as dinámicas interventoras dos organismos públicos no patrimonio e a reivindicación cidadá dun protagonismo maior no deseño desas políticas deben traducirse no desenvolvemento de normas e de procedementos que articulen a participación das comunidades locais nos procesos de patrimonialización e nas políticas de xestión dese patrimonio (véxase ficha anterior).
2. Asegurar a aplicación sustentable da normativa patrimonial.
3. Conseguir o compromiso e a actuación proactiva a prol do patrimonio cultural das administracións, dos sectores empresariais, propietarios, posuidores e usuarios, cambiando a actual situación de aversión cara ao intervencionismo patrimonial.
4. Fomentar a educación patrimonial da cidadanía e adaptar os contidos cubertos nas distintas etapas do ensino para dar a coñecer a historia de Galicia e, en particular, aspectos básicos do patrimonio cultural, natural e paisaxístico de Galicia, especialmente das áreas concretas onde reside o estudantado.
5. Fomentar e apoiar a incorporación da cidadanía nos diferentes procesos ao redor do patrimonio, como identificación, rexistro e xestión, a través de ferramentas que o faciliten.



Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Facer público o inventario do patrimonio cultural, natural e paisaxístico, co fin de difundilo entre a poboación e completalo de xeito colaborativo, facilitando a participación da cidadanía a través de organizacións e plataformas dixitais para ter un coñecemento integral e actualizado do patrimonio.
2. Profesionalizar as entidades asociativas activas en materia de xestión, valoración e divulgación patrimonial como entidades xestoras do patrimonio, facilitando e fomentando a súa participación en proxectos de promoción e conservación.
3. Facer un deseño integral e coordinado da difusión do patrimonio para dotalo de contido e que sirva de nexo entre a poboación, aproveitando todos os recursos, tanto os directos (charlas abertas a asociacións de veciños e festas locais, actividades culturais en centros docentes, visitas guiadas e rutas de sendeirismo) como os indirectos (emisión de programas culturais sobre historia de Galicia e o seu patrimonio en todo tipo de medios de comunicación).
4. Desenvolver accións de formación e difusión que poñan o acento no coidado do patrimonio e impulsar estratexias participativas a nivel local (supramunicipal) facendo efectivo o principio de subsidiariedade.
5. Darlle a coñecer o patrimonio á poboación en xeral, para incorporar o seu desfrute na vida diaria dos habitantes, evitando enfocalo só aos turistas ou á súa simple promoción que provoca visitas masivas a lugares específicos.
6. Facer unha recollida exhaustiva de todas as iniciativas públicas e privadas que se relacionan coa defensa, protección e promoción do patrimonio, para traballar dun xeito coordinado nunha mesma dirección, co fin de promover o coñecemento e o desfrute habitual daquel por parte da poboación galega.
7. Recoñecer e identificar nas propostas e expedientes de protección e rexistro do acervo patrimonial os grupos sociais directamente relacionados cos bens do patrimonio cultural. Particularmente os colectivos portadores de expresións patrimoniais inmateriais relacionados con bens materiais, os grupos que demostrasen ter participado no proceso de apropiación e patrimonilización destes, que asumisen compromisos reais a prol da súa conservación e xestión e que participasen en procesos relacionados co recoñecemento das actividades das mulleres para evitar a súa invisibilización.
8. Cómpre promover e fomentar o concepto e a práctica de que calquera intervención sobre un ben protexido, con independencia de quen sexa o seu promotor público ou privado, debe realizar unha actuación que debe estar dirixida ou, cando menos, que incorpore no seu deseño e desenvolvemento, criterios e obxectivos de salvagarda.
9. Cómpre difundir, informar, formar, fomentar, e facilitar o acceso ao coñecemento, ás técnicas e aos medios necesarios para converter calquera actuación sobre un ben protexido nunha actuación a prol da salvagarda do patrimonio cultural –requisito para a corresponsabilidade–.



Cómpre difundir, informar, formar, fomentar e facilitar o acceso ao coñecemento

EIXE TEMÁTICO 2

A TRANSVERSALIDADE DAS POLÍTICAS PÚBLICAS PATRIMONIAIS

Ámbitos de actuación

1. O patrimonio cultural como principio instirador das políticas públicas
2. O patrimonio cultural na ordenación territorial e na planificación sectorial
3. Redefinir a escala da xestión

Descritor

Parece existir un certo consenso político na necesidade de que o patrimonio cultural debe estar presente como concepto básico que condicione, complemente e enriqueza as accións públicas e privadas en todas as políticas públicas e obxectivos e intereses privados que teñan unha afección territorial, social, cultural, educativa e/ou turística.

A transversalidade das políticas patrimoniais aparece recollida expresamente no artigo 2.3 da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia como un deber do conxunto dos poderes públicos: «Os poderes públicos integrarán a protección do patrimonio cultural nas políticas sectoriais de educación, investigación, ordenación do territorio, urbanismo, paisaxe, conservación da natureza e desenvolvemento rural e turístico, así como naquelas que supoñan a xestión do dominio público».

É este un mandato legal que se enfronta a varios problemas:

A transversalidade que se define é reactiva e invertida. Reactiva, en canto se limita á reaccionar ante peticións de protección, cando os dous mandatos do artigo 46 CE aos poderes públicos son máis amplos: garantir a conservación e, ademais, promover o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran; de aí que o enfoque da transversalidade escollido pola Lei 5/2016 poida cualificarse de reactivo –responder a peticións de elaboración de expedientes–, e non de proactivo –executar unha clara estratexia patrimonial–.

Non existen instrumentos técnicos claros ao seu servizo. Converter en realmente eficaz e operativa a transversalidade administrativa do patrimonio cultural require a atribución de competencias claras e instrumentos eficaces para garantir esa transversalidade. A concentración das competencias especializadas na Dirección Xeral de Patrimonio cultural (DXPC) e a técnica dos informes sectoriais preceptivos e vinculantes en procedementos administrativos xestionados por outros centros directivos, non acaban de brindar resultados satisfactorios na consecución da transversalidade. Durante os últimos anos conséntase unha quebra da centralidade da DXPC tanto no ámbito competencial como procedemental. Estase a producir unha translación do eixe de rotación das políticas de patrimonio cultural cara a outras áreas en cuxos procedementos a tutela do patrimonio cultural aparece, cando menos, minorada.

Ata hoxe podemos falar dunha transversalidade pouco estudada e (non) avaliada. Nalgún dos ámbitos que contempla a LPC, a transversalidade patrimonial é unha vella coñecida. No ámbito educativo a Lei 8/1995 incluíu o patrimonio cultural como contido transversal dos currículos educativos –disposición adicional cuarta da Lei 8/1995: «O coñecemento do patrimonio cultural de Galicia será valorizado dentro do sistema educativo obrigatorio nos seus diferentes niveis»–. Malia que tras vinte anos de vigor deste mandato transversal –e que nos currículos educativos o patrimonio cultural aparece incorporado de diversas maneiras–, a visión deste no sistema educativo non é unha visión especializada e actualizada, senón, por así dicilo, máis convencional. Talvez resulte lóxico se pensamos que o profesorado de ensino secundario ou primario non ten unha formación específica nestas materias.

Nos ámbitos relacionados coas políticas sobre o territorio: ordenación do territorio, urbanismo, paisaxe, conservación da natureza e desenvolvemento rural e turístico imponse unha visión en mosaico, suma das determinacións dos diferentes planeamentos municipais. Ante ela sería necesario apostar pola propia capacidade da planificación, territorial e urbanística, para anticipar procesos e escenarios cara á protección, recuperación e valorización do patrimonio cultural–dada a ausencia dunha planificación territorial integrada en desenvolvemento da súa lexislación sectorial, que permita un entendemento do territorio como soporte dunha realidade continua e complexa–.



ET 2

O PATRIMONIO CULTURAL COMO PRINCIPIO INSPIRADOR DAS POLÍTICAS PÚBLICAS

Idea forza

Incorporar o patrimonio ao desenvolvemento situando os valores culturais e a súa salvagarda no centro das políticas públicas (de todas).


Descriptor

O patrimonio cultural debe estar presente en toda actividade social e humana cotiá, do mesmo xeito que xa o están ou deben estar a responsabilidade co medio ambiente, a práctica cotiá da reciclaxe, a consecución da accesibilidade universal, o dereito de acceso á cultura e ao ocio. A transversalidade do patrimonio cultural, que está relacionada coa corresponsabilidade, precisa acadar unha rede de complicidades sociais e políticas, necesariamente baseada na divulgación e coñecemento do patrimonio entre a poboación. Esta permitirá acadar unha eficacia no control, salvagarda e promoción dun patrimonio extenso, variado e por veces descoñecido e inaccesible, que moitas veces representa unha firme base de desenvolvemento económico para determinados territorios. Débese partir do convencemento de que só se aprecia aquilo que se coñece e asume como propio.

É común, nas referencias á cultura galega, e ao patrimonio cultural como parte integrante desa cultura, o emprego do cualificativo de viva/o; ademais de citar a herdanza, a memoria e o compromiso de transmisión ás xeracións futuras –Estratexia da Cultura Galega ECG, Estratexia de Turismo ET, etc.–. Cualificar o patrimonio cultural de vivo supón a súa permanencia, que perdure no presente e tamén que se sinta con intensidade, require o seu coñecemento e o seu aprecio pola sociedade, condicións necesarias para sentilo como herdanza e coa responsabilidade da súa transmisión.

O espazo territorializado é un elemento central na cultura galega. Un espazo con espesura temporal no que dixo Otero Pedrayo: «ten a envoltura humana, un espesor, unha continuidade semellante á do bosque, ou mellor á dos musgos e liques sobre un bloque de rocha». Pode unha cultura desvinculada do territorio, seguir sendo galega? Unha sociedade galega sen coñecemento nin vinculación co territorio pode manter vivo e transmitir o seu patrimonio cultural?

Cualificar o patrimonio cultural de vivo supón a súa permanencia, que perdure no presente e tamén que se sinta con intensidade, require do seu coñecemento e o seu aprecio pola sociedade





Mesa política: Rebeca Blanco-Rotea, Cristina Sánchez-Carretero, Noa Díaz Varela, Carlos Amoedo e Beatriz González

Diagnóstico/Problemática/Contexto

Como di Augustin Berque, o que está en xogo no patrimonio é a identidade cultural, unha certa maneira de existir. Esa identidade está en risco pola concorrencia de procesos de distinta natureza que se manifestan sobre o territorio, algúns deles de maneira espacial e temporal simultánea, e polas sinerxías que entre eles se producen.

O abandono provoca a ruína e a perda da memoria da existencia e do significado dos valores patrimoniais, que perden esta condición cando deixa de existir a colectividade social que se identificaba con eles. Esa perda vai seguida da deterioración pola falla de mantemento e uso e a perda do seu coñecemento e significado. Nese contexto desaparecen, deixan de ter valor social e económico, e ábrese a porta a outras actividades depredadoras do territorio como únicas alternativas viables, actividades que fan *tabula rasa*, sen que xa non quede case ninguén que chore a perda.


Os procesos de urbanización dos espazos rurais –no chamado rururbano–, son frecuentemente procesos non coordinados que non respectan as pautas da formación dos asentamentos tradicionais, guiadas, aquelas, por condicionantes físicos, funcionais e sociais (as ameabas das extensións de núcleo contribúen á dispersión e a unha ocupación aleatoria). Instalan poboación allea ao lugar ou, cando non é así, poboación que, nas súas formas de vida, nas súas actividades, xa non ten relación cun territorio que descoñecen. Este descoñecemento é, ao tempo, físico e tamén dos significados, dos valores; a súa cultura é, ao tempo, urbana e global, sen continuidade coa cultura do lugar que habitan.

Procesos semellantes de abandono e de transformación urbana pódense identificar nos espazos urbanos históricos que teñen en común cos descritos a perda da memoria, dos valores patrimoniais ou o seu descoñecemento.

Achegar o patrimonio ás súas comunidades e as comunidades aos patrimonios require a colaboración de todos os axentes involucrados na súa xestión, promoción e uso, sexan públicos ou privados, poñendo o patrimonio cultural como concepto básico no día a día dende un enfoque no que existan máis dimensións que a económica da solución turística.

Obxectivos

1. Poñer os valores culturais, e a súa salvagarda como un dos principios inspiradores das políticas públicas, no mesmo plano que os aspectos sociais, ambientais, a igualdade dos dereitos das persoas e a loita contra a discriminación e a accesibilidade universal.
2. Valorizar as distintas manifestacións culturais e patrimoniais existentes, tendo en consideración tamén as súas dimensións ecolóxicas, sociais e económicas.



Necesidades

1. Achegar a sociedade galega ao seu patrimonio cultural dende o local a través da formación, divulgación e información, eliminando barreiras administrativas.
2. Aquilo que se valora culturalmente debe influír e incorporarse no desenvolvemento futuro. Trátase de incorporar a herdanza en vez de loitar contra ela e combatela como se fose un impedimento do progreso.
3. Deixar de situar a comunidade na alternativa entre desenvolvemento e patrimonialización.

Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Considerar os valores culturais no mesmo plano que outros aspectos como os ambientais no deseño das políticas públicas económicas, educativas e que afectan o territorio.
2. Integrar e incorporar o patrimonio como recurso para o desenvolvemento sostible en vez de illar os elementos.
3. Situar o patrimonio cultural, a súa protección, conservación e xestión, co protagonismo que lle corresponde no debate e nos programas dos grupos políticos transmitíndolle á sociedade a súa política en materia patrimonial e as medidas concretas para fomentar a transversalidade da súa estratexia.
4. Ampliar o foco da educación como estratexia transversal, incorporando outras formas de difusión e formación e contando nesa estratexia coa asistencia e participación dos profesionais do seu estudo, conservación e divulgación.
5. Facer do sistema educativo un pilar fundamental no proceso de valorización do patrimonio que permita superar o descoñecemento que a poboación ten sobre o valor das tradicións e patrimónios herdados.
6. Apoiar a creación de plans formativos no ámbito da educación non formal dende o local nos que se impulsen as actividades a través de asociacións profesionalizadas para a divulgación do patrimonio, sendo este a ferramenta para a cohesión e benestar social.
7. Fomentar a colaboración de todos os axentes involucrados na xestión, promoción e uso do patrimonio cultural, sexan públicos ou privados, para achegalo ás súas comunidades e estas a el.
8. Considerar o valor cultural daqueles elementos *menores*, de pequena escala, que singularizan os lugares e que, malia non contaren con valores relevantes, a súa falta leva á perda da identidade facendo valer o principio de que todo o que non se protexa legalmente non ten porque ser destruído.



ET 2

O PATRIMONIO CULTURAL NA ORDENACIÓN TERRITORIAL E NA PLANIFICACIÓN SECTORIAL

Idea forza

Unha ordenación territorial como base firme das políticas sectoriais que sirva á tutela dos valores naturais, ambientais, paisaxísticos e culturais no territorio.

Descritor

Non se pode considerar o patrimonio illado do seu contexto físico e cultural. Nas políticas patrimoniais europeas considérase como principio esencial o enfoque integrado como un enfoque recíproco e ten en conta o patrimonio noutras políticas sectoriais, máis particularmente, nos campos da ordenación do territorio, da enerxía e do medio ambiente, incluídas as políticas agrícolas. Na Recomendación do Comité de Ministros aos Estados membros sobre a estratexia para o patrimonio cultural en Europa no século XXI, adoptada o 22 de febreiro de 2017, aconséllase especificamente ter en conta sistematicamente o patrimonio nos documentos de planificación territorial e xestión ambiental en todos os niveis de goberno.

A conservación e a xestión dos recursos naturais e do patrimonio cultural é un dos obxectivos a nivel europeo das políticas de desenvolvemento territorial –Estratexia Territorial Europea 1999–. Estas demandan a harmonización das necesidades da economía e do desenvolvemento con estratexias coherentes de mantemento do patrimonio cultural recorrendo a orientacións e instrumentos axeitados ao patrimonio, tanto a aquel sometido a medidas de protección rigorosas como ao resto dos bens culturais aos que non alcanza esa protección, singularmente considerados ou como elementos das paisaxes culturais. Evitar as actividades e usos prexudiciais para as paisaxes, que están indisolublemente vinculadas ás formas de utilización do territorio, require recorrer a estratexias que definan os usos desexables e os non desexables e que limiten as repercusións negativas.

Nas políticas patrimoniais europeas considérase como principio esencial o enfoque integrado como un enfoque recíproco e ten en conta o patrimonio noutras políticas sectoriais

Diagnóstico/Problemática/ Contexto

Galicia necesita que se apliquen políticas coherentes e efectivas en materia de desenvolvemento e xestión territorial que respondan a modelos que aposten polo endógeno, nos que os aspectos sociais, ecolóxicos e patrimoniais comezan a ter un espazo.

A protección patrimonial inicia un achegamento á ordenación territorial cando parece intuír que é nesta onde se atopan instrumentos con capacidade para a complexa xestión dos bens territoriais. Porén, é manifestamente rexeitada por esta –como evidencia a exposición de motivos da nova lei de ordenación territorial–, cando sinala que «establece mecanismos de avaliación dos aspectos ambientais, territoriais, paisaxísticos, económicos e sociais, contribuíndo a unha maior eficiencia do feito planificador», ignorando nesa enumeración os valores culturais.

A relación das outras políticas sectoriais con repercusións territoriais co patrimonio cultural non se realiza dende a integración nin dende a harmonía, e menos dende o concerto dos usos e actividades no territorio cos seus valores, senón que parte da inevitabilidade do seu impacto sobre o patrimonio, ao que seguiría a corrección e compensación dese impacto.

Políticas sectoriais desfasadas polos instrumentos que as regulan –como o Plan sectorial eólico–, outras que non consideran os valores das paisaxes culturais –como as que desenvolve o Plan forestal– ou a consideración do patrimonio cultural como un obstáculo para o fomento e reactivación das actividades económicas –que se pretende superar desregulando controis–, están no camiño oposto ao de ter en conta o patrimonio cultural no deseño das políticas de desenvolvemento, usos do solo, medio ambiente ou enerxía.

Por parte da xestión patrimonial non é suficiente con establecer xenericamente a obriga dos poderes públicos de integrar a protección do patrimonio cultural nas políticas sectoriais que recolle o artigo 2 da LPC, senón que é necesario encontrar políticas e espazos de consenso entre sectores e desenvolver unha xestión creativa na que se defina o marco de interaccións entre políticas diversas, ter claros os criterios e definir accións na liña da integración proposta.

Obxectivos

1. Incorporar a salvagarda do patrimonio cultural de forma real e proactiva en todas as políticas públicas sectoriais que afectan o territorio.
2. Romper coa xestión dividida do patrimonio cultural, natural e paisaxe.
3. Implantar procedementos de participación pública para o deseño e desenvolvemento das políticas que teñan incidencia sobre o patrimonio cultural.

Necesidades

1. Adaptar os instrumentos de ordenación do territorio para que sirvan tamén á tutela dos valores naturais, ambientais, paisaxísticos e culturais do territorio e atendan á súa compatibilidade cos intereses públicos e privados que conflúen sobre o territorio.
2. Revisar as normativas sectoriais dende a perspectiva do patrimonio como principio básico, de maneira que sexa un tema transversal con substantividade propia dentro dos procedementos administrativos, e que se teña en conta a súa protección integral, tanto na elaboración de todas as políticas públicas como no seu seguimento e execución.
3. A transversalidade require identificar, inventariar e localizar xeoespacialmente o patrimonio cultural, natural e paisaxístico. A elaboración do Censo de bens e do Inventario débese realizar, coa calidade e rigor necesarios, a través da súa homologación, depurando e homoxeneizando os criterios de protección dunha relación actual que xorde da transposición sen máis, e en diferentes épocas, de elementos de diferentes fontes, basicamente dun planeamento municipal diverso. Ademais, é necesario incorporar novas metodoloxías para novas categorías patrimoniais –paisaxe cultural ou patrimonio inmaterial, por exemplo–.
4. Superar a garda e custodia administrativa dos valores culturais como única alternativa -insuficiente, por veces ineficaz, e non sempre viable- á súa desaparición.
5. Implementar no desenvolvemento lexislativo os principios de cooperación e subsidiariedade como base da eficiencia planificatoria e de políticas proactivas de planificación.
6. Establecer procesos de conciliación onde se poñan sobre a mesa valores contraditorios, valores patrimoniais e valores económicos, ademais de facer posible a conservación dun patrimonio ampliado a todo con novas medidas de protección.


Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Crear no Parlamento galego unha comisión permanente e transversal sobre patrimonio en todas as súas dimensións incluíndo as paisaxes culturais e que teña como base a análise e propostas que se realizan dende o Foro.
2. Protexer o patrimonio a través das políticas sectoriais, en especial daquelas que teñan unha afección directa sobre o medio ambiente, o territorio, o urbanismo e a paisaxe.
3. Atender a criterios de protección do patrimonio cultural na definición de políticas sectoriais que afecten ámbitos protexidos (conxuntos, territorios e/ou monumentos) como as de vivenda, actividades comerciais e turísticas ou de desenvolvemento social.
4. Considerar na definición das políticas agrarias, forestais e de explotación do litoral, a defensa, promoción e fomento das actividades tradicionais, expresión testemuñal significativa da identidade, así como a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia.
5. Considerar o papel que o patrimonio cultural pode desempeñar como elemento catalizador doutras políticas sectoriais nunha estratexia transversal.



Considerar o papel que o patrimonio cultural pode desempeñar como elemento catalizador doutras políticas sectoriais nunha estratexia transversal

6. Incorporar o patrimonio cultural como un recurso na oferta de actividades culturais e de ocio e turismo, na educación e na formación regrada e non regrada.
7. Apostar pola capacidade da planificación, territorial e urbanística para anticipar procesos e escenarios cara á protección, recuperación e valorización do patrimonio cultural.
8. Coordinar as políticas de xestión do patrimonio coas políticas económicas e educativas nas distintas escalas espaciais e nos diferentes niveis de competencias políticas.
9. Coordinar a acción dos responsables da xestión do patrimonio e doutras áreas encargadas da xestión e ordenación do territorio, co fin de fortalecer as relacións entre patrimonio natural e cultural dentro dun espazo social.
10. Traballar transversalmente nas políticas de desenvolvemento rural coas de protección do patrimonio cultural e de ordenación do territorio.
11. Crear un órgano de patrimonio cultural de Galicia que goce de maior autonomía e, ao mesmo tempo, integre no seu consello de dirección os principais ramos da administración activa autonómica na xestión do territorio, combinando liderado e participación das visións sectoriais.
12. Recoñecer valores culturais dos espazos e lugares naturais. Por exemplo, espazos naturais como as fragas deberían incluírse como patrimonio protexido, pois son espazos de memoria na paisaxe, soportes de patrimonio cultural inmaterial de Galicia, ademais de patrimonio forestal.



ET 2

REDEFINIR A ESCALA DE XESTIÓN

Idea forza

O territorio como marco e escenario da xestión transversal do patrimonio cultural.

Descritor

A patrimonialización do territorio implica recoñecer unha serie de valores, equivalentes aos que recoñecemos noutros bens patrimoniais, que non se distinguen por valores monumentais, históricos ou artísticos, senón que responden a valores culturais relacionados coa identidade: «formas relevantes, ou expresións, da cultura e os modos de vida tradicionais propios do pobo galego nos seus aspectos materiais e inmateriais de relevante interese para a permanencia e identidade da cultura galega no tempo», tal e como definiu o patrimonio cultural de Galicia, a Lei do patrimonio cultural de Galicia de 1995.

A consideración do territorio como patrimonio sitúase lonxe da protección patrimonial dos elementos illados, identificados e catalogados por categorías, aos que se vinculan áreas do territorio dende criterios principalmente de visibilidade, ignorando as relacións entre eles e cos demais compoñentes do territorio.

Nesa consideración, ademais do patrimonio lexitimado, as poboacións poden recoñecer outros lugares, obxectos, usos, actividades, coñecementos, tradicións, así como as persoas que os fixeron vivir, como unha expresión en constante evolución dos seus valores, coñecementos e crenzas.

Ese territorio patrimonializado recoñécese realizando un inventario do patrimonio territorial, isto é, recoñecendo os valores naturais, culturais e os bens que o integran, estean ou non declarados ou catalogados, que pertencen a calquera categoría patrimonial. A partir dese recoñecemento, cómpre ver o patrimonio no seu conxunto e asumir a protección e conservación do territorio patrimonial que permiten conceptos como o de paisaxe cultural.

Ademais do patrimonio lexitimado, as poboacións poden recoñecer outros lugares, obxectos, usos, actividades, coñecementos, tradicións, así como as persoas que os fixeron vivir

Diagnóstico/Problemática/ Contexto

A LPC fai unha categorización dos bens culturais na que inclúe varias categorías de carácter territorial. A de paisaxe cultural é unha destas categorías inclusivas que comprende monumentos e os seus contornos, zonas arqueolóxicas, conxuntos históricos, etc., patrimonio material e inmaterial no seu ámbito. Para a súa protección, a lei recorre a un instrumento específico de ordenación territorial ou urbanística que debe conter as determinacións precisas para asegurar a protección e salvagarda dos valores das paisaxes culturais. Engade ao contido sectorial dese instrumento as definicións clásicas de protección, catalogación e determinación de condicións de protección e intervención dos bens que o conforman, individualmente considerados, sen diferenzas substanciais co contido que a mesma LPC impón con carácter xeral aos instrumentos de planeamento e ordenación do territorio.

A xestión cultural destes espazos deixa de lado os compoñentes sociais, económicos, naturais, o seu carácter dinámico, as transformacións e as súas orientacións, protexendo, de maneira limitada, certos bens culturais e quedando, claramente, orientada cara ao patrimonio material, nunha foto fixa dun territorio en proceso. Dende a xestión patrimonial galega, a paisaxe cultural é un conxunto de fragmentos. Non hai diferenza na forma de mirar, comprender, recoñecer os valores, preservalos e xestionalos respecto da protección clásica dos bens singulares.

No desenvolvemento sectorial da lexislación da paisaxe, o cultural é un adxectivo que cualifica as paisaxes, vinculadas estas a valores patrimoniais, diferenciadas das de valor natural e ecolóxico, das paisaxes agrarias, gandeiras e forestais, das paisaxes urbanas, das paisaxes produtivas, moi lonxe do sistema histórico-cultural-social-patrimonial-natural-ecolóxico do concepto de paisaxe cultural. O obxectivo de respectar o legado do pasado e de poñer de manifesto a relevancia histórica, simbólica e identitaria é un obxectivo que os instrumentos que desenvolve a Lei da paisaxe limitan aos elementos patrimoniais identificados e protexidos dende o sector patrimonial, esquecendo a salvagarda dos valores patrimoniais, históricos e culturais que están presentes na práctica totalidade das paisaxes.

A ordenación do territorio en Galicia refírese á paisaxe da lexislación de paisaxe –á paisaxe perceptiva do Convenio da paisaxe– e non contempla o concepto de paisaxe cultural. Porén, a paisaxe cultural ten


capacidade para ser máis ca unha categoría, cómpre atender á súa dimensión como concepto aplicable a distintas escalas territoriais dende o que enfrontar a difícil xestión do patrimonio cultural.

Obxectivos

1. Desenvolver unha nova cultura sobre o territorio en tanto elemento aglutinador e portador de valores culturais e garante da permanencia do patrimonio.
2. Mudar a visión do territorio, considerándoo tamén patrimonio cun novo enfoque que permita xestionalo dunha forma integral.

Necesidades

1. Aplicar mecanismos de converxencia da investigación, da planificación e da xestión do territorio considerado como patrimonio, tanto no plano xeral coma nos planos sectoriais.
2. Enfrontar a xestión do patrimonio cultural na súa amplitude e extensión, así como na complexidade da súa protección nun territorio dinámico e sometido a presións.
3. Recuperar a cohesión entre territorio e sociedade tendo presente que o territorio é, e debe ser, resultado dun proceso de construción social no que as transformacións físicas e os cambios sociais deben ser acompañados.
4. Asumir dende a xestión do territorio e do patrimonio que a protección e conservación do territorio patrimonial, ao que responden conceptos como o de paisaxe cultural ou territorio histórico, fai imprescindible a intervención dende a ordenación do territorio.



Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. A política de xestión do patrimonio cultural utilízase como unha ferramenta de control e corrección doutras políticas públicas que deberían ter presente, e deseñárense, a partir dunha visión holística, ecosistémica do territorio, na que estivese sempre presente a salvagarda do medio ambiente, a paisaxe, o patrimonio natural e cultural e a mellora da calidade de vida das persoas e do interese público.
2. Desenvolver ao máximo o coñecemento do territorio, para poder identificar e caracterizar os seus valores culturais e así poder facer posible a súa protección, a toma de conciencia, a súa valorización e o seu uso sostenible.
3. Traballar dende a parroquia como espazo de identidade e vitalidade social, pola súa continuidade histórica que se mantén- –nas trazas territoriais e na organización básica dos usos do solo–, como unidade ecolóxica de compartimentación do espazo (Dalda), como ámbito a partir do cal realizar o recoñecemento e identificación dos valores culturais do territorio e deseñar as estratexias para a súa salvagarda.
4. Realizar un estudo sobre o territorio galego para redefinilo.
5. Estender a lectura e comprensión do territorio a todos os aspectos: paisaxísticos, territoriais e urbanísticos –ademais dos patrimoniais– e ás súas interrelacións, para o que se poden empregar recursos como poden ser as cartografías participativas.
6. As políticas públicas en materia de patrimonio deben ter en conta todos os factores e integrárense en políticas máis amplas, transversais, que conciban o territorio de forma integrada e que teñan en conta que, tanto o territorio coma o patrimonio cambian, e con eles, a sociedade. Ao mesmo tempo, cómpre atender a esas transformacións e a eses novos actores: habitantes dun territorio transformado ou en transformación.
7. Fuxir da simplificación e da homoxeneización, tendo en conta que nun mesmo territorio coexisten diferentes ámbitos que demandan políticas diferenciadas e diferentes niveis de intervención, xestión e acceso.
8. Integrar os elementos patrimoniais e o espazo territorial no que se atopan, evitando a descontextualización dos elementos en relación coa contorna, tendo en conta os valores naturais e paisaxísticos.



Integrar os elementos patrimoniais e o espazo territorial no que se atopan, evitando a descontextualización dos elementos en relación coa contorna

9. Afinar as determinacións sobre a permanencia do patrimonio nas súas diferentes variantes, materiais e inmateriais, diante da necesidade de atender ao carácter dinámico da apreciación do patrimonio cultural fronte á emerxencia de novos contextos como son o turismo ou o despoboamento do medio rural.
10. Considerar a paisaxe cultural como un concepto aplicable a distintas escalas territoriais que permite abarcar a complexidade do sistema patrimonial cultural-natural-paisaxístico, material-inmaterial.

EIXE TEMÁTICO 3

OS INSTRUMENTOS LEGAIS

Ámbitos de actuación

1. Unha regulación normativa de maior calidade
2. Planificación territorial integrada na lexislación: novas estratexias para novos patrimonios
3. Participación social na lexislación patrimonial

Descritor

O enfoque xurídico dominante das políticas patrimoniais segue a ser o da tutela conservacionista: toda unha serie de mecanismos destinados a evitar a transformación non autorizada dos bens culturais dignos de protección. Esta perspectiva asenta nun positivismo legalista conforme ao cal unha lei especial ha de ser quen estableza, regule e guíe a aplicación deses mecanismos de conservación. Esa lei debe ser executada por unha administración especializada, cuxa actuación habilita e demanda ao mesmo tempo.

O noso mundo xurídico caracterízase, porén, por ter pasado da estrutura da pirámide normativa clásica cara a un sistema máis inestable de pluralismo normativo multinivel, onde as normas legais e constitucionais clásicas se enguedellan constantemente con soft law internacional ou comunitario, tratados internacionais, e un peculiar sistema de articulación normativa interna. Esta fragmentación provoca, pola súa vez, toda unha serie de importantes consecuencias nos procesos de determinación, interpretación e aplicación das normas:

- Incrementase a dificultade e inseguridade da determinación da norma aplicable.
- Aumenta a discrecionalidade hermenéutica, na medida en que a resolución de conflitos demanda unha interpretación sistemática de normas, regras e principios de xeometría variable e en constante mutación.
- A interpretación auténtica das normas obriga a un seguimento incesante das decisións xurisprudenciais que, no plano internacional, estatal e autonómico, van reaxustando esas interpretacións aos casos concretos.

Na actualidade, a lei especial reguladora da conservación patrimonial perde o seu protagonismo a favor doutras normas legais. Estase a producir unha transición do eixe de rotación das políticas de patrimonio cultural cara a outras áreas, en cuxos procedementos a tutela do patrimonio cultural aparece, cando menos, minorada. É o caso da Lei 1/2019, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas que modifica o réxime xurídico de protección de conxuntos históricos e dos bens protexidos.

Paralelamente, durante os últimos anos, constatouse unha quebra da centralidade do órgano con competencia en materia de patrimonio cultural –a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural–, tanto no ámbito competencial coma no procedemental. Son reiteradas, nos últimos anos, as reformas sectoriais que inciden na simplificación dos informes patrimoniais preceptivos e vinculantes, mediante a redución de prazos e a atribución dun silencio positivo, en caso de non evacuación de informe. Un exemplo son as contidas na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia ou na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Entre outras determinacións esta lei elimina as avaliacións da incidencia das actuacións sobre o territorio no patrimonio cultural en solo rústico, con especial afectación ao patrimonio etnolóxico e arqueolóxico non identificado.

Todos estes fenómenos xurídicos e administrativos degradan decisivamente a forza normativa clásica da lei defensora dos patrimonios culturais, que pasa a ser unha instancia de cobertura simbólica que oculta o traslado do eixe do proteccionismo cultural cara ao decisionismo administrativo e o arbitrio xudicial (Alejandro Nieto). Unha translatio que, polo demais, é funcional ao propio sistema económico capitalista no que nos movemos, que ten demostrado historicamente ser a principal ameaza para a conservación do patrimonio cultural en tempos de paz.

Só dende esta perspectiva se poden entender fenómenos como a perda de centralidade da LPC fronte á Lei 1/2019 e outras leis sectoriais: tanto a falta endémica de desenvolvemento regulamentario da LPC coma o casuísmo fragmentario da xurisprudencia recaída sobre as políticas de protección do patrimonio cultural –onde é difícil encontrar interpretacións sistemáticas transversais do ordenamento xurídico do patrimonio cultural– ou, en fin, a moi escasa cultura de avaliación das políticas públicas patrimoniais aspecto este central para calquera política normativa que pretenda asentarse sobre a realidade dos fenó-

menos sociais que pretende regular –no noso caso, a conservación integrada e sostible do patrimonio cultural–. Esta falta de avaliación está directamente conectada coa escasa transparencia da información dos procedementos, actuación e documentación administrativa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

A LPC estableceu de xeito enunciativo, na súa exposición de motivos, unha serie de principios reitores que cómpre avaliar, tamén dende o punto de vista da súa integración no texto articulado. En primeiro lugar, a ponderación e integración da protección do patrimonio cultural no conxunto das políticas sectoriais para desenvolver non é asumido por unha cidadanía que, aínda, percibe as políticas de tutela do patrimonio como un exercicio arbitrario de poder. En segundo lugar, a aposta pola colaboración interadministrativa –co singular recoñecemento expreso do labor desenvolto pola administración municipal nestes anos–, non desenvolve o principio de subsidiariedade que, en calquera caso, debe ir mais aló das técnicas descentralizadas de control preventivo. En terceiro lugar, a consideración expresa de determinados patrimonios como as paisaxes culturais require unha harmonización na súa consideración en relación con outras lexislacións sectoriais fortemente desenvolvidas nos últimos anos. Finalmente, o principio de publicidade e seguridade xurídica fronte á xa comentada percepción social de arbitrariedade debe fundamentarse, en calquera caso, na consciencia da función social do dereito de propiedade de regulación constitucional.

Dito isto, a relación enunciada presenta aínda importantes eivas que convén subliñar. Por un lado, é necesario afianzar unha certa idea do patrimonio como algo para transmitirles ás xeracións futuras, un ben interxeracional e, polo tanto, mudable na súa apreciación e aberto á incorporación de novos elementos hoxe en día non considerados –onde o concepto identitario, máis vinculado ao estático, débese supeditar ao de formación da memoria colectiva–. Por outro lado, é necesaria a avaliación da irrupción de novas actividades como o turismo e a súa capacidade de producir novos contextos no eido social, económico e incluso ambiental e a súa capacidade de integrarse nuns espazos e contedores necesariamente protexidos de xeito respectuoso cos seus caracteres determinantes.





ET 3

UNHA REGULACIÓN NORMATIVA DE MAIOR CALIDADE

Idea forza

Mellorar a calidade normativa da regulación, mantendo un marco xurídico do patrimonio cultural estable e coherente cos conceptos e criterios da lexislación internacional.

Descritor

A LPC inicia a súa exposición de motivos manifestando que pretende ser a base normativa fundamental na que se plasme o compromiso irrenunciado da Comunidade autónoma de Galicia co seu patrimonio cultural en canto que eixe fundamental que lle dá sentido e significación.

Porén, esta pretensión non se concilia coas modificacións desta norma dende outras lexislacións sectoriais, nin coa ausencia de desenvolvemento regulamentario da lei, nin coa paralización da elaboración dos instrumentos que contempla –suplidos por outros establecidos dende outras regulacións sectoriais–, malia que a propia lei destaca na súa exposición de motivos que a protección do patrimonio cultural non debe ser debedora en canto a técnicas, regulacións e conceptos doutras normativas.

No documento Diagnose da Cultura Galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI, o CCG sinalou a necesidade de establecer e manter un marco xurídico estable da protección do patrimonio cultural dende a Administración responsable da súa xestión, sen modificalo de maneira constante dende outras normativas sectoriais (industria, vivenda, enerxía, etc.).

A protección do patrimonio cultural non debe ser debedora en canto a técnicas, regulacións e conceptos doutras normativas

Diagnóstico/Problemática/Contexto

Malia que a LPC remite ao desenvolvemento regulamentario un amplo conxunto de materias –dende o formato do Catálogo a criterios de intervención ou delimitación de contornos, pasando polo contido de varios dos instrumentos que establece–, non foi aínda aprobado ningún regulamento, nin elaborado ningún dos instrumentos contemplados na lei como o Catálogo, o Censo ou o Plan territorial integrado dos Camiños de Santiago para os que a lei establecía un prazo de dous anos. Catro anos despois da entrada en vigor da lei, das 23 remisións regulamentarias previstas pola LPC, seguen pendentes un total de 21.

Mentres se adiaaba ese desenvolvemento, considerouse necesaria a modificación da lei, o que implicou a revisión do réxime de protección dos conxuntos históricos e dos edificios catalogados sen protección integral a través da

Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. Esta modificación foi, con posterioridade, matizada, polo Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeneral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, na súa competencia para analizar as normas autonómicas con rango de lei respecto das que se susciten cuestións susceptibles dun recurso de inconstitucionalidade.

Recentemente vén de ser aprobada pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, unha nova modificación que impide a identificación do patrimonio cultural no solo rústico –en especial, a gran cantidade de patrimonio arqueolóxico aínda non detectado– que poida ser afectado polos plans, programas e proxectos con incidencia sobre o territorio e que non conte con protección. Mentres segue sen elaborarse o Censo, instrumento previsto na LPC 2016 para a documentación, estudo, investigación e difusión dos valores deses bens que non están protexidos e como elemento de referencia para a emisión dos informes que a nova modificación elimina.

Por outra banda, en ausencia do Censo e dun Catálogo homologado, o Plan básico autonómico incorporou un catálogo que se compón de elementos de diferentes fontes, heteroxéneo, e non adaptado ás determinacións sobre protección e intervencións da LPC.

Transcorridos pouco máis de catro anos dende a súa entrada en vigor, a base normativa fundamental que plasma o compromiso irrenunciable da Comunidade autónoma de Galicia co seu patrimonio cultural viu modificado o seu contido, e non só no relativo a procedementos, prazos e competencias, senón tamén os dous títulos fundamentais que establecen o Réxime de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia e o Réxime específico de protección e acceso dos bens de interese cultural. Entre tanto, non se desenvolveu ningunha das normas e instrumentos que a lei preveu para a súa aplicación efectiva.

Este escenario xurídico debe ser revertido restituíndo a Lei do patrimonio cultural de Galicia ao papel que lle corresponde –como primeiro paso do desenvolvemento dun modelo legal postpositivista–, sen esquecer que o desenvolvemento normativo en materia de patrimonio cultural non pode apartarse dos conceptos e criterios da regulación internacional destinada a complementar a normativa dos estados.

Obxectivos

1. Consolidar e actualizar a lexislación para evitar a destrución do patrimonio cultural, establecendo e mantendo un marco xurídico estable coherente cos conceptos e criterios da regulación internacional.
2. Incorporar e desenvolver na lexislación os principios de integración da protección do patrimonio cultural nas políticas sectoriais, conservación integrada, o principio de subsidiariedade e a participación e responsabilidade social.
3. Mellorar a rastrexabilidade procedemental a transparencia da actuación administrativa e a avaliación normativa.

Necesidades

1. Restituír a Lei do patrimonio cultural ao papel prescriptivo e directivo que lle corresponde. Esta restitución non pode ser simple ou vulgar, unha sorte de volta ao pasado, senón o primeiro paso do desenvolvemento dun modelo legal postpositivista.
2. Integrar as regras xurídicas concretas e operativas no marco de principios e normas de rango superior que lle prestan sentido a esas regras legais.
3. Asumir o desenvolvemento regulamentario como prioridade vinculada á denominada *better regulation*. Só o instrumento regulamentario, pola súa natureza de disposición xeral dotada dun procedemento de elaboración e aprobación, é quen de encher os moitos ocios regulatorios actuais e, ao tempo, satisfacer a participación cidadá e a transversalidade regulatoria.
4. Consolidar a lexislación sobre patrimonio cultural incorporando as modificacións parciais e tamén os criterios de interpretación derivados das instrucións aprobadas e dos Acordos da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia na materia.

5. Rematar procesos iniciados como o de delimitación dos Camiños de Santiago, requisito previo para a elaboración do PTI dos Camiños de Santiago, que establezan os criterios para a ordenación territorial do seu territorio histórico, as áreas de actuación e recuperación de rehabilitación preferente, as áreas de recuperación e mellora ambiental, paisaxística, así como medidas eficaces en relación cos impactos de infraestruturas, usos e actividades.
6. Elaborar e publicar o Catálogo de patrimonio cultural de Galicia sen remisión aos planeamentos urbanísticos, previa ampliación, revisión e depuración dos bens catalogados seguindo uns criterios de catalogación e protección harmónicos e coherentes.
7. Elaborar e publicar o Censo de patrimonio cultural, contemplando a colaboración social na identificación, localización e descrición dos bens culturais.
8. Mellorar a transparencia dos procedementos administrativos tramitados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en especial mediante a publicidade dos informes preceptivos e das actas dos consellos territoriais e dos Camiños de Santiago.

Recomendacións/Directrices/ Elementos para levalas a cabo

1. Situar a mirada no coidado e afastala do castigo para, deste xeito, abrir un espazo de posibilidades de relación con aqueles elementos que transcendan, ben pola súa singularidade, ben polo seu impacto político ou social. No ámbito do patrimonio sucédense unha serie de procedementos maioritariamente punitivos. É o que se coñece como réxime patrimonial burocrático.
2. Desenvolver normas e procedementos para articular a participación das comunidades locais na xestión patrimonial.
3. Establecer unha temporalidade real para o desenvolvemento regulamentario da LPC e para a aprobación dos instrumentos que contempla, toda vez que os prazos establecidos xa transcorreron.
4. Avaliar o risco que pode supoñer, para a protección do patrimonio cultural, a simplificación dos requisitos e garantías prevista polas actuais normativas de contratación, subvención e xestión territorial (avaliación de impacto ambiental).
5. Avaliar a funcionalidade dun instrumento como o Censo de patrimonio cultural establecido como elemento de referencia para a emisión dos informes que sexan competencia da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, agora limitados, que non garante a protección dos bens que recolle.
6. Ampliar a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ao ámbito do patrimonio cultural. Esta ampliación permitiría unificar as funcións inspectora e sancionadora en ámbitos moi próximos, implicar máis os concellos e reforzar a capacidade e independencia das persoas que fan na actualidade os labores da non nata escala de inspección do patrimonio cultural.
7. Recoller na LPC a obriga dos poderes públicos de integrar nas políticas sectoriais a educación en valores patrimoniais ademais da protección do patrimonio.
8. Incluír na LPC o patrimonio como ferramenta na promoción do desenvolvemento social inclusivo que integra a igualdade de xénero como elemento fundamental para acadar o desenvolvemento sostible.
9. Definir na LPC o alcance dos informes dos plans, programas e proxectos con incidencia sobre o territorio, a vinculación do seu contido para o órgano ambiental e para o órgano substantivo. Revisar a exención destes informes en solo rústico e nos ámbitos nos que se realizase un estudo completo do patrimonio cultural, que é un tipo de actuación que a lei non define.
10. Establecer mecanismos de participación social na identificación do patrimonio cultural afectado polos plans, programas e proxectos que, pola súa incidencia sobre o territorio, poidan supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia e que se someten a informe da Consellería de Cultura.
11. Potenciar o papel dos concellos como formadores de patrimonio e, como administración de proximidade, desenvolver un principio de subsidiariedade que debe ir máis aló dun exercicio obrigado –e moitas veces tutelado–, de colaboración na salvagarda patrimonial, que se asume condicionado pola ausencia dun apoio técnico municipal.
12. Establecer unha clara relación da normativa legal do patrimonio cultural co planeamento urbano e a súa revisión e adaptación.



ET 3

PLANIFICACIÓN TERRITORIAL INTEGRADA NA LEXISLACIÓN: NOVAS ESTRATEXIAS PARA NOVOS PATRIMONIOS

Idea forza

Unha planificación estratéxica do territorio que integre o patrimonio cultural e que sirva á tutela dos valores naturais, ambientais, paisaxísticos e culturais.

Descritor

No ámbito europeo estableceuse na normativa unha concepción integral do patrimonio cultural na que se potencia a relación entre o patrimonio e a súa contorna e na que a protección non se limita ao material dos bens, senón que se estende á conservación integrada, co obxectivo de ponderar as distintas políticas e que estas teñan en conta os aspectos específicos derivados da protección e xestión do patrimonio cultural.

Na Recomendación do Comité de Ministros aos Estados membros sobre a estratexia para o patrimonio cultural en Europa no século XXI aténdese especialmente á compoñente do desenvolvemento territorial e económico, que se centra na relación do patrimonio cultural co desenvolvemento territorial, a economía e a gobernanza territorial.

Aplicar o principio de conservación integrada e garantir que se teña en conta o patrimonio nas políticas de desenvolvemento, uso do solo, medio ambiente e enerxía, require adoptar políticas e medidas legislativas que faciliten o enfoque integrado dende e cara ao patrimonio.

No ámbito europeo estableceuse na normativa unha concepción integral do patrimonio cultural na que se potencia a relación entre patrimonio e a súa contorna

Diagnóstico/Problemática/Contexto

O enfoque integrado non está incorporado na lexislación galega en ningún dos dous sentidos, nin dende as políticas de desenvolvemento, nin cara ao patrimonio. Nas normativas que regulan as políticas territoriais incluso se aprecia como nalgún caso se ignoran os valores culturais, mentres que noutros casos se revisa a normativa do patrimonio cultural, nunha transversalidade invertida na que determinadas políticas públicas condicionan o patrimonio cultural. Nin tan sequera unha lexislación protectora, como a da paisaxe ou a da ordenación territorial, que establece criterios básicos e instrumentos para a política territorial e a ordenación do espazo físico, atende a ese enfoque.

No desenvolvemento sectorial da lexislación da paisaxe, o obxectivo de respectar o legado do pasado e de poñer de manifesto a relevancia histórica, simbólica e identitaria é un propósito que os instrumentos que desenvolven a Lei da paisaxe limitan aos elementos patrimoniais identificados e protexidos dende o sector patrimonial, esquecendo a salvagarda dos valores patrimoniais, históricos e culturais que están presentes na práctica totalidade das paisaxes. A lexislación de ordenación do territorio nin tan sequera contempla os plans que teñan

como obxectivo a protección e salvagarda dos valores patrimoniais das paisaxes culturais aos que obriga a LPC –e tamén as Directrices de Ordenación do territorio (DOT) en relación cos Camiños de Santiago– e non recolle o compromiso da ordenación do territorio coa conservación integrada do patrimonio cultural.

Resulta preocupante que, mesmo antes de iniciala, se abandonase unha estratexia a través da cal se pretendía que as DOT recoñecesen a vinculación entre patrimonio cultural e paisaxe nun territorio fortemente patrimonializado. Ao contrario, optouse por prescindir de instrumentos de ordenación do territorio e do urbanismo, ao tempo que se obviou a necesidade de recoñecer os posibles valores patrimoniais culturais a través da realización de análises e de propostas de elementos que puidesen ser incluídos no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia. Así, impediuse que estas medidas converxesen nunha planificación que incidise sobre todo o territorio e non se tivo en consideración a necesaria posta en marcha de accións que garantisen a conciliación entre desenvolvemento, actividades produtivas e patrimonio cultural. Entre os obxectivos xerais e estrutura básica do modelo territorial de Galicia foron considerados os seguintes elementos:

- Valorizar a calidade da paisaxe galega, o patrimonio cultural e o sistema rural como factores de atracción global do territorio e activos básicos da calidade de vida e do propio potencial de desenvolvemento, especialmente nas áreas de menor dinamismo do país.
- Desenvolver estratexias de xestión creativa das paisaxes culturais galegas como factores de competitividade territorial, cunha especial referencia á valorización do patrimonio rural.
- Vincular o sistema de asentamentos rurais con esta estratexia, en particular, a través do seu inventario, caracterización e valoración, así como da difusión desta información para a súa consideración por parte dos diferentes axentes económicos e institucións.

Para avanzar neses obxectivos é imprescindible revisar normativas e instrumentos sectoriais caducos e obsoletos, ademais de incorporar a dimensión patrimonial na planificación dos usos do territorio en todos os sectores de actividade, harmonizando a consideración do patrimonio cultural cos conceptos e criterios que define a normativa patrimonial, tamén no marco internacional.

Obxectivos

1. Adoptar medidas legislativas para establecer a tutela e enriquecemento do patrimonio cultural como principio básico e transversal nos instrumentos de planificación territorial e xestión ambiental, con substantividade propia dentro dos procedementos administrativos. Terase en conta a súa protección integral tanto no deseño de todas as políticas públicas que afectan o territorio, coma no seu seguimento e execución.
2. Establecer dende a lexislación un réxime de competencias claras e instrumentos eficaces para garantir a transversalidade do patrimonio cultural nas políticas territoriais.

Necesidades

1. Establecer dende a ordenación territorial unha base firme das políticas sectoriais suplindo as carencias dos instrumentos de planificación sectorial vixentes anteriores á LPC, en orde á protección e harmonización desas actuacións co patrimonio cultural.
2. Harmonizar a lexislación da paisaxe co concepto de paisaxe cultural da LPC incorporando a salvagarda dos valores patrimoniais, históricos e culturais que están presentes na práctica totalidade das paisaxes.
3. Desenvolver avaliacións de impacto patrimonial na planificación dos usos do territorio e desenvolvemento territorial atendendo á integración e harmonía e ao concerto dos usos e actividades no territorio cos seus valores.
4. Xeneralizar os estudos de impacto sobre o patrimonio das actuacións que se realicen, que teñan incidencia sobre o territorio e que poidan afectar o patrimonio cultural, mantendo a realización das prospeccións que as DOT estableceron para a súa identificación e localización.
5. Establecer medidas de limitación normativa para os impactos negativos sobre os bens patrimoniais e sobre o seu contexto territorial.

Recomendacións/Directrices/ Elementos para levalas a cabo

1. Considerar a dimensión patrimonial como un recurso, aplicando a conservación integrada nos distintos sectores de actividade.
2. Establecer como principios e criterios orientadores da ordenación territorial a conservación integrada do patrimonio cultural, superando a distinción entre patrimonio natural, histórico e cultural, que recolle o texto actual da Lei de ordenación do territorio de Galicia. Incorporar o territorio como patrimonio atendendo a conceptos da lexislación patrimonial como paisaxes culturais, territorios ou lugares patrimoniais.
3. Situar na lexislación de ordenación do territorio o patrimonio cultural, polo seu carácter de elemento diferencial e activo de singular valor para Galicia, ao mesmo nivel que outros principios e sistemas como a cohesión social e económica, así como a perspectiva de xénero, o sistema rural e costeiro non urbano de Galicia, a infraestrutura verde e a paisaxe, atendendo nesta última á súa dimensión cultural.
4. Tratar na lexislación de ordenación do territorio o patrimonio cultural e a súa interrelación co patrimonio natural e a paisaxe como unha das claves para o desenvolvemento territorial, que non só debe ser respectado nas actuacións que se realicen, senón que é merecedor de ser posto en valor con actuacións específicas ou integradas noutras de alcance transversal.
5. Regular na súa lexislación a coordinación da xestión dos espazos naturais protexidos coa do patrimonio cultural que integran, identificando os valores culturais materiais e inmateriais deses espazos, paisaxes e monumentos naturais.
6. Ampliar a harmonización da normativa que o Plan forestal 2021-2040 limita ao obxectivo de racionalizar e simplificar a regulación e a operativa burocrática necesaria para a xestión forestal procurando, ao mesmo tempo, a harmonización desa xestión coa salvagarda dos valores culturais e naturais.
7. Revisar o Plan sectorial eólico na delimitación dos ámbitos territoriais nos que se poden localizar as infraestruturas e instalacións atendendo ao deber de xestionar, protexer e conservar o patrimonio, así como á normativa referida ás paisaxes e ao patrimonio cultural.
8. Incluír na Lei de ordenación do territorio o dereito á socialización do patrimonio.
9. Reformular as bases de regulación do solo eliminando a percepción sectorial que se vén impondo nos últimos anos tratando o territorio como elemento aglutinador e portador de valores culturais.
10. Avaliar a incidencia da implantación da declaración responsable como réxime de intervención administrativa principal na diminución da protección dos valores culturais, naturais e paisaxísticos.
11. Harmonizar as diferentes lexislacións sectoriais que inciden ou concorren coa de patrimonio cultural evitando solapar figuras e conceptos e empregar outros que designan coa mesma terminoloxía conceptos diferentes ou de distinto alcance xurídico, como é o caso de LRRR, lexislación paisaxe, LOT, DOT, LPC.
12. Fomentar o desenvolvemento de documentos de planificación e desenvolvemento local e comarcal baseados no patrimonio como recurso sostible.





ET 3

PARTICIPACIÓN SOCIAL NA LEXISLACIÓN PATRIMONIAL

Idea forza

A participación social no PC a través da súa incorporación, real e efectiva, na lexislación patrimonial e nos demais instrumentos con incidencia sobre o patrimonio cultural.

Descritor

Desenvolver marcos xurídicos, que permitan a actuación conxunta dos poderes públicos, dos expertos, dos propietarios, dos investidores, das empresas, das organizacións non gobernamentais e da sociedade civil é unha das responsabilidades públicas que no ámbito do patrimonio cultural establece o Convenio de Faro.

O impulso da participación necesita medidas lexislativas que a fagan posible en todos os procesos, dende os de identificación, interpretación, protección e conservación, ata a participación financeira ou a reflexión crítica sobre as políticas patrimoniais.

A participación non é tal senón é informada e para iso, ademais de aumentar a información, é preciso facilitar e incentivar o acceso en todos os niveis e incrementar o coñecemento do patrimonio cultural e dos procesos que lle afectan.

A participación non é tal senón é informada e para iso, ademais de aumentar a información, é preciso facilitar e incentivar o acceso

Diagnóstico/Problemática/Contexto

A LPC sinala o estímulo da participación activa de toda a sociedade como un dos principios inspiradores na súa exposición de motivos. Alén disto, a dita participación reflíctese como criterio das competencias da Comunidade autónoma. Porén, no articulado da LPC non se chegan a desenvolver, nin a aplicar, os mecanismos ou procedementos que posibiliten esa participación, ata o punto de que o artigo 5.3 da LPC suprimiu o recoñecemento da acción pública para a interposición de recursos contenciosos ou penais en defensa do patrimonio cultural.

A demanda da sociedade de participar activamente na identificación, na protección, na interpretación e na promoción do patrimonio cultural, en definitiva, na xestión do patrimonio, mais tamén nas decisións en relación coa súa utilización como recurso ou respecto doutras actuacións sectoriais que afectan a súa salvagarda, necesita un marco axeitado que non só o permita, senón que tamén o facilite.

Ese marco non só debe incluír as comunidades directamente concernidas polo patrimonio, senón tamén as asociacións, os colectivos organizados e a sociedade en xeral, sen esquecermonos de o patrimonio non é só desta xeración, tamén das xeracións futuras. Polo tanto, a actual xeración é no seu conxunto responsable do seu legado. Establecer ese marco de participación require medidas lexislativas no ámbito patrimonial e tamén dende outros sectores públicos que faciliten o exercicio desa participación. Non se debe deixar a un lado ningún colectivo na conciliación entre valores en conflito, un aspecto fundamental que se debe atender nas políticas patrimoniais; tampouco se debe obviar a lexislación que regula as relacións entre as administracións e a cidadanía.

No ámbito das avaliacións de incidencia ambiental, do planeamento urbanístico, da ordenación do territorio e na tramitación de proxectos sectoriais con incidencia sobre o patrimonio cultural é necesario complementar os procedementos de información pública con mecanismos de participación activa. Para isto, cómpre realizar unha avaliación das prácticas actuais e dos mecanismos existentes identificando os obstáculos á participación e as medidas que a desincentivan.

Obxectivos


1. Regular na lexislación patrimonial as prácticas e mecanismos necesarios para desenvolver a participación cidadá na gobernanza do patrimonio cultural dende a identificación á xestión.
2. Establecer procedementos e mecanismos específicos de participación pública cando se lexisen ou regulen materias sectoriais con incidencia sobre o patrimonio e a paisaxe cultural.

Necesidades

1. Realizar o desenvolvemento regulamentario da LPC para xerar ferramentas e para a súa utilización dunha forma obxectiva, regrada e ordenada.
2. Desenvolver normas e procedementos que articulen a participación das comunidades locais nos procesos de patrimonialización e nas políticas de xestión dese patrimonio.
3. Revisar as leis e procedementos existentes para posibilitar e desenvolver a colaboración entre os distintos niveis da administración, as comunidades locais e todas as partes interesadas.
4. Experimentar novas fórmulas en dereito administrativo propiciando novos marcos de regulamento, modelos de colaboración administrativa ou innovacións en pregos, concursos ou modelos de convenios.
5. Revisar a normativa legal corrixindo os desincentivos á participación dende o ámbito administrativo e sectorial.

Recomendacións

1. Crear unha rede de centros comarcais de asesoramento (CCA) que lle acheguen á sociedade a opinión experta e a normativa, en materia de patrimonio cultural. Fomentar a participación pública nos procedementos lexislativos e de deseño e aprobación das actuacións que teñan incidencia sobre o territorio e que poidan afectar o patrimonio cultural.
2. Diseñar programas e proxectos de identificación do patrimonio participativos a diversas escalas territoriais –acompañados de expertos–, e vinculalos a figuras como o Censo de patrimonio cultural de Galicia.
3. Incorporar na normativa sistemas de cogobernanza dirixidos á xestión e interpretación, mantemento e conservación do patrimonio cultural, como os acordos de custodia e outros modelos semellantes.
4. Recoñecer o papel do cidadán. Por exemplo, na defensa dos espolios aparece definido o seu papel no artigo 3.1 da Lei 5/2016 como o dun simple denunciante, pero a lei non lle outorga a condición de interesado no procedemento sancionador, nin sequera se lle recoñece o dereito a ser notificado, no seu caso, da incoación dun expediente sancionador, posibilidade aberta polo artigo 64 da Lei 39/2015.
5. Fomentar políticas de transparencia. Os expedientes sancionadores seguen a ser opacos dende o punto de vista da política de transparencia e isto desincentiva a corresponsabilización cidadá na tutela do patrimonio cultural.
6. Estudar medidas de compensación polo exercicio da acción pública en defensa do patrimonio, en particular as relativas ás custas procesuais derivadas do criterio do vencemento obxectivo (artigo 139 LXCA).
7. Reconsiderar a composición e funcionamento dos Consellos Territoriais de patrimonio cultural de Galicia, o Consello Asesor dos Camiños de Santiago e a Comisión Técnica de Arqueoloxía. Fronte aos decretos precedentes de 2007, o Decreto 93/2017 optou por converter estes Consellos en órganos internos da propia Consellaría, prescindindo dos pareceres das universidades ou da Real Academia de Belas Artes.



EIXE TEMÁTICO 4

O PATRIMONIO CULTURAL: DE CUSTO A RECURSO

Ámbitos de actuación

1. O patrimonio cultural no desenvolvemento sostible.
2. O patrimonio cultural como (principal) recurso turístico.

Descritor

O patrimonio, entendido en sentido amplo, contempla o patrimonio natural, paisaxístico e cultural, tanto tanxible como intanxible, destacando a necesaria interacción entre natureza e sociedade. O patrimonio debe contribuír ao desenvolvemento económico e social das comunidades e á xeración de riqueza e emprego nos lugares onde se localiza. Porén, non debe considerarse tan só como un instrumento económico per se –a súa conversión nun produto máis do mercado suporía posiblemente a súa destrución–, senón que debe ser tamén entendido como un medio para a consecución do desenvolvemento humano das comunidades.

Por tanto, partindo da base de que o desenvolvemento sostible debe facerse coa incorporación das culturas locais na planificación e xestión do territorio, a sostibilidade require avaliar e valorizar as distintas manifestacións culturais e patrimoniais existentes tendo en consideración tamén as súas dimensións ecolóxicas, sociais e económicas. Deste xeito, o valor do patrimonio é unha combinación dos seus valores de uso e de non uso, así como do seu valor presente e futuro.

Con frecuencia, o valor de uso estímase parcialmente con base na valorización das actividades recreativas e na xeración de actividade económica, principalmente no sector turístico. No entanto, non se pode dicir o mesmo do valor de non uso, prestándolle menos atención ao seu valor de existencia e valor de opción, así como aos valores socioculturais que lle permiten á sociedade identificarse como colectivo e ao propio valor de legado ás xeracións futuras. Faise preciso, por tanto, realizar unha avaliación completa

de todos os elementos que compoñen o patrimonio, recoñecendo tamén os servizos culturais non materiais que as persoas obteñen a través do enriquecemento espiritual, do desenvolvemento cognitivo, da reflexión, da recreación e das experiencias estéticas.

A explotación sostible do patrimonio require ter en consideración todos eses valores a fin de que sexa preservado para as xeracións futuras, así como para que sexa considerado como aspecto fundamental no desenvolvemento integral do territorio.

Por outra banda, é habitual esquecer as relacións entre patrimonio natural e cultural dentro dun espazo social, en parte debido á falta de coordinación entre os responsables da xestión do patrimonio e doutras áreas encargadas da xestión e ordenación do territorio, tanto da Xunta de Galicia como a nivel comarcal ou local. Neste senso, a planificación patrimonial é unha das principais funcións das administracións para a consecución do desenvolvemento sostible, que debe inevitablemente ter en consideración a dimensión espacial, enmarcándose na realidade concreta dun territorio. Así, a posta en valor da totalidade do patrimonio debe ter unha visión máis ampla, prestando especial atención ao patrimonio existente no medio rural galego, mediante a coordinación de todas as administracións implicadas e as políticas relacionadas co medio ambiente, urbanismo, infraestruturas, cultura, turismo, ordenación do territorio, medio rural, etc.

O patrimonio é, polo tanto, un recurso fundamental para o desenvolvemento territorial, xa que unha boa xestión pode facilitar tamén un desenvolvemento económico multifuncional coa promoción de diversos sectores.

Nesta consideración do patrimonio como recurso non hai que deixar de lado o uso de materiais, técnicas e habilidades baseadas na tradición que ten un potencial económico que a miúdo se descoñece. Tampouco cómpre esquecer que en economía o produto diferenciado é clave: a paisaxe e o ambiente construído son compoñentes que poden marcar a diferenza.


De que sexamos capaces de entender o patrimonio como un recurso vai depender a súa conservación. Cando se pensa en procesos de desenvolvemento económico e nos recursos de que dispón un territorio para conseguilo, moi poucas veces se integra no discurso o patrimonio cultural. Resulta paradoxal ver como se poden destinar fondos públicos para a creación de novas vagas de aloxamento ou para facer promoción turística e, ao mesmo tempo, non se ac-



Xornadas do Foro Patrimonio e Sociedade, Mesa 2. Jose Castillo, Teresa Nieto e Cristina Sánchez-Carretero

túa sobre o patrimonio cultural en risco existente na zona. É máis, ás veces mesmo se destinan recursos públicos a actuacións que impactan directamente no seu estado de conservación ou na súa perda. Por exemplo, como pode ser que invistamos recursos públicos en consolidar o enoturismo na mesma comarca na que non se fai nada por tratar de conservar a paisaxe tradicional vinculada á produción vitícola? Ou como pode ser que mesmo se financien actuacións produtivas que impactan sobre o patrimonio histórico desa comarca?





ET 4

O PATRIMONIO CULTURAL NO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Idea forza

Avaliar a contribución do patrimonio ao desenvolvemento sostible –considerando tamén a súa contribución ao desenvolvemento social e ambiental do que se aproveita toda a sociedade galega– e procurar o beneficio das comunidades que o manteñen.

Descritor

O patrimonio cultural é, no seu sentido máis amplo, á vez un produto e un proceso que lles subministra ás sociedades un caudal de recursos que se herdán do pasado, que se crean no presente e que se transmiten ás xeracións futuras para o seu beneficio (Indicadores Unesco de Cultura para o Desenvolvemento. Patrimonio 2014). Esta definición conecta coa de desenvolvemento sostible: aquel que satisfai as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das futuras xeracións para satisfacer as súas propias necesidades. O concepto de patrimonio cultural leva claramente implícita a noción de sostibilidade.

Os recursos patrimoniais son bens fráxiles e non recuperables. Requiren que as políticas de desenvolvemento preserven os seus valores, así como a súa diversidade e singularidade.

O patrimonio cultural ten un gran potencial de desenvolvemento nos aspectos culturais –o acceso á cultura e o seu gozo– e nos aspectos sociais relacionados coa identidade, a cohesión social e territorial. Tamén adquire grande importancia en termos económicos, principalmente en virtude da súa explotación como recurso turístico.

É necesario que a xestión do patrimonio como recurso para o desenvolvemento faga fincapé na sostibilidade e, ao tempo, esixa atopar o equilibrio entre a súa explotación e a súa preservación para as xeracións futuras.

Os recursos patrimoniais son bens fráxiles e non recuperables. Requiren que as políticas de desenvolvemento preserven os seus valores

Diagnóstico/Problemática/Contexto

A conservación do patrimonio é unha estratexia na que conflúen simultaneamente a responsabilidade ambiental, cultural e económica dunha sociedade. Así o recolleu a estratexia Europa 2020 ao destacar o papel que xoga o patrimonio cultural na consecución dos obxectivos para facer posible un crecemento intelixente e sostible dende un punto de vista social, económico e ambiental.

O Convenio de Faro, ratificado polo estado español en 2018, comprométese a utilizar os aspectos patrimoniais da contorna cultural para enriquecer os procesos de desenvolvemento económico, político, social, cultural e de ordenación do territorio, recorrendo neses procesos a estudos de impacto sobre o patrimonio cultural e a estratexias para mitigar os posibles danos.

A contribución do patrimonio cultural ao desenvolvemento social e económico prodúcese a través das actividades que xera e das políticas que o apoian. Ao tempo, constitúese tamén como recurso para o desenvolvemento territorial e de sectores como o turismo ou a educación.

Esta contribución debe avaliarse en termos económicos e de emprego, considerando non só o turismo cultural, senón tamén todas as actividades relacionadas coa súa conservación, rehabilitación e difusión. Así mesmo, faise imprescindible ter en conta a súa achega ao desenvolvemento social e ambiental.


A contribución do patrimonio cultural ao desenvolvemento sostible debe poder conciliarse co desenvolvemento das persoas e a súa calidade de vida, obxectivo que demanda un uso prudente daquel. Así, tal e como sinala o Convenio de Faro, é preciso ter en consideración a natureza e os intereses específicos do patrimonio cultural á hora de deseñar as políticas económicas e garantir que esas políticas respecten a integridade do patrimonio cultural sen poñer en perigo os seus valores intrínsecos.

A aposta por converter o patrimonio cultural nun recurso útil é especialmente relevante para aquel patrimonio cultural que non conta coa protección legal dos sitios máis relevantes. Porén, os resultados poden ser imprevisibles, polo que cómpre deseñar estratexias adecuadas centradas nas persoas e en aspectos como a paisaxe, o lugar, a identidade e a calidade de vida.

Existe, polo tanto, o risco de considerar o patrimonio como un recurso cuxa protección quede definida con base en criterios económicos. Tal é o caso dos procesos de rehabilitación, rexeneración e renovación –regulados na Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia– que actúan sobre o patrimonio edificatorio, tanto no ámbito rural coma nas vilas e nas cidades galegas. Neste articulado, as condicións de protección da LPC son revisadas atendendo ás necesidades das intervencións que se pretenden facilitar.

Obxectivos

1. Converter a protección do patrimonio cultural nunha función proactiva que teña por obxectivo principal a identificación, o recoñecemento e a difusión dos seus valores e que procure a súa posta a disposición da sociedade co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas.
2. Incorporar o patrimonio como recurso para o desenvolvemento sen facer da lóxica económica a base da súa protección e conservación.




Necesidades

1. Considerar o valor do patrimonio cultural como un repositorio de coñecemento que integre e adecúe as actividades humanas do xeito máis sostible posible.
2. Incorporar o patrimonio cultural nos procesos de desenvolvemento económico e nos recursos de que dispón un territorio para conseguilo.
3. Procurar o beneficio das comunidades non só financeiramente –polo efecto da promoción dos valores culturais nas actividades económicas da zona–, senón tamén intelectualmente, xa que a percepción do seu valor proporciona argumentos para xustificar a súa protección e a mellora da súa xestión.
4. Realizar unha valoración completa de todos os elementos que compoñen o patrimonio recoñecendo tamén que os servizos culturais correspóndense con servizos non materiais que as persoas obteñen a través do enriquecemento espiritual, o desenvolvemento cognitivo, a reflexión, a recreación e as experiencias estéticas.
5. Prestar especial atención aos elementos que se afastan dos amplamente recoñecidos polas administracións e pola sociedade en xeral.

Recomendacións/Directrices/ Elementos para levalas a cabo (as recomendacións 1, 2, 6 e 7 son tomadas do Convenio de Faro para o uso sostible do patrimonio)

1. Definir e promover os principios de xestión sostible e favorecer a conservación.
2. Promover o respecto á integridade do patrimonio cultural, asegurando que as decisións que impliquen cambios se baseen na comprensión dos valores culturais que lle son inherentes.
3. Buscar no deseño e aplicación das políticas públicas patrimoniais o equilibrio entre os intereses en conflito.
4. Crear, no caso específico do patrimonio máis emblemático, algún organismo que procure financiamento dos sectores privados e dos particulares.
5. Modificar o tratamento que recibe o colectivo dos propietarios e posuidores, de xeito que as axudas e as accións destinadas á promoción e fomento, cando menos, iguallen, compensen e equilibren as accións limitativas e as obrigas e cargas que teñen.
6. Garantir que as normativas xerais de carácter técnico teñan en conta as necesidades específicas para a preservación do patrimonio cultural.
7. Promover o uso de materiais, técnicas e habilidades baseadas na tradición e explorar o seu potencial para a súa aplicación contemporánea.
8. Considerar todos os valores do investimento en conservación e restauración do patrimonio cultural: man de obra especializada e máis formada, demanda de produtos e materiais de proximidade, consumo baixo de enerxía e uso de materiais reciclables e reutilizables non contaminantes.
9. Promover un traballo de alta calidade mediante sistemas de cualificación e acreditación profesional para particulares, empresas e institucións.
10. Valorar a materia física dos bens culturais e evitar o espolio de inmobles que se desmontan e derruban para a reutilización dos fragmentos ou dos materiais.
11. Corrixir e evitar a estratexia –incorrecta, perigosa para a salvagarda e nada desexable– que perseigue e fomenta a depreciación a partir do abandono e a falta de coidado ou da xustificación c ontra-patrimonial para obter réditos e plusvalías a partir da destrución ou substitución dos bens patrimoniais.





ET 4

O PATRIMONIO CULTURAL COMO (PRINCIPAL) RECURSO TURÍSTICO

Idea forza

Promover un turismo sostible que xere emprego e renda no territorio onde se realiza, á vez que impulse o desenvolvemento local e protexa os recursos nos que se sustenta.

Descritor

A consideración do patrimonio como un recurso con valor económico esquece frecuentemente os valores sociais e medioambientais, malia que estes teñen tamén dimensións económicas.

Nesa consideración económica ten particular relevancia a relación do patrimonio cultural co turismo, que se ten convertido nun sector económico de grande importancia (máis do 10 % do PIB e o 11 % do emprego en Galicia). O atractivo turístico dun territorio débese en gran medida ao seu patrimonio, natural e cultural, á súa paisaxe, ás súas cidades históricas, aos seus monumentos e ás súas paisaxes culturais. Manter ese atractivo require que o patrimonio se conserve e valore, para o que cómpre destinar recursos económicos e manter unha estreita colaboración coas comunidades que o crearon.

A avaliación económica do patrimonio como recurso turístico non se realiza en termos de custo-beneficio, senón atendendo ao seu impacto económico, sen ter en conta os efectos que provoca no territorio como fonte de actividade e como fonte de atracción. Esa avaliación do impacto, porén, débese poñer en relación cos efectos –algúns deles non directamente económicos– que a actividade turística provoca sobre o patrimonio, como o deterioro material e dos valores inmateriais dos bens e espazos culturais, así como da vida social.

A consideración do patrimonio como un recurso con valor económico esquece frecuentemente os valores sociais e medioambientais

Diagnóstico/Problemática/Contexto

Dentro dos eixes do Plan Estratéxico de Galicia contémpase a potenciación do turismo a partir dun medio ambiente e unha cultura privilexiados. Nesta liña, este sector é considerado un factor de reequilibrio territorial e de cohesión social, ademais dun instrumento vertebrador do territorio. Como recursos turísticos, cóntase con aqueles sobre os que se asenta a imaxe de Galicia: a natureza, o medio ambiente e a paisaxe. Pero tamén se conta co patrimonio lingüístico e cultural, especialmente os camiños de Santiago, a etnogastronomía, as tradicións e os costumes. En definitiva, cóntase cunha cultura propia (LTG), empregando o patrimonio como unha ferramenta de desenvolvemento socioeconómico clave (ECG). Despréndese destes documentos estratéxicos e lexislativos

a imaxe dun patrimonio que existe per se, conxelado no tempo, que se mantén estático e que cómpre respectar e protexer.

Neste senso, a valoración do patrimonio cultural está especialmente focalizada na súa consideración como monumento (conxuntos histórico-artísticos e arquitectónicos, patrimonios da humanidade, etc.). Unha situación similar detéctase na consideración do patrimonio natural e paisaxístico, principalmente centrado nas zonas con especial protección (parques nacionais, espazos naturais e paisaxes protexidas, Rede Natura 2000 ou reservas da biosfera). Moitas destas figuras de protección teñen evidenciado a súa limitada operatividade como instrumentos de desenvolvemento sostible ao non seren quen de integrar a dimensión socioeconómica con outras estratexias de desenvolvemento.

Patrimonio natural, cultural e paisaxístico son recursos non renovables e a súa conservación está en mans duns axentes diferentes dos que o explotan como recurso turístico –tamén daqueles que habitan e traballan o territorio– e encóntrase limitada por outras actividades que tamén utilizan o territorio como recurso.


A avaliación da actividade turística polos xestores públicos é fundamentalmente cuantitativa (número de visitantes, índices de ocupación, crecemento PIB, etc.). Dende os xestores privados é tamén cualitativa no que se refire ás infraestruturas e aos servizos. Habitualmente non se avalía a calidade dos recursos ofertados, polo que, se engadimos a moi escasa cultura de avaliación das políticas públicas patrimoniais, resulta nun descoñecemento da realidade do patrimonio cultural e dos efectos que sobre a súa protección e conservación ten a súa explotación turística.

A preservación da identidade cultural do territorio require seguir construíndo paisaxe como expresión da memoria, salvagardando a herdanza, garantindo a continuidade das actividades que soporta e que o conformaron como paisaxe cultural, incompatible cun monocultivo turístico. Cómpre preguntarse se interesa estar na liña do uso banal do territorio, moi probablemente perecedeiro, ou se interesa ofertar un produto rigoroso e atractivo que se manteña no longo prazo.

Neste senso, o turismo debe, ademais de xerar emprego e renda no territorio onde se realiza, promover o desenvolvemento local e protexer os recursos que conforman a súa base. Este concepto de turismo sostible propónse como resposta ás externalidades negativas de tipo medioambiental, económico e social que xera a actividade cando non son implantadas medidas compensadoras para controlar os seus efectos.

Obxectivos

1. Apartarse dun modelo de monocultivo turístico incompatible coa identidade cultural do territorio e que conduce á desaparición do recurso turístico ou á súa deturpación, creando realidades artificiais para mantelo.
2. Seguir construíndo paisaxe como expresión da memoria, salvagardando a herdanza e a continuidade das actividades que soporta e que a conformaron como paisaxe.



Necesidades

1. Identificar e inventariar o patrimonio prestando especial atención aos elementos que se afastan daqueles amplamente recoñecidos e valorados polas administracións e pola sociedade en xeral.
2. Fundamentar o desenvolvemento turístico sobre criterios de sostibilidade, de maneira que sexa sostible ecoloxicamente, viable economicamente e equitativo –dende un punto de vista ético e social– para as comunidades locais.
3. Diseñar unha política turística ben definida, que corrixa o crecemento desordenado da actividade do sector e que sexa compatible coa conservación dos ecosistemas ambientais e culturais en que se basea.
4. Evitar a canalización de fondos que se deberían destinar á salvagarda do patrimonio cultural cara a actividades alleas ás necesidades dos bens patrimoniais que en realidade estean sendo explotados como recurso, ou utilizados como coartada –como sucede co turismo, co desenvolvemento hostaleiro e coas infraestruturas.

Recomendacións/Directrices/ Elementos para levalas a cabo

1. Combinar as estratexias de dinamización turística da Xunta de Galicia coas estratexias locais de protección do patrimonio cultural e natural e coas de elaboración de produtos locais de calidade ou artesanais.
2. Desenvolver modelos de xestión patrimonial e turística que fagan posible que o patrimonio e o territorio patrimonializado se beneficien da actividade económica que xera a súa explotación como recurso turístico, contribuíndo á súa conservación.
3. Manter os valores culturais e o valor económico que explota a actividade turística garantindo a compatibilidade das actividades económicas desenvolvidas no territorio, tanto entre si como co patrimonio cultural.
4. Integrar as novas actividades como o turismo nos espazos e contedores protexidos de xeito respectuoso cos seus valores.



Integrar as novas actividades como o turismo nos espazos e contedores protexidos de xeito respectuoso cos seus valores

5. Establecer mecanismos que permitan manter un comprometido equilibrio entre a capacidade de carga dos sitios e a oferta turística.
6. Fomentar o desenvolvemento da actividade turística a nivel local –e non promovida por axentes externos–, de maneira que os beneficios revertan no ámbito territorial dos bens patrimoniais dos que se beneficia.
7. Desenvolver actividades que enriquezan a experiencia dos visitantes, achegándolles o patrimonio dun xeito contextualizado e incrementando o valor cultural da oferta, así como o seu valor económico.
8. Establecer mecanismos de compensación –como o pago polos servizos ambientais ou por custodia do territorio– ás comunidades rurais naqueles casos en que sufran restricións pola presenza do patrimonio cultural ou natural na contorna que habitan.
9. Establecer como criterio xeral o pagamento polas visitas a lugares de especial interese –coas necesarias exencións e bonificacións–, destinando eses recursos ao financiamento dos traballos de conservación e á difusión do patrimonio cultural.
10. Incorporar nas actuacións de valorización do patrimonio con finalidade turística o estudo, a documentación e as actuacións de conservación necesarias para preservar o ben, sen esquecer o seu mantemento posterior e o dos elementos e infraestruturas de interpretación. Realizar plans de dinamización turística sostible, adecuada ao territorio, que garantan un equilibrio nas economías locais, xerando así unha resposta apropiada e adecuada ás necesidades dos habitantes.

EIXE TEMÁTICO 5

ALTERNATIVAS DE XESTIÓN PATRIMONIAL

Ámbitos de actuación

1. Elementos para un novo modelo de xestión: ferramentas, métodos, enfoques e recursos materiais e humanos
2. Superar a xestión institucional do patrimonio cultural
3. O patrimonio cultural como eixe das políticas de desenvolvemento rural

Descritor

A xestión do patrimonio forma parte dunha maquinaria ou réxime, cunha estrutura dividida en categorías, que non é compatible cun enfoque holístico que atenda ás dimensións materiais, inmateriais e territoriais.

O recoñecemento e identificación do patrimonio no territorio realízase á par de actuacións sectoriais urbanísticas, de infraestruturas e de explotación de recursos, a través de procesos de prospección alleos ao lugar e á súa vivencia e con criterios de inventario non sempre rigorosos. Realízanse en tempos de conflito, moitas veces como consecuencia final dun proceso en que as decisións xa están adoptadas e calquera interferencia patrimonial se converte nun obstáculo insalvable. Os ámbitos territoriais sobre os que se desenvolven non se establecen dende o territorio, senón dende a actuación que se pretende executar, sen recoñecer e delimitar os lugares nos que identificar nin o que os singulariza, nin o que os relaciona.

A catalogación xeralmente está vencellada aos planeamentos urbanísticos –con escasos recursos, persoal sen formación adecuada, sen coñecemento do territorio– e cae, moitas veces por descoñecemento, na arbitrariedade. Isto provoca desafección, ao non seren recoñecibles os seus criterios e referencias.

O esforzo de identificación concéntrase en categorías como o patrimonio arqueolóxico ou o arquitectónico

e deixa atrás outros valores e categorías como o patrimonio agrario, o industrial, os camiños históricos ou o patrimonio inmaterial, o grande esquecido.

A LPC recoñece varias categorías de carácter territorial, entre elas as paisaxes culturais. No caso, recorre a un instrumento específico de ordenación territorial ou urbanística para a súa protección e para a salvagarda dos seus valores culturais. A xestión cultural destes espazos deixa de lado os compoñentes sociais, económicos e naturais, así como o seu carácter dinámico, as transformacións e as súas orientacións, limitándose a protexer certos bens culturais, orientados claramente ao patrimonio material. Poderíamos dicir que, dende a xestión patrimonial galega, a paisaxe cultural é un conxunto de fragmentos e que non supón diferenza na forma de mirar, comprender, recoñecer os valores, preservalos e xestionalos respecto da protección clásica dos bens singulares. Corremos o risco, como sinala Castillo Ruíz, de que se convertan nunha entelequia patrimonial que funcione como coartada administrativo-política para neutralizar as reclamacións sociais e dar cobertura aos procesos de modificación e alteración.

As lexislacións de ordenación territorial, urbanística e patrimonial estableceron unha serie de instrumentos e remisións ao seu desenvolvemento normativo. Estes resultan imprescindibles para a protección dos valores culturais do territorio que, malia que transcorreron os prazos legais para a súa aprobación, aínda están pendentes de aplicación.

O mesmo ocorre co patrimonio inmaterial. Aínda non se iniciaron os estudos que a LPC considerou necesarios para o seu rexistro e difusión, nin se desenvolveron metodoloxías para a súa investigación, nin se elaboraron as medidas de orde xurídica, educativa, técnica, administrativa e financeira que regulamentariamente se debían establecer.

Ao mesmo tempo, as políticas de fomento son febles, fragmentarias, dependentes dunha capacidade de gasto público endemicamente baixa e moi condicionadas por complexos procedementos de concesión e xustificación. Por outra parte, o mecenado, que non cadra coa cultura empresarial predominante no país, é manifestamente insuficiente.

As estruturas administrativas de tutela do patrimonio cultural aparecen tamén extenuadas e anquilosadas, sen músculo suficiente para enfrontaren as enormes tarefas que implica un patrimonio cultural tan grande e diverso como o galego. Bótase en falta

un incremento do número e da variedade de profesionais que se dedican á xestión do patrimonio, toda vez que a ampliación conceptual do ben cultural demanda outra ampliación paralela nas técnicas de análise, interpretación, descrición, conservación e difusión de que son obxecto. Á escaseza de técnicos en patrimonio nos cadros de persoal da maioría das administracións públicas, súmase a necesidade de estender a súa formación en todas aquelas disciplinas científicas e técnicas relacionadas.

Todo isto explica, en certa medida, que se produzan, por reacción, aversións cara ao intervencionismo patrimonial, tanto dos propietarios individuais e dos sectores empresariais, coma dos funcionarios asfixiados polo ingrato traballo, que optan por ser máis selectivos na protección e diluír a responsabilidade con outros actores públicos e privados.

As políticas de desenvolvemento rural destinan importantes fondos á dinamización turística que utiliza o patrimonio cultural como un recurso importante. A repercusión social, así como o impacto sobre os valores culturais e naturais desas políticas, é limitada. Ademais, o patrimonio cultural, que podería actuar como catalizador das políticas sectoriais no territorio, ten xeralmente un papel secundario. Sobre o patrimonio recaen os prexuízos da turistificación e raramente é beneficiario de estratexias e actuacións de conservación, limitándose estas á interpretación e sinalización ao servizo do turismo. Por outra banda, é frecuente que estes procedementos adoezan da falta do rigor e coherencia científica que requirirían esas actuacións.





ET 5

ELEMENTOS PARA UN NOVO MODELO DE XESTIÓN: FERRAMENTAS, MÉTODOS, ENFOQUES E RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS

Idea forza

Unha xestión integrada e sostible do patrimonio cultural necesita orzamentos adecuados para os novos métodos, enfoques e recursos que precisa.

Descritor

A xestión do patrimonio cultural non se limita á súa administración, require unha perspectiva de estratexia e, en consecuencia, o deseño dun modelo axeitado aos obxectivos propostos. Así, o modelo de xestión convértese nun factor determinante na aplicación e execución das políticas patrimoniais. Na súa definición inciden as normas xurídicas –e tamén outras políticas sectoriais– con relación ou impacto sobre o patrimonio, como as políticas económicas ou as educativas. Cando coexisten diferentes modelos de xestión, a súa coordinación –e a dos obxectivos que perseguen– é imprescindible, polo que resulta necesario avaliar de que maneira poden interactuar e prever os conflitos.

Cando a UNESCO define a dimensión do patrimonio cultural dentro dos seus indicadores de cultura para o desenvolvemento, refírese ao grao de compromiso e de acción das autoridades públicas á hora de formular e aplicar un marco multidimensional para a protección, a salvagarda e a promoción da sostibilidade do patrimonio. Señala que merece a pena avaliar os seguintes elementos que deberían ser considerados á hora de valorar o esforzo realizado polas autoridades públicas e os resultados do modelo de xestión do patrimonio cultural:

- A prioridade global outorgada ao patrimonio.
- A exhaustividade das clasificacións e a inclusión de todo tipo de patrimonio (tanxible, inmaterial, natural, moble, subacuático...) en rexistros e inventarios nacionais e internacionais.
- A gama de políticas, medidas, programas de comunicación e educación e estratexias adoptadas e aplicadas para apoiar a sostibilidade do patrimonio.
- A importancia que se outorga ao fortalecemento das capacidades dos profesionais do patrimonio e axentes afíns do sector público.
- A participación activa das comunidades locais, incluídos grupos indíxenas asociados a lugares ou elementos patrimoniais.

A consideración do patrimonio como un recurso con valor económico esquece frecuentemente os valores sociais e medioambientais

Diagnóstico/Problemática/Contexto

O enfoque protector do patrimonio ten que convivir co enfoque integrado e co participativo. Alén disto, é necesario atender á perspectiva económica do patrimonio como recurso, hoxe necesaria para a súa salvagarda e coa que se debe compatibilizar.

Dende o recoñecemento do patrimonio cultural como un ben común –responsabilidade da sociedade no seu conxunto–, é necesario redefinir os roles que corresponden a cada un dos actores, incluíndo as administracións nos distintos niveis de goberno. Cómpre asumir as funcións de sensibilización, investigación e formación de maneira coordinada entre as instancias administrativas e sociais, o que pode demandar novos modelos de organización e novas ferramentas.

O Convenio de Faro recomenda o emprego de ferramentas que contribúan ao uso sostible do patrimonio e á xestión do cambio. No espírito deste acordo inclúese considerar o mantemento regular dos bens patrimoniais, a formulación de normas técnicas para a industria da construción, transporte, agroforestal, etc., adaptadas ao patrimonio, o estudo e actualización de materiais, técnicas e habilidades construtivas tradicionais, así como a cualificación e acreditación dos profesionais que traballan no sector.

Ao tempo, co financiamento público cada vez máis reducido, son necesarias novas ferramentas que permitan empregar os recursos cos que a sociedade pode contribuír á conservación do patrimonio. Hoxe, nun contexto económico incerto, cómpre reavaliar o papel dos patrocinios e do turismo cultural, que se viñan considerando novos modos de financiamento. Adquire especial importancia o papel das asociacións e organizacións sociais, non xa unicamente pola súa participación na identificación e xestión, senón tamén como colaboradores na conservación do patrimonio.

A integración das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ten unha importancia clave para o patrimonio, xa que permite a posta en común do coñecemento e da experiencia, ao tempo que facilita a cooperación entre os distintos actores. É necesario o desenvolvemento das profesións patrimoniais –ampliadas á difusión de coñecemento, á salvagarda, conservación e restauración do patrimonio– que garantan o intercambio, transmisión e interpretación do patrimonio, así como a integración das TIC nesas profesións.

A ampliación do patrimonio protexido incorporando bens intanxibles e a interacción co medio natural ou a paisaxe, ademais de categorías como o patrimonio industrial, fan necesario revisar as estratexias e as normativas de protección. Por outra parte, como consecuencia do despoboamento e do abandono, a xestión dese patrimonio ampliado é cada vez máis complexa e require máis recursos. Se non se actúa con dilixencia estará en causa a viabilidade da súa conservación.

As estratexias do patrimonio cultural non se poden definir dende as estratexias de turismo (Estratexia de turismo de Galicia 2020 ou Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021). Por outra banda, a súa dixitalización (Plan de acción para o impulso aos contidos dixitais de Galicia) non vai solucionar as enormes carencias da identificación do patrimonio cultural de Galicia. A definición de obxectivos xenéricos e limitados como os que contempla o documento da Estratexia da Cultura Galega 2021⁴ para valoración pública (afondar no proceso de inventariado e catalogación do patrimonio, apoiar a conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e promover a difusión e posta en valor do patrimonio cultural) está lonxe de responder aos desafíos para o patrimonio cultural no século XXI. Por todo isto, é moi necesario contar con novas ferramentas, métodos, enfoques e recursos materiais e humanos.


.....
4. Accesible en <https://www.cultura.gal/gl/estratexia-cultura-galega-2021>, pp. 106-110.

Obxectivos

1. Definir unha estratexia de xestión intersectorial do patrimonio cultural que permita desenvolver as accións prioritarias que demandan a nivel europeo unha xestión descendente e participada.
2. Establecer unha liña de actuación que aposte por unha xestión do patrimonio cultural e natural integrada e unificada coa da paisaxe e coordinada coa xestión territorial.
3. Xerar as ferramentas, métodos, enfoques e recursos materiais e humanos que permitan desenvolver a estratexia de xestión intersectorial do patrimonio cultural galego.
4. Desenvolver un modelo de financiamento, público e privado, que permita asumir as necesidades de identificación, conservación, valorización e difusión do patrimonio cultural.

Necesidades

1. Avaliar a situación actual da xestión do patrimonio cultural en Galicia e os recursos humanos, financeiros e intelectuais dispoñibles.
2. Ampliar os cadros de profesionais especializados nas distintas administracións e nas chamadas institucións da memoria, que seguen a ser limitados.
3. Mellorar a distribución das mencionadas entidades, pois esta reflicte unha concepción do patrimonio que prima a concentración, en prexuízo da presenza permanente no territorio.
4. Desenvolver as profesións patrimoniais ampliadas á difusión de coñecemento, á salvagarda, conservación e restauración do patrimonio. Cómpre, así mesmo, traballar na integración das TIC nesas profesións. Alén diso, sería preciso desenvolver máis algunhas profesións como a de interpretación do patrimonio, documentación, conservación e educación patrimonial, entre outras, ao tempo que sería desexable, por exemplo a oferta dun grao de antropoloxía en Galicia.
5. Cubrir as carencias de instrumentos de información en liña (censos, inventarios e catálogos, cartografías...) para que tanto os profesionais como a cidadanía poidan acceder con facilidade ao coñecemento existente sobre os bens culturais.
6. Impulsar novas políticas de fomento que corrixan a debilidade das actuais, fragmentarias, dependentes dunha capacidade de gasto público endemicamente baixa e moi condicionadas por complexos procedementos de concesión e xustificación.
7. Incrementar os fondos públicos e privados destinados á salvagarda do patrimonio cultural e evitar que se destinen ao financiamento doutras actividades que en realidade están a explotar o patrimonio como recurso ou que o utilizan como escusa para obter financiamento (turismo, desenvolvemento hostaleiro, mellora de infraestruturas...)



Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Desenvolver e aplicar novas metodoloxías de investigación, protección e salvagarda que atendan aos bens intangibles, á interacción co medio natural ou á paisaxe.
2. Revisar as estruturas administrativas de tutela do patrimonio cultural e deseñar novas estruturas con capacidade para aplicar as novas formas de xestión e as novas metodoloxías de maneira coordinada cos sectores académicos e as organizacións sociais.
3. Incorporar financiamento privado a través dun mecenado regulado e rendible para os participantes.
4. Ampliar os cadros de profesionais (número e disciplinas, profesións patrimoniais ampliadas) nas distintas administracións e nas institucións da memoria.
5. Orientar os recursos patrimoniais á xestión integral do territorio nun modelo máis e mellor distribuído.



Orientar os recursos patrimoniais á xestión integral do territorio nun modelo máis e mellor distribuído

6. Incorporar a cidadanía na identificación, rexistro e xestión do patrimonio e desenvolver ferramentas que o fagan posible.
7. Mellorar a formación práctica nos diferentes ámbitos de formación académica.
8. Mellorar a comunicación entre os sectores académico e profesional e fomentar a cooperación no desenvolvemento de novas ferramentas e metodoloxías.
9. Integrar profesionais nos cadros docentes e ampliar os períodos de prácticas curriculares a todos os cursos do itinerario docente.



ET 5

SUPERAR A XESTIÓN INSTITUCIONAL DO PATRIMONIO CULTURAL

Idea forza

Unha xestión inclusiva e participativa do patrimonio cultural ten que atopar un equilibrio entre a tutela institucional do patrimonio e a participación social e xerar vías de cooperación coas administracións e coas organizacións sociais.

Descritor

A identificación e protección do patrimonio cultural realizouse tradicionalmente dende as institucións públicas creadas ao efecto por especialistas en ámbitos moi concretos do patrimonio (arquitectura, arqueoloxía e historia, sobre todo). Trátase dun sistema eficaz para a preservación de bens culturais, pero que é necesario superar, xa que mantivo as comunidades locais e a sociedade á marxe, alleas aos criterios de atribución de valores e de protección patrimonial.

Por outra parte, mantense aínda hoxe un patrimonio fortemente institucionalizado, sometido á tutela administrativa, que define e aplica medidas para a súa protección dende a apreciación experta e os xestores públicos.

A xestión do patrimonio ten relación coas formas organizativas que se adoptan para levar a cabo as tarefas de protección e valorización do patrimonio nas que actualmente a sociedade reclama participar e colaborar. A demanda social e política de participación na conservación do patrimonio apártase da visión tradicional de deixar esa responsabilidade á administración e necesita a creación de novos modelos, mecanismos e ferramentas que a fagan posible.

O carácter dinámico do patrimonio, a súa creación e transformación continua, evidencia que é necesario que manteña o seu vínculo coa sociedade e que é preciso garantir a súa protección e conservación. Ao mesmo tempo, cómpre compatibilizar as funcións e actividades que se lle atribúan para manter a súa vitalidade no presente e as súas posibilidades de futuro.

Na actualidade o patrimonio cultural pasou de estar integrado por un conxunto relativamente reducido de bens elixidos pola singularidade e excepcionalidade dos seus valores, que se sometían a unha protección pública e á tutela administrativa, a incor-

A xestión do patrimonio ten relación coas formas organizativas que se adoptan para levar a cabo as tarefas de protección e valorización

porar un novo concepto de patrimonio, máis inclusivo e contextual, que integra lugares ou espazos, paisaxe, prácticas, coñecementos e patrimonio inmaterial.

Hai unha maior proximidade social a eses novos patrimonios que forman parte do contexto –e das dinámicas sociais e económicas das comunidades–, que fai insuficiente o enfoque tradicional de conservación e restauración e que demanda a xestión do cambio dun patrimonio que polas súas características é necesariamente obxecto de transformacións.

Diagnóstico/Problemática/Contexto

A necesidade dun novo enfoque participativo atópase sen modelos alternativos de xestión, sen soporte xurídico para desenvolverlos nin para incorporar outros actores distintos dos institucionais e profesionais e cunha forte desconfianza das estruturas administrativas a cargo do patrimonio cultural diante da posibilidade de perder o control centralizado das decisións políticas patrimoniais. As administracións monopolizadoras desas políticas tenden a desenvolver actuacións baseadas en ríxidas normas e procedementos para identificar –e definir– os bens culturais, actuacións e procedementos que adoitan cousificar e desvincular o patrimonio da comunidade que o creou e que lle deu vida.


O Convenio de Faro identifica un amplo abano de necesarias colaboracións na xestión do patrimonio cultural (expertos, propietarios, investidores, empresas, organizacións non gobernamentais, sector asociativo e a sociedade civil) dende un enfoque integrado que implique a todos os sectores e niveis dos poderes públicos. Esta nova xestión necesita marcos xurídicos, económicos e profesionais e novos mecanismos de cooperación e participación que deben implicar os distintos niveis de goberno, as comunidades locais que están en relación directa co seu patrimonio –coa súa xestión diaria–, a cidadanía, os profesionais e outros servizos públicos afectados.

Dende a LPC cuestionouse a tradicional centralización da xestión pública do patrimonio, que non contribúe ao sentimento de proximidade e identificación da cidadanía co patrimonio cultural. Esta situación pretendeuse corrixir cunha delegación das competencias da Xunta de Galicia nos concellos mantendo o mesmo modelo de xestión, agora descentralizado. Este modelo está centrado na xestión dos instrumentos de protección (censo, catálogo e rexistro de bens de interese cultural) e na aplicación do réxime de protección dos bens, sen desenvolver outras funcións ou competencias ligadas á salvagarda, difusión, formación e educación.

Os compoñentes social, de desenvolvemento territorial e económico e de coñecemento e educación –definidos como prioritarias nas estratexias europeas de patrimonio cultural– apenas están presentes no modelo de xestión do patrimonio cultural en Galicia e a participación cidadá na gobernanza do patrimonio cultural non ten cabida no actual modelo de xestión, salvo polos requisitos de información pública.

Obxectivos

1. Asumir, dende as instancias políticas e administrativas, a responsabilidade compartida coa sociedade en xeral –e coas comunidades locais en particular– no recoñecemento do patrimonio na súa diversidade de expresións, materiais e inmateriais, como parte da súa contorna diaria.
2. Fomentar a implicación individual ou colectiva dos cidadáns, dende os procesos de identificación, interpretación, estudo e promoción ata o deseño, xestión e financiamento dos proxectos de conservación e mellora do patrimonio.



Necesidades

1. Promover unha reflexión social e política, compartida por todos os actores, sobre o actual modelo de xestión do patrimonio cultural e a súa eficacia.
2. Incorporar nas políticas do patrimonio unha estratexia baseada nos coidados, fronte ao actual enfoque punitivo e a corresponsabilidade de todos os actores involucrados ou interesados na salvagarda e mantemento do patrimonio.
3. Buscar un equilibrio entre as dinámicas interventoras dos organismos públicos no patrimonio e a reivindicación cidadá dun maior protagonismo no deseño e aplicación das políticas patrimoniais.
4. Xerar confianza e crear vías de cooperación interadministrativa e tamén cos órganos asesores e coas organizacións sociais, superando a desconfianza que produce a perda do control centralizado das decisións políticas patrimoniais.
5. Corrixir a translación do eixe de rotación das políticas de patrimonio cultural cara a outras áreas en cuxos procedementos a tutela do patrimonio cultural aparece, cando menos, minorada, sendo aplicada á marxe das comunidades.
6. Proporcionar os medios para que a cidadanía poida exercer o seu dereito ao patrimonio e participar na súa xestión, fomentando o diálogo entre a administración, os profesionais e a poboación.

Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Incorporar nos procesos de gobernanza da xestión do patrimonio cultural a participación e a consulta á cidadanía que debe ser previa, permanente e continua.
2. Facilitar a xestión patrimonial por parte das comunidades locais e potenciar o papel dos concellos como formadores de patrimonio, dotándoos de medios, recursos e formación.
3. Empregar as novas ideas sobre a xestión sostible de bens comúns para desenvolver novos acordos e estratexias colectivas de éxito no local para diferentes categorías de patrimonio, sexa coincidindo coa xestión do patrimonio profesional e institucional ou incluso como unha alternativa para esta en certos ámbitos.
4. Profesionalizar as entidades asociativas activas en materia de xestión, valoración e divulgación patrimonial como entidades xestoras do patrimonio.
5. Facilitar apoio e asesoramento obxectivo, independente e experto por parte das administracións públicas aos axentes sociais, ás colectividades e ás persoas que participen na xestión do patrimonio cultural.
6. Fomentar a participación da cidadanía a través de organizacións colaborativas e plataformas dixitais para a identificación e obtención de datos sobre o patrimonio cultural como complemento viable á realización de inventarios pola administración e que ademais posibilite un coñecemento integral do patrimonio inmovible, moble e inmaterial.
7. Crear e facilitar o acceso a ferramentas para a participación cidadá de forma continuada, normalizada e regulamentada nos procesos de recoñecemento (censo) e protección (catalogación e rexistro coma BIC) dos bens patrimoniais, así como na súa xestión, empregando as posibilidades das TIC.
8. Organizar os procesos de recoñecemento patrimonial para ámbitos territoriais locais –lugares con identidade recoñecible– que, potenciados, orientados e dirixidos coa finalidade de coñecemento e protección, contribuirían tamén aos procesos identitarios e de recuperación comunitaria.
9. Mellorar a formación práctica nos diferentes ámbitos de formación académica relacionados co patrimonio cultural.
10. Contar na súa xestión con persoal debidamente formado en todos os ámbitos (técnicos, profesionais, artesáns, mestres en oficios tradicionais, divulgadores e animadores culturais, investigadores e coñecedores da materia, etc., que deben estar presentes en todos os procesos) e mellorar a comunicación entre eles.
11. Crear e divulgar un espazo para a publicación dos informes, logo das intervencións, que sexa transparente e accesible á cidadanía en xeral.



ET 5

O PC COMO EIXE DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Idea forza

O desenvolvemento rural debe ser multifuncional e debe protexer os recursos naturais e culturais que conforman a súa base.

Descritor

Situar o patrimonio como eixe das políticas de desenvolvemento rural require, en primeiro lugar, definir conceptos e criterios claros para identificar o patrimonio rural e non reduci-lo a certos bens patrimoniais, xeralmente bens inmóbeis, situados en espazos rurais. Na LPC os bens patrimoniais propios do rural, fóra da arquitectura tradicional, recóllense dentro do patrimonio etnolóxico como unha selección de elementos illados das actividades, dos coñecementos e do territorio no que se integran, o que reforza unha mirada idealizada do rural dende o mundo urbano. Aínda que se fai mención dentro desa categoría patrimonial aos bens inmateriais –e malia o proceso de perda acelerada dese patrimonio–, segue pendente a elaboración de estudos, a definición de metodoloxías para a súa salvagarda e a incorporación de persoal técnico especialista en antropoloxía, entre outros, nos cadros das administracións públicas.

Dende as políticas de desenvolvemento moitas veces séguese ignorando o valor patrimonial das paisaxes agrarias como forma de organización espacial e de uso do solo. Trátase de paisaxes de valor singular polos seus ecosistemas, biodiversidade, redes de camiños antigos, obras hidráulicas e da rega, así como polo patrimonio natural e xenético dos cultivos e razas autóctonas.

O contexto territorial é imprescindible para a comprensión e valorización dese patrimonio. Así, de maneira integrada co patrimonio natural, cómpre contribuír a un desenvolvemento rural sostible e específico de cada territorio.

Séguese ignorando o valor patrimonial das paisaxes agrarias como forma de organización espacial e de uso do solo

Diagnóstico/Problemática/ Contexto

En Galicia tense resaltado como unha oportunidade a densidade e diversidade do seu patrimonio cultural, resultado da intensa interacción das persoas co medio natural. Existe tamén un consenso teórico sobre o importante papel que xoga o patrimonio cultural no desenvolvemento sostible das zonas rurais.

Nas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) considérase necesario, nun contexto de redución progresiva do emprego agrario, contribuír á diversificación económica e laboral do medio rural, impulsando a creación de novos nichos de actividade coa valorización dos recursos que existen no territorio como estratexia para reducir os riscos de despoboamento e mellorar a calidade de vida dos residentes. Contemplan, en certos ámbitos rurais, un modelo de desenvolvemento baseado na valorización do patrimonio natural e cultural como activos –a través de actividades extensivas e unha accesibilidade adaptada–, sendo necesario innovar na concepción de servizos e dotacións fronte á inviabilidade de aplicar modelos tipicamente urbanos a estes territorios.

Porén, as políticas aplicadas no rural son principalmente sectoriais e amosan unha forte división entre a xestión do patrimonio natural, do patrimonio cultural e doutros recursos como os agrícolas, os forestais, a rehabilitación rural ou o turismo. Tamén se están manifestando no territorio rural conflitos de carácter social, económico e ambiental debidos ás políticas de explotación invasivas como as mineiras ou enerxéticas, moitas veces incompatibles coa conservación e explotación doutros recursos. Todo isto tradúcese nun uso ineficiente dos recursos e na perda de bens culturais e ecolóxicos.

Novos conceptos como o de paisaxe cultural, incorporado na LPC 2016, ou o de patrimonio agrario (Carta de Baeza) ofrecen unha visión integral e interrelacionada de todos os bens, superando o recoñecemento fragmentado e descontextualizado por tipos de bens e valores que aplican a lexislación e a xestión actual. Estes sistemas complexos e dinámicos requiren novos enfoques, métodos e ferramentas deseñados dende unha perspectiva máis ampla que deben coordinarse coas estratexias de desenvolvemento rural.

A xestión eficaz das paisaxes culturais debe permitir manter a biodiversidade e os valores culturais do territorio –en risco polo abandono da actividade agraria, polo despoboamento e pola marxinação dos espazos rurais– e debe combinar estratexias rexionais e locais. Un territorio diverso require en-

foques específicos e estratexias en turismo sostible que o combinen con outras actividades económicas como a produción de produtos rexionais de alta calidade ou a artesanía, sen esquecer que a actividade agrícola é o compoñente esencial do rural e foi a principal creadora e mantedora da paisaxe cultural de Galicia.

Obxectivos

1. Integrar aspectos sociais, culturais e naturais nas dinámicas de desenvolvemento local sen contabilizar unicamente os valores dende un punto de vista económico.
2. Impulsar o desenvolvemento económico multifuncional coa promoción de diversos sectores económicos, non só do turismo –que, ademais de xerar emprego e renda no territorio onde se realiza, debe promover o desenvolvemento local e protexer os recursos naturais e culturais que conforman a súa base.



Necesidades

1. Mellorar a contorna rural a través de estratexias de desenvolvemento, de ordenación territorial e protección e difusión patrimonial, para así poder mellorar a calidade de vida en termos sostibles das poboacións en perigo de desaparición.
2. Propiciar o rural como espazo inclusivo, de aprendizaxe e de oportunidades socioeconómicas e culturais.
3. Asegurar unha participación real e efectiva da sociedade no deseño, aplicación, seguimento e avaliación das políticas relacionadas co medio rural –tamén nos modelos de participación patrimonial.
4. Difundir ante a sociedade os valores do mundo rural –sociais, ambientais e patrimoniais– e non só tratar de termos económicos.
5. Difundir e valorizar o patrimonio natural e cultural como eixe central para o desenvolvemento local, o que require ter actualizados os inventarios de patrimonio e dotar os concellos de recursos materiais e humanos para facelo.

Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Traballar transversalmente no desenvolvemento rural coa ordenación do territorio e a protección do patrimonio cultural e natural.
2. Avaliar o impacto dos plans e proxectos de desenvolvemento rural, equilibrar os seus efectos positivos en todas as dimensións –económica, social, medioambiental e cultural– e minimizar os seus efectos negativos dende o inicio dos procesos.
3. Traballar dende a paisaxe cultural como concepto aplicable a distintas escalas territoriais que permite abarcar a complexidade do sistema patrimonial (cultural-natural-paisaxístico) e enfrontar a xestión do patrimonio cultural na súa amplitude e extensión, así como a complexidade da súa protección nun territorio dinámico e sometido a presións.
4. Realizar o recoñecemento dos recursos patrimoniais e naturais coa participación das comunidades locais dende unha visión global sobre o terreo como paso previo ao deseño dos plans e proxectos de desenvolvemento rural.



Realizar o recoñecemento dos recursos patrimoniais e naturais coa participación das comunidades locais

5. Apoiar os proxectos participativos e a toma de decisións de forma horizontal.
6. Dotar de recursos as asociacións rurais para que poidan continuar co seu labor en divulgación e protección patrimonial.
7. Recuperar os coñecementos e manexos tradicionais dos agrosistemas como ferramenta que leva á recuperación dun patrimonio rendible, ecolóxico e sostible.
8. Fomentar a creación de laboratorios locais que propicien o estudo e recuperación dos coñecementos e manexos ecolóxicos dos agrosistemas e modos de facer que sexan rendibles e sostibles na práctica actual, así como dotalos de recursos.

Mesa 2



Xestión patrimonial.
Conservación, protección
e promoción-difusión do
patrimonio cultural

Mesa 2

Xestión patrimonial. Conservación, protección e promoción-difusión do patrimonio cultural

Autores do borrador da Guía Práctica na Mesa 2

Carlos Nárdiz Ortiz
(coordinador)

Iago Seara Morales
(coordinador)

Augusto Pérez Alberti

Beatriz González Moreno

Begoña Fernández Rodríguez

Felipe Criado-Boado

Julio Gómez

Luisa Serrano

Manuel Chaín Pérez

Pegerto Saavedra

Rosa Benavides

Xosé Ceferino Castro

Descritor da mesa

A segunda mesa céntrase na temática da xestión patrimonial. Concíbese este concepto dende unha visión integral que abrangue todos os elos da cadea de valor do patrimonio. Dentro desta cadea son especialmente relevantes a conservación, a protección e promoción-difusión do PC. Por outra parte, cómpre tamén ter en conta a distinta natureza dos bens patrimoniais, prestando unha atención axeitada tanto aos materiais como aos inmateriais.

En relación con isto, pártese da idea de que os criterios de conservación do patrimonio cultural deben ter en conta aspectos diversos vinculados coa categoría e singularidade do ben –cuxa determinación require un proceso de coñecemento, identificación, clasificación e valoración previos– e coa súa tipoloxía (material ou inmaterial, urbano ou territorial, moble ou inmobile...). Esta conservación do elemento patrimonial segundo o grao de integridade e autenticidade do ben –mais tamén segundo a súa categorización dentro das figuras que marca a lei– pode responder a diferentes tipos de intervencións que, á súa vez, deben ter en conta as sensibilidades individuais e colectivas –moi relacionadas coa conexión patrimonio-sociedade-identidade– sobre o significado que cada elemento do PC leva implícito.

Neste sentido, calquera intervención encamiñada á conservación, protección e promoción-divulgación do patrimonio debe seguir sendo historicamente inseparable da caracterización dos bens e da identificación dos seus significados e valores patrimoniais. Ademais, debe adaptarse aos diferentes tipos de ben, xa que cada un requirirá de distintos modos de intervención que tamén debemos ser capaces de determinar de forma axeitada. Deste xeito, as accións engadirán novos valores á natureza do ben (material e/ou inmaterial).

Dentro desta xestión integral, outorgarase unha especial relevancia aos procesos finais da cadea de valor. Para isto, analizarase a súa importancia na sociedade actual e teranse en conta os novos significados do patrimonio, a promoción e difusión, os seus valores e os procesos aparelados á intervención encamiñada á súa conservación, protección e valorización.

Obxectivo da mesa

A partir destas reflexións previas, son moitas as preguntas que xorden arredor de que tipo de xestión se está a facer na nosa comunidade, preguntas sobre se estamos a teorizar e practicar unha xestión realmente integral ou apenas atendemos a determinados elos da cadea de valor do patrimonio cultural (Criado-Boado 1996). Atendemos só á conservación? Só á protección? Ocupámonos adecuadamente da difusión? Traballamos da mesma maneira con todos os bens ou pomos maior interese en determinados patrimonios, primando –por exemplo– o patrimonio monumental sobre o identitario?

Responder a estas preguntas é parte dos obxectivos desta mesa. Con esta meta, propuxéronse algunhas ideas sobre as que se discutiu para tentar definir unha xestión integral axeitada ao patrimonio cultural galego, tendo en conta tanto a lexislación autonómica, como a estatal e a europea.

Estrutura da mesa na guía práctica

A raíz do traballo realizado na Mesa 2, establecéronse unha serie de ámbitos de actuación que debían centrar a análise. Feito isto, cada membro da mesa elaborou un texto longo abordando os temas seleccionados dende a súa experiencia co patrimonio. Destes textos saírían logo as fichas. Finalmente, a partir destas fichas definiuse a estrutura na que se artellou o traballo da mesa (bloques e temas de análise dentro dos bloques). Este esquema adaptouse posteriormente para a totalidade da guía, composta por eixes temáticos e ámbitos de actuación dentro deses eixes.

A continuación recollemos as fichas organizadas en catro eixes temáticos (ET). Cada un deles conta con entre dous e tres ámbitos de actuación (AA). Estes ámbitos correspóndese coas fichas.

RESUMO DAS FICHAS

MESA 2

Eixe temático 1

O PATRIMONIO, UN CONCEPTO GLOBAL

1. Materialidade e inmaterialidade do patrimonio
2. A paisaxe como patrimonio: unha versión dende a historia
3. A paisaxe como parte do patrimonio e a cultura

Eixe temático 2

INSTRUMENTOS DE PROTECCIÓN E XESTIÓN DAS PAISAXES URBANAS E RURAIS HISTÓRICAS

1. A protección do patrimonio no centro das paisaxes urbanas
2. Instrumentos territoriais na protección e xestión do patrimonio cultural

Eixe temático 3

ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DO PATRIMONIO

1. Evolución dos criterios e posibilidades de adopción na xestión patrimonial
2. Situación xurídica e administrativa do patrimonio de Galicia
3. A potencialidade dos plans nacionais para a xestión do patrimonio

Eixe temático 4

XESTIÓN DO PATRIMONIO E SOCIEDADE

1. As demandas do público sobre o patrimonio: unha visión dende o valedor do pobo
2. Novos pasos para unha xestión pública e integrada do patrimonio

EIXE TEMÁTICO 1

O PATRIMONIO, UN CONCEPTO GLOBAL

Ámbitos de actuación

1. Materialidade e inmaterialidade do patrimonio
- 2 A paisaxe como patrimonio: unha versión dende a historia
- 3 A paisaxe como parte do patrimonio

Descriptor

O concepto de patrimonio abrangue o monumento, a paisaxe e o territorio, obxectos mobles e inmobles, realidades materiais e inmateriais. O patrimonio non existe sen a dimensión social, antropolóxica e histórica. Máis concretamente, o patrimonio non é nada sen ter en conta a súa relación coa historia, coa identidade social e coa memoria cultural. Non hai mellor expresión disto que o recoñecemento de que en Galicia non hai patrimonio paisaxístico ou natural, senón que toda a paisaxe galega é cultural. Por iso, o patrimonio é transversal. Dende o patrimonio pódense substantivar tódolos trazos caracterizadores da nosa sociedade, así como identificar todas as súas eivas. Aquilo que falla nunha axeitada política de xestión e protección do patrimonio é, de seu, aquilo no que falla a sociedade mesma –e a súa praxe política como expresión dela.

Por todo isto, non se pode falar de protección patrimonial sen ligala a unha estratexia integradora e sistemática, artellada na cadea de valor do patrimonio. Neste sentido, débese falar máis de xestión do patrimonio que de protección –illada– de elementos patrimoniais. O patrimonio nunca está illado, senón vencellado ao seu medio, ao seu contexto, e por iso é sempre un concepto global, que abrangue moitas acepcións e require múltiples perspectivas para a súa abordaxe. Así, a paisaxe xoga nesta mesa un papel aglutinador que, en certo modo, materializa unha das ideas de patrimonio máis estendida historicamente en Galicia, recollendo o paradigma oteriano do territorio.

O paradigma oteriano do territorio: a paisaxe é cultura

As aportacións de Augusto Pérez Alberti, Pegerto Saavedra e Xosé Ceferino Castro, lidas dende o sentir da paisaxe como un paradigma do territorio –ao modo de Ramón Otero Pedrayo–, dan fiel imaxe dun pensamento que nos achega os conceptos de variación da paisaxe e de complexidade paisaxística. Estas ideas soportan moi ben os valores materiais e inmateriais do PC. Trátase dunha teoría cuxo núcleo central se acepta culturalmente e que subministra o modelo para resolver as dificultades dun proceso ou sistema e avanzar no coñecemento dunha unidade nun conxunto que vai máis aló do territorio: a paisaxe de Galicia.

Otero ollaba a paisaxe galega dende unha vivencia emocional e comprendíaa dende unha perspectiva tanto visual como ontolóxica, á vez que cósmica. Observaba o solar dos seus devanceiros a través da emoción e da razón da súa materialidade, capturada nos seus paseos de identidade persoal e de afectos patrios polo camiño do sentimento e coa forza do pensamento. É na superficie da pedra onde Otero di que formas, cores e texturas varias interactúan con tempos e ambientes diferentes ata formar liñas físicas ou de forza que evocan a paisaxe, tal como se fosen unha metáfora de Galicia (Otero Pedrayo, 1982).

De toda a obra de Otero emana a súa clara fidelización coa paisaxe na que naceu, a súa concepción de que ela é tamén unha característica identitaria de Galicia dentro da cosmicidade e a unidade máis familiar. O autor expande a metáfora espacial á súa peculiar situación na xeomorfoloxía, que sen dúbida é procesual e antrópica, dicíndonos con seguridade ontolóxica: «He aquí una ley bien sencilla. Podemos aplicarla a la totalidad de la Galicia granítica que es la más extensa y occidental, la generosamente abierta al Atlántico, y suponer en las graves y rodeadas sierras, los tendidos y acoplados valles, el profuso mundo telúrico y marino de las Rías, volúmenes y formas, más o menos individualizadas de una formidable y sencilla unidad originaria» (Otero Pedrayo, 1982).

D. Ramón, expresivo e moi guiado polas forzas subxacentes na metáfora espacial de Galicia, ofrece nesta e noutras metáforas unha claridade absoluta. É esta unha metáfora moi singular, tanto no que pretende expresar como na imaxe que utiliza, convertida nun novo e paradigmático xeito de mirar a paisaxe galega que el enriquece con outros valores e intensidades:

«Se podrá considerar inútiles estas sencillas deducciones ante el espectáculo tan inmediato y actual del paisaje. Responden a una exigencia del espíritu. El deseo, casi el instinto, de descubrir o imaginar la génesis de las formas. El paisaje es siempre un proceso. Nunca la inmovilidad de un cuadro o de una decoración teatral. Lo actual es solo un momento –de siglos en la génesis de un valle o una cultura– de días, de casi horas en el florecer primaveral». Inmerso na seguridade das súas profundas reflexións en horas interminables de estudos fundamente interiorizados, D. Ramón vese forzado a afirmar: «[...] y quien no acostumbre a captar en ese estilo de suceder el paisaje no entenderá nunca el gozo profundo que produce, sus estadios hacia la perfección o la decadencia» (Otero Pedrayo, 1982).

O ourensán expresa aquela metáfora cósmica e espacial utilizando un penedo moi vencellado á súa cotiandade como explicación dunha unidade maior da paisaxe, Galicia. Pero a suxestión non ten só funcionalmente aquela evocación ou intención positiva e científica de ver a paisaxe, senón que tamén a ten no marco do emocional. Por iso di «co tempo». Quere dicir que, igual que o efecto do medio ambiente no penedo, que forma diáclases, hai forzas sociais, políticas, emocionais, etc. que se marcan na paisaxe e no territorio, pero tamén na paisaxe interior dos galegos, que se fidelizan a ela e a patrimonializan dende o exemplo do penedo, o outeiro –reaproveitado–, a parroquia, a comarca ou a cidade ata o territorio todo, nun deslizarse xeolóxico e cósmico que abrangue todos os aspectos humanos. Este paradigma do territorio vese tamén reflexado na arquitectura que o home constrúe nel, ou nos obxectos para o lecer, para dominar a natureza ou para expresar os seus sentimentos.

Nos seus textos, Otero Pedrayo refírese ao «albo» interior do granito, produto da rotura natural da diáclase ou ben da rotura intencionada do canteiro ou do asentador naquelas cercas ou muros que van desestruturando os lombos dos penedos da metáfora espacial e cósmica inicial. A luz que se libera do albo do penedo ou do outeiro é a forza de ser na materia unha colectividade que «se entrega a la historia al suceder. Con frecuencia el arte –o el oficio– pica y alisa la superficie. Sus fachadas y balcones y columnatas son una grata variación. Pero no es la albura ciega de la roca. Pronto la erosión se impone y domina». Pero a erosión que reclama a metáfora das diáclases oterianas conforma tamén os procesos que apuntan na liña do contexto da metáfora cósmica para entender a paisaxe que D. Ramón ve preñada de artisticidade a través das palabras de Valle-Inclán: «Sentada al abrigo de unas piedras céltigas doradas por líquenes milenarios hilaba una pastora [...]» (Otero Pedrayo, 1982).

Para el todo xorde do impulso da máis profunda razón de ser da súa Galicia e todo o ampara en que as pedras, os outeiros, puideron ter sido, ou non, os altares dun panteísmo primitivo. Son valores que ambientan o final dun discorrer temporal e formal que D. Ramón se anticipa a expoñer cunha grande intuición mediante a cal, como coñecedor privilexiado do máis aló do horizonte do outeiro e as súas diáclases xeolóxicas e antrópicas, xoga con nós con clara vantaxe.

Poderíamos interpretar a metáfora de Otero como limitada, pero non o é. Basta pararnos a reflexionar e caeremos, irremisiblemente, en que é tan atinada que abre un mundo á hora de comprender a paisaxe galega.

Non esquece Otero que Galicia non é soamente granito: «[...] otra roca comparte con el granito, sin igualarlo en extensión, la estructura geológica de Galicia. Se trata también, de una roca antigua hija del fuego, aunque haya pasado por otras etapas [...]. La pizarra puede ser separada en láminas. Como las hojas de un libro localiza [...] la plástica no acata la expresión calma, reposada del granito» (Otero Pedrayo, 1982). Toda unha síntese perfecta das dúas Galiciae xeolóxicas dentro da integridade consensuada cósmica e antrópica. A situación xeolóxica de encontro das dúas rochas que D. Ramón nos descobre é, sorprendentemente, unha que está xusto antes de que o val medio do río Miño xire cara ao norte do val do río Barbantiño, límites naturais da parroquia de San Pedro de Trasalba, fogar da súa bocarribeira de infancia, polo sur e polo oeste, onde se dan o granito nunha aba e a lousa na outra.

Otero comprendía o territorio dende un novo paradigma. Vai máis aló do territorio como escenografía. Non concibe a paisaxe como un fondo que non cambia nunca, senón que a entende como algo que hai que sentir, como algo que vive, que evoluciona, que se desenvolve, que se está facendo e nunca se fai por completo. E pregúntase cales son esas forzas que a enchen de enerxía: «É, sencillamente, a historia en loita co medio ambiente, o home afirmándose na natureza» (Otero Pedrayo, 1998).

Este paradigma é ideado coa presenza de visións variadas sobre a paisaxe e Otero afirma que «na Galicia podemos esculcar estudiando moi friamente a íntima compenetración do xenio do traballo, do xenio das forzas da terra, estudiando as diferentes formas de cultivo, como se vai organizando a Galicia do interior dos centeos e a Galicia das viñas, a Galicia do beiramar e a Galicia do interior». Tal certeza lévao a asegurar que é «unha das terras máis

fundamente humanizadas da vella Europa, da Europa creadora, sufridora, sempre mártir e sempre reitora dos destinos da humanidade e dous seus ideais» (Otero Pedrayo, 1998). Esa Europa que, na creba do paradigma do territorio oteriano, nos anos sesenta acolleu, con pouca xenerosidade, os galegos da segunda emigración.

Por último, a modo de conclusión, unha vez máis quero dicir que a «Nosa cultura é cultura de ribeira ou de bocarribeira».

«Chegamos nesta procura de lei nas formas ó concepto de bocarribeira, un dos aspectos e composicións de paisaxe máis nosos pola graza e leda potencia de expresión, pola fartura e acompañamento das formas e os procesos en estaxes raiosas, vistosas, por seren a zona de contacto onde nin remata a montaña en facies duras, nin morre melancolicamente a ribeira, pos entrambas se conxugan na graza de síntese de bocarribeira» (Otero Pedrayo *et al.*, 2009).





MATERIALIDADE E INMATERIALIDADE DO PATRIMONIO

Idea forza

Dende a perspectiva de que o patrimonio cultural é dinámico, diverso, multivocal e identitario, a visión da inmaterialidade xoga un papel central en todos os bens culturais, incluso os materiais. O coñecemento, protección, conservación e comprensión do patrimonio é clave para o seu uso como recurso. Para isto debemos comprender o lugar que o PC ocupa na nosa sociedade –do pasado, do presente e do futuro– sen deturpar os seus valores.

Descritor

O concepto de patrimonio na lexislación confórmasse ao redor do monumento, isto é, como un ben de natureza material. A introdución do concepto de patrimonio inmaterial, como ben en si mesmo ou como valor que posúe calquera outro elemento patrimonial, é máis recente e ten difícil encaixe na lexislación, especialmente ao intentar aplicarlle as medidas de conservación e protección pensadas para os elementos físicos.

O patrimonio inmaterial é un patrimonio vivo, e é inseparable da cultura –na súa acepción antropolóxica– da que emana. É posible unha protección do patrimonio inmaterial con sistemas de conservación que se basean na fixación? Respecto do patrimonio inmaterial, talvez o método máis adecuado para a súa protección sexa a documentación. Por isto, é necesario incrementar os recursos para facer máis e mellor traballo de investigación, catalogación... e cómpre facelo xa.

Por outra parte, o sector produtivo do turismo leva medrando de xeito imparable ata os nosos días; só se entorpeceu o seu progreso por mor da COVID-19 e as limitacións derivadas da xestión da pandemia. Deberíamos reflexionar sobre cal debe ser o papel do turismo na economía e na sociedade. En relación con isto, deberíamos tamén avaliar se o patrimonio –tal e como se apunta dende o mercado europeo– é unha materia prima, se é un recurso meramente económico arredor do cal construír unha industria turística. Aínda que nunha situación ideal poidan obter un beneficio mutuo, constituír unha simbiose perfecta, fica a dúbida sobre que acontece cando o sector non funciona. Podemos nese momento desatender o patrimonio? E o


A introdución do concepto de patrimonio inmaterial (...) é máis recente e ten difícil encaixe na lexislación

patrimonio que non xera turismo ao seu redor, ten dereito ao mesmo coidado e atención que o que si o fai?

Cando consumimos turismo patrimonial normalmente só vemos unha parte do ben, a máis superficial, o valor artístico, a calidade estética, o carácter de peza única. Desperdiciamos o máis profundo do patrimonio, o seu valor identitario, canto aporta á nosa cultura. Pérdese moito ao buscar o elemento singular, por único en número ou dimensión, cando son a repetición de elementos e as súas pequenas variacións as que permiten comprender mellor unha cultura.

Os valores do patrimonio son múltiples e moi diversos. Porén, andan lonxe, probablemente, do valor económico. Con isto non se está a dicir que non poida existir un turismo arredor do PC. Todo o contrario, o turismo pode achegar o patrimonio á súa cidadanía e promover o intercambio cultural. A reflexión debe encamiñarse cara a como debe ser a relación patrimonio-turismo.

Dende hai anos, o tecido asociativo vén ocupando un espazo de organización en torno ao patrimonio. É precisamente respecto do patrimonio inmaterial onde a súa intervención resulta máis acertada. Dada a particularidade deste patrimonio, que é un patrimonio vivo, as asociacións están enxertadas no propio ben. Isto fainas ser un axente positivo para a conservación e a difusión, pero poden selo tamén para a catalogación. Neste sentido, dende as asociacións bótase en falta unha maior colaboración das diferentes administracións. Por iso, consideramos necesario achegar sensibilidades e xeitos de traballar sobre o patrimonio, pero estamos convencidos de que a cooperación pode dar bos froitos.



Diagnóstico/Problemática/Contexto

A inmaterialidade está presente en todo o patrimonio; así o reflicten as normativas actuais. Cousa distinta é a consideración que se ten por parte de toda a sociedade, pois existen fundadas sospeitas de que non se superou aínda o concepto do binomio patrimonio-monumento.

Cuantitativamente, o peso do patrimonio inmaterial respecto do material (moble e inmoble) podemos medilo no número de bens de interese cultural (BIC) dunha e outra natureza que están declarados na nosa comunidade. Os bens materiais gañan por aplastante maioría. En realidade, tanto o patrimonio inmaterial como os valores inmateriais do resto do patrimonio non gozan aínda da visibilidade ou comprensión necesarias por parte de toda a cidadanía.

En relación con isto, unha das principais eivas na conservación do patrimonio inmaterial vén dada pola súa propia natureza. Se ben todo o patrimonio é identitario, no inmaterial esta calidade é de vital importancia, o que pode ser un inconveniente á hora de protexelo dende a esfera política.

Por outra parte, respecto do turismo cultural, no caso de aquel que centra a súa oferta ou atractivo nos bens patrimoniais, debemos dicir que o discurso máis oído tende a colocar o patrimonio como unha materia prima ao servizo do sector. Isto pode provocar determinados desaxustes. Un deles consiste en que a cidadanía e/ou os gobernantes valoren o patrimonio só pola súa capacidade de atraer turistas –e xerar diñeiro–. Esta visión puramente economicista leva asociadas políticas que benefician a conservación duns patrimónios sobre outros e a un efecto teatralizador no caso dos bens inmateriais.

Ao final, todo isto acábase traducindo nunha mala comprensión do significado do patrimonio cultural por parte da sociedade. A masificación e a teatralización dos elementos patrimoniais con maior demanda turística son, pois, algúns dos problemas que arrastra este binomio patrimonio-turismo.

Obxectivos

1. Conseguir que toda a cidadanía teña coñecemento de que existe un patrimonio de natureza inmaterial, así como de por que se conserva, por que se protexe e cales son os seus valores. Facer que a maior cantidade de patrimonio inmaterial permaneza activo por todos os beneficios que ten para a sociedade. Conservar documentalmente o coñecemento que atesouran as formas de expresión da nosa cultura.
2. Superar o concepto de monumento. A complexidade do patrimonio esixe ir cara a un coñecemento máis profundo dos significados que contén a herdanza cultural.
3. Desenvolver un turismo que acerte a ser un transmisor do coñecemento que atesoura todo o noso patrimonio.

Necesidades

1. A principal necesidade que existe é a de transmitir á sociedade a importancia do patrimonio inmaterial, así como do valor inmaterial que reside en todo o patrimonio.
2. É necesario un inxente traballo de documentación. O risco de perda deste tipo de patrimonio non ten por que vir de elementos externos, as sociedades que o manteñen vivo mudan, polo que a fixación como método único de conservación non parece posible.
3. A recollida do noso patrimonio axudará a mantelo vivo, porque contribuirá á súa comprensión e permitirá traballar na súa recuperación nos casos en que se dean os condicionantes sociais que o demanden.

Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

Para lograr eses obxectivos, o máis adecuado será comezar pola educación. No ámbito educativo, no nivel básico (primaria), débese acadar un coñecemento dos valores que outorgan o carácter patrimonial. Así mesmo, débese fixar canda eles, nunha idade temperá, o respecto polo patrimonio. Cómpre potenciar a ensinanza patrimonial poñendo un acento especial no concepto da inmaterialidade.

Para isto haberá que continuar con todas as actividades educativas que teñen por obxecto a transmisión dos valores do patrimonio e poñer en marcha outras novas. Resultan modelos esenciais as experiencias centradas no patrimonio como o **Proxecto Terra** ou os traballos elaborados dende **Ponte nas Ondas**.


No caso dos labores de documentación, deberíase estimar primeiro o escenario temporal no que se pode producir a perda dos datos e fixar así os medios ou equipos de traballo necesarios para acadar o obxectivo nun tempo menor. Pensemos, por exemplo, na microtoponimia. Aínda que probablemente xa se está producindo unha perda de datos neste campo, se queremos fixar o maior número de entradas deberemos traballar cun horizonte menor ao número de anos que se estima para que os posuidores deste ben poidan desaparecer. Alén disto, recoméndase que en caso de iniciativas que contén cun proceso participativo e voluntario da cidadanía, deben existir equipos de expertos que validen os datos recollidos e tamén equipos dinamizadores, para garantir que a experiencia teña continuidade e non remate nun punto morto, senón ofrecendo resultados satisfactorios.

Doutra parte, será bo revisar a relación entre o turismo e o PC, en calquera das súas naturezas, material e inmaterial. O patrimonio non é un produto de consumo, é parte da nosa sociedade, forma parte da nosa cultura.



Sería bo revisar a relación entre o turismo e o PC, en calquera das súas naturezas, material e inmaterial

Por último, recoméndase establecer unha colaboración máis estreita e beneficiosa co tecido asociativo para intercambiar información e para manter vivo o patrimonio. A relación entre a administración, o mundo académico, as asociacións locais e a cidadanía debe permitir un fluxo de coñecemento en calquera sentido.



A PAISAXE COMO PATRIMONIO: UNHA VISIÓN DENDE A HISTORIA

Idea forza

A paisaxe é unha realizade na que se conxugan os feitos xeográficos, biofísicos e humanos, ademais dos perceptivos e subxectivos. Mesturados, conforman o seu valor patrimonial. A conservación da paisaxe ten que ser compatible co aproveitamento económico dos recursos variados, pero tamén co respecto a eses valores ambientais e culturais.

Descritor

Entendemos a paisaxe como unha realidade obxectiva, que non é outra que a forma que adoptan os feitos xeográficos, biofísicos e humanos na superficie da terra. Pero non debemos esquecer os aspectos perceptivos e subxectivos, culturais e cambiantes, que lle dan a un determinado espazo un sentido concreto para os que viven nel ou para os que simplemente o asimilan mediante un proceso de identificación.

Os xeógrafos teñen sinalado que a paisaxe se transforma por procesos provocados pola xeodinámica interna, por factores de tipo ambiental e pola acción antrópica. O impacto destes tres factores non é independente, en particular, o que vén determinado polas mudanzas ocasionadas pola sociedade e polos cambios climáticos, algo no que hoxe non é preciso insistir.

No caso de Galicia, resulta ben claro que a acción antrópica aparece como o factor máis decisivo nas transformacións que foi experimentando a paisaxe ao longo dos séculos. Por iso é un lugar común falar dunha paisaxe profundamente humanizada, a pesar de que as superficies de monte representaron durante séculos máis do 80 % da extensión do país.

Pero non houbo recuncho que non se vise afectado polo traballo humano, aínda que fose baixo a forma de queimas, por retirado que estivese. Xa o dicía Otero Pedrayo: «De ningún xeito podemos teorizar arredor da paisaxe natural da Nosa Terra. Foi máis que domeado, humanizado o bosque...». Unhas transformacións que concretaba na verba «devalar»: «A historia, un devalar. E na paisaxe... todo o devalar conxunto, único, cheo de paixón...». Así, para Otero, a paisaxe galega era unha “tona histórica”, ou sexa, unha natureza transformada por iniciativas varias. Pois, no percorrer dos séculos, cambiaron os axentes que tiñan capa-

Non houbo recuncho que non se vise afectado polo traballo humano, aínda que fose baixo a forma de queimas

cidade –é dicir, poder– para modelar o territorio: os señores, as comunidades e familias rurais, as institucións públicas...

Os cambios na paisaxe foron e son continuos; e en certas comarcas, radicais. Bastará dicir que se Galicia pasou duns 300.000 habitantes en 1500 a 1.500.000 en 1800, e a 1.800.000 en 1840, tal incremento tivo que afectar á fisionomía dos núcleos de hábitat, aos campos e tipos de cultivos, aos camiños, aos bosques e montes... Un veciño das mariñas que naceuse en 1750 non recoñecería a súa aldea se se espertase douscentos anos antes.

E as transformacións seguiron e seguen: o predominio do prado entre as terras de aproveitamento directo é, por exemplo, un feito que ten poucos anos. Pero xa na altura de 1600 a paisaxe de mariñas e vales era un verdadeiro crebacabezas, que logo se foi facendo máis complexo. Esa é unha das razóns polas que en Galicia non hai unha cartografía do parcelario nin na documentación señorial nin no catastro de Ensenada: non era doado pintar o territorio dunha aldea ou parroquia e tampouco merecía a pena, porque cambiaba dun ano para outro.

Porén, o valor patrimonial da paisaxe non está asociado só aos feitos xeográficos. Dela forman parte tamén as estruturas territoriais coas que as xentes se identificaban e as formas de vida das comunidades que vían no territorio humanizado e transformado un arquivo do seu pasado colectivo. As parroquias, as aldeas, os topónimos, os camiños, os traballos agrarios constituían ámbitos ou contextos de relacións e experiencias vitais, que outorgan a un determinado espazo uns valores culturais ou espirituais e identitarios, intanxibles. É preciso tomar en consideración estes valores para garantir unha preservación integral da paisaxe e do territorio como soporte de bens materiais e inmateriais.

En definitiva, os cambios no territorio non se deben só a forzas económicas e demográficas, senón tamén a factores culturais, de tipo relixioso ou profano. Non se pode entender a vitalidade da parroquia –e a construción e mellora dos templos– sen ter en conta a renovación católica que seguiu ao concilio de Trento. Tampouco é posible comprender a sociedade dos pazos sen reparar no chamado proceso de civilización que asumen as elites sociais de Galicia dende fins do século XVI.

Diagnóstico/Problemática/ Contexto

Como vai dito, os cambios da paisaxe derivados da acción antrópica e ambiental son continuos. Non obstante, os resultados desta acción varían e na actualidade a situación non permite ser moi optimistas. Durante séculos, as transformacións eran consecuencia, por riba de todo, da práctica dunha agricultura orgánica que obrigaba os veciños das aldeas a manter determinados equilibrios. Estes equilibrios íanse reaxustando de acordo coas necesidades das familias e das posibilidades que ofrecían os novos cultivos ou melloras no abonado e nos usos da auga. Poderíamos dicir que os labregos eran ecoloxistas á forza, pois o sistema agropecuario orgánico non permitía outra cousa. Por iso, os campesiños foron modelando e humanizando o territorio, o que non quere dicir que tivesen unha visión patrimonial da paisaxe (a terra era fermosa sempre que producise boas colleitas...).

Desaparecida a agricultura orgánica dende a primeira metade do XX, os cambios fixéronse máis rápidos, derivados de forzas distintas. Isto aconteceu de maneira particular nos últimos 50 anos. Sirva de exemplo o feito de que a paisaxe que aparece nas fotos do voo americano de 1957, ten máis semellanzas coa paisaxe de 1800 que coa actual. Hoxe, simplificando, podemos dicir que a paisaxe está fronte a dúas ameazas de natureza distinta: o abandono en moitas comarcas do interior e as presións da urbanización no litoral. A maiores, non faltan por calquera sitio modificacións pouco apropiadas nas vivendas das aldeas, reforestacións que non favorecen a biodiversidade e eólicos por todos os tesos.

Pola súa parte, o abandono ten varias consecuencias. Entre elas a invasión das aldeas por vexetación espontánea e, sobre todo, a ruína de todo o que era un entramado material e inmaterial coherente: inmobles, paredes, camiños, labranzas, prados, soutos, toponimia... O patrimonio, dende as casas de morada ao monte comunal, formaba un ecosistema que agora, en moitos casos, está desaparecido, descoñecido e esquecido.

Se á conservación da paisaxe se asocia a vida de comunidades que ocupan un espazo que lles é propio, que organizan de modo global –dende as vivendas ata os cultivos e as infraestruturas–, procurando manter uns valores naturais e intanxibles, resulta evidente que a situación en boa parte de Galicia é negativa. Son moitos os lugares nos que xa non hai comunidades ou deixará de habelas dentro de moi poucos anos e o territorio non debe converterse nun parque temático sen outra vida que a dos posibles visitantes.



Xornadas do Foro Patrimonio e Sociedade, Mesa 1. Román Fernandez-Baca, Iago Seara e Carlos Nárdiz

Por suposto, non se pode pensar en recuperar por completo modos de vida de hai un século. O cambio é unha constante. A paisaxe de 1800 non era a de 1500 nin a de hoxe será a de dentro de trescentos anos. Pero é certo que o problema do despoboamento e do abandono nunca se deu coa intensidade dos últimos tempos. Esta situación deriva nunha perda duns valores patrimoniais evidentes, materiais e inmateriais, que en moitos casos non poderán recuperarse. Pola mesma razón, a sustentabilidade e a biodiversidade non poderán garantirse.

Obxectivos

Habería que tratar de evitar, diante de todo, a desaparición masiva de paisaxes asociadas a aldeas ou parroquias que teñen incorporados valores singulares froito dunha complexa organización e xestión do territorio, relacionados con saberes e prácticas comunitarias multiseculares. Non se pode deixar desaparecer por completo un patrimonio tan antigo, tan rico e variado, material e espiritual, no que se mesturan o manexo do territorio e todas as súas infraestruturas, así como a sustentabilidade e a biodiversidade propias de ecosistemas complexos, formados por pezas interdependentes.

Con carácter xeral, a administración debería buscar o necesario equilibrio entre a explotación económica dos recursos –política forestal, enerxética, mineira– e o respecto aos diversos medios. Isto que non implica ter que conservar unha paisaxe inmutable, como peza de museo. Sería algo pouco realista, que iría contra a evolución histórica e a propia natureza da paisaxe, que cambia por acción ou mesmo por omisión.

Necesidades

Falta unha verdadeira política global de ordenación do territorio para Galicia –de maneira particular, para o mundo rural– que evite o abandono total parroquias e, a non tardar, concellos enteiros. Esta política debería limitar as intervencións agresivas, que poden producirse pola vía da urbanización mal feita, da reforestación desordenada, da construción de eólicos en sitios de especial valor paisaxístico e das alteracións descontroladas das diversas edificacións das aldeas.

A conservación da paisaxe ten que ser compatible co aproveitamento económico dos recursos variados, pero tamén co respecto aos valores ambientais e culturais. Neste sentido, o territorio, soporte do patrimonio paisaxístico, debería contemplarse como fonte de recursos económicos, ambientais e culturais coas oportunas delimitacións, pois non todo merece a mesma protección. Porén, dende logo, as actuacións de preservación deberían ir moito máis alá dos poucos espazos designados –ou que poidan ser designados no futuro– como paisaxes culturais.


Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Como xa se comentou varias veces na Comisión de Patrimonio e Bens Culturais do CCG, a protección e conservación do patrimonio de tipo paisaxístico presenta problemas diferentes ao de carácter histórico-artístico, que conta con normas e prácticas consolidadas, aínda que non sempre se respecten. As competencias que na xestión do territorio teñen diversas institucións favorece as disfuncións e a inoperatividade de certas disposicións legais de tipo proteccionista. Basta pensar no impacto da política forestal, mineira, enerxética, de obras públicas... que pode decidirse á marxe do departamento de Cultura. Neste caso, hai que reiterar a necesidade de que unhas normas non anulen outras ou as convertan en ineficaces, impedindo unha conservación integral de determinados bens patrimoniais.
2. É particularmente grave o desleixo de moitos concellos á hora de evitar actuacións moi pouco afortunadas nos inmobles das aldeas. En moitos casos fanse reformas sen licenza e incluso edificios de nova planta cun deseño que nada ten que ver coas construcións tradicionais. Por outra parte, as mesmas autoridades favorecen en ocasións actividades agresivas, como rallies 4×4 por camiños antigos que quedan maltratados.



Non hai unha verdadeira política de promoción do rural, que precisaría dunha discriminación positiva en materia de servizos

3. Non hai unha verdadeira política de promoción do rural, que precisaría dunha discriminación positiva en materia de servizos (educación, sanidade, transportes, actividades culturais...). Máis ben, o que se vén dando é un peche de servizos públicos. Por outra banda, o feito de que determinadas familias escollan unha aldea para residir non garante que coiden do territorio: poden limitarse a ter unha casa e un xardín, desentendéndose por completo do resto.
4. Hai unha escasa educación ambiental en boa parte da cidadanía, tanto da que reside no rural como da que o visita. Isto pode apreciarse, entre outras evidencias, na existencia de vertedoiros incontrolados en calquera lugar, con electrodomésticos, colchóns, etc. Cómpre notar que estes vertedoiros aumentan no verán, debido á «limpeza» que fan nas casas os que veñen de vacacións ás aldeas de orixe.
5. Sería conveniente conseguir un compromiso coa protección ambiental e paisaxística por parte das comunidades de montes veciñais en man común. Hai en Galicia máis de 3.000 que xestionan, en teoría, o 25 % da superficie do país. Moitas non están operativas, polo despoboamento e avellentamento –en Ourense e Lugo, principalmente–, pero outras si. Por fortuna, algunhas delas son coidadasas co medio, mais posiblemente constitúen unha minoría.



ET 1

A PAISAXE COMO PARTE DO PATRIMONIO E A CULTURA

Idea forza

Nun territorio como Galicia, a diversidade das paisaxes está condicionada pola diversidade de elementos que entran en xogo, pero intimamente vencellada á actividade humana. Por iso, incluso naquelas paisaxes que parecen marcadas polo natural, o factor humano está presente. Por tanto, falar en Galicia de paisaxe é falar de paisaxe cultural. Para comprendela como patrimonio e protexela, é necesario comprender os elementos que forman parte de cada paisaxe. Deste xeito, poderemos tipificalas.

Descritor

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia recolle na súa exposición de motivos que unha das principais características de Galicia é a súa riqueza paisaxística. O artigo 1 di que a lei ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, a fin de preservar e ordenar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible.

Dito o anterior, dende este foro entendemos que a paisaxe é o resultado sempre inestable dunha dinámica na que interveñen elementos bióticos, abióticos e antrópicos. Por iso, se ben é importante o perceptivo na comprensión das paisaxes, parece oportuno ir máis aló e entrar tamén na súa dialéctica concreta froito dunha morea de elementos, factores e procesos ao longo do tempo (Pérez Alberti, 2008). O anterior supón que, á hora de considerar ás paisaxes como patrimonio, parece máis axeitado tipificar que delimitar. É dicir, semella máis acertado coñecer os elementos que están presentes en cada paisaxe, tal como di a lei, que quererlle pór cancelas ao territorio por medio da delimitación.

Non houbo recuncho que non se vise afectado polo traballo humano, aínda que fose baixo a forma de queimas

Diagnóstico/problemática/contexto

Dende esta óptica, hai que distinguir tres niveis de aproximación ás paisaxes que permitirán caracterizalas e tipificalas (Pérez Alberti *et al*, 2014). Un primeiro nivel, que se pode cualificar como analítico, consistirá en identificar os elementos que están presentes na paisaxe. Estes poden ser diferenciados en estruturais e texturais en función das súas características físicas e, consecuentemente, da escala temporal na que evolucionen:

- **Estruturais:** aqueles que xorden da natureza e evolucionan en longos períodos de tempo moi superiores á historia humana, agás certos episodios que funcionan en momentos de alta intensidade e baixa frecuencia, caso da actividade volcánica ou terremotos. Por vía de exemplo, as unidades litolóxicas, as formas topográficas, os solos ou as variables climáticas mudan moi lentamente.
- **Texturais:** os que se derivan da actividade da humanidade sobre o territorio e que mudan en períodos curtos de tempo. Por vía de exemplo, unha formación vexetal, un cultivo, o deseño dunha aldea, unha vía de comunicación, etc.

Á súa vez, estas dúas categorías de elementos, poden tipificarse en:

- **Elemento caracterizador ou dominante.** O que se repite nas paisaxes. Por vía de exemplo, unha determinada tipoloxía arquitectónica, unha forma de relevo, de cultivo, de grella parcelaria, de remodelación das abas, etc.
- **Elemento singular.** Aquel que pola súa importancia sobresaia dun xeito claro nunha paisaxe, singularizándoa. Por vía de exemplo, unha crista rochosa que serve de escenario, como o Pico Sacro, que aparece no fondo de moitas paisaxes ou os saíntes graníticos nos que se recorta o horizonte de Ourense, etc.; un emprazamento único, nunha bocarrabeira dominando un amplo val, como en Castro Caldelas enriba dos vales da cunca do Sil, en San Andrés de Teixido, emprazado nun pequeno val entre os cantís da Capelada, etc.; unha reestruturación da topografía total, socalcos, caso das Ermidas, no val do Bibeí, Pazos de Arenteiro, no do val do río que lle da nome.

Nun segundo nivel de aproximación, deberase apreciar que toda paisaxe está artellada dun xeito concreto, e dicir, que os elementos se dispoñen no territorio en función das relacións de diferentes variables, xa sexan de orixe biótico, abiótico ou antrópico. As diferentes combinacións entre elementos estruturais e texturais dan lugar a distintas composicións escénicas das paisaxes. Estase a falar non de escenarios estáticos, a modo dun teatro, senón de algo dinámico, cambiante, que se modifica en relación ao ritmos e tempos relacionados cos distintos elementos.

A composición escénica varía dunha paisaxe a outra en relación ao emprazamento dos asentamentos, á configuración do relevo, á presenza ou ausencia de auga –sexa río, mar ou lagoa–, á rede viaria, ao xeito de vencellarse as vivendas, ao trazado das rúas e, o que é moi importante, á cubicación en relación ao horizonte. Deste xeito, hai paisaxes construídas sobre chairas que se debuxan contra o ceo. Pola contra, hainas que detrás de si ven erguerse un saínte rochoso, unha praia, unha aba cuberta de árbores ou de mato. Outras aparecen entre unha lámina de auga, na súa fronte e unha aba rochosa ao fondo. Pénsese, nas paisaxes da ría de Muros e Noia que se recortan contra a Barbanza, O Ézaro, co Monte Pindo detrás, ou Pena Corneira destacando tras a aldea, o mesmo que en Oulego, por pór algún exemplo.

Concretando máis, pódese ollar que nunha aba cunha pendente de 16º a aldea está emprazada na parte media; por riba está o bosque; por baixo e arredor da aldea, os campos de cultivo; na parte inferior, a carón dun regato, os prados. Por suposto, a profundidade do solo varía en relación á pendente e o mesmo acontece coa humidade ou a insolación. E a aldea deste hipotético caso ten un só núcleo, mais podería ter varios. Está construída con pedra de granito e cuberta de tella, mais podería dominar o xisto. A rede de camiños deseña un patrón ortogonal, mais podería ser radial... En definitiva, cada realidade paisaxística funciona dun xeito concreto e singular.

Nunha paisaxe periurbana, o grao de mestura de elementos construídos pode variar moito. Pode acontecer que a cidade fose medrando a partir dos vellos camiños ou en medio da antiga paisaxe rural onde aparecen urbanizacións perfectamente cuadrículadas. A gama de estruturas é, como no caso anterior, moi variable. Xa que logo, será preciso analizar polo miúdo a composición escénica de cada paisaxe para poder planificar o seu proceso evolutivo. A variable condicionante neste caso é a escala espacial, posto que en función do tamaño da porción de terreo que se determine como ámbito de traballo, cambiará o tamaño do grao para a súa análise e, con el, o nivel de agregación ou desagregación da orde que se pretende estudar.

Unha vez coñecidos os elementos e analizadas as escenas, será preciso afondar nun terceiro nivel de comprensión que fica centrado nas dinámicas que sosteñen a composición escénica da paisaxe, ben ao longo do tempo (diacrónicas) ou ben en determinados momentos (sincrónicas), cos seus ciclos, ritmos e procesos. Non se debe esquecer que a dinámica é a rama da física que describe a evolución no tempo dun sistema físico en relación coas causas que provocan os cambios no seu estado. No caso da paisaxe, trátase de saber canto e como evolucionou. Isto supón coñecer non só os diferentes elementos que entraron en xogo ao longo do tempo, senón tamén o seu grao de transformación.

En relación co anterior, nun territorio como Galicia, a diversidade das paisaxes encóntrase condicionada pola diversidade de elementos que entran en xogo, pero está particular e intimamente vencellada á actividade humana. Por iso, incluso naquelas paisaxes que parecen marcadas polo natural, ao falarmos de paisaxe en Galicia é preciso falarmos de paisaxe cultural.


Obxectivos

1. Difundir e achegar á sociedade galega o valor das paisaxes como parte do patrimonio cultural de Galicia e o seu significado como resultado dunha historia, así como a necesidade e obxectivo da súa protección. Cómpre implicar a cidadanía na súa conservación e xestión.
2. Favorecer e promover o compromiso transversal e a asunción de competencias por parte de todas as administracións e departamentos públicos, así como dos sectores e axentes sociais implicados na conservación das paisaxes como entes de valor cultural e natural.
3. Crear novos modelos de avaliación, caracterización e protección das paisaxes máis reais e menos teóricos, partindo do coñecemento dos elementos, do artellamento no territorio e das súas dinámicas evolutivas. É dicir, de abaixo a arriba e non ó revés.
3. Faise necesario, por outra banda, non só coñecer os elementos presentes en cada tipo de paisaxe, senón definir con claridade como se artellan no territorio. É este un tema fundamental, dado que o emprazamento dos asentamentos no pasado estaba sempre marcado polo valor do uso do chan e non polo seu valor de cambio, como acontece na actualidade.
4. Visto o carácter dinámico da paisaxe, hai que pór en marcha proxectos encamiñados a analizar as súas dinámicas evolutivas.
5. Por último, é preciso deixar abeiradas as visións simplistas, descritivas e tópicas da paisaxe e pasar a estudos profundos de cada unha delas. Hai que partir da premisa de que para protexer as paisaxes primeiro hai que coñecelas a fondo –non como algo abstracto, senón como algo moi concreto– a fin de saber que elementos están presentes e como funcionan.

Necesidades

A protección da paisaxe require da súa análise previa a partir do comentado neste capítulo:

1. Cómpre levar a cabo plans de coñecemento dos elementos estruturais e texturais que constrúen as paisaxes.
2. Seguindo a Lei da paisaxe, a súa protección supón pór en marcha accións que teñan como fin a preservación e conservación dos elementos máis significativos e característicos da paisaxe, xustificados polo seu valor patrimonial como resultado da súa configuración natural ou da intervención humana sobre o medio. Isto supón, tal como reflicte a lei, unha diagnose do estado actual da paisaxe, é dicir, dos principais compoñentes, valores paisaxísticos ou visibilidade e fragilidade da paisaxe.



Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

É preciso dar cumprimento á lei e, tal e como está formulada, o que supón:

1. Diseñar e aplicar políticas destinadas á protección, xestión e ordenación da paisaxe, integrando estas políticas nas de protección ambiental, de ordenación territorial e urbanística, en materia cultural, turística, agraria, social ou económica e naquelas outras que poidan ter un impacto directo ou indirecto sobre as paisaxes.
2. Fomentar a coordinación e a colaboración entre as distintas administracións públicas implicadas na xestión da paisaxe.
3. Establecer mecanismos de participación social na toma de decisións e na definición das políticas de paisaxe, sobre todo coas entidades locais.
4. Fomentar a sensibilización da sociedade galega no referente ao valor da paisaxe, á súa importancia e funcións e aos procesos de transformación que están acontecendo.



Fomentar a sensibilización da sociedade galega no referente ao valor da paisaxe

5. Promover o estudo e a formación en materia de paisaxe, desenvolvendo actividades específicas sobre a súa importancia, protección, xestión e ordenación.
6. Fomentar a investigación sobre as paisaxes. A máxima deberá ser sempre irmos do coñecemento cara á conservación e protección.

EIXE TEMÁTICO 2

INSTRUMENTOS DE PROTECCIÓN E XESTIÓN DAS PAISAXES URBANAS E RURAIS HISTÓRICAS

Ámbitos de actuación

1. A protección do patrimonio no centro das paisaxes urbanas históricas
2. Instrumentos territoriais na protección e xestión do patrimonio cultural

Descritor

A lexislación de patrimonio cultural foi avanzando cara a novas categorías de bens. Neste sentido, véñese observando un aumento no rexistro de bens de natureza urbana e territorial. O primeiro salto produciuse a principios do século XX, cando se desenvolveu un cambio de concepto do monumento histórico e artístico, que pasou de ser considerado como un elemento illado a verse integrado nunha nova idea de patrimonio urbano. Isto determinou que as cartas internacionais como a de Venecia de 1964 ampliasen a noción de monumento histórico ao “conxunto urbano ou rural que dá testemuño dunha civilización particular, dunha evolución significativa ou dun acontecemento histórico”. Así, a Lei 16/1985 de Patrimonio Histórico Español (en diante LPH/85), incluíu xunto á categoría de monumentos, as de xardín histórico, conxunto histórico, sitio histórico e zona arqueolóxica.

En Galicia, a Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia introduciu a categoría de territorio histórico. Esta categoría empregouse posteriormente na Lei 3/1996 de protección dos tramos dos Camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante LPC/16), na que se considera o Camiño Francés, como “un ben de dominio público de carácter cultural, incluído na categoría de territorio histórico”. Ademais, ampliouse esta definición ao resto dos Camiños de Santiago, sempre que estivesen delimitados e recoñecidos documentalmente.

Para a protección do territorio histórico, a Lei 3/1996, do mesmo xeito que a LPH/85, trasladaba a protección dos conxuntos históricos (o Camiño de Santiago

xa foi declarado como tal en 1962) a un documento urbanístico como é o Plan Especial. Isto vaise a manter ata a actual Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia, que trasladará esta protección aos Plans Territoriais Integrados recollidos na Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia, e que referendou a actual Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia.

Pola súa parte, a LPC/16 ampliou as categorías anteriores de bens de natureza territorial ás “vías culturais”, asociadas á estrutura tradicional do territorio, cun relevante interese histórico, e ás “paisaxes culturais”, como obras combinadas da natureza e o ser humano. Así, o histórico –que para Riegl (1903) era un valor que caracterizaba o monumento e que para Giovanoni (1913) abranguía tamén os tecidos urbanos antigos– foise estendendo ao territorio e, de maneira xeral, ao construído, como recurso cultural, coa súa dimensión histórica e paisaxística.

Aínda que o concepto de paisaxe non é novo para a UNESCO, as súas Recomendacións para a paisaxe urbana histórica, publicadas en 2011, introduciron un cambio de escala na aproximación aos centros históricos (espazos entendidos intramuros). Estenderon o concepto ao conxunto urbano e á contorna xeográfica, como elementos fundamentais da conservación e xestión dos conxuntos urbanos. Incluíron, ademais, a protección e xestión das vistas, os usos e valores sociais e culturais, os procesos económicos e os aspectos inmateriais do patrimonio.

É a través desta conceptualización máis ampla dos centros históricos, ou das paisaxes urbanas históricas, como nos deberemos aproximar no futuro á súa protección e xestión. Iso implicará tamén a participación cidadá nos procesos de toma de decisións, evitando a ocupación e privatización do espazo público, cos novos usos ligados fundamentalmente ao turismo, aspectos que son tratados nas mesas 1 e 3 deste foro.

Por outra banda, a mirada intramuros, sen considerar as áreas de interacción co resto da cidade, ou os bordos dos ríos ou rías que están na orixe da súa formación, soportou historicamente procesos de degradación. Neles, aspectos relacionados coas limitacións á transformación da edificación, á mobilidade urbana ou á localización de equipamentos non foron convenientemente considerados nos plans especiais. Alén diso, a rehabilitación física debe ir ligada á rehabilitación económica e social, co obxecto de manter o uso residencial e o tecido social, evitando así a xentrificación.

Nas paisaxes rurais, pola súa banda, a dinámica aberta para os Camiños de Santiago e os procesos de delimitación do seu territorio histórico, xunto coa mellora na

identificación da súa traza orixinal, teñen aínda un amplo percorrido no que seguir investigando por parte da administración. Neste momento, o traballo redúcese a só parte dos camiños e existen numerosas dúbidas respecto dos trazados delimitados.

A protección do territorio histórico descansaba de forma equivocada nos plans especiais, cousa só xustificable en ausencia de instrumentos de ordenación do territorio. Hoxe apóiase correctamente nos plans territoriais, como condicionantes do plan municipal, aínda que non se percibe moita vontade de redactalos, precisamente para non supeditar ese plan, máis aló da faixa dos 30 m ao redor da traza delimitada.

As Directrices de Paisaxe de Galicia (Xunta de Galicia, 2021), que entraron en vigor o 20 de febreiro do 2021, inclúen referencias ao patrimonio cultural, material e inmaterial, en relación ás sendas, camiños de Santiago, vías históricas e tradicionais, como articuladoras do territorio. Fomentan o coñecemento do seu percorrido, así como das lendas e tradicións asociadas. Neste sentido, recollen a formulación que vén defendendo a Sección de Patrimonio do Consello de Cultura Galega, a través de xornadas e outras actividades, respecto a que a protección dos camiños históricos debe de ir máis aló dos Camiños de Santiago. Estas directrices fan referencia a instrumentos de natureza urbanística ou territorial para evitar, por exemplo, que vías romanas como a Vía XVIII, entre Braga e Astorga, que atravesa o sueste de Galicia, non teña ningún tipo de protección, máis aló das pontes e miliarios atopados.

Consideramos que tamén forman parte das paisaxes urbanas e rurais históricas o patrimonio material dos ríos –coas súas represas, canles de derivación, muíños, ferrerías, batáns, pontes, lavadoiros, ramplas, etc.– e o patrimonio inmaterial, relacionado con usos e costumes que hoxe, en gran parte, xa se perderon. A este patrimonio no que se recoñece a paisaxe dos ríos fai referencia a recente publicación do Consello de Cultura Galega sobre A posta en valor do patrimonio cultural dos ríos: Galicia e outros exemplos (Nárdiz, 2021).

A paisaxe necesita tamén de instrumentos de protección e xestión que fagan referencia á escala territorial dos mesmos, como ocorreu noutras comunidades autónomas. E igual que a LPC/16 introduciu a categoría de paisaxe cultural –na que se apoia, por exemplo, a declaración da Ribeira Sacra como BIC–, esta categoría debe soportar tamén a declaración do interese cultural de determinados tramos de ríos. Precísase unha medida que vaia máis aló da declaración de determinados elementos individuais, polo seu interese etnolóxico e porque forman parte do concepto aglutinador de paisaxe que recolleemos no «Ámbito de actuación 3: A paisaxe como parte do patrimonio e a cultura» do ET-1 desta mesa.





ET 2

A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO NO CENTRO DAS PAISAXES URBANAS HISTÓRICAS

Idea forza

Os conxuntos urbanos son un patrimonio diverso que debe incorporar a figura de paisaxe histórica urbana. Para a súa xestión, debemos entender que se trata de elementos vivos nos que o compoñente residencial e o tecido social xogan un papel determinante. Neste sentido, o xeito en que se intervén na cidade histórica debe permitir definir e asegurar os seus elementos vertebradores coa estrutura xeral urbana.

Descritor

Os conxuntos históricos urbanos están entre as manifestacións máis abundantes e diversas do noso patrimonio cultural común. Trátase dun patrimonio forxado xeración tras xeración, un testemuño crucial do quefacer e das aspiracións do xénero humano a través do tempo e o espazo, unha parte fundamental da identidade dos seus cidadáns. Unha cidade histórica constitúe un monumento, pero tamén é, ao tempo, un tecido vivo e dinámico, en constante evolución (UNESCO 2011).

Concéntrase neles a maior parte do patrimonio cultural, arquitectónico e arqueolóxico das cidades. Son para a cidadanía referente común da súa identidade, que os diferencia doutras localidades. Acollen equipamentos administrativos e conservan a localización dos principais centros de poder político, relixioso e administrativo. Concentran usos que van dende o lecer ao mercantil.

As características da súa trama urbana, responden na súa maioría ás transformacións sufridas durante a Idade Media. Caracterízanse por rúas estreitas, parcelario e edificacións antigas e mal conservadas. Estes condicionantes, unidos ao desenvolvemento das cidades ao longo da segunda metade do século XX, coa aparición de novos barrios, tivo como consecuencia o abandono do tecido residencial, provocando o seu deterioro e a conseguinte depreciación, degradación de usos e perda de poboación.

En gran parte dos cascos históricos das cidades de Galicia, destruíuse patrimonio durante a época do desenvolvemento urbano expansivo. Isto veu acompañado do abandono dos vellos edificios residenciais e o conseguinte traslado da poboación aos novos barrios, levantados fóra da cidade histórica. Tras perder o seu uso residencial e parte do patrimonio edifica-

Os conxuntos históricos urbanos están entre as manifestacións máis abundantes e diversas do noso patrimonio cultural común

do, o abandono das antigas edificacións permitiu, só no mellor dos casos, a conservación da estrutura histórica.

Os cascos históricos íllanse dentro dos distintos plans de desenvolvemento das cidades, evidenciando a incapacidade do urbanismo actual, derivado das teorías de finais do século XX, de seguir construíndo a cidade en termos de coherencia formal co existente. Porén, ao longo do presente século e froito das actuacións das distintas administracións, asistimos a unha corrente encamiñada á súa revitalización e toma de consideración dos seus valores dentro da cidade como orixe, referente e centro do seu crecemento urbano.

Estas estratexias de posta en valor dos centros históricos teñen dous puntos débiles, o primeiro de índole económica e o segundo de carácter social:

- O emprego maioritario dos conxuntos históricos con fins turísticos provoca a perda de poboación local, a aparición de establecementos hostaleiros, a proliferación de alugueiros turísticos e a emerxencia de franquicias de locais comerciais globalizadas. Estes factores fan que a paisaxe perda a singularidade e se converta nun espazo perceptivo común a moitas cidades.

A cidade histórica transfórmase así nun artefacto para xerar negocio vinculado ao turismo, substituíndo o tecido social e económico preexistente, que é parte da súa identidade. As cidades ven as funcións urbanas alteradas, converténdose en museos sen vida, como un obxecto de consumo.

Os edificios singulares acaban perdendo o seu carácter de fitos vertebradores da paisaxe urbana para transfigurarse en parte dun escenario como reclamos publicitarios co fin de xerar negocio.


- As políticas de revitalización e posta en valor dos centros históricos, unidas ao negocio do turismo, provocan un encarecemento do solo e as edificacións que fan difícil a permanencia ou o acceso da poboación de rendas máis baixas, desencadeando o fenómeno de xentificación.

Neste contexto, a UNESCO publica o documento *Recomendacións sobre a paisaxe urbana histórica*, introducindo unha nova forma de entender os centros históricos, así como novas ferramentas de xestión,

encamiñadas á protección dos espazos urbanos históricos e incorporando o concepto de paisaxe histórica urbana.

Enténdese por paisaxe urbana histórica a zona urbana resultante dunha estratificación histórica de valores e atributos culturais e naturais, o que transcende a noción de «conxunto» ou «centro histórico» para abarcar o contexto urbano xeral e a súa contorna xeográfica.

Este contexto xeral inclúe outros trazos do sitio, principalmente a súa topografía, xeomorfoloxía, hidroloxía e características naturais; o seu medio urbanizado, tanto histórico como contemporáneo; as súas infraestruturas, tanto superficiais como subterráneas; os seus espazos abertos e xardíns; a configuración dos usos do solo e a súa organización espacial; as percepcións e relacións visuais; e todos os demais elementos da estrutura urbana. Tamén inclúe os usos e valores sociais e culturais, os procesos económicos e os aspectos inmateriais do patrimonio na súa relación coa diversidade e a identidade.



Diagnóstico/Problemática/Contexto

En resumo, a situación administrativa dos conxuntos históricos en Galicia está como segue:

- Do total dos 744 BIC declarados, 24 son conxuntos históricos, 8 localizados na provincia da Coruña, 5 na provincia de Lugo, 5 na provincia de Ourense e 6 na de Pontevedra. Todos eles, a excepción do conxunto histórico de Castro de Rei, contan con de plans especiais de protección e/ou reforma interior; o máis antigo en vigor é de 1991 e o máis recente, con aprobación provisional, é de 2017. Estes 23 cascos históricos contan, ademais, con delimitación de áreas de rehabilitación integral. Deles, 15 dispoñen de oficinas de rehabilitación, que exercen a tutela nas actuacións que se están a desenvolver.
- O Catálogo de Barrios Vulnerables en España, realizado sobre as cidades españolas maiores de 50.000 habitantes, con datos dos censos de poboación e vivenda, así como do padrón de habitantes, nas datas de 1991, 2001, 2006, e 2011 inclúe os centros históricos da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo.

As declaracións dos centros históricos como bens de interese cultural supuxo unha forma concreta de protexer a cidade histórica. Foi de gran utilidade na chegada do desenvolvemento urbano expansivo dos anos 70-80-90, cun planeamento urbanístico dirixido ao control dos usos e dos aspectos cuantitativos, pero carente dunha estratexia clara de crecemento da cidade a longo prazo e, xa que logo, ineficaz no control da forma da cidade.

Neste contexto administrativo é necesario ter en consideración a implicación da cidadanía. A xeral falta de valoración dos elementos que configuran as arquitecturas da cidade histórica –con excepción, talvez, das fachadas– por parte da poboación, así como a falta de formación específica dos técnicos que interveñen no proceso de conservación e desenvolvemento dos centros históricos ata finais dos anos 90 do século XX, supuxeron que as figuras urbanísticas de protección dos cascos históricos fosen percibidas polos axentes vinculados ao seu desenvolvemento como un obstáculo para as actuacións de rehabilitación do patrimonio edificado. Afortunadamente, esta percepción está cambiando lentamente grazas á tutela e á divulgación das oficinas de rehabilitación municipais. No entanto, o camiño por avanzar é aínda de longo percorrido.

O investimento público por medio de axudas directas á rehabilitación, vinculadas á tutela destas oficinas de rehabilitación, garante a conservación de elementos singulares, máis aló das fachadas, así como a información e a formación dos diferentes axentes involucrados.

Obxectivos

1. Incorporar o concepto de paisaxe histórica urbana á conservación e protección dos centros históricos.
2. Integrar activamente a todos os axentes sociais que interveñen no proceso de planificación e xestión dos centros históricos.
3. Preservar o uso residencial dos centros históricos como garantía de integración no tecido social da cidade, evitando a especialización funcional e a perda da esencia urbana.
4. Sustentabilidade: ambiental, económica e social.

Necesidades

Polo exposto, faise patente a necesidade de novas formas de intervención na cidade histórica que permitan definir e asegurar os elementos vertebradores coa estrutura xeral. Porén, as políticas de xestión seguen baseándose na definición de ámbitos de protección en forma de áreas de respecto ou zonas de amortecemento, sen ter en conta a súa integración no resto da cidade. Por iso é necesario incorporar novos criterios de protección que inclúan o control dos impactos visuais que os novos desenvolvementos urbanístico-arquitectónicos exercen sobre a cidade histórica, co fin de preservar a súa integridade.

Por outra parte, a actuación sobre as áreas de amortecemento ha de ter en conta o compromiso entre continuidade e diferenciación da trama urbana. Entendemos que nin a integración ha de confundirse con homoxeneidade nin a diferenciación é sinónimo de excepción (Borja, Muxí 2001).

Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Incorporación á xestión das *Recomendacións sobre a paisaxe urbana histórica* da UNESCO.
2. Integración dos axentes implicados no desenvolvemento de estratexias e participación social.
 - Para os centros históricos, os proxectos prioritarios deben buscar a articulación co resto da cidade, como é desexable. Deben procurar tamén a recuperación dos espazos públicos e da infraestrutura de bens e servizos deteriorados, de xeito que se reafirme a identidade cultural e que se reactiven social e economicamente. Cómpre desenvolver proxectos que contén coa máxima participación dos axentes sociais e con compromisos establecidos para a súa realización, pois esta é a fórmula de éxito na xestión (Lalana 2011).
 - Achegamento á poboación e fomento de iniciativas populares que contribúan á apropiación cidadá da paisaxe urbana.
3. Equilibrio entre a explotación dos cascos históricos como recurso económico e o beneficio da poboación residente, identificada co seu patrimonio e cun papel insubstituíble para a súa conservación.
 - Posta en valor de edificios residenciais. Mantemento da poboación residente e recuperación do tecido residencial.
 - Acupunturas urbanas. Programas de vivenda social e de mellora do espazo público e da paisaxe urbana. Investimento en espazo público.
 - Multifuncionalidade. Mediante a incorporación doutros usos permanentes que complementen o uso residencial.
 - Control de impacto do uso turístico.
4. Proxecto urbano como figura de xestión, artellado como un compromiso entre obxectivos diversos: funcionamento urbano, promoción económica, redistribución social, mellora ambiental e integración cultural (Borja, Muxí 2001).
5. Intervención das administracións públicas como axente regulador e impulsor da transformación e cohesión dos tecidos urbanos e sociais.
6. Sustentabilidade: ambiental, económica e social.
 - A preocupación polo medio ambiente, sobre todo polo consumo de auga e enerxía, esixe novas formulacións e modelos de vida urbana baseados en políticas e prácticas que teñan moi presentes as cuestións ecolóxicas para mellorar a sustentabilidade e a calidade de vida das cidades. Pero moitas destas iniciativas tamén deben dar cabida ao patrimonio natural e cultural como recurso útil para un desenvolvemento sostible (UNESCO 2011).



A preocupación polo medio ambiente (...) esixe novas formulacións e modelos de vida urbana

Ámbito de actuación 2

INSTRUMENTOS TERRITORIAIS NA PROTECCIÓN E XESTIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

Idea forza

Os elementos patrimoniais non poden considerarse como elementos illados, senón que deben entenderse como integrados nun contexto ou territorio. Así, considérase que a dimensión territorial dos bens patrimoniais debería servir para introducir novos elementos de xestión do patrimonio dende a planificación, dende a coordinación entre administracións e dende a aplicación de técnicas cartográficas que poñan de relevo a dimensión territorial de certos bens.

Descritor

A noción de patrimonio, como di François Choay (1992), tivo unha tripla extensión, tipolóxica, cronolóxica e xeográfica, polo menos dende o século XVIII. O illado monumento histórico-artístico, cos seus valores conmemorativos e contemporáneos, será obxecto de culto ata ben entrado o século XIX, como ben estableceu Riegl en 1903.

A valoración dos tecidos urbanos construídos que Giovanoni realizou en 1913, dentro do concepto de patrimonio urbano, fundou unha nova doutrina para a conservación e restauración dese patrimonio. Pola súa parte, Patrick Geddes afirmou, máis recentemente, que as obras de enxeñaría e das terrazas son «as reliquias da antigüidade, moito máis importantes e notables que os textos que exploran os nosos arqueólogos». Estes dous feitos supuxeron unha primeira extensión tipolóxica e xeográfica da consideración previa do patrimonio relacionado exclusivamente cos monumentos.

Mesmo os compoñentes de Xeración Nós, que tamén comezaron nas primeiras décadas do século XX –a través do seu achegamento á paisaxe galega, aos elementos herdados e transferidos, conquistados ao longo das xeracións–, coa súa cultura material e inmaterial, tiveron unha escala de salto. Esta foi recoñecida por primeira vez en 1977, na Convención das Nacións Unidas sobre o patrimonio cultural e natural mundial, grazas á súa definición de lugares como obras do home e da natureza. Esta idea irá evolucionando ao longo do século XX ata chegar ao actual concepto de paisaxe cultural, recollido polo Consello de Europa no acordo de Florencia do ano 2000.

Na nosa comunidade, a Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia, introduciu a categoría de territorio histórico, a fin de dar protección aos Camiños de


A valoración dos tecidos urbanos construídos que Giovanoni realizou en 1913, dentro do concepto de patrimonio urbano, fundou unha nova doutrina

Santiago. Isto require a delimitación do seu territorio histórico, previa á declaración de BIC, así como a protección e xestión do mesmo fronte aos instrumentos urbanos e territoriais. Neste sentido, o valor patrimonial do territorio non só se mide na forma das pegadas que o home deixou nel, senón en termos de relacións, como ocorre co territorio asociado aos Camiños de Santiago. Nos mesmos termos poderíamos falar dunha vía romana, unha vía medieval, unha vía real do século XVI, as primeiras vías modernas do século XVIII, camiños do século XIX e algúns do século XX. Todos estes elementos posúen patrimonio material e inmaterial asociado, cuxo elemento organizador son as relacións que se producen ao redor do camiño ou da propia estrada (novas vilas cos seus tecidos construídos, igrexas, pontes, refuxios, hospitais, fontes, elementos de sinalización, parcelamento, etc.).

O mesmo se podería dicir dos restos arqueolóxicos, das plantas hidráulicas e das fábricas arredor dos ríos, das canles de navegación do século XVIII, dos elementos de fortificación arredor das fronteiras históricas ou das liñas de ferrocarril centenarias que perderon a súa primitiva funcionalidade. Todos os seus elementos patrimoniais –materiais e inmateriais– precisan instrumentos de protección e conservación a escala urbana e territorial.

Estes instrumentos en Galicia nin sequera se aplicaron no caso dos Camiños de Santiago delimitados, unha vez establecido o territorio histórico asociado á declaración BIC. Polo tanto, parece que en Galicia hai un longo camiño por percorrer na utilización dos instrumentos de carácter territorial reflectidos na lei de ordenación do territorio. Isto inclúe unha eiva na resolución dos conflitos que producidos pola xestión do patrimonio arqueolóxico, onde as técnicas de cartografía e prospección poden ser de grande utilidade.

En definitiva, considérase que a dimensión territorial dos bens patrimoniais debería servir para introducir novos elementos de xestión do patrimonio dende a planificación, a coordinación entre administracións e a aplicación de técnicas cartográficas que poñan de relevo a dimensión territorial de certos bens.



Diagnóstico/Problemática/ Contexto

Na exposición de motivos da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dise, en relación coa explicación do título I, que está baseada na consideración de que os bens inmobles non poden considerarse como elementos illados, senón que deben entenderse como integrados nun contexto ou territorio. Para facelo, establécese a delimitación obrigatoria dun contorno de protección –que xa estaba na lei anterior– e créase un novo instrumento coa inclusión da zona de respecto –ou amortecemento–, que debe delimitarse para cada activo en función das súas características.

Non obstante, o establecemento do contorno de protección (art. 12) e da zona de respecto (art. 13) non implica ningún cambio respecto á consideración de cada activo de xeito illado. Por tanto, debemos ir ás categorías de mercadorías que se atopan, á marxe da categoría de territorio histórico –que xa estaba na lei anterior–, coa de rutas culturais e a de paisaxes culturais –como novas categorías que se introduciron na lei actual–, para atopar bens naturais territoriais, xa que os conxuntos históricos non se deben tomar como tales, aínda que inclúen asentamentos de forma continua ou dispersa, sendo a súa natureza fundamentalmente illada e urbana.

Das vías culturais e das paisaxes culturais, máis alá da súa definición, non se di nada. Coa excepción dos Camiños de Santiago –aos que se lles atribúe natureza territorial–, os camiños –como os reais, por exemplo– están incluídos dentro do patrimonio etnolóxico (art. 91 3 f), no que tamén aparecen as fábricas tradicionais dos ríos. As obras de enxeñaría histórica, como estacións, presas, canles, subministracións, obras portuarias, etc., están incluídas no patrimonio arquitectónico (art. 88 1. f). Neste patrimonio arquitectónico tamén entran outros bens de carácter territorial, como a chamada arquitectura defensiva, conformada por castelos, torres, murallas, bastións, arsenais navais, etc. (art. 88 1 a). Por outra banda, obras de enxeñaría lineal como pontes e viadutos, xunto con infraestruturas para ferrocarril, terra, transporte marítimo e abastecemento de auga, están incluídas no patrimonio industrial (art. 104 d e f), aínda que sen ter en conta a súa natureza territorial.

Por tanto, hai que ir ao título VI (art. 73 a 82) para ver unha alternativa á protección e xestión do patrimonio cultural en relación cos Camiños de Santiago –catalogados na categoría de territorio histórico–. A través da delimitación da ruta e do territorio histórico –como se recolle na Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección de dous Camiños de Santiago–, os municipios polos que pasan están obrigados a incorporar aos instrumentos de planificación urbana determinacións específicas para o seu réxime de conservación, establecendo a obriga de elaborar un plan de protección e avaliación do Camiño de Santiago, que ten carácter territorial como plan territorial integrado (PTI).

Obxectivos


No lugar de plans supramunicipais temos un Plan Autonómico Básico, aprobado en agosto de 2018 e elaborado pola Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia, que permite descargar arquivos de bens patrimoniais en cartografía a escala 1:10.000, o que supón unha primeira aproximación a eles. O seu carácter segue a ser illado, pero a cartografía ofrece unha imaxe integradora que serve para identificar continuidades dun xeito lineal ou superficial e pensar en termos de relacións, a pesar das deficiencias que poidan existir con respecto aos activos identificados.

Os sistemas de información xeográfica (SIX), como o que se está a desenvolver en apoio deste plan básico autonómico, ofrecen unha poderosa ferramenta para ler o territorio por capas, incluída a dos bens patrimoniais. Non só serve para apoiar a redacción dos documentos urbanísticos, senón tamén para calquera intervención no territorio, como as derivadas de infraestruturas lineais de obras públicas (estradas, ferrocarrís, obras hidráulicas), intervencións de concentración parcelaria ou obras de urbanización. En ausencia de plans de carácter territorial, débese apostar por esta tecnoloxía para protexer o patrimonio cultural. Non obstante, son estes plans os que deben converterse nun obxectivo no futuro se queremos protexer certos bens como as paisaxes culturais; por exemplo, a da Ribeira Sacra.

Necesidades

A necesidade deste plan estaba xa marcada nas directrices de ordenación do territorio de Galicia, aprobadas en novembro de 2011 e tamén se atopa na vixente Lei de ordenación do solo, do 8 de xaneiro de 2021. Aínda que existen outros plans como os das áreas urbanas e metropolitanas ou o dos ríos, a escala supramunicipal non se redactou ningunha norma reguladora, a excepción do Plan de ordenación do litoral, aprobado en decembro de 2011.

Por tanto, vemos con escepticismo unha posible vontade, aquí en Galicia, de elaborar plans supramunicipais –tamén por parte do Ministerio de Cultura– sobre os territorios delimitados dos Camiños de Santiago e aínda menos doutros bens patrimoniais como os mencionados, a pesar da súa perentoria necesidade.



Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

Como puidemos comprobar no seminario que organizamos no CCG sobre Obras Públicas e Patrimonio Cultural (maio de 2014), en Galicia, debido ao seu grao de humanización histórica, adoitan producirse conflitos entre obras públicas e patrimonio cultural. Isto acontece de maneira especial con elementos que non aparecen identificado e que se manifestan cos propios movementos de terra derivados de obras públicas. Por tanto, existe aínda unha gran marxe de mellora dos proxectos, tanto en relación co catálogo de bens do patrimonio cultural de Galicia, como co que ten que ver co propio coñecemento e difusión que a Dirección Xeral de Cultura fai dese patrimonio.



Existe aínda unha gran marxe de mellora dos proxectos, tanto en relación co catálogo de bens (...), como co que ten que ver co propio coñecemento e difusión

Para evitalo –e esta é unha cuestión pendente nos proxectos e na xestión do patrimonio cultural–, débese facer todo o posible con técnicas cartográficas e prospección con modelos dixitais, a partir de inventarios ou catálogos de bens integrados nun SIX. Isto enriquecerá o coñecemento existente e mellorará os resultados do traballo de campo vinculado ao propio proxecto de obra pública ou a calquera infraestrutura de comunicación, enerxía ou urbanización.

Vimos como ás veces son as propias asociacións veciñais as que reaccionan contra a destrución de determinados elementos relacionados co patrimonio hidráulico, que conforman a paisaxe cultural dos ríos. Trátase dunha paisaxe que, como explicamos antes, ten un carácter territorial e debe estar por riba das decisións da empresa hidráulica de administración que xestiona os ríos, a pesar de que estas teñan superado previamente todos os trámites de avaliación ambiental.

Para concluír, a dimensión territorial dos bens patrimoniais debería servir para introducir novos elementos de xestión do patrimonio, dende a planificación –non só a planificación urbana, senón tamén territorial–, dende a coordinación e dende o uso de técnicas de cartografía de inventario asociadas a bases de datos que poñan de relevo esa dimensión territorial.

EIXE TEMÁTICO 3

ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DO PATRIMONIO

Ámbitos de actuación

1. Evolución dos criterios de xestión patrimonial e posibilidades da súa adopción
2. Situación xurídica e administrativa do patrimonio de Galicia

Descritor

As diferentes administracións públicas galegas son as primeiras responsables da tutela do patrimonio. Contan con medios, competencias e ferramentas para a súa xestión e protección. Estas ferramentas baséanse nos marcos legais, aparello administrativo, procedementos e prácticas desenvolvidas dende a Transición e a reconstrución da autonomía galega. Todo isto é resultado da historia político-institucional dos derradeiros 40 anos e, tamén, das súas limitacións e eivas.

Ao tempo que existen ferramentas e modos de acción ben asentados e potentes, hai outros apenas desenvolvidos e outros moitos que esperan ser executados ou oportunamente dotados de presuposto e medios. Algúns destes exemplos de ferramentas que agardan o seu desenvolvemento mostran a falla esencial dunha precisa e eficaz coordinación entre administracións; a escala galega, entre a administración autonómica e as locais; e a escala española, entre a administración galega e a estatal. A infradotación de medios e orzamentos para a xestión do patrimonio é un problema xenérico e continuado no estado español. Pero tamén o é un certo anquilosamento nos xeitos de xestión e administración que se fixeron comúns dende os anos 80 e 90 do pasado século XX.

Por iso, indo mais aló, a estas alturas do novo milenio hai varios aspectos importantes que cómpre ter en conta en relación co futuro e evolución da tutela patrimonial exercida polas administracións. Son tres necesidades: non só xestión, unha mellor administración, pero non só administración. Vexamos.

Tutela non é só xestión

O obxectivo da tutela patrimonial exercida pola administración non pode limitarse á súa xestión, senón que debe orientarse cara á súa valorización integral, en termos non só económicos, tamén sociais e culturais. Isto implica, ademais, unha xestión patrimonial na que a administración non se limite a «dicir que non» a simplemente pór límites e cautelas aos intereses –xeralmente lexítimos e cando menos comprensibles– dos axentes sociais. Un problema frecuente vén sendo a confusión da valorización coa posta en valor e, en concreto, coa rendibilidade turística. O proceso de valorización do patrimonio vai moito más aló disto e disólvese de feito nos procesos actuais de transformación do valor na sociedade da información e o coñecemento.

A tutela precisa dunha mellor administración

Hai que dicir con claridade suficiente, para que o entendan todos os interlocutores políticos e sociais implicados na xestión patrimonial, que unha mellor xestión do patrimonio cultural de Galicia demanda un incremento de recursos –en termos económicos, técnicos e humanos– que non se está a dar e que segue a ser unha prioridade pendente. A administración debe estar máis e mellor dotada de recursos para responder ás necesidades do patrimonio, ademais das demandas que os diferentes axentes sociais requiren.

Alén disto, a meirande parte das protestas por temas/conflitos patrimoniais responden a dous tipos: ben aquelas relacionadas coas limitacións que a administración impón para garantir a conservación do patrimonio, ou ben aquelas xurdidas por non atender suficientemente ese patrimonio. A sociedade no seu conxunto debe entender que estas queixas non teñen solución sen un maior esforzo orzamentario que debe esixir aos seus representantes políticos e estar disposta a admitir. Hai que dicir que facer reclamacións como as anteriores sen asumir o segundo é mera hipocrisía.

O problema de falla de recursos é maior, se cabe, porque no curso das tres derradeiras crises económicas (cambio de era, Gran Recesión e COVID), como consecuencia das prioridades urxentes en canto a gasto social, os orzamentos para patrimonio de todas as administracións sufriron recortes nas fases de recesión que non foron compensados nas fases expansivas subseguintes. Este asunto é urxente porque nada fai prever que na era post-COVID vaia pasar algo distinto e, máis ben, semella que o gasto e a inversión na xestión do patrimonio van ser novamente as partidas perdedoras.

A tutela implica non só á administración

A complexidade da actual xestión patrimonial, xunto coa propia complexidade, a pluralidade e os novos valores que as nosas sociedades están a desenvolver, require hoxe en día que a administración do patrimonio sexa exercida pola administración dun xeito abrangente, que inclúa os axentes sociais e políticos no seu conxunto, aspecto que foi tratado en profundidade na Mesa 3. Estes están á espera de seren incorporados activamente na xestión e valorización do patrimonio.

Así, as novas demandas sociais, a extensión das formulas participativas, a multiplicación de valores que se superpoñen e dificultan –cando non rematan en puros conflitos– as prácticas da xestión en todos os eidos, a urxencia de aplicar políticas inclusivas –de xénero ante todo, pero tamén en diferentes eivas sociopolíticas– fan urxente a plena incorporación do público á xestión patrimonial. As administracións teñen que assimilar isto e facer camiño para esta incorporación activa.

Todo isto reforza a impresión xeral de que en Galiza –como no resto do estado e, sen dúbida, en todas as nacións da nosa contorna– se está a percibir a necesidade de actualizar os mecanismos, os procedementos e os equipos de xestión do patrimonio. Non só é precisa unha renovación xeracional que a longa pervivencia da xeración da Transición está –dalgún xeito, aínda que non intencional– a bloquear, senón que este anquilosamento cruza transversalmente a xestión do patrimonio. Paradoxalmente, hai que modernizala, entendendo por tal adaptala a un mundo en proceso de transformación acelerado no que todo o que era familiar nas décadas de 1980 e 1990, cando se creou a autonomía galega, mudou. A lección do patrimonio é que unha persoa de 1992 podía ler e entender a paisaxe rural e urbana de 1950 mellor do que unha persoa do 2022 poderá entender a paisaxe de 1980.

Neste senso, hai que facer unha derradeira anotación. Dado o carácter abrangente e transversal do patrimonio, a súa xestión é un reflexo perfecto de todo o funcionamento dunha administración. Dende a xestión do patrimonio pódese monitorizar, mellor que dende a meirande parte dos restantes departamentos dunha administración, a marcha da mesma, coas diferentes políticas sectoriais. Isto, ademais de ser unha fortaleza da xestión patrimonial da que non sempre se obtén a maior rendibilidade posible, significa que o desenvolvemento das diferentes políticas sectoriais afectará á xestión do patrimonio, o que complica a situación aínda mais.





EVOLUCIÓN DOS CRITERIOS DE XESTIÓN PATRIMONIAL E POSIBILIDADES DA SÚA ADOPCIÓN

Idea forza

Os elementos patrimoniais non poden considerarse como elementos illados, senón que deben entenderse como integrados nun contexto ou territorio. Así, considérase que a dimensión territorial dos bens patrimoniais debería servir para introducir novos elementos de xestión do patrimonio dende a planificación, dende a coordinación entre administracións e dende a aplicación de técnicas cartográficas que poñan de relevo a dimensión territorial de certos bens.

Descritor

O respecto polas manifestacións do pasado non é exclusivo da sociedade actual. De ser así, non chegarían ata nós os que hoxe chamamos monumentos ou o legado inmaterial transmitido de xeración en xeración que conforma as nosas tradicións.

En 1931, un grupo de expertos na protección e conservación de monumentos de arte e de historia reuniuse en Atenas para tratar estes tema. Como conclusión deste encontro, redactaron a que hoxe coñecemos como Carta de Atenas, na que se recollen os principios básicos que deben rexer na conservación de monumentos.

Moi pouco tempo despois publicáronse outras cartas, protocolos e documentos doutriniais, moitos deles auspiciados pola UNESCO, e ano tras ano en diferentes partes do mundo fóronse desenvolvendo estudos que analizan os problemas aos que se enfrenta o patrimonio cultural. Estes estudos xa non se cinguen ao concepto inicial de patrimonio construído e tratan de achar solucións aos retos que se presentan en cada caso. É esta posta en común de criterios e valores o que fai destes documentos unha valiosa ferramenta de traballo en todos os ámbitos relacionados co patrimonio.

Coa finalidade de coñecer a evolución dos criterios, sobre todo dende o punto de vista da conservación, fixemos unha revisión dos máis relevantes e da Lei de patrimonio de Galicia en vigor. O que puidemos observar é que os criterios apenas evolucionaron e que o cambio máis substancial foi a inclusión paulatina doutros bens e conceptos dentro do patrimonio cultural.

É esta posta en común de criterios e valores o que fai destes documentos unha valiosa ferramenta de traballo

Diagnóstico/problemática/contexto

A realidade actual no seguimento dos criterios defendidos nas cartas e documentos internacionais déixanos un panorama pouco alentador. Deféndense na teoría pero, en moitas ocasións, non se cumpren na práctica. Esquecemos a conservación preventiva, o criterio de mínima intervención, o respecto pola pegada que deixa o paso do tempo, etc. Todo isto en bens inmobles e mobles cunha longa traxectoria de recomendacións para a súa protección; se nos fixamos no patrimonio inmaterial ou na protección das contornas e paisaxes, conceptos adoptados máis recentemente, posiblemente as carencias sexan moito maiores.

Aínda que la Lei de patrimonio de Galicia asume o seu compromiso cos documentos internacionais e nalgúns casos é realmente ambiciosa, na nosa opinión, obviaron algúns aspectos relevantes, como poden ser:

- *A conservación preventiva*: é unha das ferramentas máis importantes para preservar o noso patrimonio nas mellores condicións para poder transmitirlo ás xeracións futuras nun estado nunca peor do que tiña cando o recibimos. A conservación preventiva afástanos tamén das actuacións excesivamente custosas para tratar de recuperar o perdido pola negligencia no coidado.
- *O cambio ambiental*: ten unha incidencia importante non só na saúde das persoas, senón tamén nas construcións históricas nas partes expostas á intemperie.
- *A descontextualización*: os bens patrimoniais deberían conservarse sempre *in situ*, evitando por todos os medios posibles o seu desprazamento. En Galicia aínda se seguen trasladando cruceiros e hórreos, baixo o amparo da lei en vigor, sempre que se manteñan dentro da súa contorna de protección.
- *O patrimonio tradicional*: é un patrimonio en perigo porque se destrúe por descoñecemento ou se degrada por abandono ou mal uso. A lei de 2016 detalla unha lista de bens que poden ser catalogados, pero non se detén nos conxuntos que forman os asentamentos humanos, coa súa inevitable evolución, mais que manteñen a súa identidade e cuxa integridade e harmonía deberían ser preservadas
- *O turismo*: non aparece como concepto na lei de patrimonio cultural de Galicia, aínda que o turismo cultural é unha fonte de ingresos na nosa comunidade que necesita unha regulación. Fronte ao beneficio da revitalización dalgunhas poboacións, podemos tamén atoparnos coa sobreexplotación e coas interpretacións erróneas dos conxuntos históricos e tradicións, así como, tal vez, coa interferencia dos turistas na vida cotiá dos habitantes.

Obxectivos

Como transmisores –e non donos– do patrimonio, temos o deber de valorar e conservar o seu significado e transmitírllelo ás xeracións futuras. Neste sentido, as diferentes cartas sinálanos os obxectivos teóricos para unha boa praxe. As manifestacións do rico patrimonio cultural de Galicia teñen o seu espazo nestes documentos doutriniais. Por tanto, poden servirmos de guía para garantir a súa preservación.

Talvez o reto máis interesante, á parte de desenvolver as medidas correctoras que se consideren necesarias, é involucrar e estimular ás xeracións actuais de todos os ámbitos sociais para que sexan os conservadoras e transmisoras imprescindibles deste significado e da súa materia.

Necesidades

- Primar a conservación preventiva e aplicar o criterio de mínima intervención; e non para os bens artísticos, como fai agora a lei. O criterio de mínima intervención implica a conservación do ben cultural sen que se produza un cambio substancial nel; é dicir, realizar as tarefas mínimas necesarias para preservar o ben, que poden ser máis ou menos intensas, aínda que ás veces é preferible non intervir, simplemente previr. A Lei debería definir o que significa a “pátina de valor cultural” porque estamos a ver numerosas intervencións nas que desaparece a pegada que o paso do tempo deixa nos materiais sen comprometer a súa conservación.
- Dotar de recursos humanos e económicos a todas as partes involucradas na conservación e transmisión do patrimonio cultural.

Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

O patrimonio máis fácil de conservar é o monumental, pola dotación de recursos cos que conta e porque as medidas de conservación para estes bens están bastante desenvolvidas. Menos protexido está o patrimonio vernáculo, ben por abandono, ben pola alteración dos hábitats e das súas contornas. E cando se trata de patrimonio inmaterial a situación é aínda máis complexa. En parte, está relacionada co anterior; a transformación dos modos de vida e o abandono das aldeas e oficios, os nichos fundamentais da nosa cultura popular, fan que nunha soa xeración desaparezan moitas das tradicións centenarias que conforman o patrimonio inmaterial.

Co fin de evitar erros no futuro, é necesario defender nos criterios o valor de todos os elementos do patrimonio cultural, pois todos son portadores da historia, como un ben propio que desexamos protexer. Esta vontade de protección, conservación e transmisión debe estar fundamentada no verdadeiro aprecio a todo os bens culturais e non só no interese naqueles elementos que podemos «vender» aos turistas.



É necesario defender nos criterios o valor de todos os elementos do patrimonio cultural, pois todos son portadores da historia

Canto á intervención dos bens inmoables, debemos ser moi rigorosos e controlar que os criterios baseados nas cartas se cumpren. Por tanto, é imprescindible dotar as administracións responsables de persoal cualificado suficiente que faga un seguimento rigoroso dos proxectos e intervencións nos bens culturais.

Por outra banda, é moi importante a formación de equipos interdisciplinares para cada proxecto, é dicir, contar con todos os especialistas necesarios cuxo número e formación variará dependendo de cada intervención. Así mesmo, cómpre valorar a traxectoria profesional fronte á baixada de prezos que cada vez se prima máis dende as administracións públicas. Un traballo de calidade, ademais de boa vontade, necesita recursos económicos.

Como case nada é estático, tampouco o serán as circunstancias do patrimonio cultural co paso do tempo. As recomendacións que se recollan nas futuras cartas poden seguir sendo o carreiro para seguir. As ideas que se plasman nelas non pertencen a unha soa persoa, senón a unha comunidade global que se pon de acordo para salvagardar un patrimonio cada vez máis multicultural e, por tanto, máis enriquecedor.

Ámbito de actuación 2

A lei non pretende outorgar un réxime de protección específico a todos e cada un dos bens que forman parte do patrimonio cultural de Galicia

SITUACIÓN XURÍDICA E ADMINISTRATIVA DO PATRIMONIO DE GALICIA

Idea forza

A lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia outorga un réxime de protección aos bens declarados de interese cultural e a aqueles incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. O actual número de BIC pode non reflectir a imaxe que, polo seu peso territorial e histórico, ten Galicia no Estado Español. Pode tamén non ser suficientemente representativa da realidade patrimonial e incluso non ser coñecida en profundidade pola sociedade galega.

Por isto, é necesario promover un debate amplo sobre o modelo do patrimonio cultural galego que se quere desenvolver. Cómpre fomentar o coñecemento dos bens declarados BIC e catalogados. Ademais, é preciso promover, con carácter crítico e suficientemente consensuado, as declaracións e catalogacións de bens culturais, que deberán ser utilizadas para mellorar a estruturación das comarcas e territorios de Galicia, empregando o patrimonio cultural como un motor e recurso activo para o desenvolvemento.

Descritor

Galicia asumiu a súa competencia plena e exclusiva en materia de patrimonio cultural en 1984. No último século estiveron en vigor dúas leis nacionais (a republicana Lei do 13/05/1933 LDCAPHAN e a Lei 16/1985 LPE) e dúas leis galegas (as leis 8/1995 LPCG e 5/2016 LPCG). A protección xurídica que establece esta última, a vixente Lei do patrimonio cultural de Galicia, a Lei 5/2016, baséase na caracterización dos bens e na avaliación e comparación do posible interese e valores culturais que cada un ten.

Esta lei non pretende outorgar un réxime de protección específico a todos e cada un dos bens que forman parte do patrimonio cultural de Galicia. Concédello, dunha banda, a aqueles nos que a caracterización dos seus valores culturais determine que posúen un carácter máis sobranceiro; estes serán declarados ben de interese cultural. Doutra, adxudicallo a aqueles outros que, sen chegar a esta cualificación e declaración, posúen un notable valor cultural; estes serán rexistrados como bens catalogados, é dicir, bens incorporados ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia a través de calquera dos procedementos de inclusión previstos na lei. Pola súa parte, o Censo do Patrimonio Cultural,

recolle os bens culturais que non merecen ser declarados de interese cultural ou catalogados, para os efectos da documentación, estudo, investigación e difusión dos seus valores.

Alén disto, existe a obriga –que atinxe a todos os poderes públicos– de integrar a protección do patrimonio cultural nas súas políticas sectoriais. A normativa en vigor esíxelles prestar a debida atención á integración da salvagarda do patrimonio cultural como concepto reitor no desenvolvemento das súas políticas sectoriais. Así, paseniñamente, a protección do patrimonio cultural estase a integrar de forma transversal nas políticas de xestión do territorio, medioambientais e paisaxísticas, así como nas de vivenda, educación, turismo e nas de xestión do solo e os seus usos característicos (urbanismo, política rural, forestal, augas, litoral...).

Por outra parte, o coñecemento e difusión dos bens do patrimonio cultural de Galicia está en continuo crecemento. Xa se incorporan nel as máis recentes categorías de cualificación de bens recoñecidas internacionalmente, como o patrimonio industrial, as paisaxes culturais ou o patrimonio inmaterial. Porén, a representación dos bens nas distintas categorías non é homoxénea. Existen patrimonios insuficientemente representados: o etnográfico, o das obras públicas, as paisaxes, os conxuntos históricos, os lugares de valor etnográfico... Outros, non obstante, poderían estar sobrerrepresentados: os monumentos relixiosos, os camiños a Santiago...

Deste xeito, o conxunto dos BIC galegos pode non reflectir, de forma suficiente, a imaxe que polo seu peso territorial e histórico ten Galicia no Estado Español. Non obstante, os BIC declarados de forma xenérica e os bens catalogados, tutelados na práctica de forma exclusiva pola Consellería de Cultura, superan aos de moitas outras autonomías. Isto dificulta o bo desenvolvemento da xestión patrimonial e xera unha opinión non suficientemente satisfactoria por parte de todos os estamentos da sociedade.

Diagnóstico/Problemática/Contexto

A actual lei 5/2016 do PCG non pretende outorgar un réxime de protección específico a todos e cada un dos bens que forman parte do patrimonio cultural de Galicia, senón só a aqueles nos que a caracterización dos seus valores culturais determine que posúen un carácter máis sobranceiro, que serán declarados ben de interese cultural, e a aqueles que sen chegar a esta cualificación, se determine que posúen un notable valor cultural. Estes serán incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia a través de calquera dos procedementos de inclusión previstos na lei.

O conxunto dos bens pertencentes ao patrimonio cultural de Galicia inscritos nalgún dos dous devanditos rexistros de protección, de forma cuantitativa, pódense describir cos seguintes datos:

- Bens incluídos na Lista do Patrimonio Mundial: 4.
- Bens declarados de interese cultural: 744.
 - Bens inmoables declarados de interese cultural: 711.
 - Bens mobles declarados de interese cultural: 22.
 - Bens inmateriais declarados de interese cultural: 11
- Bens incoados para a súa declaración de BIC: 27.
- Bens catalogados: 62.946.
- Bens arqueolóxicos inventariados: 21.085.
 - Bens arqueolóxicos catalogados: 17.085.

Cabe notar que o número de bens inmoables rexistrados como BIC en Galicia (711), en relación co do Estado Español (17.621), é inferior (8.º posto) ao que teoricamente lle correspondería atendendo á súa superficie (5.º posto). Porén, isto refírese só aos bens que foron efectivamente rexistrados. Se temos en conta os bens que contan coa consideración de BIC de forma xenérica (cruceiros, hórreos, castelos e petróglifos) o número dos BIC galegos superaría de forma significativa o do resto das comunidades autónomas. O número de bens destas tipoloxías que existen en Galicia é descoñecido e non figura en ningún rexistro oficial.

A provincia galega con máis BIC é Pontevedra (331) síguelle Lugo (156) e a Coruña (150). A que menos BIC ten é Ourense (77). A maior parte dos BIC rexistrados (744 bens incluídos no rexistro) son bens materiais (733) e inmobles (711). A categoría máis representada é a de monumento (o 70% do total). Dos 744 bens rexistrados, 281 contan cunha declaración específica e 463 son bens declarados de forma xenérica ou por determinación da lei.

Atendendo aos bens declarados de forma singular (281), os máis numerosos son os relixiosos (110) –a Igrexa Católica é o maior propietario de BIC–, seguidos moi de lonxe pola arquitectura civil pública (18) e os pazos (21). Pola súa parte, o patrimonio industrial, con 5 bens, e o das obras públicas, con 6, podería entenderse que están insuficientemente representados. Algo semellante acontece coa arquitectura tradicional, que con 7 bens reflicte tamén unha representación moi escasa se atendemos ao volume, diversidade e singularidade que esta ten en Galicia.

Por último, en comparación co patrimonio arquitectónico, o patrimonio arqueolóxico (26) aparece menos representado. Nomeadamente, o número de castros declarados BIC (13) en relación co número total de castros que existe en Galicia tamén semella que podería ser maior.

Obxectivos

1. Difundir e achegar á sociedade o conxunto de BIC de Galicia, a súa importancia e o seu significado, así como o sentido, a necesidade e o obxecto da súa protección.
2. Promover e incrementar o coñecemento, análise e prospección cultural crítica do patrimonio galego para construír un corpus de BIC máis homoxéneo e representativo da diversidade e interese das manifestacións culturais dende a antigüidade ata a actualidade.
3. Incorporar elementos sobranceiros –e suficientemente representativos da identidade da cultura galega– dos patrimonios menos representados: o artístico, a arquitectura e manifestacións culturais do século XX, o arqueolóxico, o etnolóxico, as obras públicas, o industrial ou o inmaterial.
4. Promover de forma singular o recoñecemento e rexistro como BIC de bens característicos da


arquitectura tradicional, en todas as súas manifestacións, incluíndo os castros e as expresións do patrimonio cultural inmaterial, pola singularidade dos valores que os caracterizan derivados da singular orografía, clima e das formas de ocupar o territorio e da expresión da vida tradicional propios da cultura de Galicia.

Necesidades

Galicia, atendendo á súa historia e á distribución da súa poboación e manifestacións culturais, podería ocupar un lugar máis relevante no rexistro do patrimonio cultural do Estado Español. Semella que existe, aínda, patrimonio cultural sobranceiro sen rexistrar.

A distribución dos bens culturais declarados BIC en Galicia non parece ser homoxénea se observamos a súa distribución territorial. Existen amplas zonas que non contan con ningún BIC. Esta eiva non semella que responda, exclusivamente, a razóns demográficas, históricas ou de falta de valor cultural dos bens.

A declaración de BIC en lugares que carecen deles podería ser un recurso de dinamización e desenvolvemento de zonas pouco activas ou deprimidas na Comunidade Autónoma de Galicia.



Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

Recoméndase promover un debate amplo sobre o modelo do patrimonio cultural galego que se quere establecer. Entre os aspectos que hai que avaliar deberían figurar a representación dos distintos patrimonios, a sustentabilidade, o compromiso con outras políticas –especialmente as relacionadas co coidado do planeta, a loita contra o cambio climático e a mellora da calidade de vida das persoas–, a axuda ao seu mantemento por parte dos propietarios e a posibilidade de non aspirar/obrigar a manter o 100% dos bens que o integran.


É necesario fomentar o coñecemento dos bens do patrimonio cultural galego inscritos: bens declarados de interese cultural e catalogados. Deben entenderse como o conxunto máis senlleiro e representativo do noso patrimonio, aquel que recolle os bens que non poden desaparecer. Cómpre tamén establecer un criterio consensuado para a formalización deste rexistro e da súa estrutura, con especial atención á declaración e rexistro dos BIC.

Faise preciso promover, con carácter crítico e suficientemente consensuado, a investigación, a documentación, o rexistro documental exhaustivo e a declaración dos bens máis sobranceiros integrantes do patrimonio cultural.

Por último, cómpre, empregar as declaracións de BIC para mellorar a estruturación das comarcas e territorios de Galicia a fin de utilizar o patrimonio cultural como un motor e un recurso activo para o desenvolvemento, especialmente daquelas zonas máis deprimidas.



Cómpre empregar as declaracións de BIC para mellorar a estruturación das comarcas e territorios de Galicia



ET 3

A POTENCIALIDADE DOS PLANS NACIONAIS PARA A XESTIÓN DO PATRIMONIO

Idea forza

Os plans nacionais son os instrumentos de xestión máis completos que existen en España. Posibilitan o traballo coordinado entre administracións e integran neles entidades públicas e persoais que abren a posibilidade da participación de todos os axentes sociais nesta xestión. Considérase que poderían tomarse como modelo para a xestión integral do patrimonio cultural galego, liderado pola administración autonómica coa participación de todos os axentes implicados na mesma.

Descritor

Os plans nacionais, que na actualidade alcanzan a cifra de catorce, son instrumentos básicos de xestión integral en materia de patrimonio. A súa evolución posibilitou a creación e organización dunha ferramenta que hoxe se consolidou como unha máis que adecuada forma de xestión patrimonial. Dende a previsión e formulación definitiva dos plans iniciais ata os que existe na actualidade houbo cambios significativos. Estas mudanzas son froito da evolución das concepcións teóricas en materia de patrimonio e dos avances producidos neste campo, o que determina que os novos plans aparezan definidos polos principios do transversalidade.

Partindo disto, pódese afirmar que estes plans son os instrumentos máis completos de xestión integral que existen en España. Este valor vén determinado polo impulso que teñen das diferentes administracións, que funcionan de forma coordinada, á vez que pola integración neles de entidades públicas e persoais, o que abre a posibilidade de participación de todos os axentes sociais na xestión de patrimonio.

Este aspecto, o da participación de todos os axentes sociais, resulta altamente positivo; ata tal punto que a acción coordinada de todos estes debería de estar presente en calquera proxecto, con independencia do ben que sexa obxecto da xestión. É por iso que en toda intervención destas características, xunto á obrigada necesidade dunha planificación e metodoloxía, que sempre –con maior ou menor desenvolvemento– existe, habería tamén que ter presente a participación activa das diferentes administracións, das entidades

Estes plans son os instrumentos máis completos de xestión integral que existen en España

persoais e públicas, á vez que tamén, aínda que con diferente grao de responsabilidade, a dos diferentes axentes sociais.

Esta formulación de necesidade extrapolada dos diferentes plans, partindo da importancia desta figura de xestión, condúcenos a unha serie de interrogantes que non teñen fácil resposta. Sería posible crear e poñer en marcha unha ferramenta similar no caso galego? Que administracións estarían involucradas? Que axentes sociais poderían participar niso?

Xunto con estas primeiras cuestións, quedaría sen resposta outra máis respecto das posibilidades de implementar para a xestión integral do patrimonio cultural galego unha figura semellante á dos plans nacionais. A complexidade do asunto debe ser obxecto de debate, tendo en conta que se trata dunha ferramenta de xestión cuxos resultados só se poden percibir a medio e longo prazo. Naturalmente, a Xunta de Galicia debería ser a encargada de tutelar o proxecto. Nel deberían participar tanto as administracións locais, como as provinciais e todas as entidades públicas e persoais que se considerase, á vez que os diferentes axentes sociais, do mesmo xeito que sucede no caso dos plans nacionais.

O segundo dos elementos para ter presente desta valoración positiva dos plans como ferramentas de xestión integral é o seu desenvolvemento. Para iso, establécense unha serie de obxectivos propios, principios, directrices e razón de ser de cada un dos plans. Estes, á súa vez, presentan uns criterios e unha metodoloxía específica para cada un dos campos que hai que desenvolver dentro do proceso de xestión integral. Tamén teñen que desenvolver unha programación acorde, con aspectos que se nacen e se integran no proxecto en función dos obxectivos definidos. Non se trata, por tanto, de xestionar bens concretos de forma illada, senón de facelo de forma ordenada e coherente co conxunto do que fan parte, dende os primeiros momentos, seguindo os principios, criterios e obxectivos que se explican no plan e que o ben comparte con outros bens que se integran nesta mesma ferramenta.

Novamente, en relación a este tema volven xurdir interrogantes respecto das necesidades precisas para o caso dos bens galegos. Tamén na definición de obxectivos en función de diversos contextos –que poden ser formais ou transversais– nos que agrupalos e dende a que desenvolver a tan ansiada e necesaria xestión integral. Todos estes aspectos non son cuestións fáciles de resolver, por necesarias que se consideren.

Do que non hai dúbida é de que coa implementación desta ferramenta de xestión integral sería posible efectuar unha xestión coherente dos bens. En materia

de intervención, este campo veuse desenvolvendo de maneira bastante axeitada, pero tendo sempre presente o carácter do ben como entidade illada e non como parte dun conxunto no que se integra e ao que enriquece. Tamén cómpre pór a atención en aspectos relacionados coa investigación ou a difusión, a fin de involucrar á sociedade na custodia e conservación do propio patrimonio, así como na salvagarda dos valores que neste converxen e que deben ser preservados para o futuro.

Todos estes aspectos, que parecen sinxelos, non sempre se desenvolven de igual maneira. Na maioría dos casos, as cuestións relacionadas coa intervención ou a conservación afástanse dos principios da difusión ou se conciben como tarefas que se planifican de forma separada unhas das outras.

Con base nisto, xorden novamente unha serie de preguntas coas que se profunda na necesidade de desenvolver actuacións de xestión integral. Poderíase organizar unha planificación destas características para o caso galego? Cales serían as dificultades para a súa implementación? Por que non se programan actuacións de xestión integral en colaboración con outras entidades seguindo os mesmos principios en función da súa clasificación? Tería vixencia un sistema baseado nestas ferramentas para o sistema galego?

Se fose posible implementar unha ferramenta destas características, aínda tendo presentes todas as dificultades e retos que suporía a súa posta en marcha, o seu financiamento e a súa adecuación á realidade do patrimonio cultural en Galicia, penso que o resultado sería adecuado. Con esta ferramenta lograríase un principio de clarificación á sempre complexa xestión patrimonial, que partiría dunha formulación metodolóxica e dunha planificación que abarcaría todos os aspectos do ben, integrado no conxunto ao que pertencese. Isto permitiría apostar decididamente pola xestión integral dos bens e entender esta, con independencia de por quen estea capitaneada, apoiada ou seguida, como un compromiso de toda a sociedade e non só –como sucede moitas veces na actualidade– das administracións ou institucións implicadas na súa protección, conservación e difusión.



Asistentes ás xornadas do Foro Patrimonio e Sociedade

Diagnóstico/Problemática/Contexto

Os plans nacionais de patrimonio cultural teñen a súa orixe nos anos oitenta do século XX. Trátase de instrumentos básicos de coordinación en xestión integral de bens culturais. Esta coordinación prodúcese entre diferentes administracións e membros de entidades públicas e privadas que participan de forma activa na súa redacción e seguimento. Con todo, a súa aprobación definitiva é competencia do Consello de Patrimonio Histórico, organismo que se encarga da súa elaboración e redacción, acorde ao establecido na lexislación de patrimonio (RD111/1986 de desenvolvemento parcial da LPHE, art. 3 B).

Así, os plans xorden como unha síntese de dúas figuras anteriores establecidas pola lexislación en materia de patrimonio: os plans nacionais de información e os plans nacionais de conservación e restauración do patrimonio histórico español. Os primeiros nacen no marco da LPHE, na que se establece que a administración do estado adoptará as medidas necesarias para facilitar a colaboración dos poderes públicos e solicitar a información necesaria (art. 2. LPHE). Estes plans teñen as seguintes finalidades: protexer os bens; facilitar o seu acceso á cidadanía; fomentar a comunicación entre os diferentes servizos e promover a información para desenvolver a investigación (Art. 35.1. LPHE). Polo que respecta aos segundos, os plans de conservación e restauración de patrimonio histórico español, nacen vinculados ao que hoxe é o IPCE. Corresponderíanlles, entre outras funcións, a elaboración destes instrumentos (Art. 5. RD 565, de 24 de abril polo que se establece a estrutura básica do Ministerio de Cultura).

O contido dos plans nacionais de patrimonio, como é lóxico, difire duns a outros en función da temática na que se centran. Porén, todos eles presentan catro bloques comúns que lles confiren unha certa unidade: aspectos básicos do obxecto de estudo, aspectos metodolóxicos, criterios de actuación e estratexias de execución e seguimento. Este seguimento efectúase unha vez aprobado o plan por parte dunha comisión na que participan técnicos do ministerio, das comunidades autónomas e expertos. Trátase, como se ve, de procesos participativos e coordinados baixo a supervisión de Consello de Patrimonio Histórico.

Os plans nacionais existentes na actualidade pódense dividir en dous grandes grupos, que se corresponden con marcos cronolóxicos diferenciados. O primeiro grupo sería o que se realiza entre 1990-2010, no que se pon en marcha un total de seis plans encabezados polo chamado Plan de Catedrais, que será o primeiro que se materialice e que servirá de modelo aos seguintes. Todos eles estrutúranse con base en conxuntos delimitados e que tradicionalmente se abordan con metodoloxía clásica. Xunto co xa citado das catedrais pertencen a este grupo os seguintes plans: Plan de abadías, mosteiros e conventos, Plan de paisaxes culturais, Plan de patrimonio industrial, Plan de arquitectura defensiva e Plan de patrimonio subacuático.

Unha segunda etapa é a comprendida entre 2010-2016. Nestes anos prodúcense dúas actuacións significativas: por unha banda, leva a cabo a revisión metodolóxica do seis plans existentes; por outra, impleméntanse oito plans máis, que xa parten de postulados diferentes aos anteriores. Agora prímase a creación destes instrumentos relacionados con tipos patrimoniais específicos: Plan de patrimonio cultural inmaterial, Plan de arquitectura tradicional, Plan de conservación do patrimonio fotográfico e Plan de conservación do patrimonio cultural do s. XX. Ademais, postúlase como temática o establecemento de materias transversais: Plan de conservación preventiva, Plan de investigación en conservación de patrimonio cultural, Plan de educación en patrimonio e Plan de emerxencias e xestión de riscos en patrimonio cultural.

Obxectivos

1. Fortalecer as actuacións levadas a cabo no marco dos plans nacionais, darlle maior visibilidade e difundir a necesidade de accións coordinadas que poidan afectar a bens que se atopan na nosa comunidade, tanto as que estean integradas en plans nacionais como aquelas que se executan fóra deles.
2. Ampliar a difusión das accións de coordinación por medio de repositorios dixitais das actuacións desenvolvidas en función destes proxectos de xestión integral, así como a divulgación dos documentos elaborados para iso.
3. Mellorar a coordinación técnica e metodolóxica, partindo dos criterios establecidos para os plans nacionais, coa creación de documentos reitores nos que se propoñan actuacións a executar no patrimonio cultural.
4. Potenciar o debate para definir os criterios de programación de actuación no patrimonio cultural galego por medio da elaboración de documentos metodolóxicos que permitan a xestión integral dos bens do patrimonio.

Necesidades

A importancia dos plans nacionais como documento de xestión integral está totalmente consolidada e o seu valor é incuestionable. Con todo, faise necesario incrementar a difusión dos criterios seguidos para que esta metodoloxía poida extrapolarse a outros tipos de actuación na nosa comunidade.

Cómpre implementar –na medida das posibilidades, cun incremento nos recursos–, o modelo de plan de xestión integral para as actuacións no patrimonio realizadas en Galicia. Ademais, débense potenciar políticas de seguimento que partan do compromiso e a coordinación de todas as partes implicadas na xestión dos bens de patrimonio, tanto a administración os axentes sociais.

Por último, é necesario xerar na nosa comunidade foros de debate para o desenvolvemento teórico-metodolóxico das diferentes programacións levadas a cabo no patrimonio cultural. Ao tempo, é preciso que se establezan unha serie de prioridades na programación das diferentes intervencións.



Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

As recomendacións para dar resposta a estas necesidades ou debilidades detectadas son as seguintes:

1. Diseñar os instrumentos e documentos que permitan levar a cabo unha acción coordinada para lograr a xestión integral dos bens do patrimonio cultural galego, entendendo esta como a creación da base informativa para o establecemento das prioridades no campo de actuación no patrimonio cultural.
2. Fomentar a participación das diferentes administracións e dos axentes sociais implicados no deseño e seguimento das actuacións de programación no patrimonio cultural, así como definir as metodoloxías de actuación que se poidan extrapolar.
3. Potenciar a difusión das actuacións no campo do patrimonio por medio da mellora da información contida en repositorios, de xeito que se abonde na necesidade do consenso e a coordinación nas actuacións no campo do patrimonio cultural, á vez que se cree un observatorio de boas prácticas en relación con iso.



Desenvolver a metodoloxía establecida, aprendida e deseñada nos plans nacionais para outras actuacións no patrimonio cultural

4. Desenvolver a metodoloxía establecida, aprendida e deseñada nos plans nacionais para outras actuacións no patrimonio cultural, establecendo programacións nas que se potencie a xestión integral dos diferentes bens, á vez que se fomenten con iso os procesos participativos no patrimonio cultural.
5. Promover a investigación científica e técnica no patrimonio cultural por medio da creación de documentos que garantan o coñecemento exhaustivo sobre os diferentes bens de forma previa ás diferentes actuacións.

EIXE TEMÁTICO 4

XESTIÓN DO PATRIMONIO E SOCIEDADE

Ámbitos de actuación

1. As demandas do público sobre o patrimonio: unha visión dende a Valedora do Pobo
2. Novos pasos para unha xestión pública e integrada do patrimonio

Descritor

Á luz da discusión desenvolvida nesta Mesa 2 sobre a xestión patrimonial, abonda a impresión de que está a chegar a hora de tornar o patrimonio á sociedade. Referímonos a ir máis aló da simple protección do patrimonio para o gozo común da cidadanía. Esta tarefa de protección e conservación é algo que, con maior ou menor fortuna, teñen cumprido as políticas patrimoniais dende a recuperación da autonomía de Galicia, dando representación a unha vontade recoñecida tanto polo aparato lexislador como polo político e o técnico neste anos. Porén, cando falamos de tornar o patrimonio á sociedade, queremos referirnos a algo máis.

Chegou o momento de implicar plenamente ao público, artellado no caso de Galicia como unha cidadanía complexa, de natureza cada vez máis rururbana, e a través de axentes sociais organizados, na cadea de valor (CVPC) enteira do patrimonio. As queixas que recibe a Valedora do Pobo son un bo exemplo desta demanda social crecente.

As boas prácticas de xestión patrimonial, neste momento chave da nosa historia moderna marcado pola artificialización a escala global do medio que reduce a experiencia do cambio climático e a sindemia COVID-19 a fenómenos concretos dun proceso máis xeral, pasan pola incorporación do público ao campo do patrimonio. Isto implica a conxunción ordenada dos intereses e expectativas da cidadanía, a miúdo contradictorias e conflitivas entre diferentes grupos de axentes.

-
5. Recomendamos revisar a Mesa 1.

Os novos xeitos de xestión cultural ou de participación cidadá na ciencia, por pór dous exemplos distintos, son un bo modelo do que falla na administración do patrimonio e de como traelo para a súa resolución. Existe igualmente unha reclamación xeral e crecente na sociedade por establecer políticas «dende abaixo». Non só é unha reclamación especialmente forte no caso do patrimonio, senón que se trata dun campo privilexiado para a posta en marcha, e incluso experimentación, deste modo de facer práctica política⁵. Cómpre estudar e experimentar as posibilidades do vencellamento co movemento asociativo –incluíndo, nunha sociedade como a galega, as comunidades de montes no mundo rural e as asociacións de veciños no urbano– para mellorar e vehicular a xestión patrimonial (aspectos tratado na Mesa 3).

O patrimonio é un produto sociocultural que resume o tránsito dos humanos pola historia. Entre todos os xeitos posibles –e complementarios– de definir o patrimonio, hai que incluír a definición do patrimonio como pegada da memoria e o esquecemento. Así, o patrimonio está formado polo que unha sociedade recorda dos seus devanceiros mais o que non lembra, o que esqueceu, pero que segue a estar presente en forma de elemento patrimonial e que emerxe a través da CVPC.


É doado vencellar o patrimonio coa identidade. Esta constrúese en grande medida privilexiando certas relacións coa historia e o patrimonio. Pero aínda é máis importante ligar o patrimonio á tradición e á memoria. De feito, memoria e monumento comparten unha raíz indoeuropea común (*mer) que significaba pensar, ser reflexivo ou incluso proxectar ou permanecer (inglés *remain*, por exemplo) e que finalmente aparece tamén en *mente*. A etimoloxía vencella monumento –obxecto orixinal da reflexión moderna arredor do patrimonio, aínda que hoxe en día este non estea reducido ao monumental– a permanecer, a memoria, a mente, a proxectar. Esta cadea de relacións mostra que a memoria é algo máis complexo que o simple feito de lembrar. A memoria non implica só unha relación co que foi, co pasado, mais tamén co que vai ser, co futuro. O mesmo acontece co patrimonio cando acadamos, como mostran as reflexións desta mesa, unha noción abrangente, inclusiva e transformadora da súa conceptualización.

Pese a isto, un problema non menor das políticas e prácticas en torno ao patrimonio é que contradín o funcionamento da memoria. Esta, como dicimos, baséase tanto no que se lembra como no que se esquece. Dende Nietzsche, a memoria é recoñecida como a combinación dos recordos e as cousas esquecidas. Pero a esixencia da conservación do patrimonio tende a fosilizar a memoria e subtraer esta do fondo proceso

social no que funciona. Así, o patrimonio como a memoria é tanto o produto do pasado como a súa proxección cara ao futuro. No medio estamos nós, os contemporáneos a cada sincronía. É importante que neste «nós» nos vexamos non como donos do patrimonio, senón como meros transmisores do mesmo.

Todo isto reforza a necesidade de incorporar a vida social na súa complexidade, concretada na xente e no público, ao patrimonio e á súa xestión. Con este fin, é preciso dialogar abertamente coa noción de valor do patrimonio, o que nos leva a empregar de xeito crítico o concepto de cadea de valor do patrimonio, tratando de identificar como, cando e quen valora o patrimonio. A cadea de valor trae inapelablemente a xente á xestión do patrimonio porque a pon no centro do proceso. Do mesmo xeito, obriga a considerar que temos que retornar á xente unha parte dos beneficios xerados polo patrimonio.

Todo se concreta, para rematar, na necesidade perentoria que esta mesa recoñeceu de promover un amplo debate social sobre o modelo do patrimonio cultural galego que se quere establecer. O termo clave é «social». Esta mesa forma parte dunha importante iniciativa que mobilizou durante moitos meses un amplo grupo de expertos. Os resultados que este debate ofrezca, sen dúbida, serán importantes. O próximo paso será incluír neste debate o público e os principais axentes sociais. Unha nova conciencia é precisa se queremos superar os problemas actuais, unha conciencia sobre o patrimonio e a memoria. Serán estes os aspectos que na seguinte mesa se desenvolvan.





ET 4

AS DEMANDAS DO PÚBLICO SOBRE O PATRIMONIO: UNHA VISIÓN DENDE A VALEDORA DO POBO

Idea forza

A Valedora do Pobo realiza un traballo de supervisión da actividade administrativa no que atinxe ás súas competencias na protección do patrimonio cultural a partir das demandas e percepción que a cidadanía ten da mesma. Esta institución é o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos comprendidos no Título I da Constitución e o exercicio das demais funcións que a súa lei reguladora lle atribúe. Con este fin, supervisa a actividade da administración autonómica e dos seus entes e empresas públicas ou dependentes, exercendo as funcións que lle encomendan o Estatuto de Autonomía e a súa lei reguladora. Esta supervisión permite establecer cales son as demandas da cidadanía en materia de patrimonio e a percepción que esta ten da actividade administrativa, aspecto clave no desenvolvemento dunha xestión patrimonial participativa e dun plan autonómico patrimonial integrador.

Descritor

O concepto de ben cultural é moi recente no ámbito xurídico. Con orixe na doutrina italiana, intégranse nesta noción todos os bens que incorporan un testemuño material referido á historia da civilización, incluíndo os bens de interese arqueolóxico, histórico, artístico, ambiental e paisaxístico, arquivístico e documental. En definitiva, todo o que sirva para testemuñar unha concepción da vida individual e social.

A doutrina actual sobre os dereitos culturais sinala que o fundamento do seu recoñecemento nos textos legais está na súa consideración como elemento indispensable para o libre desenvolvemento da personalidade, conectado á dignidade humana como valor fundamental do estado social. Na súa abordaxe xurídica, os esforzos están divididos. Para un sector da doutrina, o decisivo é profundar nos dereitos culturais e consolidar situacións subxectivas en materia cultural: ampliar a súa cobertura, estender as prestacións, xeneralizar o goce de bens culturais. Outro sector incide, en cambio, na función cultural dos poderes públicos, examinando aspectos como as técnicas xurídicas

O concepto de ben cultural é moi recente (...) e intégranse nesta opción todos os bens que incorporan un testemuño material referido á historia da civilización

de intervención neste sector da actividade administrativa, as cuestións competenciais, a acción cultural dos poderes públicos ou a política cultural do estado.

En liñas xerais, o fundamento da constitucionalización da cultura e os seus fenómenos máis representativos (o patrimonio cultural, as linguas, os bens culturais ambientais...) tenta establecer un forte vínculo entre a promoción cultural e o libre desenvolvemento da personalidade dos individuos, o que leva á súa consideración como dereitos fundamentais. Esta mesma razón serve tamén para lexitimar as actividades estatais de promoción cultural e a acción cultural dos poderes públicos como prestacións dun servizo esencial. Considérase que a progresiva intervención administrativa en materia cultural, incluído o patrimonio histórico e o medio ambiente, ten como fin asegurar a satisfacción de intereses esenciais constitucionalmente protexidos.

O desenvolvemento constitucional do dereito á cultura non se establece nunha única norma, senón que está artellado nun conxunto de preceptos que, en canto grupo normativo, integra a constitución cultural. O fenómeno cultural prodúcese nunha tripla dimensión: a creación, a comunicación e a conservación. Con todo, estes aspectos non sempre poden ser delimitados en cada feito cultural en particular. Cada unha destas manifestacións típicas esixe dos poderes públicos unha actitude distinta, que se reflicte nunha función diferente. Estas distintas funcións estatais correspóndense dogmáticamente co recoñecemento de diferentes posicións xurídico-subxectivas en materia cultural. Por unha banda, como ámbitos de autonomía individual, a través das liberdades culturais. Doutra banda, a través de posicións xurídico-prestacionais de contido variable.

Os preceptos relativos á cultura e ao patrimonio cultural na Constitución Española gozan de medidas de protección, establecidas pola propia Constitución: o Defensor do Pobo atópase designado, en virtude do establecido no artigo 54 da Constitución Española, como alto comisionado das Cortes Xerais para a defensa dos dereitos recollidos no Título I da Constitución, encadrándose o artigos 44 a 46 da Constitución dentro do mencionado Título I. Intégranse dentro do Título I da Constitución, prohibíndose a adopción de decretos-leis que afecten os dereitos, deberes ou liberdades recollidos no devandito Título I, aínda nos supostos de extraordinaria e urxente necesidade nos que, para a regulación doutras materias, si resulta procedente recorrer aos decretos-leis (art. 86.1 da Constitución Española). Estes preceptos intégranse dentro do Capítulo III ("Dos principios reitores da política social e económica") do Título I da Constitución, dispoñendo o artigo 53.3 da Constitución que o recoñecemento, o respecto e a protección dos principios recoñecidos no mencionado capítulo informarán a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos. Con todo, os devanditos principios só poderán ser alegados ante a xurisdición ordinaria de acordo co que dispoñan as leis que os desenvolvan (artigo 53.3 da Constitución).

No ano 2016 aprobouse a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que vén unificar as anteriores leis nunha soa norma reguladora do patrimonio cultural da comunidade autónoma, mantendo as peculiaridades derivadas da natureza dos Camiños de Santiago e aproveitando a unificación dos aspectos comúns a todos os bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia, o réxime de obrigacións xerais de conservación e o réxime sancionador. Constitúe, xunto coa lei básica de 1985 en materia de patrimonio histórico-artístico español, o marco normativo xeral.

Nesta ficha trátase de expoñer a percepción que teñen os cidadáns sobre a actuación administrativa no que atinxe ás súas competencias na protección do patrimonio cultural dende a perspectiva do traballo de supervisión desa actividade que realiza a Valedora do Pobo.

Diagnóstico/Problemática/ Contexto

Os expedientes de queixa tramitados na institución da Valedora do Pobo neste eido pódense dividir en dous tipos: o que teñen que ver con cuestións materiais e aqueles relacionados con cuestións formais.

Dende o punto de vista material, as queixas derivan da falta da adecuada protección do patrimonio cando existen intereses económicos que ameazan a súa integridade, así como da falta de coordinación entre as administracións responsables da xestión do patrimonio.

O preámbulo da Lei do patrimonio cultural de Galicia alude á integración da protección do patrimonio nas demais políticas sectoriais e a aposta pola colaboración interadministrativa e a participación cidadá. Son realmente obxectivos ambiciosos, pois están hoxe moi afastados da realidade dunha gran parte dos nosos bens culturais dende o punto de vista da protección, a conservación, a difusión e o fomento do patrimonio cultural galego.

As queixas pola falta de protección do patrimonio derivan de actuacións administrativas en materia de medio ambiente, actividade industrial (enerxética, mineira e forestal), urbanismo e ordenación do territorio, infraestruturas e actividade de promoción turística. En termos amplos, débese procurar a harmonización da protección do patrimonio e do medio ambiente coa explotación dos recursos e os intereses económicos xerais, o que esixe que cando tales intereses ou obxectivos poidan estar afectados en sentido contrario por unha decisión administrativa se realice un xuízo de valor que pondere a importancia duns e doutros, que pode vir dado *ex lege* ou resultar das específicas condicións e características do territorio e dos bens ameazados.

Os concellos deben exercer o grao de autonomía local recoñecida constitucionalmente tamén en materia de patrimonio cultural en defensa lexítima dos seus intereses. Porén, na realidade práctica, en moitas ocasións os concellos non realizan a necesaria ponderación de intereses ou, cando a realizan, queda subordinada a protección do patrimonio a actuacións de maior incidencia práctica na vida dos veciños, como sucede coas redes de servizos públicos ou as infraestruturas viarias. En ocasións, accións máis modestas son moito máis eficaces na preservación destes bens que, pola súa singularidade, son descoñecidos ou pouco apreciados polos habitantes do territorio no que se atopan.

Por outra parte, dende o punto de vista formal, as queixas derivan da falta de resposta de escritos ou

solicitudes de información ante as administracións; atrasos en expedientes sancionadores; falta de información sobre o curso dado ao procedemento na tramitación de denuncias presentadas; ou desacordos de determinadas asociacións socioculturais e de defensa do patrimonio coas restricións de acceso á información ambiental solicitada. En moitos dos expedientes de queixaponse de manifesto non só a inactividade das distintas administracións afectadas, senón unha clara vulneración dos dereitos das persoas ou asociacións denuncianteas.


Obxectivos

1. Integrar de maneira efectiva a protección do patrimonio nas demais políticas sectoriais, en particular no ámbito das explotacións mineiras, o sector eléctrico e a administración forestal. As administracións tratan de protexer o seu ámbito competencial sen realizar, en moitos casos, unha adecuada ponderación de intereses.
2. Implantar mecanismos eficientes de coordinación entre as administracións con competencias en materia de patrimonio, co necesario apoio técnico e económico aos concellos.
3. Considerar a protección das paisaxes culturais, hoxe ameazadas como consecuencia do retroceso do modo de vida agrario tradicional, como un elemento de dinamización económica e social creador de riqueza e emprego e base dun desenvolvemento sustentable.
4. Sensibilizar a poboación na urxencia de preservar o patrimonio arqueolóxico. O problema agrávase no caso dos conxuntos de petróglifos prehistóricos ao aire libre. As obras incontroladas e os traballos no monte sen adoptar medidas preventivas son algúns dos riscos aos que están sometidos.



Necesidades

1. Os concellos deben ser o elo máis forte na cadea de valor da protección do patrimonio e precisan un adecuado soporte técnico e financeiro, transmitindo aos veciños a responsabilidade no coitado do que eles crearon e que lles pertence.
2. Debe evitarse a percepción dos instrumentos de protección como unha limitación ao desenvolvemento socioeconómico do territorio, de xeito que os concellos intensifiquen a protección dos bens inmoebles que, polo seu interese cultural, se recollan singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico.
3. Cómpre respectar e promover a actividade das asociacións culturais e ambientais como canle principal de participación da cidadanía na xestión e protección do patrimonio.



Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

Resposta expresa en prazo das administracións con competencias en materia de protección do patrimonio cultural

A carga de traballo da administración e a insuficiencia dos seus recursos materiais e persoais produce demoras na tramitación das solicitudes. Para as persoas que promoven as queixas, a falta de resolución expresa e de notificación provoca unha situación de indefensión, o que provoca a perda de capacidade de realización en tempo e forma de actos administrativos para os que existe lexitimación (alegacións, recursos, práctica de proba) por causa do absoluto descoñecemento da actuación administrativa realizada.

Malia que o silencio administrativo non sexa unha forma legalmente prevista para resolver as solicitudes, as administracións fan un uso abusivo desta figura por mor do seu efecto normativo expreso, que é a posibilidade de interpoñer os recursos que procedan sen necesidade de obter unha certificación, ao estar prevista na normativa sectorial en materia de patrimonio a eficacia desestimatoria do silencio e o *dies a quo* do cómputo do prazo (seis meses dende a presentación da solicitude de iniciación).



Malia que o silencio administrativo non sexa unha forma legalmente prevista para resolver as solicitudes, as administracións fan un uso abusivo desta figura

Actuación rápida e dilixente da administración perante as denuncias presentadas e a tramitación das solicitudes de protección

O Valedor do Pobo ten que intervir por non comunicarse aos denunciante, como é o seu dereito, se se iniciou ou non o procedemento cando a denuncia vai acompañada dunha solicitude de iniciación; as dilixencias informativas prólonganse por períodos de tempo inaceptables. En moitas queixas réclámase pola inactividade da administración e o incumprimento do seu deber de protección de determinadas zonas arqueolóxicas, consentindo nelas actividades que poderían ter causado danos irreparables.

A administración alega que, perante o elevado número de denuncias, non pode tramitalas todas de xeito inmediato, xa que os seus medios son limitados e a documentación aportada polos denunciante é inxente e non sempre permite unha áxil actuación. Esta circunstancia non pode servir, en ningún caso, como unha escusa da falta da preceptiva actividade administrativa, aducindo falta de medios ou recursos que en ningún caso se admitirían respecto das persoas privadas titulares, posuidoras e arrendatarias e dos demais titulares de dereitos reais sobre bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia.

Transparencia na actuación das administracións públicas

A dificultade de obter acceso aos informes, estudos de impacto, memorias de actividade ou outros documentos de interese leva a presentar moitas das queixas ante a institución do Valedor do Pobo por non dar satisfacción ao dereito dos solicitantes, cando se evitarían conflitos e queixas cunha actividade máis transparente e colaboradora coas demandas de participación por parte dos cidadáns e no acceso á información pública.



ET 4

NOVOS PASOS PARA UNHA XESTIÓN PÚBLICA E INTEGRADA DO PATRIMONIO

Idea forza

Cumprir cunha xestión cultural innovadora, comprometida cos novos retos dunha sociedade dixitalizada, é un importante factor de desenvolvemento económico integral e sostible. Permite a renovación e a creación de novas actividades económicas, potencia o emprendemento, o acceso ao emprego e a inserción, constitúe un importante factor de atracción dos territorios e favorece o desenvolvemento turístico.

Descritor

A xestión cultural do patrimonio require abordar a situación das prácticas culturais neste século XXI no contexto de dous escenarios que xa cambiaron as dinámicas e, por tanto, revisar as políticas de coordinación e representación cultural que ata agora, con maior ou menor acerto, estabamos a practicar.

En primeiro lugar, debemos adherir a xestión do patrimonio aos acordos internacionais que dende o ano 2001 están sendo avaliados pola Axenda da Cultura 2021. É o documento marco por excelencia, que ao tempo aglutina e suscita posibles problemas, retos e desafíos da situación da cultura en diferentes localidades con vocación universal. Propón a cultura como eixe básico e transversal da sociedade e das políticas públicas e enténdea, á súa vez, sostida sobre tres conceptos: a expresividade, o acceso e a participación.

Estes tres conceptos teñen as súas raíces na dimensión cultural do crecemento sostible ou na mesma sustentabilidade cultural. Fan referencia a cuestións ligadas ao desenvolvemento persoal, á liberdade de expresión e ao dereito universal de acceso á cultura como indicador democrático. De xeito máis preciso, a Axenda 21 trata cinco puntos básicos do progreso sustentable: cultura e dereitos humanos, cultura e gobernanza, sustentabilidade cultural e territorio, cultura e inclusión social e cultura e economía. É, sobre todo, a ferramenta guía das políticas públicas de cultura. Resulta esencial para entender a cultura non só como un elemento instrumental, senón como principio xerador de oportunidades a longo prazo.

En segundo lugar, no contexto do cambio climático –e, por conseguinte, de grave ameaza para o noso patrimonio material e inmaterial–, é imprescindible

Debemos adherir a xestión do patrimonio aos acordos internacionais que dende o ano 2001 están sendo avaliados pola Axenda da Cultura 2021

rodear a xestión cultural dos mesmos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) que comparte a comunidade internacional. A principal referencia a escala global a estes ODS foi aprobada o 25 de setembro de 2015 pola Asemblea Xeral da ONU no marco da Axenda 2030, un plan de acción a prol das persoas, o planeta e a prosperidade. Estes obxectivos presentan a singularidade de instar a todos os países, sexa cal for a súa riqueza, a adoptar medidas para promover o benestar á vez que protexen o planeta. Recoñecen que as iniciativas para acabar coa pobreza deben ir da man de estratexias que favorezan o crecemento económico e aborden unha serie de necesidades sociais. Os seus principais retos marcan a intención de fortalecer a paz e o acceso á xustiza. É unha guía universal, transversal, integrada, indivisible e transformadora, que orientará os programas de desenvolvemento económico, social e medioambiental durante os próximos 15 anos, independentemente do lugar no que se viva.


En definitiva, a Axenda 2030 fundaméntase a partir de tres dimensións da evolución sustentable: económica, social e ambiental. Porén, non engade a cultura como a cuarta dimensión. Aparece mencionada, dun xeito un tanto xenérica, en soamente 4 das súas 169 metas. Igualmente, dos 230 indicadores, só un fai mención expresa ao ámbito cultural.

Con todo, a carencia cultural da Axenda 2030 propiciou todo un traballo posterior no cal se suman esforzos para a inclusión de dita variable nos discursos sobre sustentabilidade. De acordo coas principais referencias á cultura na Axenda 2030, e en particular o Obxectivo 11, que dedica a meta 11.4 a «Redobrar os esforzos para protexer e salvagardar o patrimonio natural e cultural do mundo», a UNESCO elaborou en 2017 un informe mundial sobre a cultura para o desenvolvemento. Nel propónse unha reflexión sobre a xestión do cambio nas vilas utilizando a cultura como motor do mesmo. Ademais, indica pautas concretas que pretenden dar apoio ás persoas que toman as decisións a niveis nacional e local, así como a expertos e outras partes interesadas implicadas nas políticas e estratexias de crecemento rural e urbano.

Diagnóstico/Problemática/ Contexto

Un territorio é o resultado da interacción entre a contorna e as actividades humanas. Ao recibir a marca da ocupación humana e da súa visión do mundo, é portador de historia, sentido e significado para as poboacións que o habitan. Por iso é polo que o territorio contén unha dimensión cultural que se manifesta, entre outras cousas, nas prácticas e costumes da cidadanía, o patrimonio, a arquitectura, o deseño, a arte pública, a paisaxe, a relación co medio natural e a ordenación do espazo.

A xestión do patrimonio cultural, sen que iso supoña cuestionar o seu valor como recurso económico de primeira orde, pode ser un bo exemplo. O patrimonio, material e inmaterial, pode constituír un elemento identitario e vertebrador. Iso esixiría unha certa reapropiación do patrimonio por parte das comunidades locais para que a socialización do patrimonio sexa real e xere procesos de identificación emocional. Resulta clave, dende o punto de vista cultural, restablecer o vínculo xeracional e favorecer a transmisión de coñecementos e saberes. Pero tamén é necesaria unha expansión do concepto de cultura máis aló da tradición ou o patrimonio e das políticas baseadas na súa conservación e difusión.



As actividades dos creadores contemporáneos que inscriben o seu traballo artístico na vida comunitaria, a importancia da dimensión simbólica das prácticas sociais ou o recoñecemento de oficios e saberes tradicionais forman parte de dita intersección. O diálogo entre tradición e modernidade, a miúdo afectado polo lema «prohibido tocar» –é dicir, a tendencia a fixar ou illar a tradición–, podería evolucionar cunha invitación máis dinámica. A tradición que non dialoga co tempo presente devén estática, fosilízase. Igualmente, a vangarda que non é capaz de fertilizarse coa tradición padecerá de desarraigamento.

Os artistas e os profesionais da cultura teñen un papel básico na sustentabilidade: os seus traballos exploran as fronteiras do coñecido e crean novos significados. Favorecer as condicións para construír a excelencia a partir dun novo diálogo entre proximidade e visibilidade é indispensable para a existencia dunhas políticas culturais sostibles. Os modelos económicos que priorizaron os obxectivos estritamente asociados ao curto prazo e ao rápido beneficio económico, en detrimento da sostibilidade a longo prazo, conduciron á explotación abusiva, ao menosprezo dos recursos culturais locais ou á perda de identificación entre os habitantes e o territorio. Un uso sustentable do patrimonio debe ser respectuoso coa súa esencia e os seus valores, ao tempo que debería contribuír tanto ao desenvolvemento cultural como ao crecemento económico.

Daquela, cumprir cunha xestión cultural innovadora, comprometida cos novos retos dunha sociedade dixitalizada, é un importante factor de desenvolvemento económico integral e sostible. Permite a renovación e a creación de novas actividades económicas, potencia o emprendemento, o acceso ao emprego e a inserción, constitúe un importante factor de atracción dos territorios e favorece o desenvolvemento turístico.


Obxectivos

O patrimonio non pode verse de forma illada do seu contexto físico e cultural, polo que se queremos consolidar unha contorna de vida de alta calidade social, deberemos considerar o patrimonio noutras políticas sectoriais. O patrimonio material e inmaterial é unha representación do territorio no que se sitúa e, polo tanto, é un activo da súa identidade, reputación e atracción. Garantir que este patrimonio estea presente nas políticas de desenvolvemento, planificación espacial, medioambiental e enerxética, así como conservar os recursos naturais locais e manter as actividades económicas tradicionais deben ser obxectivos prioritarios nunha estratexia contemporánea de protección e divulgación.

Visibilizar e sensibilizar a sociedade nesta percepción espacial e física do patrimonio é unha urxencia que precisaría deseñar unha marca ética e sustentable na xestión cultural do patrimonio.

Necesidades

Antes de iniciar calquera proceso de xestión, a cidadanía debe identificar o seu patrimonio e tomar posesión del, involucrándose en esquemas participativos. Así, as persoas sentirán a sensación de pertencer a unha rexión e serán conscientes da importancia dunha contorna de calidade, estimulando a súa responsabilidade colectiva. A participación cidadá é parte do proceso democrático, xa que permite ás persoas desfrutar do patrimonio, á vez que recoñecen a súa responsabilidade individual e colectiva por el. Necesitamos identificar as prácticas existentes e valorar a súa efectividade e impacto co obxectivo de consolidar o logrado e desenvolver outras liñas de acción ou ben implementar medidas correctoras e facilitadoras.



Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

Hai que incorporar a participación da cidadanía e a implicación das administracións na capitalización do patrimonio. Esta colaboración entre autoridades e asociacións locais tería como obxectivo principal facilitar procesos de identificación e interpretación, ademais de implementar actividades coas que estudar e promover o patrimonio

Cómpre explorar o patrimonio como fonte de coñecemento, inspiración e creatividade. O patrimonio é un depósito de coñecemento, actitudes e logros que representa a creatividade e innovación da humanidade ao longo dos séculos.



O patrimonio é un depósito de coñecemento, actitudes e logros que representa a creatividade e innovación da humanidade ao longo dos séculos

Temos que implementar medidas coas que animar a mocidade na práctica cultural e científica do patrimonio. É esencial chegar á xente máis nova, analizar a súa desmotivación e poñer en práctica diversos enfoques, fomentando a súa curiosidade e favorecendo o seu compromiso.

Necesitamos proporcionar unha formación adecuada a colectivos non profesionais ou, tamén, cara a actores doutros sectores relacionados co patrimonio. En momentos puntuais, as persoas poden exercer de axudantes voluntarios e implicarse na protección do patrimonio cultural mostrándolles dende dentro os fundamentos e aspectos da súa conservación.

Faise preciso apoiar a creatividade e a innovación sobre as políticas culturais do patrimonio. O patrimonio é unha fonte de innovación científica e técnica que debe destacarse entre o público en xeral e atraer a atención dunha ampla audiencia ao intercambiar ideas co mundo da creación contemporánea.

Debemos desenvolver novos modelos de xestión, co principal obxectivo de retornar ao patrimonio unha parte deses beneficios, na medida en que constitúe un elemento de atención e atracción da rexión. Os novos modelos de xestión deben permitir que este patrimonio obteña unha compensación, polo menos con fins de conservación, para manter o seu atractivo: desenvolver novas capacidades e ingresos con fins culturais.

Por último, é necesario promover a creación de fondos patrimoniais aos que poidan contribuír os interesados económicos e aqueles que se benefician dos activos patrimoniais.

Mesa 3



Patrimonio, educación,
formación e cidadanía

Mesa 3

Patrimonio, educación, formación e cidadanía

Autores do borrador da Guía Práctica na Mesa 3

Rebeca Blanco-Rotea
(coordinadora)

Juan M. Monterroso Montero
(coordinador)

Beatriz Prieto Lamas
David Barreiro

José Antonio Caride

Belén Hernández Lafuente

Beatriz Comendador Rey

Isabel Cobas Fernández

Paz Varela Campos

Soledad Felloza

Ramón Yzquierdo

Ana Goy

Mercedes Vázquez

Descritor da mesa

O patrimonio cultural, como concepto e como realidade, é un elemento claramente vencellado á sociedade. Dunha banda, constitúe parte do noso pasado –como herdanza, mais tamén como construción cultural na que asentar os fundamentos da nosa realidade–. Doutra, representa a intensa relación que a sociedade mantén, ao longo do tempo, cos símbolos da súa identidade e coas sociedades sobre as que construímos o que hoxe somos como pobo galego⁶.

Alén disto, o patrimonio cultural –aquilo que nos identifica como cultura– é algo que debe ser ratificado como tal tras un proceso de identificación, valoración, aceptación social e patrimonialización. Trátase de algo que compete, nuns casos, ás administracións públicas (o proceso de incoación do castro de Santa María de Cervantes como BIC, por exemplo). Noutros, é a identificación da sociedade cun elemento do seu pasado o que fai derivar un proceso de patrimonialización (o proceso de declaración do parque do Pasatempo como BIC, por exemplo). En todo caso, ten que haber unha vinculación sociedade-elemento para que este pase a ser **patrimonio**, ben por vía administrativa, ben por vía consuetudinaria.

Seguindo esta argumentación –e tendo en conta a importancia da relación entre cidadanía e patrimonio–, a sociedade debe xogar un papel determinante na xestión patrimonial e en todas as fases da cadea de valor do patrimonio. Doutro xeito, converteremos todo aquilo que afecte á xestión integral do patrimonio nun proceso illado, desvinculado da súa razón de ser. Se non hai un vencellamento, rápido esqueceremos. E coa perda da memoria virá a desaparición dese patrimonio, ben sexa material, ben inmaterial, ben ambas as dúas cousas.

6. No sentido na nación-cultura que apunta R. Villares (2017: 120).

Obxectivo da mesa

Os obxectivos desta mesa están fortemente relacionados coa necesidade de reforzar a vinculación entre o patrimonio e a sociedade, nomeada aquí como cidadanía. Neste sentido, hai diferentes aspectos que deben focar o noso interese.

Algunha das problemáticas que se identificaban ao principio do documento xeral do Foro, no apartado de *Antecedentes*, cómpre levalas a esta mesa para intentar buscar algunha resposta. Así, falabamos do deber de reivindicar e potenciar a importancia do papel da sociedade en materia de patrimonio, traballando con aspectos como a xestión patrimonial e o turismo.

Tamén é preciso dar protagonismo á transferencia de coñecemento á sociedade e ao acceso á información sobre o patrimonio cultural á cidadanía, así como a todos os axentes implicados na súa investigación, xestión, salvagarda, etc. Trátase de aspectos poliédricos que non teñen unha única resposta.

Ademais, debe ser obxecto deste mesa analizar como se debe reconstruír a relación patrimonio-sociedade, superando os obstáculos que normalmente leva aparellados e achegando ferramentas que permitan actuar de forma proactiva. Cómpre acometer a resolución dos conflitos patrimoniais, así como a construción dunha identidade cultural na que se aprecie e respecte o patrimonio dende o empoderamento social.

Deste xeito, a sociedade debe ser partícipe en todos aqueles procesos que afectan ao patrimonio, dende a propia identificación daquilo que consideramos que nos representa como pobo, ata a súa implicación na conservación cara ao futuro e o seu emprego como un recurso cultural.

Todo isto está moi relacionado con aspectos tratados noutras mesas do Foro, como a necesidade dunha transversalidade real na toma de decisións sobre o patrimonio e a obrigatoriedade na cooperación entre diferentes axentes que se encargan da súa xestión. De modo que formularemos a seguinte pregunta: por que non converter a sociedade nunha forza, en lugar de vela como un atranco na xestión patrimonial? Cómpre realizar unha fonda análise da cuestión para dilucidar como se podería levar isto a cabo. En todo caso, esta observación pasa tamén pola revisión de todos aqueles integrantes da sociedade que, dalgunha maneira, teñen unha relación co patrimonio.

RESUMO DAS FICHAS

MESA 3

Eixe temático 1

O PATRIMONIO COMO MEDIO DE SOCIALIZACIÓN

1. Valores, concepto e dimensións do patrimonio na sociedade actual
2. O patrimonio como produto cultural
3. Avaliación social da xestión patrimonial

Eixe temático 2

EDUCACIÓN E APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA

1. A educación patrimonial no ensino regrado xeralista non universitario
2. Formación
3. A profesionalización no quefacer cultural en Galicia: realidade e desafíos

Eixe temático 3

SOCIEDADE, CIDADANÍA E DEREITOS CULTURAI

1. Gobernanza e participación
2. Asociacionismo
3. Redes

Eixe temático 4

COMUNICACIÓN, TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN

1. O papel das TIC (recurso, medio, mensaxe)
2. Cultura de transferencia de coñecemento e innovación
3. Comunicación patrimonial


Tendo todo isto en conta, as principais temáticas que se abordaron na mesa foron as seguintes:

- Educación patrimonial: o patrimonio nas escolas.
- Formación patrimonial e profesionalización do sector: estudos de grao, posgrao e de doutoramento.
- Formación patrimonial non regrada.
- Patrimonio, identidade e valores patrimoniais.

Estrutura da mesa na guía práctica

A raíz do traballo realizado na Mesa 3, especificáronse unha serie ámbitos temáticos nos que se debía centrar a análise. A estrutura en bloques e temas de análise dentro dos bloques –que guiou o traballo da mesa– queda redefinida, a partir da proposta de documento final do Foro, en eixes temáticos e ámbitos de actuación.

A partir da exposición dos temas de análise nas tarefas 1 e 2, decidimos establecer unha serie de eixes temáticos que formarían parte da estrutura do documento de traballo que aglutina e sintetiza os contidos da mesa 3. Esta vertebraríase nunha serie ámbitos de actuación, dos cales uns se consideran transversais a todo o traballo da mesa (*Ámbito de actuación 1. Valores, concepto e dimensións do patrimonio na sociedade actual*) e outros tres serían específicos (*Ámbitos de actuación 2, 3 e 4*). Cada un destes ámbitos de actuación desenvólvese en fichas que se aglutinan na guía práctica, documento final do Foro. Segundo o desenvolvemento previo dos eixes e dos ámbitos da Mesa 3, cada ámbito de actuación conta con tres fichas elaboradas polos membros da mesa.



EIXE TEMÁTICO 1

O PATRIMONIO COMO MEDIO DE SOCIALIZACIÓN

Ámbitos de actuación

1. Valores, concepto e dimensión do patrimonio na sociedade actual
2. O patrimonio como produto cultural
3. Avaliación social da xestión patrimonial

Descritor

O termo patrimonio cultural (PC) foi empregado por vez primeira en 1954 e reafirmado pola UNESCO en 1972. Definido como o conxunto de bens tanxibles e intanxibles que reflicten a herdanza cultural dunha comunidade –dando así un sentido de pertenza ás súas distintas producións e imaxinarios simbólicos (Ballart e Tresserras 2001)–, implica unha valoración social dos testemuños da creación humana ao longo do tempo. Deste xeito, establece un vínculo entre o pasado e as xeracións do presente, que seleccionan o que consideran valioso e importante, para legalo e transmitirlo ao futuro. Isto obriga a entender e tratar o PC como un proceso antes que como un fenómeno estático: a súa construción é constante e ten implicacións nas dinámicas sociais e políticas.

Este concepto aglutina multiplicidade de variantes e compoñentes. Inclúe, por unha banda, aquilo que a comunidade foi capaz de producir. Por outra, comprende tamén o espazo natural, tal como é percibido e considerado pola colectividade. Trátase dun proceso no que unha comunidade valora dun determinado xeito unha realidade, ao tempo que activa e produce unha nova realidade que incorpora eses valores e xera outros, nun recoñecemento constante.

Esta valoración desprégase nunha serie de dimensións que acaecen nos distintos ámbitos de acción social: dende o meramente afectivo e emocional ata o simbólico e o económico, pasando polas dimensións cognitiva, ética e estética. Neste sentido, o aspecto simbólico é decisivo, pois o PC é activado e

tutelado como tal en virtude de ser considerado fundamental na construción das identidades colectivas.

Os cambios producidos nas últimas décadas en torno á súa conceptualización e xestión relaciónanse con desenvolvementos teóricos –dende os que se interpreta como herdanza, construción ideolóxica, sistema de representación e realidade cultural– e con procesos máis amplos que involucran a actuación de organismos internacionais. Baixo esta influencia foise transformando en obxecto de políticas públicas dos diversos niveis administrativos dos estados. Neste marco xurdiron novas perspectivas como a gobernanza participativa en materia de patrimonio.

Por outra banda, na sociedade do risco, postindustrial, as dinámicas transformadoras desatadas na modernidade –que deran lugar á emerxencia da propia categoría de patrimonio, mesmo antes de que existise este termo, como aquilo que debía ser protexido da destrución– acélanse. Sendo así, o PC tívose que adaptar aos tempos de cambio e tivo que converterse, ademais de en obxecto de políticas públicas, nunha industria cultural e nun produto de consumo.

As ciencias sociais tratan cunha realidade multidimensional. Os restos materiais do pasado que son tamén bens patrimoniais que hai que xestionar no presente e convértense, ademais, en referentes identitarios e políticos da man das comunidades locais que os perciben, que os manipulan e cos que conviven. Pola súa parte, as ciencias do patrimonio non son só disciplinas xeradoras de coñecemento, senón tamén unha práctica social no presente, así como todo un sistema de saber-poder político e ideolóxico.

Os actuais procesos de gobernanza son reflexo dun paradigma de patrimonio que se vén consolidando dende a década de 1970 e dun novo sistema de saber-poder que introduce un cambio na xestión e valoración do mesmo. O PC é considerado como un recurso estratéxico para unha Europa sostible, na que aspectos como a globalización, a dixitalización, a sustentabilidade, a inclusión ou a transversalidade marcan as novas políticas patrimoniais. Este rol de recurso estratéxico ponse fortemente de manifesto cando o tratamos de integrar cos eidos educativo e formativo.

Se a educación formal –un dos principais ámbitos de socialización– é o marco de referencia para a formación da cidadanía, a educación non formal é o campo en que unha sociedade procura seguir ampliando o

seu capital cultural máis alá das construcións do ensino regrado. O patrimonio é tamén un potente medio de socialización e, por tanto, de aprendizaxe. Dende a perspectiva da educación formal, achega a cultura a escolas e centros educativos. Dende o ángulo da educación informal, permite o desenvolvemento de actividades formativas e performativas en torno aos bens patrimoniais.

Sendo a educación un dos eidos principais de socialización, presenta múltiples problemas relacionados con fallas sociais estruturais (desigualdade, discriminación...) e do momento histórico que vivimos (a sociedade do risco: precariedade, incerteza cara ao futuro, crise institucional...). Por iso, moitas veces as dinámicas no eido formal e informal contribúen á reprodución deses problemas.

O patrimonio está afeito a sobrevivir perante o risco. Dalgunha maneira, a conciencia patrimonial xorde do propio risco de desaparición de determinados segmentos da realidade que unha comunidade pretende salvagardar. Pero a adaptación do PC aos tempos actuais tamén xera riscos para a sociedade. Trátase dun medio para a socialización, pero esta socialización a través do PC pode adoecer das mesmas eivas que se pretenden evitar, como son as seguintes:

- Infravaloración dos aspectos existenciais e dos elos emocionais e subxectivos.
- Inadecuación por sobrestetización (por exemplo, o «fachadismo») ou subestetización (por exemplo, a normalización do «feísmo»).
- Dinámicas de exclusión das persoas subalternas nas narrativas e nas prácticas patrimoniais.
- Hexemonía dos criterios tecnocráticos á hora de aplicar o saber científico.
- Burocratización e fallas na comunicación entre os axentes expertos e a sociedade.
- Utilización da dimensión simbólico-identitaria para a manipulación política.
- Mercantilización dos produtos e procesos patrimoniais.

É necesario ter conciencia destes riscos, que se agochan detrás dos supostos beneficios sociais da produción e uso do patrimonio, para poder establecer políticas que os minimicen ou anulen. Unha socialización a través do patrimonio debería fomentar os elos emocionais e afectivos, a educación sensorial e perceptiva, o coñecemento crítico, a participación activa e creativa nos procesos de produción e xestión das entidades patrimoniais, a conciencia da existencia de saberes alternativos e a educación en valores de diversidade identitaria e inclusión, así como en valores de sustentabilidade e dunha economía non competitiva e xusta. É dicir, a socialización debe rexerse por un criterio guía: contribuír a transformar a realidade social, non a reproducila.





VALORES, CONCEPTO E DIMENSIÓNS DO PATRIMONIO NA SOCIEDADE ACTUAL

Idea forza

O patrimonio cultural é un campo social onde conflúen dimensións valorativas diversas e no que poden ter lugar conflitos, un campo que muda constantemente onde os axentes sociais actúan, transforman a realidade e son transformados por ela. É, polo tanto, un campo axeitado para a formación e a educación en valores, no que teñen que actuar as disciplinas científicas específicas do patrimonio cultural e tamén aquelas relativas á socialización e á comunicación social, involucrando á cidadanía e permitido que esta poida guiar e facer agromar os procesos de patrimonialización.

Descritor

A relación da sociedade galega co seu patrimonio mudou entre a aprobación da primeira lei de patrimonio cultural (1995) e a segunda (2016). Mellorou nalgúns aspectos –en xeral, hai máis conciencia de protección e de reivindicación dende a base–, aínda que segue a ser discontinua, heteroxénea e cun maior grao de mercantilización. Esta mudanza ten que ver cos cambios acaecidos na propia sociedade: os usos tradicionais van dando paso a novos usos propios dunha sociedade postindustrial, máis relacionados co sector servizos e cun proceso de modernización dos sectores primarios; a globalización e a dixitalización comportan novas formas de identidade cultural e un maior desaxuste interxeracional; a poboación concéntrase na área litoral e, sobre todo, nas grandes vilas, aumentando o desequilibrio entre estas zonas e as máis envellecidas do interior.

Pero o cambio tamén ten que ver coa evolución experimentada polo propio concepto de patrimonio (non só en Galicia). Un destes cambios ten que ver coa ampliación do campo patrimonial, que segue a medrar: o intanxible, o vernáculo e o contemporáneo tamén forman parte hoxe dese campo. Esta ampliación fai máis evidente que o patrimonio emerxe da interacción entre a materialidade e os imaxinarios, ao tempo que reconfigura tanto unha coma outros. É, polo tanto, algo dinámico e procesual, que se usa e muda, non estático e inmutable, nin moito menos fosilizado.

A globalización e a dixitalización comportan novas formas de identidade cultural e un maior desaxuste internacional

Outra mudanza resulta da crecente importancia dos aspectos subxectivos –como a xente concibe e usa o patrimonio– respecto dos obxectivos –os propios produtos e prácticas que se supón que constitúen o patrimonio–. Isto reflíctese na maior tensión xerada entre os usos e a conservación, que se traduce nun crecemento do asociacionismo e nunha maior influencia da participación social no patrimonio, perceptible na xeneralización de termos como «comunidade de patrimonio» ou «gobernanza do patrimonio».

Porén, a maior participación social non significa que a ciencia e a investigación perdan importancia, senón que a colectividade se perfila como unha comunidade de usuarios orientada á mediación. Así o amosa o crecente campo da ciencia cidadá ou pública, con estreitas relacións co eido patrimonial a través de disciplinas como a arqueoloxía ou a antropoloxía.


Estes cambios constitúen un novo escenario de valores patrimoniais. O patrimonio xa non é un ben pasivo que hai que estudar, protexer e contemplar, senón un campo de valores que permite usos variados: é un recurso cognitivo (xerador de coñecemento) e estético (xerador de experiencias sensoriais), pero tamén societal (artellador de relacións entre axentes), identitario (encarnando identidades cada vez máis diversas), económico (posibilitando a creación de valor) e pedagóxico (posibilitando a transmisión dese coñecemento e deses valores).

A pluralidade axiolóxica é enriquecedora e fornecedora de valores de diversidade, así como de cidadanía, pero tamén acentúa os conflitos e os riscos asociados: potenciais usuarios/axentes poden ter intereses opostos. Por outra banda, no patrimonio non só se reflicten procesos de dominación política e económica pasados, senón que moitas veces serve á perpetuación dos mesmos, por exemplo, na cousificación e xentrificación das cidades históricas, na dificultade do acceso a determinados bens, ou na manipulación interesada dos relatos históricos. Nestes conflitos, o patrimonio non é a vítima, senón o medio do conflito; non só hai elementos patrimoniais en risco, tamén determinados usos do patrimonio supoñen un risco para algunhas comunidades (Ayán e Gago, 2012). Non se trata de negar eses conflitos, senón de poñelos en contexto público para a súa xestión colaborativa e posta en común.

Diagnóstico/Problemática/ Contexto

Convencionalmente, o patrimonio é un campo de acción social dominado polos posuidores dun determinado tipo de destrezas e coñecementos: as persoas expertas. De maneira xeral, a lexitimidade deste tipo de *expertise* radica na formación especializada nalgunha das disciplinas científicas que traballan na produción de patrimonio (arquitectura, arqueoloxía, historia da arte, etnografía...) ou ben na conservación do mesmo.

Pero o patrimonio é algo moito máis amplo que un obxecto de interese científico ou un ben material que hai que conservar, restaurar e amosar a un público convenientemente distanciados: é un recurso para a socialización. Polo tanto, o *expertise* necesario para un axeitado modo de coidar e usar o patrimonio non debería ter só que ver coas disciplinas capaces de extraer coñecemento dos obxectos que o compoñen –ou de aplicalo sobre eles–, senón que tamén debería estar relacionado con aquelas que tratan da súa xestión e socialización, máis alá da intervención e/ou musealización: xestión de recursos, planificación territorial, avaliación ambiental, pedagogía, comunicación social... Se ben só recentemente empezan a impartirse a maioría destes



contidos na formación das futuras persoas xestoras do patrimonio, hai tempo que as que ocupan cargos técnicos nos distintos eidos da administración teñen que tratar con estes temas, aprendendo a manexarse con eles, a maioría das veces, de forma autodidacta.

En realidade, todas as disciplinas deberían ter algo que dicir á hora de socializar o patrimonio, tanto as convencionais que dan acceso á xestión como as aprendidas no decurso desta xestión. Aínda así, seguiría faltando unha parte importante do outro compoñente da ecuación: a sociedade. E dicimos unha parte importante porque, loxicamente, as persoas que xestionan actualmente o patrimonio tamén son sociedade.


A integración formal e directa (informal e indirectamente, a sociedade sempre estivo aí) dos axentes sociais no mundo do patrimonio é unha preocupación relativamente recente. Tradicionalmente, a socialización do patrimonio concibiase como unha vía estreita e unidireccional. Por unha banda, da administración chegaban pautas e directrices do que se debe ou non se debe, do que se pode ou non se pode facer. Por outra, da academia chegaban informacións e coñecemento a través de narrativas diversas. Porén, nas últimas décadas existe unha preocupación crecente –que se pode constatar no discurso patrimonial, en documentos oficiais de distinto rango e escala– por incorporar as comunidades á xestión e produción activa do patrimonio. Pero esta incorporación adoita ser máis formal –obrigada pola esixencia legal– que real e arraigada na sociedade (Sánchez-Carretero *et al.* 2019).

Se ben hai avances importantes neste eido, hai que deseñar políticas que apunten cara a unha socialización plena do patrimonio⁷. Isto implica traballar coa idea de que o patrimonio representa un campo de innovación social. Non só debe ser un instrumento pedagóxico de transmisión de coñecemento á sociedade –como xa viña sendo, aínda que houbese moito que mellorar–, senón un campo de activación social e aprendizaxe colectiva en termos de inclusión, participación e sustentabilidade.

Obxectivos

1. Coñecer mellor a idea que a sociedade galega e as comunidades de visitantes teñen do concepto de patrimonio, así como os usos que fan del, tanto na súa contorna inmediata como nunha maior escala, en relación á transmisión de coñecementos e valores fornecedores de identidade e cidadanía.
2. Activar o patrimonio como campo de innovación social e aprendizaxe no eido da educación tanto formal (incorporando o patrimonio como parte da práctica escolar) como non formal (fomentando a creación de comunidades de aprendizaxe en torno a procesos de patrimonialización).
3. Construír coñecemento de forma colaborativa e multivocal sobre as diversas dimensións valorativas que interveñen nos procesos de patrimonialización, así como das formas e posibilidades dunha xestión patrimonial aberta, participativa, inclusiva e que atenda, na medida do posible, á pluralidade axiolóxica do patrimonio e á sustentabilidade dos procesos de patrimonialización.
4. Propiciar a interacción e a colaboración entre comunidades de patrimonio tanto no plano de deseño (na celebración de eventos de posta en común, obradoiros, etc.), como nun plano de aplicación (en casos concretos de valorización patrimonial), fomentando a dimensión de sociabilidade que se xera en torno ao patrimonio e incidindo nos eidos da educación formal (comunidade do ensino) e non formal (mundo da comunicación social, da cultura científica e do asociacionismo).

.....
7. Aspecto tratado en profundidade na Mesa 1.



Necesidades

O patrimonio pode ser vector de cambio cara a un modelo social máis democrático, enriquecedor, inclusivo e sustentable ambiental, social e culturalmente. Para iso, ten que funcionar como campo de innovación, formación e aprendizaxe social. Ao tempo, debe dar cabido ao agromo de formas de intersubxectividade, de negociación e de xestión dos recursos propios dunha cidadanía concienciada, apoderada e responsable. Porén, para isto é necesario que o patrimonio sexa unha parte fundamental da educación primaria e da secundaria, concibido como un campo no que se poñan en xogo conceptos e valores diversos no que se active a formación de cidadanía.

Tamén é necesario que a política patrimonial se basee nun maior e mellor coñecemento do que a sociedade pensa sobre o patrimonio. Debe favorecer a interacción colaborativa entre axentes e usuarios do patrimonio, incluíndo á comunidade do ensino. Así mesmo, debe facilitar a creación de comunidades de aprendizaxe en torno aos usos e valores do patrimonio, propiciando que se constrúan e poñan en común modelos de referencia para a produción de patrimonio e unha xestión situada –isto é, adaptada ás casuísticas concretas– dos usos patrimoniais.

Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

Fomentar a investigación de natureza sociolóxica (emprego de técnicas estatísticas e análises de escala) e antropolóxica (análise e enfoque etnográficos, orientados ao traballo con actores e redes) da realidade social galega e, en concreto, os eidos patrimonial, turístico e educativo. Esta investigación pode estar ancorada en estruturas académicas (universidades e organismos de investigación), mais debería constituírse como unha rede estendida polo corpo social alén desas estruturas.

1. Formar un grupo de traballo multivocal e diverso. Deberá ser representativo e manter harmonía necesaria para unha análise interactiva e colaborativa –tanto xeral de carácter xeral, máis abstracta, como focalizada en sitios e casos concretos–. Este grupo de traballo estará enfocado á activación patrimonial como recurso para a formación de cidadanía, polo que a comunidade escolar (docentes e estudantes) debería ser un dos seus núcleos, incorporando a axentes provenientes dos campos da investigación e da xestión patrimonial (alén da administración). Porén, este grupo concibido como unha comunidade de aprendizaxe ampliada –que desborda a contorna da educación formal– debería estar integrado, ademais, por axentes chegados do campo da comunicación social, do turismo, do asociacionismo e do activismo patrimonial nas súas diversas formas. Debería tamén integrar a cidadanía interesada, mais non vencellada a ningún proxecto concreto de carácter patrimonial nin politicamente activa. Este grupo pode ir modificándose no tempo a medida que avanza no seu quefacer, de xeito que sexa en si mesmo unha comunidade de aprendizaxe ampla, dinámica e en constante crecemento e adaptación.
2. O traballo de investigación e o traballo colaborativo teñen que enfocarse cara ao impulso de procesos e a obtención de resultados, sexa en forma de modelos de referencia xenéricos e recomendacións, ou como documentos de acción concretos, ou mesmo no relativo á vida social. En todo caso, deben axudar a definir, orientar e avaliar as políticas patrimoniais no que concirne á xeración de valores de cidadanía e identidade, tanto a unha escala supralocal como a nivel micro. A propia existencia e vida do grupo de traballo, concibido como comunidade de aprendizaxe e vencellado ás estruturas formativas e educativas galegas, sería unha referencia política en termos de inclusión, sustentabilidade, concienciación comunitaria e responsabilidade cidadá.



O traballo de investigación e o traballo colaborativo teñen que enfocarse cara ao impulso de procesos e a obtención de resultados



O PATRIMONIO COMO PRODUTO CULTURAL

Idea forza

A creación dunha consciencia patrimonial que permita visualizar o produto cultural como un instrumento mediador dentro do proceso de comprensión/apreciación do patrimonio e non como unha finalidade en si mesmo.

Descritor

O patrimonio cultural ten na súa propia natureza dúas dimensións que se deben entender como complementarias, xa que entroncan co seu carácter como proceso e como produto. En ámbolos dous casos, o patrimonio cultural establece relacións que artellan a conexión entre o tempo pasado, o presente e o futuro. Deste xeito, a herdanza recibida por unha comunidade adquire unha definición específica no presente e transmítese dunha determinada maneira cara ás xeracións futuras. Este proceso de interconexións, que afectan tanto ao patrimonio material como ao patrimonio natural e ao inmaterial, concrétase no seo dunha comunidade como un produto que deberá ser modelado a través de políticas de xestión nas que se poda garantir a súa preservación, diversidade e singularidade.

Dende este punto de vista, o patrimonio cultural débese entender como un recurso fráxil, susceptible de ser transformado en capital cultural e social, na medida en que contribúe á revalorización de culturas e identidades, serve de nexo de unión entre xeracións para a transmisión de experiencias, coñecementos ou aptitudes, e constitúe un terreo fértil no que agroman os produtos culturais contemporáneos e futuros.

Cada un deses produtos culturais –mais aló da súa conceptualización como unha mera actividade cultural– ten que asumir que na súa definición estanse a manexar, como activos, valores colectivos, prácticas tradicionais e signos de identidade. A xestión destes produtos culturais, xa sexan bens ou servizos, unicamente pode abordarse dende a toma de conciencia de que eses recursos manexados só os podemos gozar en réxime de usufruto, nunca de propiedade.

No ano 2000, a UNESCO manifestou a dificultade que supoñía disociar os bens dos servizos culturais. Deste xeito, asumíase que –tanto no plano teórico

O patrimonio cultural débese entender como un recurso fráxil, susceptible de ser transformado en capital cultural e social

como no práctico– non é fácil separar o concepto de comercio de bens do concepto de servizos. Por iso cómpre propoñer unha definición de produto cultural a través dunha fórmula na que englobar ambos os dous. O substancial desta proposta consiste en que o produto cultural faría referencia aos bens culturais de consumo tanxibles que serven de soporte para ideas, símbolos e valores intanxibles. Asemade, os servizos culturais farían referencia ás actividades orientadas a cubrir intereses e necesidades culturais, sen un soporte material. Nesa mesma liña, en 2009, marcouse o interese en que o produto cultural estivese asociado de xeito directo con calquera actividade cultural, xa fose ben ou servizo.

Recoñecida esta dependencia entre ben e servizo cultural, parece lóxico pensar que para a correcta conceptualización do produto cultural é preciso facer fincapé no feito de que se trata dunha actividade. Como tal, tamén é necesario tomar conciencia de que non se poden separar as ideas de produto e xestión cultural.

En termos xerais, a xestión cultural debe entenderse como unha acción positiva orientada á administración duns activos –xa se trate de bens ou de recursos– seguindo unha estratexia e planificación determinadas co fin de acadar uns obxectivos concretos. Neste senso, a xestión está estreitamente relacionada coa promoción, o incentivo, o deseño e a execución dos proxectos. Os produtos culturais serán, en definitiva, o resultado deste proceso.

Ao trasladarmos a atención á xestión cultural aparecen outros conceptos que merecen ser explicados. No caso da administración, definida como unha acción positiva, é preciso referencia á obriga do xestor de coidar dos intereses da comunidade, en tanto que os recursos xestionados, sexan da clase que sexan, non só pertencen aos seus propietarios, senón tamén á comunidade no seu conxunto.

Por outra parte, isto supón establecer unha diferenza clara entre o obxecto cultural e o ben de consumo. Se ben na súa natureza o produto cultural está asociado co mercado, o xeito de desfrutalo –e incluso a súa xénese– é diferente a calquera outro ben funxible. En termos xerais, o seu aproveitamento particular non impide a mesma práctica por parte doutros consumidores, o que tamén explica que o gasto inmediato non sexa semellante ao que se produce con outros artigos.

Por último, non é posible separar o produto cultural da realidade do mercado, polo que tamén se deben ter en conta os procesos que afectan a calquera ben de consumo: produción, distribución e consumo mesmo.

Diagnóstico/Problemática/ Contexto

Na actualidade, a cultura e os seus produtos convertéronse en elementos indispensables para a construción de calquera sociedade no eido das representacións sociais e na ordenación de elementos intanxibles e simbólicos. Isto implica a necesidade de ter en conta o tecido que forman as organizacións encargadas desta xestión cultural, xa sexan entidades de representación (*management*), produtoras culturais ou empresas distribuidoras. Non obstante, aprécianse fortes debilidades que teñen que ver con cada un dos aspectos sinalados ata agora.

Por unha parte, a concepción de moitos produtos culturais, en especial dos máis emblemáticos –que serven de modelo e guía para outros– atópase excesivamente mercantilizada. Deste xeito, pódese afirmar que o equilibrio entre ben cultural e produto de consumo, aparece claramente desprazado cara ao consumo. Esta visión do produto cultural orientada a acadar unha rendibilidade económica, máis ou menos inmediata, fai que se desprace o centro de aten-

ción cara a un dos aspectos da xestión, pasando a un segundo plano outros tamén importantes como son a protección e conservación do ben: a recepción dese produto por parte da sociedade e, sobre todo, a perda das referencias culturais e simbólicas que se materializan nese ben cultural.

Tamén se poden sinalar as mesmas debilidades no caso do ámbito organizativo, xa que as organizacións encargadas da xestión cultural –sexan de carácter público ou privado– forman un tecido que necesita ser fortalecido. Esta necesidade atópase no ámbito formativo e na concienciación da responsabilidade que se asume á hora de planificar a xestión deste tipo de produtos, tanto no eido do mercado coma no do consumo. Por isto, é especialmente urxente crear unha conciencia patrimonial clara, que afecte directamente aos modelos de xestión, no ámbito público.


Finalmente, en relación directa con cuestións venciadas coa aprendizaxe patrimonial, cómpre pro-

ceder á educación no consumo deste tipo de bens co obxecto de que unha demanda ordenada, responsable e consciente sirva de axente regulador da calidade destes produtos culturais.

Neste contexto, é preciso sinalar algúns dos riscos máis perentorios que se perciben no caso galego, como exemplo dalgunhas malas prácticas na xestión. Por unha banda, débese revisar a concepción turismo cultural como un recurso económico que pode ser explotado sen prexuízo ningún para o sistema cultural dunha comunidade. Mesmo aceptando o impacto positivo que pode ter a definición deste tipo de produtos culturais –articulados dentro da etiqueta de turismo cultural– tanto no económico como no social, é preciso asumir que a súa sobreplotación pode supoñer unha mingua ou perda definitiva dos seus valores simbólicos e intanxibles, fundamentais para a comunidade.

O risco, na meirande parte das ocasións, atópase nos procesos de banalización implícitos na xestión do produto cultural ou na redución a termos meramente económicos da análise da xestión realizada. Neste sentido, resulta imprescindible asumir dende a xestión cultural que os obxectos culturais empregados para a definición dun produto de consumo son parte dunha comunidade e, polo tanto, activos socioculturais. Na mesma liña, os réditos obtidos téñense que medir tanto en termos cuantitativos –económicos– como cualitativos –sociais e culturais.

Algo semellante ocorre coa creación da marca como parte consubstancial do produto cultural. O obxectivo final de calquera proceso de xestión debe estar asociado á posición da súa marca dentro do mercado, ata o punto de que esta poida chegar a identificarse plenamente co produto en si mesmo. Chegaría a establecerse deste xeito unha asociación absoluta entre marca e produto. Esta formulación, aceptable na súa esencia, tamén debe ser analizada con prudencia, xa que a marca, cando acada estes niveis de presenza social, entra en relación directa coa esfera pública da sociedade, comeza a formar parte da imaxe e a comunicación que o consumidor establece co obxecto cultural, ata o punto de poder chegar a suplantalos. Nese momento, se non están correctamente asentados e afianzados os valores intanxibles asociados co ben en cuestión, pódese producir un desprazamento na súa apreciación, coa conseguinte perda de valores culturais e simbólicos.



Xornadas do Foro Patrimonio e Sociedade, Mesa 3. Olaia Fontal Merillas, Rebeca Blanco Rotea e Juan Monterroso Montero

Obxectivos

Dado que os bens cos que se definen os produtos culturais teñen como trazo de identidade –fronte a outros bens ou servizos– a idea de cultura, é posible delimitar de xeito xenérico os obxectivos a partir das catro dimensións da cultura propostas por Jenks en 1993:

1. Acadar unha dimensión cognitiva, na medida en que os produtos culturais apelan directamente á mentalidade individual.
2. Entender a dimensión colectiva dos produtos culturais, xa que afectan directamente a elementos relacionados co desenvolvemento social dunha comunidade.
3. Visibilizar o produto cultural na súa dimensión social como a expresión dun modo de vida, como un signo dunha civilización.
4. Potenciar as dimensións específicas ou descritivas do produto cultural como reflexo dunha expresión artístico-intelectual.

Necesidades

1. Fornecer unha cultura patrimonial clara e precisa, na que os obxectos culturais se entendan, en primeira instancia, como recursos socio-culturais e xeo-históricos que afectan directamente á comunidade coa que se vencellan. Esta necesidade está en estreita relación coa definición operativa dunha educación patrimonial ao longo da vida.
2. Crear unha cultura da xestión cultural no eido público e privado orientada cara á comprensión dos bens culturais como recursos fráxiles e limitados con implicacións intanxibles fundamentais para a sociedade. Esta necesidade debería abocar a unha xestión responsable na que os réditos socioculturais, se non están por riba dos réditos económicos, deberían ser contabilizados en paridade de condicións.
3. Construír un forte tecido empresarial dedicado á xestión cultural no que a comunidade e os individuos que a conforman sexan o centro de interese principal. Esta necesidade implica unha especial atención á xestión cultural de carácter local.


Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Asentar a conceptualización do produto cultural como ese recurso fráxil do que, no momento presente, temos o usufruto, como un legado do pasado que nos encara co futuro.
2. Desenvolver, en todos os eidos, a formación dos profesionais –públicos e privados– encargados de levar a cabo a xestión cultural.



Desenvolver, en todos os eidos, a formación dos profesionais –públicos e privados– encargados de levar a cabo a xestión cultural

3. Crear unha conciencia patrimonial a través da cal se faga comprensible para todos os axentes implicados na xestión e consumo de produtos culturais o feito de que estes son parte da expresión duns valores intanxibles asociados coa cultura, entendida como forma de vida e como produto de actividades artísticas e intelectuais.
4. Establecer unha estreita relación entre a conciencia patrimonial e a conciencia territorial. Neste sentido, entenderase o concepto de paisaxe cultural como a interacción no tempo de persoas e medio natural, cuxa expresión é un territorio percibido e valorado polas súas cualidades culturais, produto dun proceso e soporte da identidade dunha comunidade.



ET 1

AVALIACIÓN SOCIAL DA XESTIÓN CULTURAL

Idea forza

Identificar a percepción que a sociedade ten da xestión patrimonial que as institucións veñen desenvolvendo en Galicia e avaliar o papel que estas consideran que xogan na mesma, así como o seu aliñamento cos obxectivos da Axenda 2030 en materia de patrimonio cultural.

Descritor

Este ámbito de actuación ten por obxecto promover unha avaliación –dende un punto de vista social e comunitario– da xestión patrimonial que se leva a cabo na nosa comunidade. É dicir, persegue establecer a necesidade de analizar a percepción que a sociedade ten de como os xestores administrativo-políticos desenvolven a súa tarefa en materia de patrimonio e que papel xoga nesta percepción a propia sociedade.

Así mesmo, este terceiro ámbito de actuación pretende atender as recomendacións do *Consello sobre a gobernanza participativa do patrimonio cultural*, establecidas polo Consello de Europa. Nelas convídase aos estados membros a elaborar marcos de gobernanza multilateral a múltiples niveis que recoñezan o patrimonio cultural (PC) como recurso compartido. Ao tempo, débense reforzar os vínculos entre o nivel local, rexional, nacional e europeo de gobernanza do PC, respectando o principio de subsidiariedade a fin de prever beneficios para as persoas a todos os niveis.

Estes marcos implican ter en conta á sociedade na cadea operativa da xestión patrimonial (COXP). Tamén invitan a promover a implicación das partes en todas as fases do proceso; integrar todos os patrimonios; establecer marcos de gobernanza que faciliten a aplicación de políticas transversais, permitindo que o PC contribúa a un crecemento sustentable e integrador; velar por un enfoque integrado do PC para colaborar no desenvolvemento dunha estratexia europea global para o PC, e reforzar a cooperación con organizacións internacionais como o propio Consello de Europa ou a UNESCO.

Do mesmo xeito, estes marcos europeos animan a que aumente a investigación baseada na influencia de enfoques participativos nas políticas europeas e a gobernanza do PC. Isto ten o fin de contribuír ao

Débense reforzar os vínculos entre o nivel local, rexional, nacional e europeo de gobernanza do patrimonio cultural

desenvolvemento de plans estratéxicos respecto do PC así como ao diálogo coas organizacións da sociedade civil nos ámbitos da elaboración de políticas relacionadas coa xestión cultural e a súa implementación.



Nesta liña, considerouse que existen tres aspectos que deben ser sometidos a análise:

- Necesidades, procesos e resultados na xestión patrimonial vistos pola sociedade, no sentido de observar a COXP como un proceso que abrangue dende a identificación das necesidades que ten o noso patrimonio ata os procesos que se seguen nesta xestión e os resultados da mesma. As preguntas de partida serían se estamos identificando a problemática do noso patrimonio, adoptando unha xestión axeitada, e se esta ten uns bos resultados? Todo isto sempre dende unha óptica social. A pesar de que dende o Consello de Europa se invita a exercer esta gobernanza participativa, o certo é que a sociedade non está aínda integrada na mesma –ou, polo menos, así manifesta percibilo–, polo que primeiro deberemos analizar que xestión patrimonial estamos facendo, como intervén nela a sociedade e que mecanismo deberíamos adoptar para corrixir este feito no futuro. Así, avógase por empregar a participación cidadá como instrumento de avaliación integral da xestión patrimonial. No caso de España –e especificamente de Galicia–, a integración da cidadanía na xestión patrimonial é un proceso lento e aínda non resolto, mais nesta fase de busca de mecanismos para a súa incorporación plena á COXP, considérase de interese coñecer a avaliación que a sociedade fai da xestión.
- A percepción social en Galicia da participación cidadá nos procesos patrimoniais. Moi relacionado co punto anterior, propónse a necesidade de realizar unha análise da percepción que a cidadanía ten da súa propia participación nos procesos patrimoniais en todas as súas fases, dende a identificación, defensa e ratificación dos bens patrimoniais, ata a súa revalorización final. Como sente a cidadanía a súa presenza nos mesmos? Sempre dende unha análise obxectiva, ampla e sistemática.
- A Cultura 2030. Ademais da gobernanza participativa, a sustentabilidade e a emerxencia climática son dous dos eixes que artellan as políticas patrimoniais no horizonte 2030 dende o ámbito europeo. Como parte dun dos estados membros de Europa, deberíamos analizar se as políticas patrimoniais da nosa comunidade se adaptan a estes obxectivos (o cal é obxecto da Mesa 1 deste Foro), como se levou a cabo este proceso (obxecto da Mesa 2) e que percepción ten a nosa comunidade ao respecto desa consideración e procedemento en relación co patrimonio (obxecto da Mesa 3).

Diagnóstico/Problemática Contexto

No primeiro ámbito de actuación deste mesmo eixe temático xa se fixo referencia a tres aspectos que debemos ter en conta á hora de proceder a unha diagnose da avaliación social da xestión patrimonial en Galicia. Na axenda 2030 para a cultura márcanse catro eixes temáticos principais: medio ambiente e resiliencia; prosperidade e medios de vida; coñecemento e competencias; inclusión e participación. No primeiro e no último recóllense aspectos que son fundamentais para definir o contexto do AT que nos ocupa: o primeiro establece a necesidade de desenvolver o tema da xestión sustentable do patrimonio; mentres, o cuarto inclúe o acceso á cultura, a participación cultural e os procesos participativos.

A fin de que todo iso se materialice e a cultura –e con ela o PC– xogue un papel real e clave para lograr unha transformación da sociedade que demande cambios substanciais nas institucións que están detrás da xestión patrimonial, é necesario desenvolver unha educación-formación centrada nos intereses arredor da cultura-patrimonio e dirixida aos participantes



reais na súa xestión. Tamén é preciso fomentar a identificación da cidadanía co patrimonio como parte do proceso da implicación social na súa xestión e a integración dos axentes implicados na xestión patrimonial.

Porén, tras ambos eixes da axenda 2030 atópase a idea de gobernanza promovida tanto pola UNESCO como polo Consello de Europa na última década. A nova estratexia cara á gobernabilidade dentro do ámbito europeo viña motivada por unha traxectoria moi relacionada co propio cambio producido no concepto de PC en Europa. Todo isto, no marco da estabilidade do modelo sociopolítico constituído polo denominado estado do benestar e polo triunfo da sociedade de consumo.

Dende a década de 1980 esta tendencia foi reorientada por parte das institucións estatais cara á explotación dos bens culturais como recursos turísticos que desempeñen un dobre obxectivo: satisfacer as demandas da cidadanía e rendibilizar os bens culturais para reconverter e dinamizar zonas deprimidas ou en proceso de desindustrialización. E isto sen perder a nostalxia posmoderna polo pasado.

O proceso que levou á gobernanza en materia de patrimonio dentro do contexto das institucións europeas hai que entendela dentro do seguinte debate. No ano 2001 sae á luz «A gobernanza europea - Un Libro Branco» [COM (2001) 428 final - Diario Oficial C 287 de 12.10.2001], no marco do establecemento dunha política para impulsar unha ampla dinámica democrática da Unión Europea. En 2014 o *Consello sobre a gobernanza participativa do patrimonio cultural* avoga por promover e potenciar dende os Estados Membros unha correcta gobernanza (participativa) do PC, moi relacionada co actual concepto de PC, como un dos eixes fundamentais do desenvolvemento sustentable, sendo considerado un recurso estratéxico e compartido, así como un ben común. Isto fai que a súa xestión e gobernanza se considere tamén un deber común.

Dende este Consello convídase os estados membros a elaborar marcos de gobernanza multilateral para os diferentes niveis que recoñezan o PC como recurso económico compartido. Así mesmo, instase a promover a implicación das partes en todas as fases do proceso; integrar todos os patrimonios; establecer marcos de gobernanza que faciliten aplicación de políticas transversais, permitindo que o PC contribúa a un crecemento sustentable e integrador; velar por un enfoque integrado do PC europeo para colaborar no desenvolvemento dunha estratexia europea global para o PC, e reforzar a cooperación con organizacións internacionais como o Consello de Europa e a UNESCO. Tamén se aconsella que se aumente a investigación baseada na influencia de enfoques participativos nas políticas europeas e a gobernanza do PC co fin de contribuír ao desenvolvemento de formulacións estratéxicas respecto ao PC e a proseguir o diálogo coas organizacións da sociedade civil nos ámbitos da elaboración de políticas respecto diso.

Cabería preguntarse de que mecanismos se dotou a administración galega para atender estas recomendacións. Unha análise da xestión integral do patrimonio arqueolóxico en Galicia axúdanos a entender un proceso no que se partiu do paradigma da cadea de valor do patrimonio (CVPC) ata chegar ao modelo de gobernanza participativa. Trátase, quizais, do tipo de PC no que podemos observar en Galicia unha maior implicación da cidadanía na súa gobernanza. Cómpre ter en conta que en 1982 Galicia asume as competencias en patrimonio cultural e que en 1985 se crea o Servizo de Arqueoloxía, integrado na Subdirección Xeral do Instituto de Conservación e Restauracións de Bens Culturais (ICBBCC) da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC). Isto dá conta do peso que ten o sector na administración autonómica.

Neste contexto, o Servizo de Arqueoloxía foi asumindo competencias e creando un organigrama de funcionamento propio ao longo de dúas décadas (Tallón *et al.* 2004). Máis tarde crearíase un ambicioso proxecto: a Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico (RGPA), estruturada ao redor da difusión, conservación e investigación do patrimonio arqueolóxico de todo o territorio da comunidade. Este organismo naceu co fin de vertebrar as diferentes propostas, optimizar os recursos dispoñibles e facilitar á cidadanía o acceso ao coñecemento do mesmo. Un dos seus obxectivos fundamentais era sensibilizar a poboación acerca da protección e conservación deste patrimonio. A RPAG era un dos primeiros exemplos de gobernanza, mais a sociedade civil era apenas suxeito pasivo receptor do coñecemento e do discurso xerado por outros.

Máis aló do patrimonio arqueolóxico, actualmente poderíamos enumerar unha serie de exemplos galegos de gobernanza cuxo estudo permitirá establecer nun futuro distintas liñas de investigación e modelos que poderán ser comparados con outras realidades: a recente recuperación do Pazo de Meirás a partir do traballo desenvolvido polo Concello de Sada e distintos axentes da sociedade civil, o caso da construción dun parador no castelo de Monterrei (Verín, Ourense), ou a declaración do Parque do Pasatempo como BIC (Betanzos, A Coruña).

A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPC/16) intenta recoller esta perspectiva da gobernanza e da inclusión da cidadanía no proceso de toma de decisións, mais cremos que cunha fórmula errada. Nesta lei, a participación cidadá –necesaria e consensuada internacionalmente– e a gobernanza participativa resólvense na derivación de competencias cara aos concellos, que se consideran interlocutores coa veciñanza (sociedade) no nivel local. Mantense así, a unha escala menor, esa visión paternalista, dirixista e intervencionista da que se quería fuxir coa nova lei. En todo este proceso non se establece ningún tipo de mecanismo para facer partícipe á sociedade na toma de decisións relacionada coa xestión integral do patrimonio.


Como consecuencia, dende diferentes ámbitos da sociedade civil móstrase unha visión negativa cara á xestión patrimonial que se traduce nunha desconexión entre os intereses da sociedade cara ao seu patrimonio e a toma de decisións por parte das administracións. Isto ten dúas consecuencias: dunha banda, a organización da sociedade civil nun tecido asociativo que demanda unha maior participación na xestión do patrimonio; doutra, o aumento de conflitos patrimoniais sociedade-administración que revelan unha falta de entendemento entre os diferentes sectores implicados. Algúns destes conflitos foron sometidos a análise e incluso a procesos de mediación. Son os casos, por exemplo, do santuario da Virxe da Barca, a igrexa de Santa María das Areas (Sánchez-Carretero e Jiménez-Esquinas 2016) ou o castelo de Monterrei (CCG 2014). Volverase sobre estes aspectos no ET-3.

Obxectivos

1. Avaliar a percepción social da xestión patrimonial en Galicia.
2. Analizar o modelo actual e identificar as súas eivas.
3. Establecer mecanismos de colaboración entre a administración e a sociedade civil para mellorar os actuais modelos de xestión patrimonial.
4. Definir un modelo de xestión patrimonial integral e sustentable para Galicia.
5. Poñer este modelo ao servizo da cidadanía.
6. Establecer mecanismos para someter o novo modelo a avaliación pública.
7. Establecer mecanismos de mediación e resolución de conflitos na xestión patrimonial.

Necesidades

1. Analizar en profundidade a percepción que a sociedade galega ten da xestión patrimonial que se vén levando a cabo en Galicia, para o cal deberá establecerse un traballo de recollida e análise de datos. Este traballo servirá, entre outras cousas, para axudar a abordar a seguinte necesidade.
2. Definir un novo modelo de xestión integral do patrimonio en Galicia que inclúa a nosa complexa realidade patrimonial (material, inmaterial, paisaxística, natural...), que sexa inclusivo e que integre a todos os axentes que interveñen nos procesos, considerando a participación da sociedade como unha fortaleza e establecendo con ela unha alianza. Este modelo deberá prestar especial atención aos eixes temáticos establecidos na axenda 2030, tales como a sustentabilidade, a inclusión e a participación.
3. Establecer mecanismos de cooperación para unha xestión integral sustentable na que interveñan tanto as administracións públicas como a sociedade civil afectada.



Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Promover a investigación en materia de xestión patrimonial en Galicia dende a publicación da primeira lei de patrimonio galego ata a actualidade, así como analizar procesos similares noutros contextos no noso contorno, de xeito que se poida ter unha idea da situación de partida en Galicia. Esta investigación debería desenvolverse por parte de equipos multivocais, nos que teñan cabida tanto a academia como a administración ou a sociedade civil, a fin de que recolla coa maior fidelidade a complexa realidade da xestión patrimonial.
2. Escoller e analizar varios casos de xestión do patrimonio galego considerados casos de éxito canda a exemplos fallidos ou non recoñecidos pola sociedade para analizar aqueles aspectos que teñen un bo funcionamento no noso contorno e aqueles outros que claramente chocan contra a nosa capacidade de xestión, a idiosincrasia do noso patrimonio ou a realidade social galega.
3. Fomentar un grupo de traballo multivocal e diverso. Deberá ser representativo e manter a harmonía necesaria para unha análise interactiva e colaborativa –tanto de carácter xeral, máis abstracta, como focalizada en sitios e casos concretos–. Este grupo de traballo estará enfocado cara ao desenvolvemento dun plan de xestión integral e sustentable deseñado para a realidade galega e que dote de mecanismos a todos os axentes implicados na mesma para a súa participación en todas as fases da cadea de valor que regula a xestión patrimonial.
4. Promover un seguimento de proxectos de xestión patrimonial realizados xa dende este novo marco.



Promover un seguimento de proxectos de xestión patrimonial realizados xa dende este novo marco

EIXE TEMÁTICO 2

EDUCACIÓN E APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA

Ámbitos de actuación

1. A educación patrimonial no ensino regrado xeralista non universitario
2. Formación
3. A profesionalización no quefacer cultural en Galicia: realidade e desafíos

Descritor

A *Conferencia Mundial da Educación*, celebrada en Jontiem (Tailandia) en 1990, situou os horizontes da educación na procura da equidade e a inclusión social, invocando a necesidade de garantir o acceso a unha escolaridade universal para todas as persoas, consonte ao proclamado na *Declaración dos Dereitos Humanos* de 1948.

Posteriormente, o *Foro Mundial da Educación*, celebrado en Dakar (Senegal) en 2000, aprobou un *Marco de acción sobre a «educación para todos»* no que se poñía a énfase na necesidade de cumprir os compromisos adquiridos. Isto posibilitou que se situase entre as liñas prioritarias dos *Obxectivos do milenio* aquilo que, poucos anos antes, alentara o coñecido como *Informe Delors* (UNESCO, 1996) sobre os piares básicos de calquera aprendizaxe que mire ao futuro: a importancia de aprender a aprender, aprender a facer, aprender a ser e aprender a convivir.

En 2015, coa aprobación dos *Obxectivos de desenvolvemento sostible* (ODS) e da súa Axenda 2030, creáronse novas oportunidades para o labor educativo de alcance local e global, fundamentalmente a partir da coñecida como *Declaración de Incheon* (Corea do Sur) e do cuarto dos ODS, no que respecta a «garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos».

O patrimonio, nas súas diferentes manifestacións, constitúe un dos principais referentes nos que se po-

den concretar as oportunidades dunha aprendizaxe ao longo da vida. Ten unha dobre finalidade: dunha banda, contribuír a unha formación máis completa –integral e inclusiva– das persoas no que respecta ao patrimonio, os saberes e valores que atesouran; doutra, asegurar unha maior estima polo que representa como pasado, presente e futuro, sensibilizando cara á súa conservación, difusión e uso con criterios de sustentabilidade medioambiental e social, así como con fomento do respecto polas identidades e diversidade que o caracterizan.

A aprendizaxe patrimonial ao longo da vida contribúe a que as persoas teñan unha mellor preparación profesional –no caso dos profesionais do patrimonio– e unha mellor concienciación sobre o valor do patrimonio –no caso da sociedade en xeral–. Isto poderá redundar nunha participación máis activa de toda a cidadanía na identificación, coñecemento, valoración, preservación e mellora do patrimonio.

Dentro desa formación ao longo da vida poden diferenciarse dous tipos:

- O ensino regrado, esencialmente definido e articulado no interior dos sistemas educativos, dende a educación infantil ata as diferentes modalidades da educación superior.
- Outros procesos formativos, externos ou complementarios ao sistema educativo –de natureza social, comunitaria, ocupacional, laboral ou profesional– que amplían as posibilidades de educar –e educarse– ao conxunto da sociedade e nos que están incrementando o seu protagonismo os procesos de ensinanza en liña. Todos eles converxen en novas oportunidades para unha aprendizaxe que debe conciliar a súa polivalencia coa especialización, disciplinar e transdisciplinar, inicial e continuada. En relación a todas elas, será preciso recoñecer e mellorar as potencialidades que ofrece a educación patrimonial, sobre todo no que atinxe á cualificación e profesionalización neste ámbito. E, mais que isto, cumprirá posibilitar una axeitada transición da formación á inserción socioprofesional e laboral.

Nas etapas asociadas á educación de base –de carácter xeralista–, a formación en patrimonio é tradicionalmente ofrecida por especialistas en áreas disciplinares do eido das ciencias sociais: xeografía, historia, historia da arte... Con todo, nunha visión máis actual e inclusiva debería ser incluída en calquera área disciplinar. Cómpre establecer un relacionamento fluí-

do con outras prácticas formativas a través de visitas a museos, centros de interpretación e elementos patrimoniais, así como mediante a participación en obradoiros e proxectos de investigación. Doutra banda, nas etapas máis avanzadas –e específicas–, a formación en patrimonio é ofrecida por profesionais relacionados directamente co patrimonio e o alumnado realiza actividades directamente encamiñadas á súa propia profesionalización.

Pola súa parte, a formación non regrada recae habitualmente en profesionais relacionados con diferentes ámbitos do patrimonio, quer na súa vertente máis disciplinar (arqueoloxía, historia da arte, antropoloxía, etc.), quer na súa vertente máis socio-psicopedagóxica (guías, intérpretes, educadores sociais, animadores socioculturais, técnicos e xestores culturais municipais, etc.).

Con maior ou menor capacidade para crear sinerxías, ambas educacións –regrada e non regrada– tenden pontes na vida cotiá do alumnado e da cidadanía, sobre todo nas ensinanzas obrigatorias da educación primaria e a educación secundaria. Isto propicia a realización de actividades que son o sustento dos ingresos xerados por outras entidades, ao tempo que incrementan a súa demanda e ocupación.

A profesionalización no patrimonio relaciónase coa formación ao longo da vida a través de dúas dimensións: a recepción de coñecemento e a súa transferencia. Os profesionais precisan ser formados permanentemente en competencias e saberes que posibiliten a actualización e mellora do seu desempeño profesional. Ao tempo, poden exercer como formadores nas diferentes experiencias de aprendizaxe ao longo da súa vida, establecendo un fluxo de captación e transmisión do.

Na actualidade existe un rango amplísimo de profesionais relacionados co patrimonio e promóvese o traballo interdisciplinar e transdisciplinar. A formación dos profesionais realízase, con frecuencia, dando continuidade á súa formación universitaria e a través de intercambios de experiencias e puntos de vista cos seus pares en foros diversos como congresos, grupos de traballo, obradoiros ou seminarios.

Vemos, polo tanto, que a educación ao longo da vida ten un carácter multifacetado, involucra a todos os sectores da sociedade e constitúe un pilar fundamental para o desenvolvemento das persoas, así como para a conservación e a optimización do patrimonio.

O reto está en conseguir articular os diferentes enfoques para aproveitar ao máximo as fortalezas de cada un dos ámbitos e modalidades de formación, establecendo pontes de comunicación e liñas prioritarias comúns nas que traballar cooperativamente. Xunto con isto, tamén é preciso clarificar o que se entende por profesionais do patrimonio e establecer códigos éticos e deontolóxicos para o exercicio da profesión. A creación dun plan autonómico de educación patrimonial de Galicia –que adapte os principios do Plan Nacional ás particularidades da sociedade e o patrimonio galego– e dun observatorio de educación patrimonial de Galicia –que guíe a aplicación das súas estratexias e liñas de acción– pode ser o primeiro paso para afrontar ese reto.





ET 2

A EDUCACIÓN PATRIMONIAL NO ENSINO REGRADO XERALISTA NON UNIVERSITARIO

Idea forza

Recoñecer e reforzar o impacto positivo da educación patrimonial a través do ensino regrado non universitario no alumnado, a sociedade e o patrimonio.

Descritor

A educación patrimonial debe estar incluída dende os niveis máis básicos do ensino, pois é fundamental para a formación integral do ser humano e para a conservación do patrimonio. Esta educación debe axeitarse ás necesidades dos alumnos e alumnas nas diferentes etapas educativas e de desenvolvemento a través dunha axeitada transposición didáctica (Chevallard, 2005: 45).

González-Pérez (2018) define o patrimonio cultural como o conxunto de cousas que un grupo de persoas considera que encarnan valores ou propiedades representativas da cultura dun grupo relevante e que poden beneficiar a un grupo relevante no futuro. A partir desta definición podemos concluír que o ensino regrado xeralista non universitario no seu conxunto ten como obxectivo non explícito –e mesmo, se cadra, inconsciente– educar o alumnado en patrimonio. A través do ensino inténtanse transmitir de xeración en xeración as competencias básicas e os aspectos máis relevantes para a vida na sociedade da época en cuestión. Á parte desta referencia á globalidade, a análise da lexislación educativa básica permítenos observar que a educación patrimonial está presente no ensino regrado non universitario dende a idade máis temperá e cun grao de complexidade e abstracción progresiva.

No relativo á lexislación, o marco actual de referencia é a LOE, que foi modificada pola LOMCE e máis recentemente pola LOMLOE (aínda que esta está sen definir no ámbito autonómico). Estas tres leis recollen como elemento vertebrador do ensino o concepto de competencia clave, que se define como «a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma axeitada» (OCDE, 2005). A LOE (2006) recolle entre as competencias clave a *Competencia cultural e artística*. Esta

A educación patrimonial está presente no ensino regrado non universitario dende a idade máis temperá e cun grao de complexidade e abstracción progresiva

competencia foi renomeada na LOMCE (2013) como *Conciencia e expresións culturais*, que permanece polo de agora sen cambios coa LOMLOE (Decreto 3/2020).

A competencia en *Conciencia e expresións culturais* (CEC) inclúe o coñecemento de todo o abano de manifestacións culturais materiais e inmateriais, recoñecéndolas como patrimonio dos pobos. Tamén supón o desenvolvemento de actitudes de respecto e recoñecemento das diferentes manifestacións artísticas e culturais, así coma o interese pola participación na vida cultural e a contribución á conservación do patrimonio tanto da comunidade propia como doutras.

Na área de coñecemento do contorno da educación infantil inclúese o obxectivo de «apreciar algúns elementos significativos propios da cultura galega» a través do «coñecemento e participación nos costumes, tradicións da cultura galega e celebracións persoais» (Decreto 330/2009).

Pola súa parte, na primaria cítase como un dos obxectivos educativos «coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia» (Decreto 105/2014). O patrimonio cultural aparece mencionado explicitamente en cinco materias ao longo dos seis cursos que comprenden esta etapa educativa, con referencias tanto ao patrimonio material como inmaterial: Ciencias Sociais, Educación artística e plástica, Educación artística e musical, Educación Física, Lingua castelá e Literatura. Máis concretamente, a materia de Ciencias Sociais vai incrementando a presenza do patrimonio cultural progresivamente ata o sexto curso, no que inclúe diferentes manifestacións do patrimonio, o concepto de patrimonio da humanidade, a idea de patrimonio cultural –que hai que coidar e legar– e a toma de responsabilidade na súa conservación e mellora.

Xa na educación secundaria inclúese como un obxectivo de etapa «coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e a dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural» (Decreto 86/2015). O patrimonio cultural nas súas diferentes manifestacións aparece mencionado explicitamente en dez materias ao longo dos catro anos da etapa educativa: Artes escénicas e danza, Cultura clásica, Educación física, Educación plástica e visual, Latín, Lingua castelá e Literatura, Lingua galega e Literatura, Música, Primeira lingua estranxeira e Segunda lingua estranxeira. Non existen mencións explícitas na materia de Xeografía e Historia, aínda que o patrimonio cultural si forma parte do seu currículo. Ademais, nesta etapa educativa existe unha materia de libre configuración autonómica, para primeiro e segundo curso, titulada Paisaxe e sustentabilidade, relacionada co patrimonio natural e cultural.

Por último, en bacharelato non se cita ningún obxectivo directamente relacionado co patrimonio cultural, aínda que si se alude a elementos do patrimonio no obxectivo de «desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural» (Decreto 86/2015). Nesta etapa postobligatoria, o patrimonio cultural –nas súas diferentes manifestacións– aparece mencionado explicitamente en catorce materias: Educación física, Grego, Historia da arte, Historia de España, Latín, Lingua castelá e Literatura, Lingua galega e Literatura, Literatura universal, Primeira lingua estranxeira, Segunda lingua estranxeira, Técnicas de expresión gráfica e plástica, Volume e Xeografía e Historia de Galicia. Ademais, as materias de Xeografía de España e Xeoloxía fan referencia ao patrimonio natural, mentres que Xeografía e Historia de Galicia tamén inclúe referencias ao ambiental. Existe tamén unha materia de libre configuración autonómica, titulada Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia, que se centra exclusivamente neste campo.

Diagnóstico/Problemática/ Contexto

A lexislación educativa inclúe a educación en patrimonio no ensino regrado a través de varios mecanismos: a competencia clave de CEC, a inclusión do coñecemento do patrimonio como obxectivo de diferentes etapas, a súa mención explícita en currículos de diferentes materias, a inclusión de xeito non explícito en moitas outras –tanto de forma directa como transversal– e a existencia de materias directamente relacionadas co patrimonio cultural ou que teñen o patrimonio cultural como obxecto exclusivo de estudo.

Amais destes aspectos do currículo, existe outro modo de educar en patrimonio a través de actividades complementarias e extraescolares. Pode ser por medio de charlas, obradoiros e actividades levadas a cabo por profesionais do patrimonio cultural que se desprazan ao centro ou ben con visitas do alumnado a elementos patrimoniais ou a organismos de divulgación patrimonial como museos ou centros de interpretación. Esta modalidade de aprendizaxe, ademais de ter un impacto enormemente positivo no alumnado –xa que se desenvolve nun ambiente diferente ao da rutina diaria e axuda a consolidar a aprendizaxe dende unha dimensión máis emocional– ten un impacto moi positivo no sector profesional das industrias culturais de comunicación e divulgación patrimonial, pois os escolares representan unha porcentaxe significativa do seu público.


Máis alá das materias do currículo escolar, edúcase en patrimonio a través de proxectos de investigación levados a cabo nos centros. Neles, o alumnado contribúe directamente á identificación, coñecemento, divulgación e conservación do patrimonio da súa contorna. Estes proxectos realízanse ao abeiro de programas oficiais (a nivel autonómico, como é o caso de diferentes programas do Plan Proxecta; a nivel nacional, por exemplo, a través da FECYT; ou a nivel internacional, con programas como –Erasmus+ ou ETwinning), mediante colaboración con asociacións culturais, ou de forma autónoma en cada centro a través do desenvolvemento cotián da actividade de ensino-aprendizaxe.

Os proxectos de investigación en patrimonio cultural no ensino favorecen unha aprendizaxe interxeracional e centrada na contorna que resulta beneficiosa tanto para discentes como para o resto da comunidade educativa. O alumnado faise consciente da importancia do saber transmitido de xeración en

xeración á marxe do ensino regrado, redescobre os seus familiares e a veciñanza, estreita os seus lazos con eles e toma a remuda na transmisión dese saber e na conservación do patrimonio para as xeracións futuras. Á súa vez, familiares e veciñanza redescobren –ou mesmo descubren por primeira vez– a importancia do seu saber, da súa experiencia, daquilo que forma parte da súa vida e que nalgúns casos lles foi transmitido como un signo de atraso e incultura.

As investigacións feitas desde os centros de ensino resultan tamén nun beneficio para a sociedade en xeral e para a conservación do patrimonio mediante a difusión da información recadada e a formación do alumnado como axente patrimonializador e como conxunto de cidadáns activos que contribúen á gobernanza do patrimonio dende a súa perspectiva única (Cobas, 2016: 48).

Por último, non se pode rematar este diagnóstico sen deixar constancia de que a excesiva carga de contidos teóricos do currículo fai que gran parte dos proxectos de investigación en educación patrimonial –ou calquera outra temática do ensino regrado– supón unha sobrecarga para profesorado, alumnado e familias. Sería preciso rebaixar o volume de contidos teóricos nos currículos e aumentar o tempo dedicado a proxectos activos para que estas investigacións puidesen levarse a cabo realmente no contexto da actividade de ensino-aprendizaxe e non durante o tempo persoal das diferentes partes implicadas.





Mesa Política. Rebeca Blanco-Rotea, Iago Seara, Mercedes Queixas, Carlos Amoedo, Carlos Nárdiz, Beatriz González, Gabriel Quiroga e Soledad Felloza

Obxectivos

1. Valorar o papel do ensino regrado non universitario na educación patrimonial en coherencia e proporción coas características dese ensino e o sector de poboación ao que vai dirixido, así como ofrecer apoio ao profesorado.
2. Asegurar que a educación patrimonial está presente neste ensino dun xeito proporcional con outros ámbitos de importancia equivalente, independentemente dos cambios de lexislación educativa.
3. Fomentar a participación activa do alumnado no coñecemento, valoración, conservación, difusión e gobernanza do patrimonio, dende a súa perspectiva única como cidadáns dun grupo demográfico e social.
4. Crear vías de comunicación patrimonial que possibiliten que o coñecemento xerado polo alumnado nos centros escolares sexa accesible pola sociedade e reverta positivamente na conservación do patrimonio.

Necesidades

1. Analizar e valorar axeitadamente a contribución do ensino regrado non universitario á educación patrimonial de acordo a uns parámetros realistas e acordos co contexto dese ensino.
2. Asegurar a presenza da educación patrimonial no ensino non regrado independentemente dos cambios nas lexislacións educativas.
3. Desenvolver estratexias de apoio ao profesorado que axude na posta en práctica da educación patrimonial no ensino regrado non universitario.
4. Poñer en valor o coñecemento xerado polos alumnos e alumnas en relación ao patrimonio de Galicia.


Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Entender o ensino regrado non universitario como un ensino xeralista –no que é imposible que cada ámbito de investigación ou coñecemento sexa tratado con tanto detalle como gustaría ás persoas expertas de cada ámbito– e axustar as expectativas do tratamento da educación patrimonial ao sector da poboación á que vai dirixida e ás transposicións didácticas necesarias para «converter o saber sabio en saber ensinado» (Chevallard, 2005: 45).
2. Definir con claridade e de xeito realista que se espera deste ensino en relación á educación patrimonial e utilizar metodoloxías de investigación e indicadores da contribución deste ensino á educación patrimonial coherentes coa actividade de ensino-aprendizaxe e representativos desta.
3. Recoñecer a contribución deste ensino á educación patrimonial no alumnado e na comunidade educativa, así como ao desenvolvemento das industrias culturais.
4. Asegurar que o patrimonio cultural siga presente nos currículos malia os cambios de goberno e de lexislacións educativas e promover un maior equilibrio entre aprendizaxe teórica e experiencial sen que este último supoña unha sobrecarga para alumnado, profesorado e familias.



Asegurar que o patrimonio cultural siga presente nos currículos malia os cambios de goberno e de lexislacións

5. Promover a presenza no ensino de celebracións relacionadas co patrimonio –como o Día Internacional do Patrimonio Mundial– e facilitar espazos de encontro entre profesorado e alumnado interesado no patrimonio. Por exemplo, poderíase impulsar un foro de educación patrimonial no ensino regrado de Galicia ou un foro xuvenil de patrimonio de Galicia.
6. Establecer responsabilidades e límites no traballo que debe realizar o alumnado –evitando que se incorra en explotación ou competencia desleal co sector profesional– e a súa participación como axentes patrimonializadores dende a infancia e a mocidade.
7. Crear redes de comunicación patrimonial entre os diferentes centros, así como entre os centros e outras partes implicadas na gobernanza do patrimonio. Poderían incluír aspectos como un repositorio online onde se recolla e dea visibilidade aos proxectos sobre patrimonio cultural realizados polo alumnado, unha rede de profesorado ou unha rede de voluntariado patrimonial na escola.
8. Crear un plan autonómico de educación patrimonial de Galicia e un observatorio de educación patrimonial de Galicia a través do cal se poida avaliar e apoiar a presenza do patrimonio cultural no ensino, así como o labor do profesorado. Ao tempo, reforzar o impacto positivo da educación patrimonial a través dunha participación activa do alumnado.



ET 2

FORMACIÓN

Idea forza

Recoñecer a necesidade de desenvolver programas de formación continuada en Patrimonio que contemplen contidos, materiais, metodoloxías e recursos adecuados para cada unha das etapas da formación ao longo da vida, creando oportunidades de aprendizaxe de adultos, fortalecendo a formación de formadores e garantido tanto á adquisición de coñecemento e valores vinculados ao patrimonio, coma de competencias e habilidades na transmisión destes.

Descriptor

A educación non remata na etapa obrigatoria, senón que continúa ao longo de toda a vida, adquirindo o carácter de permanente. Como parte da educación permanente, a formación –entendida como o nivel de coñecemento que posúe unha persoa sobre unha determinada materia– é crucial no desenvolvemento persoal e profesional. Ademais de capacitar o individuo para realizar convenientemente unha tarefa, tamén o capacita para adquirir valores, crecer como persoa e gozar do medio. Todo isto reverte, en definitiva, nun crecemento social.

O patrimonio cultural é un valioso e versátil recurso de aprendizaxe que pode empregarse como fin e como medio para a adquisición de competencias en diversos campos. A formación en patrimonio é indispensable para a formación cultural e en valores. A adquisición de coñecemento e entendemento do patrimonio por parte do individuo permítelle mellorar as súas competencias sociais e reafirmar a súa identidade. Favorécese así a adquisición dos valores culturais consubstanciais aos bens patrimoniais por parte da cidadanía. Isto, sen dúbida, promove a súa participación activa na salvagarda do patrimonio. Coñecer o patrimonio conduce á súa valoración como elemento de identidade social e á súa consideración coma un gran recurso mais aló da mercantilización.

O primeiro coñecemento en patrimonio adquirese a partir dunha aproximación dende a educación primaria e secundaria na que o patrimonio está presente de forma explícita nos currículos. Non obstante, debido ao carácter xeralista deste tipo de ensino e a sobrecarga de contidos teóricos, a transmisión deste coñecemento depende en gran medida do bo facer dos educadores.

O patrimonio cultural é un valioso e versátil recurso de aprendizaxe que pode empregarse como fin e como medio para a adquisición de competencias en diversos campos

Nas seguintes etapas, o coñecemento do patrimonio cultural abórdase dende diferentes perspectivas nos graos en Belas artes, Historia, Xeografía e Historia, Xeografía e ordenación do territorio, Ciencias da cultura e difusión cultural, Turismo, Arquitectura técnica, Ensinanzas artísticas superiores de conservación e restauración de bens culturais (equivalente a todos os efectos ao título universitario de grao), así como nos diferentes graos en Filoloxía e en Lingua e Literatura, todos eles ofertados polo Sistema Universitario Galego.

É nos másteres de especialización onde o patrimonio está tratado dun modo máis concreto e profundo. Concretamente, os másteres en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural (UVI-Campus Ourense), en Xestión do patrimonio artístico e arquitectónico, Museos e mercado da arte (USC- Campus Santiago) e en Servizos culturais (USC-Campus Lugo) forman profesionais na xestión, valoración, interpretación crítica, exhibición, musealización, restauración, conservación e protección do patrimonio cultural. Así mesmo, o sistema universitario galego oferta un programa de doutoramento interuniversitario en Protección do patrimonio cultural que posibilita a formación científica específica no eido do patrimonio cultural.

No que se refire á formación non regrada –entendida como o conxunto de actividades educativas-formativas organizadas fóra do sistema educativo– existe unha ampla oferta de actividades organizadas por centros de interpretación, museos, asociacións e colexios profesionais que actúan como transmisores dos conceptos, valores e actitudes que hoxe entendemos como indispensables para a xestión e conservación do patrimonio cultural.

Neste contexto, o aspecto chave que permitirá a formación en patrimonio cunha visión intercultural e multidentitaria é a formación dos educadores/formadores implicados na formación regrada e non regrada no campo do patrimonio, formación que non debe estar só centrada en contidos, senón tamén en aspectos psicopedagóxicos e didáctico-disciplinares.

Diagnóstico/Problemática/ Contexto

Logo da etapa de educación obrigatoria, a formación en patrimonio en Galicia continúa da man da oferta universitaria –como educación regrada– ou ben da man da oferta de institucións públicas ou privadas como museos, asociacións culturais ou colexios profesionais que, con gran vontade e poucos recursos, ofertan cursos e actividades destinadas a público de diferentes idades. Por iso, en certa medida, sustentan a formación en patrimonio nas etapas da vida para as que non está pensada a educación regrada.

Maila o gran labor que desenvolven, a maioría dos encargados de transmitir os valores do patrimonio teñen un enfoque fragmentado ou unidireccional derivado dunha formación na que segue predominando unha visión do patrimonio –derivada da nosa tradición– moi centrada no monumento, que deixa de lado outros patrimonios coma o intanxible⁸ Pero quizais o aspecto mais relevante en canto ás dificultades para que o seu labor alcance o obxectivo perseguido é que, especialmente nos casos de actividades ofertadas por institucións públicas ou asociacións con escasos recursos humanos, os encargados de ditas actividades non posúen capacitación didácti-

ca nin pedagóxica. Tampouco teñen posibilidade de adquirila, xa que non existe hoxe en día en Galicia unha oferta en formación profesional relacionada coa formación en patrimonio. Sen docentes formados, a pirámide da formación profesional en patrimonio cae.

Consecuencia da falta dunha didáctica do patrimonio e de programas de formación continuada que establezan unha conexión entre a formación regrada e non regrada é o escaso aproveitamento que se está a facer de todo o caudal formativo que ten o patrimonio. Así mesmo, a pesar do grande esforzo que se está a realizar no ámbito académico, son escasas as investigacións sobre todos os aspectos relacionados coa formación en patrimonio. Porén, existen pequenas –aínda que moi reveladoras– experiencias que poñen de manifesto a falta dun coñecemento interdisciplinar nos formadores en patrimonio e a carencia de metodoloxías, materiais e recursos propios, o que sen dúbida dificulta enormemente a súa tarefa.

A este respecto, incluíuse no actual curso un novo programa de educación patrimonial. Fíxose dende

.....
8. Na análise feita na Mesa 2 en relación coas figuras de protección do patrimonio, de 744 elementos declarados BIC en Galicia no momento de redactar o texto, 711 son bens inmoables, 22 mobles, e 11 inmateriais.

a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e no seo do Plan Proxecta, que pretende fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores. Este tipo de accións fomentan a xeración de metodoloxías, materiais e recursos que poidan ser empregados pola comunidade educativa. En certa medida, tentan paliar as deficiencias anteriormente comentadas. Con todo, está unicamente dirixido a centros de formación regrada.

En definitiva, é preciso dotar os docentes en patrimonio dunha sólida formación pedagóxica interdisciplinar sustentada directamente no patrimonio dende a complexa conceptualización do termo. Cómpre, ademais, dotalos dunha formación didáctica que lles aporte técnicas de ensinanza e estratexias propias relacionada co patrimonio como materia de estudo.

Obxectivos


1. Desenvolver un instrumento de xestión integral en formación patrimonial que contemple a formación regrada e non regrada coma un *continuum*.
2. Investigar a concepción que sobre o patrimonio teñen os formadores, así como as metodoloxías, materiais e recursos dos que dispoñen.
3. Ampliar e mellorar a oferta formativa para profesionais relacionados co patrimonio cultural, incluíndo aquelas destinadas a adquirir coñecementos psicopedagóxicos e didácticos apropiados para a transmisión dos valores sociais vinculados ao patrimonio.
4. Diseñar metodoloxías docentes dirixidas aos distintos axentes implicados na formación en patrimonio, así como recursos e fontes dixitais propias.
5. Desenvolver unha didáctica do patrimonio que facilite a comprensión de conceptos e a adquisición de valores.


Necesidades

1. Dispor dun plan de acción que contemple a educación e formación patrimonial coma principal eixe conceptual e pilar básico da conservación e xestión do patrimonio.
2. Implementar programas conxuntos de educación e formación profesional relacionados co patrimonio e crear oportunidades de aprendizaxe de adultos.
3. Desenvolver un programa de formación en patrimonio non existente na actualidade en Galicia.
4. Levar a cabo dinámicas formativas en torno ao patrimonio galego que contemplen a identidade, a conservación e a xestión coma conceptos chave.
5. Revelar o valor social do estudo do patrimonio e a súa utilidade didáctica para promover no alumnado o desenvolvemento de valores identitarios, de uso e de participación que o comprometan coa súa realidade.

Recomendacións/Directrices/ Elementos para levalas a cabo

1. Creación dun *Plan Galego de Educación Patrimonial* que asumindo os principios do Plan Nacional se adapte á realidade de Galicia e ás particularidades do seu patrimonio.
2. Investir en educación e formación en patrimonio, así como en investigación.





ET 2

A PROFESIONAIZACIÓN NO LABOR CULTURAL DE GALICIA: REALIDADE E DESAFÍOS

Idea forza

Recoñecer e desenvolver, nas súas múltiples identidades e responsabilidades, o potencial cívico inherente á profesionalización do ámbito sociocultural, poñendo a énfase nos dereitos e deberes da cidadanía, así como nos das culturas e nos da democracia cultural.

Descriptor

As profesións son un expoñente visible de distintas circunstancias concorrentes na realización dunha determinada práctica ou actividade. Desenvolven persoas ás que se recoñece socialmente a súa competencia na resposta a necesidades, demandas, dereitos, problemas, etc. de interese individual ou colectivo. Procurando diferenciar a súa identidade respecto doutras ocupacións, responsabilidades e/ou tarefas, atribúeselle a quen as desempeña o dominio dunha serie –máis ou menos ampla– de saberes, adquiridos a través dunha formación teórico-práctica, de carácter polivalente e/ou especializada, de carácter científico, técnico, metodolóxico, instrumental, cívico, etc.

Inseridas historicamente na progresiva división social do traballo, así como nos procesos de transformación socioeconómica e tecnolóxica ou nos vínculos establecidos entre os sistemas educativos e o mundo laboral, as profesións asocian as súas prácticas a dereitos e deberes amparados por un marco normativo-legal específico. Este marco adoita ser máis ou menos explícito no que atinxe ás súas dinámicas de formación e cualificación – inicial e continuada–, inserción e promoción socio-profesional-laboral, adopción de códigos deontolóxicos, mecanismos de asociación e/ou sindicación, retribución, autonomía e control, etc.

As profesións asocian as súas prácticas a dereitos e deberes amparados por un marco normativo-legal específico

Diagnóstico/Problemática/Contexto


Neste contexto, e compartindo os argumentos que sustentan o importante protagonismo que se lle concede á cultura na construción dos nosos particulares modos de ser como persoas e sociedades –artigos 22 e 27 da *Declaración Universal dos Dereitos Humanos* (1948), *Conferencia Mundial sobre as Políticas Culturais* (1982), *Convención sobre a Protección e a Promoción das expresións Culturais* (2005), *Diagnose da cultura galega: datos para unha estratexia cultural do século XXI* (2018), etc.– diremos que a profesionalización na acción cultural require conciliar a acreditación na adquisición dunhas determinadas competencias asociadas ao «saber» e «saber facer» – fun-

damentalmente no ámbito das ciencias sociais e das humanidades– coas que teñen un sentido mais axiolóxico, actitudinal, ético, comportamental, etc.

Apréciase neste ámbito a necesidade de clarificar cales son os sinais identitarios dos profesionais da acción sociocultural, intensificando os esforzos orientados a recoñecer e delimitar os seus ámbitos formativos, socio-profesionais, laborais, retributivos, etc. (Caride *et al.*, 2020: 14). Cabe lembrar que –en xestión cultural e patrimonial, animación e dinamización sociocultural, promoción e desenvolvemento das políticas culturais, etc.– se trata de profesións relativamente recentes, nas que conflúen persoas con estudos e titulacións dispares, traxectorias e condicións de empregabilidade moi versátiles tanto no sector público como no privado. Porén, en xeral, adoce dunha gran precariedade e falta de recoñecemento social, o que comporta eivas na definición das cualificacións e os roles profesionais que deben e poden ter estas profesións (GESCULCyL, AGPXD e PdGC, 2020).

Obxectivos

1. Identificar e poñer en valor os distintos perfís académicos e profesionais nos que se insire –e aos que se adscribe– a acción sociocultural en Galicia, tanto desde unha perspectiva actual como de futuro.
2. Comprometer as administracións públicas e os distintos axentes institucionais, socioeconómicos e políticos, así como os representantes sindicais e profesionais, co recoñecemento do seu labor, regulamentando e normalizando os criterios e sistemas de acceso, inserción, retribución, dereitos e deberes, funcións, etc.
3. Adoptar e desenvolver políticas culturais (autonómicas e locais) que sexan congruentes e consecuentes cos dereitos que as persoas teñen á cultura en toda a súa diversidade, como promotoras e dinamizadoras de estratexias, plans, programas, iniciativas, etc. que ademais de activar e ampliar a participación da cidadanía nas súas prácticas, lle outorguen un rol principal aos profesionais do sociocultural na procura dunha verdadeira democracia cultural.



Necesidades

Contribuír á clarificación das identidades, funcións e tarefas que deben atribuírse aos profesionais da acción cultural require dar resposta, fundamentalmente, a tres necesidades:

1. Vincular o desenvolvemento das políticas culturais e da acción sociocultural en Galicia ao recoñecemento e posta en valor dos seus profesionais, no presente e con vocación de futuro, tanto no que respecta á súa formación –inicial e continuada– como nos procesos de inserción e desempeño socio-profesional e laboral, no que teñen de común e de diferente.
2. Situar o quefacer dos profesionais entre as prioridades que deben contribuír a promover, normalizar, orientar e optimizar o desenvolvemento da acción cultural nas comunidades e nos territorios, dignificando o seu labor e as súas figuras profesionais.
3. Atender as reivindicacións e demandas expresadas por distintos axentes e colectivos dende hai décadas a través dos colexios profesionais, asociacións, entidades... así como a través de foros, guías ou informes nos que se pon de manifesto a súa contribución ao labor cultural en diferentes ámbitos e realidades. No seu conxunto, visibilizan as demandas e fortalezas, así como os riscos e oportunidades asociadas á súa práctica profesional e ás múltiples circunstancias nas que se insire.
4. Clarificar cales son –ou deberían ser– os sinais identitarios dos profesionais da acción sociocultural, intensificando os esforzos orientados a recoñecer e delimitar os seus ámbitos formativos, socio-profesionais, laborais, retributivos,

etc. Desta necesidade faise eco o informe elaborado no marco do Proxecto Xerf@ (Caride *et al.*, 2020: 14), aludindo tamén ao desexo de que se procure compartilos, superando o corporativismo e a competitividade, buscando a converxencia e a complementariedade do seu labor, ben no acceso á práctica profesional, ben no seu exercicio.

Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Considerar que os saberes profesionais e as prácticas que se asocian a eles transcenden a competencia técnica e/ou tecnolóxica, debendo incorporar –dende a súa formación inicial ata a que se faga cun carácter continuo– coñecementos que integren formación teórica-conceptual de natureza filosófica, antropolóxica, histórica, psicolóxica, pedagóxica, sociolóxica, económica, xurídica, artística, etc.
2. Procurar que a complexidade na que se insire a profesionalización no eido sociocultural teña unha axeitada correspondencia coa interdisciplinariedade e transversalidade nas que se debe sustentar a súa formación. Consecuentemente, procurárase a multiprofesionalidade que se require para unha acción sociocultural que dea resposta ás necesidades e demandas da cidadanía nun mundo de redes (tecnolóxicas, institucionais, educativas, culturais, etc.). Con esta perspectiva será desexable que se revisen os plans de estudos conducentes aos distintos perfís profesionais na acción sociocultural. Deberá facerse tanto nos ciclos superiores da formación profesional como nas universidades –estudos de grao, posgrao e doutoramento–. Tratarase de conciliar a polivalencia coa especialización, os coñecementos compartidos cos que deban ter un enfoque máis específico, os contidos disciplinares coas competencias profesionais: patrimonio, artes escénicas, literatura, sector audiovisual, industrias culturais, xestión de equipamentos e infraestruturas, organización de eventos, creación e difusión de recursos, atención a persoas e colectivos con diversidade funcional, formación de públicos, etc.



Con esta perspectiva será desexable que se revisen os plans de estudos conducentes aos distintos perfís profesionais na acción sociocultural

3. Concretar as titulacións de acceso e inserción socio-profesional e laboral na acción sociocultural –así como a definición das súas funcións, responsabilidades e obrigas– mediante a elaboración, difusión e aplicación nas instancias que corresponda (sector público e privado, por iniciativa propia ou allea) dun catálogo de perfís e postos profesionais, en converxencia coas demandas e reivindicacións expresadas polos colectivos profesionais (Caride *et al.*, 2020; GESCULCyL, AGPXD e PdGC, 2020). Isto sen obviar o requirimento que implica dispor dos correspondentes certificados de profesionalidade esixidos en cada caso.
4. Incorporar nos procesos formativos e nas prácticas profesionais os principios, valores, motivacións, responsabilidades e compromisos que deben sustentar a ética profesional e os códigos deontolóxicos nas actividades que se desenvolvan. Farase tanto no que respecta ao seu desempeño –orientando á acción e á conducta profesional– como en relación cos vínculos que estableza coas persoas e colectivos de referencia territorial, institucional e humana, procurando garantir a calidade do seu traballo e o máis pleno respecto aos seus dereitos. Isto implica dotar os seus profesionais dun código ético e deontolóxico no que se alenten sensibilidades, competencias, coñecementos e piares do aprender –a aprender, a facer, a ser, a convivir–, consubstanciais á condición cidadá e ao ben común de calquera sociedade que se prece. Este código pode inspirarse noutros xa elaborados, como o da Federación Estatal de Asociaciones de Gestores Culturales (FEAGC).

EIXE TEMÁTICO 3

SOCIEDADE, CIDADANÍA E DEREITOS CULTURAIS

Ámbitos de actuación

1. Gobernanza e participación
2. Asociacionismo
3. Redes

Descritor

As institucións internacionais e diversas instancias europeas recomendan e promoven unha nova gobernanza para o patrimonio cultural que resulte máis horizontal e inclusiva e que integre a participación da cidadanía. Neste sentido, existen documentos que establecen pautas para mellorar e enriquecer a xestión dos bens patrimoniais, por exemplo: *Council conclusions of 26 November 2012 on Cultural Governance 2012/C 393/03* ou *Council conclusions on participatory governance of cultural heritage 2014/C 463/01*.

Un manexo diferente deles implica non só o cumprimento do dereito cidadán ao acceso ao patrimonio, senón tamén a mantenza dos valores que lles son propios e que atinxen á identidade das comunidades que os crean, viven e conservan. Os gobernos, o tecido asociativo e a cidadanía están interpelados neste traballo conxunto de protección, pero cada quen ten unhas posibilidades, obrigas e funcións que se deben explorar e implementar. A imbricación de todos os sectores implicados está na base dunha gobernanza diferente, que resulte máis enriquecedora para todos eles, pero tamén para os bens dos que son responsables.

A transposición destas indicacións á realidade galega é bastante limitada, de xeito que, na actualidade, non pode falarse dunha gobernanza no sentido contemporáneo do termo, nin tan sequera dun manexo socialmente inclusivo dos bens, por canto non existen ferramentas –teóricas ou reais, formais ou informais– que propoñan a participación efectiva da cidadanía ou a posta en valor do traballo asociativo.

Algo máis avanzada está a conformación de redes de colaboración e traballo, pero é evidente que non son todo o representativas, participativas e operativas que poderían ser.

Así as cousas, as administracións deseñan e executan accións de protección e posta en valor do patrimonio sen contar coa achega da cidadanía. Moitas veces tampouco consultan, solicitan ou incorporan a opinión de colectivos de referencia, como son os de índole profesional ou o asociacionismo de perfil patrimonial. Estes, pola súa parte, levan a cabo proxectos de aproveitamento social, divulgación ou sensibilización que atopan crecentes dificultades tanto para implicar a administración nas súas iniciativas como para chegar á cidadanía. Con todo, o seu papel á hora de denunciar agresións ao patrimonio e de poñer en marcha propostas comunitarias ten dado froitos moi positivos, polo que sería necesario poñer en valor este tipo de iniciativas e integralas nos plans de xestión administrativos. Xa que logo, cada sector (administración, profesionais, asociacionismo) interactúa separadamente cos bens patrimoniais e é interpelado a respecto deles dentro do seu marco de referencia, deixando así á cidadanía nun papel totalmente pasivo.

A consecuencia destas prácticas é un crecente desapego respecto dos bens patrimoniais. Ao iren perdendo os valores comunitarios e identitarios, ao non sentiren un vínculo cos elementos que se ratifican como patrimonio, cada vez máis persoas percíbeno como algo alleo e como algo que é competencia da administración. Isto xera tamén unha certa confrontación dos colectivos profesionais e o asociacionismo cunha administración que non reconece o seu protagonismo na protección ou na posta en valor do patrimonio.

Con estes vimbios é moi difícil xerar novas dinámicas e crear espazos de diálogo e marcos de traballo común entre a administración e a cidadanía, pero tamén entre as distintas instancias da administración. Neste momento, a falta de interrelación está afastando a nosa comunidade da gobernanza participativa que se nos demanda dende as institucións internacionais.

Non hai no noso marco legal espazos reais para a participación e, na praxe cotiá, tampouco para a comunicación real informal. No mellor dos casos, enténdese o dereito a participar como o dereito a ser informado do que se fixo ou se vai facer nun determinado ben patrimonial, así como no establecemento dun tempo de alegacións sobre, por exemplo,

a proposta dunha intervención nun ben patrimonial, cuxas canles de comunicación non adoitan ser consultadas por unha ampla parte da cidadanía.

Cómpre, pois, aplicar o principio da transparencia. Esta debe entenderse como unha forma de manexo que implique a accesibilidade plena a documentos e decisións, a capacidade para incorporar achegas aos proxectos, a interpelación aos sectores sociais vinculados, a posibilidade de seguir o liderado e a iniciativa cívica ou a creación de espazos estables de diálogo e colaboración.

A apertura, a confianza e a colaboración deben ser os principios que rexan a relación entre os distintos sectores implicados, dende as administracións ata a cidadanía. Para iso é preciso favorecer o diálogo e a reflexión social, así como a responsabilidade compartida. Cómpre facer emerxer o traballo levado a cabo por todo tipo de colectivos sociais –nomeadamente, aqueles vinculados ao patrimonio– e darlle o mérito, o recoñecemento e os espazos que merecen. Ademais, é necesario conformar e desenvolver espazos sectoriais, locais e temáticos nos que se sumen sinerxías e se dea forza e forma ás iniciativas desenvolvidas dende estes colectivos.

Estamos no momento de poñer en marcha novas dinámicas, pero estas necesariamente deben pasar por un reequilibrio do protagonismo dos axentes implicados, pola implementación doutros modos de facer e pensar o patrimonio e polo deseño e execución de dinámicas que teñan no centro os bens, as comunidades e os territorios que as acollen, a fin de que sobre eles poidan tecerse proxectos e redes transversais para construír futuro.





ET 3

GOBERNANZA E PARTICIPACIÓN

Idea forza

A participación efectiva e proactiva da sociedade é imprescindible para unha nova xestión dos bens culturais, para a súa comprensión como legado común e para a súa emerxencia como referentes de futuro.

Descritor

O modelo actual de xestión do patrimonio está esgotado no relativo á súa gobernanza e á implicación da cidadanía. Resulta evidente que é imposible que o coidado e salvagarda dos bens culturais recaia só en mans da administración, aínda que só sexa polas dificultades loxísticas necesarias para tan titánica tarefa. Non obstante, apenas existen instrumentos que faciliten o diálogo con entidades públicas ou privadas, e moito menos que promovan o seu compromiso activo ou a propia proactividade tanto dos técnicos alleos á administración como da cidadanía.

Con todo, o dereito a herdar, desfrutar e transmitir o patrimonio cultural non se exerce nin se facilita; non se está articulando, nin para as persoas nin para as comunidades. A consecuencia máis evidente é o crecente desapego da sociedade cara ao patrimonio. Isto pode ter nefastas consecuencias: agresións aos bens, unha mercantilización depredadora ou a banalización dos seus significados. Ademais, existe tamén unha crecente permisividade social, sen que exista unha reflexión, cara a actividades que ameazan o patrimonio, tales como as turísticas, as forestais ou a construción incontrolada e fóra dun ordenamento territorial.

Lonxe disto, o dereito da cidadanía e a protección que merece o patrimonio herdado deben ser transversais ás decisións de goberno e deben deseñarse novas formas de gobernanza que convertan á cidadanía en peza clave das decisións e a protección.

Unha posible solución pasa necesariamente por facer da cidadanía –organizada ou non, coñecedora ou non– unha ferramenta dinámica no coidado e salvagarda, na interpretación e mesmo na xestión dos bens patrimoniais. Para isto son necesarias políticas

Existe tamén unha crecente permisividade social, sen que exista unha reflexión, cara a actividades que ameazan o patrimonio

activas nos ámbitos da educación e sensibilización (ET-2), novas propostas nos ámbitos de ocio, maior formación e reflexión nos aproveitamentos económicos... Tamén é preciso incorporar na gobernanza destes bens novas prácticas que comprendan a participación como un ben social que se debe procurar, como algo que enriquece os significados dos bens patrimoniais e que contribúe á súa conservación e salvagarda.

Non recoñecer o papel das comunidades nin da cidadanía neste ámbito, como vén sucedendo cando, por exemplo –e no mellor dos casos– hai transvasamento de información aos propietarios –que non diálogo–, supón desperdiciar coñecementos e oportunidades, incrementar o xa evidente desapego cara ao patrimonio cultural e afondar no seu descoñecemento. Isto implica, ademais, desbotar o capital social co que conta a cidadanía en materia de xestión patrimonial.

En efecto, é imprescindible a implicación das comunidades e dos propietarios dos bens na toma de decisións que os afectan; tamén dar espazo aos colectivos interesados, tanto do tecido asociativo cívico como dos ámbitos técnicos. A proactividade de todas as persoas e instancias pasa por facelas partícipes das decisións, por escoitar e explicar, por compartir e acadar consensos.

Nos últimos anos déronse pasos neste sentido, pero os intentos son escasos e xeralmente pouco acaídos aos tempos e aos modos de entender a responsabilidade e a participación social. É necesario desterrar o concepto de participación cívica como un dereito pasivo (ser informado das cousas) e desenvolveo como un dereito básico e activo cuxo exercicio debe facilitarse con accesibilidade máxima á información, capacidade de opinión e discusión ou rendición de contas (non só dos orzamentos, senón tamén do cumprimento de obxectivos).


Alén disto, cómpre realizar cambios legais e sociais, así como establecer canles de traballo e colaboración entre as distintas administracións. É preciso tamén mellorar e dar fluidez ao relacionamento entre as administracións, a cidadanía e as comunidades interpeladas. Estas ligazóns poden ser formais ou informais pero deben levar sempre ao compromiso mutuo e á implicación activa na toma de decisións, pois a participación social sen capacidade de decidir só produce frustración e desapego cara ás iniciativas públicas.

A participación debe interpelar a cantas comunidades, persoas e colectivos estean vinculados aos

bens patrimoniais, pois son depositarios e serán os seus maiores protectores se os procesos teñen resultados positivos. Non obstante, é preciso avaliar en cada circunstancia os modos e calidade desa participación que ten que ter en conta non só os aspectos legais ou técnicos dos bens e proxectos, senón tamén a memoria e vivencias comunitarias arredor deles. Encontros cidadáns, foros profesionais, consellos de participación, liñas abertas dos departamentos administrativos (locais e autonómicos), redes sociais... son fórmulas probadas e con distintas capacidades que poden e deben introducirse na xestión dos bens patrimoniais.

As administracións non dispoñen –nin teñen deseñadas– canles de escoita activa desta opinión social, de busca dunha maior apertura ás comunidades, de incorporación do parecer dos grupos tradicionalmente excluídos (mulleres, maiores, xente nova). Tampouco é quen de crear mecanismos áxiles (en tempos e formas), duradeiros e fluídos de comunicación máis alá do procedemento administrativo, cando menos cos *stakeholders* máis estables e representativos.

A cidadanía, as propias comunidades, os propietarios, os técnicos... asumen cada vez máis un rol pasivo na gobernanza dos bens patrimoniais, posiblemente pola actitude pouco colaborativa da administración. Nunha actitude pasiva xa interiorizada, entenden que é responsabilidade das administracións o seu coidado e protección e mesmo abandonan a necesidade de transferilo ás xeracións futuras cos valores e calidades herdados. Nesta situación é evidente a necesidade dun amplo diálogo social sobre o papel dos bens patrimoniais no noso país, así como sobre os límites do seu aproveitamento económico ou as vías de equilibrio entre as actividades tradicionais e os novos usos. Trátase de debates que non poden furtarse á sociedade, especialmente alí onde se senten con maior forza, como son as zonas de forte impacto turístico ou forestal.



Precisamente, debe ser a sociedade no seu conxunto a que reflexione e dialogue sobre unha herdanza que é común, un recurso delicado que se debe manexar dun xeito máis sustentable. Neste sentido, unha gobernanza máis integradora e participativa axudaría a repensar algunhas destas cuestións, así como a buscar novos equilibrios que sexan sostibles, a ponderar a conveniencia dalgúns prácticas ou proxectos e mesmo a avaliar os resultados dos esforzos realizados.

Para tomar eses camiños resulta evidente a falta de instrumentos que faciliten un cambio de mentalidade a este respecto. Esta mudanza debe darse nos gobernantes e nos gobernados para ir xerando nos primeiros un conxunto de novas prácticas e modos de traballo e para consolidar no tecido social un maior sentido de responsabilidade, propiedade e pertenza arredor do patrimonio.

Os mecanismos son precisos a todos os niveis da sociedade e poderán adquirir formatos e obxectivos variados, pero é necesario perseguir a concreción e afastarse do normativismo e o burocratismo transitando cara a ferramentas máis amables. Exemplos destas ferramentas poden ser: guías de boas prácticas, manuais de xestión para todos os cargos públicos, establecemento de canles para o seguimento das intervencións de restauración ou unhas sinxelas pautas para o coidado dos elementos de madeira para os propietarios de inmobles en cascos históricos. Coñecer é o primeiro paso para protexer e comprometerse; exercer os dereitos sobre o patrimonio é un dos camiños para unha cidadanía máis plena e unha democracia máis madura e proactiva.


A importancia da implicación da cidadanía quedou posta de manifesto en 2021 durante o confinamento da COVID-19 cando, unha vez interrompida a vixilancia exercida dende o tecido social, houbo atentados significativos contra o patrimonio executados sen impedimento e que foron denunciados máis tarde, resultando máis complexa a súa persecución.

Ao cabo, trátase de recoñecer e dar valor ás múltiples responsabilidades implicadas neste ámbito e de exercelas nunha certa horizontalidade onde todas as opinións deben ser escoitadas e confrontadas. Estas dinámicas son fundamentais, sobre todo a nivel local, onde os escasos recursos poden compensarse co apego e implicación da veciñanza, de xeito que se complementen as políticas de protección, posta en valor e difusión do patrimonio. Gobernanza participativa do patrimonio, en definitiva.

Diagnóstico/Problemática/ Contexto

A lexislación actual non deixa moito lugar para fórmulas de participación na toma de decisións relativas aos bens patrimoniais. De feito, condiciona non xa os espazos formais de relación da administración e a cidadanía, senón tamén os informais. Deste modo, non hai costume establecer foros nos que administradores e administrados se senten en pé de igualdade a pensar e compartir, e aínda hai menos experiencias de como elevar eses acordos á axenda política e á convertelos en norma.

Máis alá da norma, hai modelos aplicados en ámbitos diferentes ao patrimonial que funcionan, mais apenas se probaron aquí modelos de toma de decisións compartidas nin se puxeron en marcha prácticas que abran novas dinámicas. A participación que normalmente se practica en Galicia consiste, no mellor dos casos, no establecemento de órganos consultivos nos que se informa das decisións tomadas, pero nos que non hai un debate real nin a influencia



do corpo social. De feito, polo xeral, a cidadanía non conta coa información nin o tempo suficiente para avaliar o que se lle presenta por parte destes órganos.

Así, non existe espazo legal nin real para a iniciativa cívica, que queda afogada no aparato administrativo e raramente acada apoio institucional. Non existen canles áxiles e estables de comunicación para a denuncia, a consulta ou as iniciativas vinculadas ao patrimonio. E isto é un impedimento importante á hora de exercer os dereitos cívicos básicos, pero tamén aqueles vinculados ao uso ou posesión de bens patrimoniais.

Un dos campos máis inoperantes á hora de implicar á cidadanía é o da transparencia e a accesibilidade da información. A que hoxe está dispoñible é mínima e encóntrase centralizada. Na maior parte dos concellos, os datos están dispersas ou agochados nos andeis administrativos. A capacidade de difusión e comunicación dos portais web da administración está escasamente explotada, principalmente porque non se entende a obriga de transparencia nos feitos gubernativos nin o dereito –e a necesidade– dela no contexto patrimonial.

A esta escasa transparencia hai que sumar que a xestión patrimonial está condicionada polo planeamento urbanístico –ás veces tamén ambiental– e a lexislación de contratación, todo isto filtrado polas leis que afectan ao patrimonio. É a partir de aquí que a administración e a cidadanía interactúan. Porén, como o patrimonio moitas veces non é un recurso público, senón de propiedade privada, a situación esixe en actuacións e decisións administrativas diferenciadas que non sempre se toman con transparencia ou cuxos criterios non son compartidos e entendidos pola cidadanía, fortalecendo a situación actual de pouca ou nula reflexión social sobre as actuacións e o seu impacto.

Por outra banda, o retraso na posta en marcha de praxes políticas de datos abertos e diálogo social leva á desafección dunha cidadanía que non comprende as decisións que se toman arredor do patrimonio, mentres que as dificultades que atopa o esforzo de comunidades e colectivos –profesionais ou sociais– son cada día maiores.

Así as cousas, hai unha certa confusión entre as responsabilidades dos sectores implicados (administración, academia, profesionais, colectivos culturais, cidadanía) que acaba creando un certo burato na xestión e distribución de funcións ou xerando discursos diferenciados. Pode ser o caso dunha administración que deixa en mans da cidadanía parte das súas funcións ou de comunidades e individuos que, pola contra, entenden que os bens patrimoniais

son asunto da administración. Esta é unha realidade habitual hoxe en día que debe modificarse, dun lado abrindo a administración; doutro, fomentando a proactividade cidadá.

De feito, actualmente tampouco hai canles claras para que a sociedade civil exerza as escasas prerrogativas que se lle ofrecen de xeito tradicional: é complicado denunciar, resulta difícil coñecer os bens que se posúen e nin sequera hai canles claras e doadas para a denuncia de agresións e delitos.

Esta falta de adecuación ao presente asóciase cunha crecente e equivocada desconfianza dos administradores públicos respecto da implicación da cidadanía. O resultado consiste nun conxunto de prácticas, trámites e normas que non son acaídas e que separan a cidadanía do legado patrimonial, que estorban á reflexión, disuaden á implicación social, entorpecen a iniciativa e mesmo dificultan os esforzos de denuncia e de protección.

Obxectivos


1. Garantir o dereito ao patrimonio como algo que se exerce a nivel persoal e colectivo, con maior equilibrio e cooperación entre as distintas administracións e a sociedade.
2. Situar o patrimonio e os seus valores cívicos e económicos no centro do debate e da reflexión social.
3. Xerar colaboración e complicidade entre a administración e as comunidades e persoas interpeladas por plans e proxectos arredor do patrimonio.
4. Impulsar unha nova praxe governativa –transparencia real e operativa, datos abertos, rendición de contas– como base dunha apropiación social do patrimonio.
5. Fomentar a participación cívica con capacidade para influír nas decisións como práctica enriquecedora das accións da administración.
6. Dinamizar a implicación e proactividade das comunidades nas decisións sobre bens patrimoniais.
7. Crear novas canles, formais e informais, de implicación da cidadanía –persoas e colectivos– para propoñer, denunciar ou reflexionar arredor da xestión patrimonial.

Necesidades

1. Abrir as políticas do patrimonio á cidadanía e aos colectivos a través da implementación dunha transparencia real na xestión dos bens patrimoniais: información, transparencia, rendición de contas, mediación.
2. Establecer mecanismos que permitan entender a toma de decisións, por exemplo, poñendo en marcha procesos de mediación.
3. Interpelar e implicar o conxunto da cidadanía –especialmente aqueles grupos tradicionalmente excluídos na toma de decisións–, as comunidades vinculadas ao patrimonio e os colectivos con intereses patrimoniais (asociacións culturais ou profesionais).
4. Recuperar a querenza e o sentido de pertenza da cidadanía con respecto ao patrimonio, así como revivir o seu papel proactivo.
5. Facer emerxer o traballo de comunidades e colectivos na defensa e posta en valor do patrimonio e promover canles áxiles de denuncia ou tramitación de afeccións patrimoniais. Nesta liña, debería haber tamén un compromiso por parte das administracións para atender estas canles.
6. Difundir un único discurso por parte das administracións respecto do patrimonio, focalizándoo no lugar central que debe ter na vida democrática das comunidades.
7. Poñer fin ao traballo desconectado entre as administracións ás que afecta a xestión patrimonial –tanto de diferentes administracións (autonómica, municipal, deputacións) como de diferentes departamentos dentro das mesmas– e avanzar cara a modelos de coordinación baseados en proxectos, territorios ou plans nos que estean presentes dende á súa concepción os distintos sectores implicados nesta xestión (aspectos abordados tamén na Mesa 1).

Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Deben operarse cambios na gobernanza (leis, procedementos, prácticas) para recoñecer e facer efectivos os dereitos cívicos vinculados ao patrimonio: transparencia, datos abertos e rendición de contas. Tamén se deben facer cumprir os deberes cívicos inherentes, como son os relacionados coa protección, a sustentabilidade e a transmisión do patrimonio e os seus valores.
2. Facilitar os cambios –legais ou de costumes– que permitan a posta en marcha de modelos probados de boas prácticas que faciliten a implicación social e impliquen novos xeitos de toma de decisións.
3. Recoñecer o valor da iniciativa e a participación cidadá e comunitaria na defensa e conservación dos bens patrimoniais, adxudicándolles un protagonismo na reflexión, toma de decisións, denuncia e conservación. Pode ser un lugar formal –con foros locais ou sectoriais– ou mesmo informal –como consultas populares, enquisas ou liñas abertas.
4. Procurar a reflexión, o diálogo e o consenso como métodos de traballo nas intervencións e proxectos. Para iso é preciso empoderar a cidadanía a través de canles áxiles de comunicación e participación, así como da promoción dunha dinamización – individual e colectiva– axeitada.
5. Aproveitar ao máximo o potencial das novas tecnoloxías á hora de implementar a transparencia na toma de decisións, crear canles de comunicación coa cidadanía, promover espazos de consulta e reflexión, xerar sensibilidades e roles proactivos, difundir o esforzo e coñecemento técnico, etc.
6. Empoderar as persoas que exercen cargos públicos ou posicións de liderado social para que fagan proactiva a nova gobernanza participativa: mellorar a formación e sensibilidade dos que toman decisións que implican ao patrimonio nalgunhas administracións –por exemplo, dende concelleiros a técnicos de urbanismo– e nas comunidades –asociacionismo veciñal, empresarial–, promovendo un novo xeito máis horizontal e inclusivo de pensar e manexar os bens patrimoniais.
7. Facilitar a participación na xestión integral do patrimonio e na toma de decisións que esta implica debe servir para empoderar a cidadanía e restaurar o seu apego cara aos bens herdados. Para iso, debe darse maior valor á opinión e reflexión cívica e debe establecerse un compromiso dos xestores e técnicos para facela efectiva, operativa e instrumento de novas dinámicas e sinerxías entre os distintos axentes vinculados ao patrimonio cultural.



ET 3

ASOCIACIONISMO

Idea forza

Necesidade de recoñecer o papel do asociacionismo na defensa do patrimonio cultural, tanto a nivel autonómico como local, e a importancia da incorporación do asociacionismo nos procesos de toma de decisión, é dicir, na gobernanza participativa do patrimonio cultural.

Descritor

O tecido asociativo de Galicia é enorme e abrangue non só o conxunto da nosa circunscrición administrativa senón tamén unha gama inmensa de intereses, ámbitos territoriais e temáticas. Así, xa dende mediados do século XIX, numerosos colectivos de intelectuais e activistas manifestaron o seu interese e preocupación na investigación, o estudo, o desenvolvemento e a preservación do patrimonio material e inmaterial.

Os movementos galeguistas e a súa inquietude na divulgación da historia, a tradición e a lingua, constituíron un pilar fundamental na configuración de colectivos locais que se preocuparon e involucraron na recompilación e divulgación dese patrimonio. A colaboración e o impulso das entidades asociativas galegas en América foi tamén determinante para o nacemento destes movementos. En relación con isto, o exilio transformárase na chama que axudou a preservar eses desmembrados grupos.


A finais do franquismo e no inicio da democracia comezan a rexurdir asociacións, colectivos e fundacións que se centran en retomar –nalgúns casos– ou principiar –noutros– unha ardua tarefa de recuperación do patrimonio cultural local. Comézase pola lingua, a toponimia ou as festas tradicionais prohibidas durante a ditadura. Ao tempo, reivindicase a restauración, escavación e posta en valor dos distintos bens patrimoniais.

Porén, salvo excepcións, ese traballo foi sempre illado. Cada entidade, cos seus asociados, mobilizouse na súa área xeográfica ou de comenencia. Cada unha desenvolveu enormes esforzos en salvagardar, moitas veces *in extremis*, un patrimonio abandonado por décadas. A isto súmaselle o feito de que moitas veces

Os movementos galeguistas e a súa inquietude na divulgación da historia, a tradición e a lingua, constituíron un pilar fundamental na configuración de colectivos locais

esa asociación ou colectivo non só contemplaba sumar nos seus intereses a salvagarda do patrimonio, senón tamén a tarefa de ser o órgano de coordinación da veciñanza para todas as actividades da parroquia. Esta dobre función pode ser un punto negativo, pero tamén evidencia o inmenso potencial das asociacións como mediadoras entre o capital cultural, a sociedade civil, a academia e as administracións.

As asociacións e colectivos estiveron sempre en primeira liña da defensa do patrimonio cultural, tanto en relación ao territorio como á comunidade local. A día de hoxe é imprescindible unha acción das autoridades públicas á hora de formular e sacar adiante un marco multidisciplinar para a protección, salvagarda e sustentabilidade do patrimonio. Nesa acción, o tecido asociativo ten que ser un pilar que participe en igualdade de condicións.



Diagnóstico/Problemática/Contexto

Normalmente enténdese que as entidades implicadas na defensa do patrimonio cultural son un problema. Do seu labor adoitan chegar á opinión pública as denuncias –por agresións, destrución ou falta de limpeza– ou as campañas de información iniciadas polas propias entidades. Porén, poucas veces se reflicte a cantidade de accións que comezan sendo unha denuncia e terminan concretándose en catalogacións e intervencións que permiten a preservación deses bens, por exemplo.

O tecido asociativo quere ser parte da solución. Así o evidencian as súas accións, xeralmente documentadas e fundamentadas. Tamén o seu compromiso permanente á hora de vixiar, difundir e manifestar a necesidade da intervención da administración pública nos estamentos da defensa patrimonial que exceden as súas capacidades. A ausencia dun procedemento e unha canle de contacto accesible, áxil e sinxela que permita encauzar de xeito rápido e eficaz as inquietudes da veciñanza –como xa apuntabamos no AA-1 deste eixe temático–, acrecenta moitas veces a sensación de desprotección e abandono.

As intervencións que se adoitan realizar son tamén en moitos casos fonte de conflito pola súa falta de transparencia e a deficiente comunicación coa cidadanía, usufrutuaria finais das devanditas intervencións. A ausencia dun marco legal específico que regule a colaboración entre a sociedade civil e a administración non se corresponde cunha realidade cotiá na que con maior ou menor asertividade se dá o proceso de identificación, rexistro e preservación do patrimonio cultural.

Ese patrimonio cultural está intrinsecamente ligado aos desafíos máis perentorios aos que se enfrenta toda a humanidade, que van dende o cambio climático e as agresións no territorio (minería, industrias de enerxía eólica, forestación) á educación, a saúde, a emigración, a urbanización ou as desigualdades económicas. Moitos destes desafíos están recollidos na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible.

Polo tanto, se a UNESCO considera que o patrimonio cultural é “esencial para promover a paz e o desenvolvemento social, ambiental e económico sustentable” e a sociedade civil é entendida como parte fundamental desa promoción, as entidades sociais de Galicia non poden ser meros actores secundarios, senón que deben incorporarse de forma plena á xestión integral do PC.


Na actualidade, a percepción que estas asociacións e colectivos teñen é que unicamente son mencionadas á hora de culpabilizalas de calquera situación negativa en relación ao PC, mentres son mantidas á marxe na toma de decisións sobre a súa xestión.

Obxectivos

1. Integrar de forma plena o tecido asociativo nos procesos vinculados á divulgación, protección, salvagarda e usufruto do patrimonio cultural.
 2. Manter unha canle de comunicación aberta e fluída entre os órganos encargados da xestión e a sociedade civil.
 3. Ofrecer acceso a informes e publicacións das diferentes intervencións públicas.
 4. Reducir os prazos de resposta a denuncias e alegacións.
 5. Recibir resposta a todas as denuncias de agresión.
 6. Crear unha *Escola do Patrimonio*, descentralizada e orientada á educación non formal, que permita a formación e profesionalización da sociedade civil.
 7. Crear un marco regulador claro e transparente entre as administracións vinculadas ao turismo e ao patrimonio cultural e as entidades do tecido asociativo, sobre a participación da sociedade civil, homologándoo cos demais países da nosa contorna.
 8. Outorgar ás entidades civís a capacidade de presentar informes non vinculantes, pero si contemplados á hora de declarar BIC elementos patrimoniais e en intervencións públicas ou privadas que poidan afectar o patrimonio cultural.
2. É preciso mellorar as ferramentas en liña (administración electrónica) que permitan ás asociacións presentar denuncias sobre agresións ou notificar descubertas arqueolóxicas, así como realizar o seguimento das resolucións e as accións que se leven a cabo.
 3. Cómpre elaborar protocolos que recoñezan e poñan en valor a figura da sociedade civil, asociacións, colectivos e fundacións na defensa do capital patrimonial.
 4. Voluntariado Patrimonial. Xa existe a Lei de Voluntariado que regula as actuacións das persoas que dedican tempo de xeito altruísta aos intereses do común. Dita figura xa vén regulada tamén polos obxectivos das propias entidades: divulgación, estudo, coidado. O límite do seu accionar, tal e como establece a UNESCO, na “protección, salvagarda e xestión”, atópase no punto tres, a xestión, que corresponde á administración e ao persoal técnico que a integran. Pero é necesaria unha actuación de transparencia por parte da DXPC, especificando os límites da acción de voluntariado, en coherencia co resto da acción de voluntariado da comunidade autónoma e en consonancia co voluntariado patrimonial practicado noutros países da Unión Europea.
 5. Cursos homologados. A formación e a profesionalidade no ámbito das entidades e asociacións son dispares. A maioría promove e fomenta conferencias, visitas guiadas, xornadas, anuarios e publicacións de divulgación e formación. A creación de cursos homologados ou dun currículo académico nos diferentes concellos –tal como existe o curso de monitor de tempo libre ou outros relacionados con diferentes disciplinas–, pode valer non só para fomentar o coñecemento senón tamén para salientar e poñer en valor o traballo do voluntariado.

Necesidades

1. No ano 2017 nace a Rede do Patrimonio Cultural (RPC), que entende o patrimonio cultural como un dos principais activos sociais, identitarios e económicos de Galicia. Identifícao, polo tanto, como un recurso estratéxico para a sociedade galega contemporánea que debe ser conservado e transmitido, nas mellores condicións, ás vindeiras xeracións. Na RPC participan neste momento preto de 100 colectivos que camiñan cara á constitución dunha entidade formalizada administrativamente, co obxectivo de participar en procesos públicos cunha voz que represente as inxerencias do tecido asociativo. Así, no lugar de crear un organismo novo, cómpre potenciar, valorizar e recoñecer dende a administración, a academia e o persoal técnico que forman parte das mesmas, a existencia dun espazo de encontro que a día de hoxe está aberto a dialogar, cooperar e construír novas estratexias de participación en rede e de xeito sostible.



Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Creación ferramentas que faciliten a tarefa da sociedade civil organizada.
2. Colaboración coas entidades sociais na súa tarefa de vixilancia, así como de transmisión de valores de protección e de coñecemento da comunidade local.
3. Promoción das canles existentes e fomento de novos espazos que poñan en valor o amplo coñecemento recollido e atesourado polas entidades civís (tradición oral, fotografías, coñecemento do territorio).
4. Accións de fortalecemento da identidade colectiva que involucren as novas xeracións, sensibilizando e educando ao público en xeral e ao xuvenil en particular sobre o valor, o sentido e a defensa do patrimonio.



Accións de fortalecemento da identidade colectiva que involucren as novas xeracións

5. Convocatoria da sociedade civil ao principio dos procesos de intervención patrimonial, sexan intervencións locais, propostas de declaración de elementos patrimoniais como bens de interese cultural, patrimonios da humanidade ou outros.



Mesa Política. Rebeca Blanco-Rotea, Xosé Luís Ferro Iglesias e Cristina Sánchez-Carretero



ET 3

REDES

Idea forza

Poñer en valor o traballo en rede como un método probado para a consecución de obxectivos e metas comúns, en especial en todos os aspectos que teñen que ver coas novas tecnoloxías da información e comunicación, cos contidos dixitais de calidade ou coa súa función educativa e divulgativa

Descritor

O traballo en rede e as redes de cooperación, levan décadas, incluso séculos (Liga Hanseática) probando a súa eficacia na consecución de obxectivos e metas comúns. Ata aquí a certeza de que o mecanismo ao que aspiramos resulta de probada eficacia.

Nos últimos tempos, a dixitalización acelerada da sociedade mudou o xeito de interrelacionarnos. Isto reflíctese dunha maneira excepcional nas redes que basean a súa razón de ser –precisamente–, nas relacións. Relacións que agora son máis doadas e inmediatas que nunca na nosa historia grazas á tecnoloxía. Ata aquí a seguridade de que, para acadar a nosa meta, contamos con mecanismos moi potentes e accesibles.

A participación da cidadanía, o que denominamos gobernanza, nos procesos decisorios liderados polas administracións e institucións é un chanzo máis na evolución das sociedades democráticas no século XXI. Nun ámbito tan diverso como o patrimonial, que afecta, dun ou outro xeito á totalidade do territorio e da poboación, a participación da cidadanía –en xeral– e de tódolos axentes –en particular– non resulta opcional. Resulta unha obriga para todos nós, como receptores –cando toca–, pero tamén como emisores. Ata aquí unha esixencia, responsabilidade de todos, que resulta fundamental para o éxito do proxecto.

Agora debemos preocuparnos de definir o que, o quen, o para que e o como da necesidade de establecer redes de traballo en materia de PC.

Que?

Que a meta final deste apartado é a constitución e operatividade da gran Rede Galega do Patrimonio

O traballo en rede e as redes de cooperación, levan décadas, incluso séculos probando a súa eficacia na consecución de obxectivos e metas comúns

parece lóxico. Pero tan ambicioso obxectivo precisa de moitas tarefas previas en ámbitos moi diversos para a súa consecución plena.

Quen?


Todo o tramado de asociacións, organizacións e institucións que teñan entre as súas finalidades –total ou parcialmente– o PC, deberían, unha vez establecidos os correspondentes mecanismos de participación e representatividade, sentirse parte desa gran rede. Tamén neste apartado habería que definir quen –singular ou plural– debería liderar o proceso.

Para que?

- Interconexión de todos os axentes relacionados co patrimonio en Galicia.
- Deseño de mecanismos comúns de xestión do patrimonio en todos os niveis: catalogación, protección, posta en valor, divulgación, sensibilización, financiación, estudo, formación...
- Actuación como interlocutor autorizado en temas de patrimonio ante todas as instancias.
- Integración noutras redes de ámbito superior.

Como?

O como é o que trataremos de analizar nos próximos apartados.



Diagnóstico/Problemática/Contexto

Galicia, patrimonio e... redes?

Non resulta esta guía o espazo axeitado para ponderar o traballo en rede, cuxas excelencias e bos resultados son de todos coñecidos cando se optimiza o seu funcionamento (cooperación, sinerxías, redución de prazos para alcanzar obxectivos, boas prácticas, visualización, capacidade de interlocución, representatividade...). Pero si resulta necesario sinalar unha serie de características relativas ao –case infinito– ámbito temático que nos ocupa: o patrimonio. Do mesmo xeito, cómpre falar do ámbito territorial e social: Galicia. É preciso, ademais, á hora de falar de asociacións e redes patrimoniais, ter en conta o marco no que nos movemos:

- Escaseza ou ausencia de modelos e protocolos asociados a calquera actividade vencellada ao patrimonio (definición de tipoloxía, catalogación, protección, financiamento, lexislación, divulgación, sensibilización, formación, asociacionismo...). Cada axente implicado, ao seu nivel, vai definindo obxectivos, actuacións, normativas, estudos, protocolos... non sempre axeitados e case nunca coordinados.
- O excepcional número e valor de elementos patrimoniais que se atopan por todo territorio galego, en proporción a outros, así como a súa increíble variedade, dispersión e grao de abandono.
- O potencial económico deses recursos que, xestionados dun modo eficaz e sustentable, revertería en todo o territorio.
- O localismo endémico.

- A pesar de existir unha cultura asociativa historicamente estable en Galicia, e de ampla tradición, actualmente amosa a unha marcada debilidade debido á falta de recoñecemento e interlocución coas institucións e administracións, así como con certos sectores da sociedade.
- A inhibición e invisibilización recorrente da poboación, especialmente rural, nos procesos de participación e implicación, o que dificulta a gobernanza a todos os niveis.
- A prevalencia do sentimento de propiedade fronte ao do ben común.

Como se comentou no AA2, en Galicia existe dende o ano 2017 a Rede do Patrimonio (RPC), mais fóra desta apenas temos redes de ámbito patrimonial como tales. Con todo, si é certo que moitas das súas institucións, especialmente no eido universitario e institucional, participan en redes nacionais e internacionais.

Obxectivos

1. Constituír unha gran rede galega de patrimonio cultural que sexa operativa e interconecte todos os axentes relacionados co patrimonio en Galicia.
2. Establecer os mecanismos para conseguir que a participación e representatividade de todos os axentes implicados na xestión patrimonial nesa gran rede sexa real.
3. Establecer mecanismos de lideranza para acadar éxito no proceso cos que se sintan cómodos todos os axentes implicados.
4. Diseñar mecanismos comúns de xestión do patrimonio en todos os niveis da cadea de valor do patrimonio cultural, dende a identificación á recepción e socialización do patrimonio.
5. Establecer, participar e fomentar outras redes patrimoniais a distintos niveis (estatais, internacionais...) nas que integrar a rede galega do patrimonio cultural.

Necesidades

A casa polos alicerces

Partindo da base, recollida xa noutros apartados, de que é necesario que primeiro contemos cun tecido asociativo de base ben estruturado, así como con organizacións e institucións implicadas e recoñecidas pola administración encargada da xestión patrimonial, tería sentido artellar un segundo chanzo de redes temáticas e territoriais. Este segundo nivel, ademais de artellar o traballo e as tarefas que cómpre desenvolver dende estes ámbitos, axudaría a filtrar a representatividade nese órgano máximo ao que se aspira.

Asociacións

Todos estaremos de acordo en que precisamos esa gran Rede Galega do Patrimonio, pero antes teremos que ser quen de coñecer, mellorar e conformar

o noso tecido asociativo e esas redes previas que aseguren a súa conformación. Con ese obxectivo en mente, detéctanse as seguintes necesidades:

mos que ser quen de coñecer, mellorar e conformar o noso tecido asociativo e esas redes previas que aseguren a súa conformación. Con ese obxectivo en mente, detéctanse as seguintes necesidades:

- Coñecer e avaliar o estado real das asociacións, organizacións e institucións que en Galicia poidan ter fins e actividades relacionadas co patrimonio.
- Establecer canles e pontes de colaboración efectiva entre todos eles.
- Poñer en coñecemento da cidadanía a existencia destas asociacións e institucións, incentivando a incorporación e participación nas mesmas e, se for necesario, creando outras novas.
- Promover asociacións que poñan en valor o patrimonio en todo o territorio de Galicia.
- Definir a tipoloxía de redes que é necesario fomentar e establecer os mecanismos necesarios a tal fin nese segundo chanzo.
- Integrar as tecnoloxías dixitais en cada unha das posibles actuacións.

Redes intermedias

A falta dun análise máis rigorosa, despois dun estudo profundo das asociacións, podería pensarse na necesidade de artellar dous grades grupos de redes patrimoniais intermedias:

- Redes de ámbito territorial (local, comarcal, provincial, autonómico, nacional):
- De estudo e análise.
- De xestión.
- De divulgación e disfrute.
- Redes de ámbito temático:

- Por tipoloxías dos elementos patrimoniais (cascos históricos, arte rupestre, romanización, catedrais...).
- Profesionais (universidades, grupos de investigación, guías, fotógrafos, restauradores...).
- Axentes (propietarios, financiadores, administracións, xestores...).

Evidentemente, estas estruturas intermedias, como as propias asociacións e institucións ás que servirán de apoio, deberán dotarse de:

- Estruturas xurídicas e de funcionamento áxiles e flexibles.
- Mecanismos de participación efectivos e transparentes.
- Obxectivos e fins claros e ben definidos.
- Medios suficientes e financiamento axeitado.

Partindo dunha conformación mínima deste tipo, podería comezarse a falar, despois, dunha gran rede galega do patrimonio, tipo Scotland Heritage Trust Network ou similares.

Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Realización dun censo público actualizado e dixital das asociacións, organizacións e institucións da calquera tipoloxía que vencellen –en todo ou en parte– a súas actividades ao patrimonio.
2. Análise DAFO da conformación, obxectivos, financiación e funcionamento das asociacións sen ánimo de lucro que permita dotalas de mecanismos comúns que melloren a súa eficacia (modelos, boas prácticas, documentación, xeración de recursos económicos...).
3. Deseño de mecanismos (charlas, visitas, campañas, concursos...) de sensibilización e divulgación patrimonial entre a cidadanía (colexios, institutos, asociacións de veciños, grupos de desenvolvemento rural, mulleres rurais, montes veciñais, profesionais, funcionarios...) que permitan non só un maior respecto e protección do patrimonio, senón tamén a incorporación de novos efectivos ás asociacións, así como a conformación de novas entidades.
4. Establecer pontes efectivas de colaboración nos aspectos esenciais entre as asociacións e as organizacións institucionais



Realización dun evento anual que favoreza os contactos de todos os axentes do sector e a actuación do coñecemento

5. Realización dun evento anual que favoreza os contactos de todos os axentes do sector e a actualización do coñecemento sobre as súas actividades, funcións e resultados.
6. Análise detallada dos modelos de asociacións e redes patrimoniais existentes no mundo.
7. Traballo na definición de posibles modelos de cooperación en aspectos como socios, base xurídica, financiación, estatutos, obxectivos, mecanismos de participación, cooperación e colaboración, labores de divulgación...
8. Formación nesas aspectos ou noutros que as asociacións demanden.
9. Traballar coas asociacións na definición de redes intermedias e do papel que estas poidan xogar como estruturas de acubillo e apoio.

EIXE TEMÁTICO 4

COMUNICACIÓN, TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN

Ámbitos de actuación

1. O papel das TIC (recurso, medio, mensaxe)
2. Cultura e transferencia de coñecemento e innovación
3. Comunicación patrimonial

Descritor

Nun mundo globalizado, resulta primordial que os poderes públicos e outros órganos competentes se comprometan a comunicar á sociedade que o patrimonio constitúe unha fonte compartida de memoria, entendemento, identidade, cohesión e creatividade. É tamén o alicerce de ideais, principios e valores comúns derivados dunha experiencia aqulataada a través do progreso. Ademais, supón unha mostra da superación dos conflitos do pasado que promoveron a construción dunha sociedade pacífica e estable, baseada no respecto a os dereitos humanos e a democracia.

Así mesmo, é necesario incidir en que incumbe a todos respectar o patrimonio cultural dos demais tanto como o propio. O exercicio do dereito ao patrimonio ten que garantir a protección do interese público e os dereitos e liberdades dos demais. Neste sentido, a través do patrimonio cultural débese transmitir á cidadanía o respecto á diversidade de interpretacións.

Alén disto, cómpre procurar os procedementos de conciliación necesarios para resolver de forma equitativa situacións nas que as comunidades atribúen valores contraditorios a un mesmo patrimonio cultural. É preciso buscar a maneira de facilitar a coexistencia pacífica mediante o fomento da confianza e o entendemento mutuo como forma de resolución e prevención de conflitos.

Así, débese apostar por unha participación democrática da sociedade tanto no ámbito de estudo, interpretación, protección e conservación do patrimonio

como nos procesos de reflexión e debate público. Para isto é necesario recoñecer o papel das organizacións de voluntariado e adoptando medidas que melloren o acceso ao patrimonio especialmente entre os mozos e menos favorecidos a fin de conciencialos sobre a necesidade de mantelo e conservalo, sobre o seu valor e sobre os beneficios que lles pode reportar.

O patrimonio cultural, concibido dun xeito integrado, non pode ser considerado un elemento pasivo fronte á sociedade ou –o que é peor– como unha carga. Todo o contrario, resulta fundamental salienta o seu papel activo na construción do tecido social, no que funciona como un axente dinamizador a través dos procesos de comunicación, da transferencia de coñecemento e de innovación social. Non debe considerarse esta transferencia estritamente nun sentido de rendibilidade económica, senón que cómpre poñer os ollos no crucial desenvolvemento da súa rendibilidade en relación coa sociedade, especialmente a través das actividades de transferencia social e educativa e dos procesos de innovación social.

Se ben a difusión e a divulgación son parte dese entendemento integrado, o cuestionamento dos modelos estritamente xerárquicos –de arriba a abaixo– e a necesidade de promover procesos de socialización xerando o establecemento dun vínculo entre os bens e as comunidades, supoñen unha oportunidade en canto á promoción dos citados procesos e ao seu impacto nas estruturas sociais e económicas do país. Deste xeito, o fundamento das accións de comunicación e transferencia redunda na innovación social. Ao tempo, repercute positivamente na toma de conciencia da cidadanía con respecto ao seu protagonismo na xestión e na gobernanza dos bens. Neste sentido, a inserción estrutural destas perspectivas na educación supón non só a formación para a cidadanía, senón propiamente a xeración de cidadáns e a integración do tecido social a través de redes cunha sinerxía colaborativa.

No escenario do século XXI, o protagonismo das denominadas «novas tecnoloxías» (TIC) supón o alongamento de horizontes mediante a aplicación destas ferramentas tanto á investigación, como á difusión ou á creación coparticipativa de coñecemento. Porén, resulta fundamental o establecemento de criterios de calidade que limiten o uso vacuo e *espectacularizante* das mesmas. Tamén é preciso desenvolver unha definición de boas prácticas en canto ao seu emprego. Do mesmo modo, as distintas institucións culturais e a cidadanía resultan cruciais na articulación das canles de comunicación e lugares de en-

contro entre os ámbitos especializados, así como entre diversos sectores e colectivos necesitados de compartir experiencias e promover o desenvolvemento de proxectos dende bases ben fundamentadas.

Por outra banda, é preciso delimitar e visibilizar os ámbitos de transferencia do coñecemento, xerando unha auténtica cultura de transferencia que favoreza a canalización de recursos e propostas dende o ámbito patrimonial. Cómpre facer un esforzo importante na coordinación de todos estes procesos, para a suma social. Por tanto, o patrimonio constitúe un activo crucial na promoción de modificacións das estruturas sociais.

Estes elementos deben ser considerados fundamentais na educación dunha cidadanía con capacidade crítica, concienciada do seu papel activo na estrutura social e na configuración do seu futuro. O labor formativo debe partir da necesaria integración do patrimonio cultural dende a educación básica. Trátase dunha tarefa urxente, xa que a aposta neste tipo de enfoque ten un longo percorrido e demora anos ata acadar os resultados agardados, acompañados do crecemento das xeracións que hoxe teñen curta idade.

En relación con iso, resulta fundamental o proceso de transferencia transxeracional. Cómpre lembrar que nos movemos no marco dunha sociedade envellecida como a galega, cunha taxa envellecemento do 25,44% en 2019. Trátase dunha das comunidades autónomas de España que ten unha maior proporción de maiores de 65 anos na súa poboación e coas provincias interiores nunha situación demográfica de grave a moi grave (Guillén, 2018).





ET 4

O PAPEL DAS TIC (RECURSO, MEDIO, MENSAXE)

Idea forza

Analizar o papel das tecnoloxías da información na xestión patrimonial, do presente e do futuro, revisando os usos que se lles está dando e evitando poñer o patrimonio cultural ao servizo das mesmas, senón tendo como obxectivo o seu uso como ferramenta para a investigación, conservación e socialización do mesmo.

Descritor

As novas tecnoloxías alcanzaron un desenvolvemento espectacular nas últimas décadas, chegando a cambiar moitos aspectos da vida cotiá. Hoxe en día é habitual realizar trámites administrativos utilizando internet, comunicarse a través de redes sociais e mesmo recibir atención médica utilizando estas ferramentas. De igual maneira, aspectos técnicos antes mecánicos ou persoais utilizan as novas tecnoloxías para facilitar ou optimizar o seu funcionamento.

Tamén os ámbitos relacionados co PC pasaron a ser obxecto de atención das TIC, creando un sector especializado que permite actuacións en materia de conservación, investigación e difusión. Deste xeito, as institucións culturais (museos, bibliotecas, arquivos, etc.) convertéronse en usuarias e en promotoras de proxectos relacionados coas TIC. De entrada, isto resulta moi positivo no referente a novos sistemas e métodos de conservación e documentación. Tamén pola capacidade de chegar a un público máis numeroso e con carácter universal, así como pola posibilidade de dispoñer de espectaculares ferramentas de interpretación e difusión ou de manter unha relación máis directa con visitantes, investigadores e profesionais.

Este amplo abano de posibilidades que as TIC abren ás institucións culturais vén mudando, sen dúbida, a maneira de afrontar a conservación e o estudo do patrimonio, así como o modo de aproximarse a el. Baste abrir un computador para poder realizar visitas virtuais aos principais museos e monumentos do mundo con só un click, para acceder a innumerables publicacións especializadas, enciclopedias e manuais en liña ou, mesmo, a documentos orixinais dixitalizados. Tamén podemos obter, de forma directa, o contacto da persoa ou institución que nos

Tamén os ámbitos relacionados co PT pasaron a ser obxecto de atención das TIC, creando un sector especializado que permite actuacións en materia de conservación, investigación e difusión

interesa, descargar imaxes e vídeos, acceder a catálogos e inventarios ou compartir información en liña con outros profesionais cos que compartimos intereses comúns. En definitiva, grazas a estas novas ferramentas, o mundo do patrimonio cultural fíxose máis pequeno e máis global. Isto, como viñamos adiantando, abre moitas posibilidades antes impensables e facilita o traballo dos profesionais do patrimonio, sexa cal for o seu ámbito de actuación.


Con todo, esta abundancia de oferta tecnolóxica e de materiais en rede pode chegar a confundir. Pódese divulgar información errónea ou interesada ou cegar en certa medida aos responsables dun determinado patrimonio cultural, provocando unha mala xestión ou un uso innecesario de recursos polo simple feito de non querer quedar atrás ou de tratar de *estar á última*. Son numerosos os exemplos de proxectos ambiciosos que apenas pasan da nota de prensa da súa presentación. En moitos casos acontece por equivocarse as prioridades ou necesidades da institución. Noutros, pola rápida evolución tecnolóxica, que leva a unha necesaria e continua renovación.

Por outra banda, a especial situación mundial que se está vivindo no último ano, condicionada pola pandemia que nos arrasa, fixo máis necesarias que nunca as TIC para manter con vida moitas institucións culturais. As medidas de seguridade e distanciamento social provocadas polo COVID-19 fixeron imposible que o público viaxase para visitar un museo ou un monumento, acudise a unha biblioteca ou a un arquivo para poder investigar, asistirse a un concerto ou a unha obra de teatro, etc. Dende as propias administracións ou institucións desenvólvese unha frenética actividade dixital que, en ocasións, parece querer substituír á experiencia individual e persoal. Ademais, semella que incluso se está facendo sen a necesaria reflexión previa que permita adaptar os contidos a esta nova situación: que queremos comunicar, a quen, como e con que fin.

De todo iso conclúese que, en efecto, as novas tecnoloxías da información e a comunicación, na súa vertente dedicada ao patrimonio cultural, resultan dunha importancia fundamental e que, en xeral, constitúen unha das ferramentas máis importantes do futuro da xestión integral do patrimonio, na que se inclúe a súa divulgación. A pandemia precipitou un proceso que xa estaba en marcha. Nesta situación, resulta clave regulamentar o uso destas ferramentas, axustándoas ás necesidades de cada sector ou institución e, por suposto, manténdooas sempre subordinadas ao propio patrimonio do que se ocupan, sen pretender nunca substituílo nin converterse en protagonistas. De aí a necesidade da reflexión sobre o seu uso.

Por suposto, en determinadas circunstancias –e sen perder o rigor científico e deseñando os recursos didácticos ou interpretativos adecuados–, o uso das TIC en relación co patrimonio pode ser recomendable, necesario ou complementario (unha exposición virtual dunha época, estilo ou artista concreto, v.g.). Porén estes recursos dixitais nunca poderán converterse –por espectaculares que sexan– en protagonistas nin substitutos da obra orixinal, á que necesariamente deberán permanecer subordinados. Este aspecto que puntualizamos pode parecer obvio, pero proliferan os casos –tamén en Galicia– nos que a ferramenta substitúe ao obxecto e ao relato sobre o mesmo ou lles resta protagonismo, xerando un mal uso das tecnoloxías en PC. Estamos caendo en moitos exemplos disto na instrumentalización do PC en beneficio das TIC. Así, perdemos a perspectiva do patrimonio como elemento central e, por tanto, producimos un efecto negativo.

Como se verá a continuación, é preciso que estas ferramentas dixitais estean ao servizo do PC e dos seus profesionais. Cómpre, ademais, que estes coñezan os programas para rendibilizalos de cara a cubrir as necesidades e obxectivos para os que se selecciona cada recurso, sen caer no mero utilitarismo ou na espectacularización.



Diagnóstico/Problemática/Contexto

As posibilidades que brindan as TIC no campo do PC son enormes e moi positivas, de maneira especial no contexto dun mundo cada vez máis dixital e globalizado. A pandemia da COVID-19, que afecta a todo o planeta dende xaneiro de 2020, supuxo un paso máis no uso de recursos dixitais aplicados ao campo da difusión cultural. Particularmente, permitiu a moitas institucións manterse vivas e en contacto con profesionais, investigadores e visitantes ou usuarios.

Neste sentido, aínda que moitas institucións xa levaban un tempo implementando accións en materia dixital, este último ano puxo de relevancia a importancia destes recursos e as posibilidades que abren a un gran número de usuarios de todo o mundo. De feito, moitos xigantes tecnolóxicos –caso de Google, por exemplo– puxeron en marcha os seus propios proxectos de dixitalización e difusión do PC creando grandes contedores de recursos culturais en liña. É o caso do Instituto Cultural de Google, no que están presentes moitas institucións culturais de todo o mundo, ofertando e xestionando algúns dos seus servizos dixitais a través desta plataforma.

Con todo, este auxe do sector dixital pode provocar usos non desexados ou facer caer no erro de poñer o recurso por riba do ben patrimonial –e non ao revés–, causando, precisamente, o efecto contrario ao desexado. Empezan a darse exemplos de exposicións nas que o recurso dixital ten máis importancia que a propia obra orixinal. Tamén acontece con eventos multitudinarios, de elevado custo, en museos e monumentos, que superan o propio orzamento destinado á conservación ou investigación deses lugares.

Normalmente, este mal uso das ferramentas dixitais vén dado dende sectores non profesionais do patrimonio, máis vinculados á xestión ou á comunicación, que buscan resultados rápidos en termos de impacto social e en medios. Mais se os nosos obxectivos son a transferencia de coñecemento á sociedade, a divulgación e a educación patrimonial, cabería preguntarse se este tipo de eventos cumpre coas metas desexadas. Alén disto, tamén se pode dar o caso de caer na dixitalización esaxerada, creando unha oferta de recursos sobredimensionada e que, ao cabo, resultará pouco útil para a institución.

Por último, moitas veces, as institucións actúan de forma independente e pola súa conta, creando unha oferta inconexa, heteroxénea e desligada da demanda social, que resulta pouco útil e acaba xerando confusión nos posibles usuarios.

Obxectivos

O bo uso das TIC aplicadas ao patrimonio estará enfocado ao cumprimento dos seguintes obxectivos principais:

1. Poñer o PC ao dispor da sociedade mediante a creación e implementación de ferramentas dixitais que permitan un mellor acceso e coñecemento dese patrimonio.
2. Incidir na función educativa e divulgativa de moitas ferramentas dixitais aplicadas ao PC.
3. Aproveitar as posibilidades dos recursos dixitais para poñer en marcha accións de conservación, documentación, estudo, investigación e difusión do PC.
4. Mellorar a formación en materia dixital dos profesionais das institucións culturais.
5. Favorecer a participación da sociedade no uso e creación de ferramentas dixitais vinculadas ao PC.
6. Creación de canles de colaboración entre institucións e entre estas e a sociedade a través das ferramentas dixitais.
7. Fomentar a calidade nos contidos dixitais das institucións culturais.
8. Coidar a seguridade nas ferramentas e contidos de difusión en liña.
9. Ofrecer formación, establecer dunha carreira profesional e fomentar a especialización dos profesionais das TIC aplicadas ao PC.

Necesidades

1. O uso das TIC aplicadas ao PC deberá evitar criterios alleos aos seus distintos ámbitos de actuación, centrándose en todo caso na utilidade e complementariedade que este tipo de ferramentas permiten para cada un deses ámbitos ou para varios á vez.
2. As accións seguirán criterios de necesidade e de calidade, sen caer na banalización do patrimonio nin no abuso de recursos que, ao final, non achegan unha mellora palpable na divulgación e transferencia de coñecemento en materia de PC.
3. O recurso, por moi espectacular e custoso que sexa, en ningún caso debe estar por riba do ben patrimonial ao que se asocia.



Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

Para alcanzar os obxectivos descritos e, con iso, atender as necesidades derivadas da actual situación no que se refire ao uso das TIC aplicadas ao PC, relaciónanse a continuación unha serie de recomendacións:

1. Que os proxectos de uso aplicado de TIC se engloben necesariamente no ámbito dos diferentes programas dunha institución cultural segundo o seu campo de actuación (conservación, investigación, difusión, etc.) e de acordo ao seu plan director.
2. Como calquera outro proxecto, deberá seguir unha vía que se adecúe a unha serie de criterios estándar definidos por un plan de actuación (necesidade e xustificación, obxectivos, etc.), evitando caer na improvisación.
3. Dende os organismos responsables de xestión cultural deberíanse establecer unhas recomendacións e orientacións para as distintas institucións, así como unha posible liña común de actuación na que se promovan formatos compatibles e accións de colaboración entre institucións.
4. Desenvolvemento de programas de formación e especialización na creación, deseño, implementación e uso das TIC aplicadas ao patrimonio cultural.
5. Creación de ferramentas de coordinación institucional que, ademais, favorezan a interacción coa sociedade.



Creación de ferramentas de coordinación institucional que, ademais, favorezan a interacción soa sociedade

6. Organización de foros especializados e de debate para a posta ao día en materia dixital e establecemento liñas de actuación conxuntas.
7. Promoción de accións combinadas con varios niveis de acceso segundo intereses ou necesidades. Por exemplo, un catálogo en rede que, á súa vez, inclúa unha versión reducida para difusión ou apartados especializados para educación. Debe evitarse, deste xeito, a multiplicación de recursos en diferentes soportes e formatos.
8. Fomento, dende as administracións, de programas de dixitalización do PC de Galicia tanto con fins de conservación e estudo como, tras o seu procesado, para accións educativas e de difusión.
9. Aproveitamento das canles públicas de divulgación para programas específicos orientados ao patrimonio cultural.



ET 4

CULTURA E TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E INNOVACIÓN

Idea forza

A educación patrimonial como forma de transferencia de coñecemento en clave simbólico-identitaria promove un cambio social. Este terá repercusións a medio-longo prazo mediante a posta en práctica de procesos de identificación e sensibilización co patrimonio local que estimulen a participación na conservación do PC.

Descritor

O concepto de transferencia de coñecemento incorpórase nos anos 90 do século XX á actividade universitaria como terceira misión. Márcase como obxectivo que o coñecemento producido pola investigación científica transcenda da propia institución e se incorpore á sociedade para crear riqueza, entendida nun senso amplo como rendemento económico, político, cultural e social.

A xestión da transferencia de coñecemento é herdeira –na súa conceptualización e nas súas ferramentas– da transferencia tecnolóxica. Adoita empregar indicadores de medición e valoración da actividade investigadora que son adecuados para as ciencias da vida ou as enxeñerías, pero non para as humanidades ou as ciencias sociais, nas que os procesos de transferencia de coñecemento son diferentes.

Por outra parte, existen tres axentes implicados tradicionalmente na cultura de transferencia de coñecemento: a universidade, o sector empresarial e a administración. Ao descoñecemento mutuo dos contextos destes tres axentes hai que engadir a desconexión coa sociedade. Isto ten como consecuencia o feito de que, pese a existencia de abundante produción científica, moita dela non teña repercusión na vida da cidadanía porque non resolve problemas concretos ou non satisfai as súas necesidades.

Na primeira década do século XXI incorpórase ao proceso de transferencia un cuarto axente: a sociedade civil e os medios de comunicación de masas da sociedade dixital. Isto permite unha maior conexión entre a innovación e a sociedade, ao tempo que enriquece o concepto de transferencia de coñecemento, ampliando os seus obxectivos á busca de vías eficaces para cubrir necesidades existentes ou para crear outras novas.

Existen tres axentes implicados tradicionalmente na cultura de transferencia de coñecemento: a universidade, o sector empresarial e a administración

Os resultados derivados da investigación en humanidades e ciencias sociais adoitan ser contidos, metodoloxías e modelos que son demandados maioritariamente polas administracións para a toma de decisións ou para o desenvolvemento de programas de actuación. Pero a cidadanía demanda unha participación máis activa nos asuntos públicos e unha manifestación clara desta vontade é o proceso de transformación do papel do PC como recurso social, así como da súa xestión, o que sen dúbida mudará as relacións de todos os axentes implicados.

Neste contexto, dende distintas liñas de investigación en patrimonio cultural (arqueoloxía da paisaxe, educación patrimonial, etc.) estanse a desenvolver proxectos de investigación colaborativos. Neles promóvese unha produción de coñecemento que integre solucións baseadas no coñecemento experto e non experto, con equipos multidisciplinares nos que a sociedade, máis aló das interrelacións entre os axentes da transferencia de coñecemento tradicional, se integra de forma activa no proceso de produción de coñecemento. Incorpórase á cultura de transferencia de coñecemento o concepto de innovación social, entendida como a capacidade para xerar coñecemento a partir do PC e posibilitar o seu uso pola sociedade para a solución de problemas.

Estas liñas de investigación distáncianse dos procesos de patrimonialización que, case sempre de xeito xerárquico e unidireccional, parten do mundo institucional e promoven procesos de patrimonialización que se xeran dende unha iniciativa e unha acción comunitaria, focalizándose nas comunidades locais e buscando unha repercusión integral no territorio. Nesta liña, enténdese a comunidade como o conxunto de axentes que conviven nun territorio: os poderes políticos, as empresas privadas, as institucións públicas, as asociacións e os propios habitantes, todos eles unidos por valores identitarios comúns.

A cidadanía, convertida en axente patrimonializador, recoñece o seu patrimonio e participa activamente na súa xestión e no seu uso. Trátase dun recurso social transversal que contribúe de xeitos diferentes ao desenvolvemento dunha comunidade: como recurso educativo; como recurso para o desenvolvemento socioeconómico mediante, por exemplo, estratexias de turismo cultural; como parte do deseño de estratexias de desenvolvemento territorial; pero tamén como un recurso para o debate e para a solución de conflitos.

A innovación social vai da man da innovación tecnolóxica aplicada ás humanidades en xeral e ao PC en particular. As TIC supoñen, como no resto das vertentes das nosas vidas, unha revolución na xestión do patrimonio porque promoven un proceso colectivo que implica a toda a comunidade e supón un intercambio de coñecemento.

As TIC son unha ferramenta para implementar sistemas de información patrimonial actualizada, o que mellora o coñecemento sobre o patrimonio e as posibilidades de acceso a ese coñecemento. Ademais axilizan o proceso de toma de decisións no ámbito da conservación e da protección e contemplan a participación activa da cidadanía na recompilación e na difusión do patrimonio, o que amplía as súas posibilidades de valorización.

Recorridos virtuais, sistemas de información xeográfica, servidores de mapas, portais web, repositorios dixitais aplicados á xestión do patrimonio cultural... son xa ferramentas imprescindibles nos procesos de produción e transferencia de coñecemento, con moitas posibilidades aínda por explorar nas que os cidadáns adquiren un papel máis activo. Polo tanto, as TIC xogan un papel clave dentro da cultura de transferencia e innovación.

Diagnóstico/Problemática/ Contexto

Hai varios factores que fan do PC unha área de coñecemento peculiar dentro do ámbito das humanidades. Por unha parte, o seu concepto dinámico e cambiante non pon o foco tanto nos obxectos como nos valores que a sociedade lle atribúe en cada momento da historia ou que, dentro da mesma sociedade, lle atribúen distintas comunidades ou grupos de interese. As accións requiren dunha participación social que non sempre se produce. Paradoxalmente, unha das principais limitacións da transferencia de coñecemento no que respecta ao PC é o descoñecemento e a falta de interrelacións entre os axentes implicados e, de xeito especial, a desconexión coa sociedade.


En liñas xerais, a produción do coñecemento dende as institucións non responde ás motivacións da sociedade, que se converte en mera receptora de información que outros deciden que debe ser do seu interese. Para que o PC sexa un recurso social útil e para que se valore dende todos os ámbitos da sociedade, é prioritario identificar liñas de investigación/acción en relación cos temas e problemas do seu interese. Estes temas deben vincular o patrimonio coas realidades e os problemas socio-ambientais, tanto no contexto global como no contexto local.

Outra das peculiaridades do patrimonio é a transversalidade, pero falta un diálogo entre as institucións –e, dentro delas, entre os distintos departamentos– para poder identificar aquelas áreas cuxas actuacións converxen co patrimonio. Dende o urbanismo, o desenvolvemento rural, a prevención de incendios ou de catástrofes naturais, o turismo, a educación, etc., o patrimonio debe ser tido en conta como elemento que se debe protexer e como recurso. Por tanto, no beneficio de todas as partes, as actuacións deben asentarse no consenso.

Por outra banda, nos procesos relacionados coa xestión do patrimonio –dende a súa identificación e valorización ata a súa difusión e posta en valor– interveñen coñecementos de disciplinas diversas, o que caracteriza o patrimonio como unha área de coñecemento interdisciplinaria. No ámbito universitario, é prioritario fomentar as relacións interdepartamentais e interuniversitarias, así como promover un diálogo entre as distintas áreas de coñecemento que, tanto dende o ámbito das humanidades e as ciencias sociais como dende o das ciencias da vida e das enxeñerías, producen coñecemento relacionado

directamente co patrimonio ou que pode ser aplicado na súa xestión integral.

Un dos obxectivos que incorporaba o Plan Estratégico de Galicia 2015-2020 para a conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia e que retoma a Estratexia para a Cultura de Galicia 2021 é o incremento da participación da sociedade nas actividades das bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, así como o aumento dos seus servizos, contidos e produtos. Para que a participación das institucións culturais nos procesos de innovación e na transferencia de coñecemento sexa real e efectiva, estas han de estar abertas, activas e implicadas no seu entorno social. Isto pode conseguirse mediante a participación en programas que fomenten a interacción con diversos sectores da sociedade, como recursos para a educación, o desenvolvemento social, etc. A presenza destas institucións na sociedade do coñecemento require dun esforzo de investimento en recursos humanos e tecnolóxicos. Do mesmo xeito, a presenza da sociedade nestas institucións implica xerar mecanismos que favorezan que a súa participación sexa efectiva.



Obxectivos

A transferencia de coñecemento sobre o PC debe permitir:


1. Incorporar o PC en todos os ámbitos de acción sobre o territorio. Debe ser o elemento a partir do que se desenvolvan as outras accións, mais sen afectalo. Debe ser tamén un elemento que dea valor engadido aos proxectos na súa contorna.
2. Considerar positivamente o PC na súa apreciación e garantir a súa conservación.
3. Entender o PC como parte dun territorio e como un elemento enriquecedor da calidade de vida dos seus habitantes.
4. Tomar de decisións e deseñar políticas orientadas á protección, conservación e fomento do PC.
5. A través de ferramentas de traballo común, facilitar a realización de accións transversais eficientes, de protección e conservación dos elementos do patrimonio cultural e natural, aproveitando as sinerxías que se producirían en proxectos promovidos e financiados, sobre todo, con diñeiro público.

Necesidades

1. O PC debe ser obxecto de coñecemento e de participación activa dende todos os organismos e institucións que actúan sobre o territorio. Para levar a cabo estas accións de xeito coordinado, é necesario promover procesos de transferencia de coñecemento que permitan a súa identificación efectiva e nos que se establezan as necesidades da súa xestión.
2. Por outra parte, é necesario establecer canles de participación para os investigadores, as institucións culturais e a sociedade civil en xeral, a fin de mellorar a calidade na xestión e coñecemento do PC (cultura dixital, foros de debate e reflexión, participación cidadá, etc.). Así mesmo, cómpre poñer en valor as accións de transferencia de coñecemento existentes no ámbito do patrimonio cultural promovendo liñas de investigación con perspectiva interdisciplinaria.

Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Desenvolver modelos de xestión integral do patrimonio cultural que permitan a transferencia do coñecemento e executar accións de xeito transversal sobre o mesmo.
2. Entender a catalogación do PC coma un proceso aberto a todos os actores: ás administracións públicas, para a súa protección física e xurídica; aos investigadores, para a participación na súa definición, calidade de datos e coñecemento empírico; ao resto dos axentes sociais, para procurar un maior alcance de todas as accións de posta en valor e salvagarda.
3. Facer do catálogo un instrumento accesible para o seu uso en proxectos, estudos e plans sobre o territorio ou os bens, así como permitir unha maior participación dos profesionais e dos diversos axentes sociais na súa mellora e xestión.
4. Favorecer que catálogo permita deseñar estratexias de estudo, conservación e fomento do PC, para que sexa unha ferramenta fiable e útil á hora de definir que debe ser obxecto de protección e en que grao.
5. Impulsar o uso dun sistema de información xeográfica (SIX). Integrado como ferramenta común de traballo, permitiría a necesaria cooperación entre axentes en aras dunha maior sustentabilidade ambiental dos plans e proxectos, harmonizando os distintos intereses.
6. Crear un repositorio dixital que permita o acceso a memorias, proxectos, estudos e toda a documentación que aporte coñecemento sobre o PC.
7. Contextualizar o patrimonio en relación coa paisaxe e o territorio para facilitar a súa comprensión de maneira integrada e interdisciplinaria.
8. Deseñar un programa de educación patrimonial como eixe transversal na xestión do PC. Deberá integrar accións dirixidas aos diferentes ámbitos da educación formal, non formal e informal no desenvolvemento de proxectos de intervención, estudos, actuación sobre o PC, etc.



ET 4

COMUNICACIÓN PATRIMONIAL

Idea forza

A incorporación estrutural da educación patrimonial no ensino e a necesidade da creación dun plan específico de educación e patrimonio e dun observatorio galego do patrimonio.

Descriptor

O patrimonio contribúe á construción dunha sociedade pacífica e democrática, así como no proceso de desenvolvemento sustentable e de promoción da diversidade cultural. Constitúe un conxunto de recursos herdados do pasado que as persoas identifican, con independencia da súa pertenza, como reflexo e expresión de valores, crenzas, coñecementos e tradicións propias e en constante evolución. Por todo isto, o patrimonio debe contribuír á construción da sociedade.

Os organismos internacionais como a UNESCO, o Consello de Europa ou a Asemblea Xeral de ICOMOS levan anos traballando para que o PC se converta nun elemento de cohesión social baseado no respecto aos dereitos humanos, a democracia e o estado de dereito. E fano convencidos de que contribuír á formación da persoa en liberdade. Sendo a educación o principal eixe vertebrador da comunicación patrimonial, é preciso establecer os parámetros dende os que se articula este proceso no relativo a outros tres elementos fundamentais: a profesionalización da comunicación patrimonial e a xeración de metodoloxías, a definición dunha deontoloxía profesional e a mellora da comunicación entre administración e cidadanía.

Máis que nunca, urxe definir un perfil profesional que dende a interdisciplinabilidade sexa capaz de investigar, conservar, difundir e comunicar o patrimonio cultural á sociedade. Na *XX Asemblea General de ICOMOS (2020)* definiuse o enfoque destes profesionais en PC:

- Promover enfoques centrados nas persoas e nas conexións das persoas co patrimonio e os lugares. Dende ICOMOS pídesse fomentar o diálogo e a comprensión intercultural, a

Os organismos internacionais (...) levan anos traballando para que o PC se converta nun elemento de cohesión social baseado no respecto aos dereitos humanos, democracia e o estado de dereito

sustentabilidade e o benestar para abordar os problemas locais, así como as políticas e prácticas patrimoniais nacionais e internacionais. Isto permitirá desenvolver mellor o pleno potencial do PC para ofrecer vías resilientes, por exemplo, á problemática do cambio climático a fin de fortalecer o desenvolvemento sustentable, promovendo ao mesmo tempo unha transición xusta cara a futuros baixos en carbono.

- Honrar os dereitos das comunidades patrimoniais e os dereitos das persoas, recoñecendo e buscando conciliar dereitos en competencia e en conflito, tendo en conta o pasado, o presente e as xeracións futuras, para que recoñezan o seu papel no desenvolvemento e implementación da resiliencia e de novas estratexias nun mundo que cambia rapidamente. Tamén axudar ás autoridades a empoderar as persoas para manter e desenvolver os seus valores e medios de vida de maneira digna, responsable e sostible.
- Traballar para acadar a conservación e xestión do PC de forma sustentable con diversas preocupacións culturais, ambientais e socioeconómicas das persoas e comunidades. Isto farase mediante a creación de asociacións con sectores relevantes: servizos sociais e de saúde; ámbito cultural e industrias creativas; conservación da natureza e a biodiversidade; turismo urbano; planificación e desenvolvemento, e provisión de infraestrutura e enerxía.
- Na actualidade, o catálogo de títulos do sistema universitario galego inclúe un grao en Xestión Cultural (USC) e tres másteres: Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural (UVI-Campus Ourense); Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da arte (USC- Campus Santiago), e Servizos Culturais (USC-Campus Lugo). Estas titulacións que están a contribuír á definición dun perfil profesional que cada vez ten un mellor encaixe na nosa sociedade. Será necesario seguir avanzando nesta liña co obxectivo de contar con profesionais que respondan a unha demanda crecente, avaliando o impacto social alén da xestión tecnocrática e adecuando esta formación ás necesidades reais. Para isto, cómpre incorporar a necesaria retroalimentación dos sistemas de avaliación das titulacións implicadas ou mesmo xerar outras novas.

Non obstante, a necesaria profesionalización da comunicación do patrimonio pasa tamén pola definición do papel da sociedade civil na xestión e gobernanza dos bens, así como pola necesaria convivencia das achegas entre os distintos ámbitos sociais que, sen caer en posturas populistas, promova o entendemento e a suma social. Neste contexto, o desenvolvemento de metodoloxías adecuadas e a incorporación das TIC permitirán estender e ampliar o ámbito da comunicación patrimonial, mellorando a comunicación entre a administración e a cidadanía e promovendo a necesaria transferencia de coñecemento. Porén, é preciso definir unha deontoloxía profesional en canto á xeración de contidos e ao manexo da información, establecendo criterios de calidade, así como traballar para a xeración de contextos participativos, como catálogos en aberto ou a transición da estrutura da web semántica cara á web 4.0.

Como síntese, para a planificación e seguimento de todos estes aspectos, consideramos fundamental a creación dun plan específico de educación e patrimonio e dun observatorio galego do patrimonio.



Diagnóstico/Problemática/ Contexto

Unha vez establecida a potencialidade da introdución do PC na educación, como xa apuntamos tamén no ET-2 –sendo este o eixe vertebrador da comunicación patrimonial–, a diagnose sobre a súa introdución no ensino presenta un balance deficiente. Actualmente, no ámbito galego, a introdución non ten un carácter estrutural no currículo do ensino básico, senón que depende de circunstancias eventuais dos centros educativos, dos corpos docentes ou incluso de iniciativas illadas vinculadas a axentes individuais.

Pola súa parte, no nivel estatal existe un Plan Nacional de Educación e Patrimonio. Ademais, CA de Madrid deseñou recentemente o seu propio plan, que ten como referentes tanto este plan nacional como o *Convenio Marco del Consejo de Europa sobre el Valor del Patrimonio Cultural para la Sociedad* (Faro, 2005). Porén, Galicia carece dun plan específico de educación e patrimonio. Isto ten as súas implicacións nos distintos niveis educativos, no desenvolvemento de protocolos e accións conxuntas, na coordinación das actividades e mesmo na visibilidade das mesmas.

Do mesmo modo, unha concepción excesivamente focalizada na parte material do PC –e menos nos seus valores e nas comunidades– impide a proxección de procesos a curto e longo prazo, así como a identificación dos mesmos como vectores de cambio e innovación social. As actividades baixo a etiqueta de educación patrimonial constitúen, por tanto, accións de carácter illado, desconectadas e carentes de estrutura, promovidas dun xeito desequilibrado e pouco inclusivo que deixa na marxinalidade a diferentes grupos, excluídos –por diferentes causas– da engrenaxe desta educación.

Por outra banda, a escasa profesionalización do sector adoce dun enfoque multidisciplinar. Isto percíbese na baixa participación de diversos ámbitos de coñecemento no deseño e implementación de actividades ou no traballo de mediación coas comunidades. Pola contra, a crecente demanda por parte de centros educativos e diversos colectivos supón o desenvolvemento de actividades relativas a micropatrimonios frecuentemente non singularizadas, así como o deseño de produtos de escasa calidade, tanto na xeración de contidos, como nas perspectivas e metodoloxías de traballo. Faise preciso o desenvolvemento conxunto de métodos de eficaces, o establecemento de criterios de calidade, a xeralización das avaliacións destas actividades e a recuperación da retroalimentación xerada nos novos proxectos.



Obxectivos

1. Primar o criterio educativo sobre todos os demais valores do PC.
2. Apartarse da concepción materialista do patrimonio, movendo o interese cara ás persoas e ás comunidades que constitúen a esencia do mesmo.
3. Incorporar o PC de xeito estrutural nos distintos niveis educativos promovendo a singularización dos contextos dende un enfoque micropatrimonial, como o coñecemento do medio.
4. Promover o carácter inclusivo, atendendo ao traballo coas competencias de atención á diversidade e multiculturalidade.
5. Xerar proxectos e accións dende unha perspectiva multidisciplinar, promovendo a interacción de distintos axentes, incluída a propia cidadanía, especialmente nos procesos de diagnose.
6. Diseñar fórmulas para a cocreación a través das novas tecnoloxías, promovendo o seu uso non espectacularizante.
7. Incorporar a todos os sectores sociais neste proceso, promovendo a inclusividade con aqueles sectores máis marxinais.
8. Primar os modelos proactivos fronte aos modelos educativos xerárquicos, de abaixo a arriba e non de arriba a abaixo.

Necesidades

1. Resulta básico actuar con rapidez neste punto, promovendo a introdución estrutural do PC dende o ensino básico, nos distintos niveis educativos. Tamén é precisa a singularización dos contextos dende un enfoque micropatrimonial, pero cunha perspectiva de diálogo macropatrimonial, así como a introdución de perspectiva de xénero, traballando competencias transversais como a atención á diversidade e multiculturalidade.
2. Impulsar o coñecemento do PC como recurso para facilitar a coexistencia pacífica mediante o fomento da confianza e o entendemento mutuos con miras á resolución e prevención de conflitos.
3. Garantir a calidade –mediante a creación de protocolos– e a comunicación entre os distintos axentes.
4. Promover a inclusividade.

Recomendacións/Directrices/Elementos para levalas a cabo

1. Facilitar a inclusión do PC en todos os niveis educativos, non necesariamente como materia en si mesma, senón como fonte de estudo para outras disciplinas.
2. Reforzar o vínculo entre educación sobre o PC e formación de profesionais que traballen no eido da xestión cultural e patrimonial.
3. Impulsar a investigación interdisciplinaria sobre o PC, as comunidades patrimoniais, a contorna e as súas relacións recíprocas.
4. Estimular a formación profesional continua e o intercambio de coñecementos e destrezas, tanto dentro do sistema educativo como á marxe do mesmo, establecendo sinerxías de colaboración.
5. Desenvolver o uso das tecnoloxías da información e comunicación aplicadas ao PC que fomenten iniciativas que promovan a calidade dos contidos e teñan por obxecto garantir a diversidade das culturas na sociedade da información.
6. Facilitar o acceso á información relativa ao PC para o ámbito educativo, protexendo ao mesmo tempo os dereitos de propiedade intelectual.
7. Recoñecer que a creación de contidos dixitais referentes ao PC non debe ir en detrimento da conservación do patrimonio existente.



Recoñecer que a creación de contidos dixitais referentes ao PC non debe ir en detrimento da conservación do patrimonio existente

8. Promover o respecto á integridade do PC garantindo que as decisións que supoñan cambios partan do entendemento dos valores culturais que lle son inherentes.
9. Definir e promover os principios de xestión sostible que favorezan a conservación do PC –fomentando o emprego de materiais, técnicas e destrezas baseados na tradición– e explorar o seu potencial de aplicación contemporánea.
10. Impulsar unha transferencia do PC a través de sistemas de innovación de alta calidade mediante sistemas de cualificación e acreditación profesional de particulares, empresas e institucións.
11. Crear un plan específico de educación e patrimonio e un observatorio galego do patrimonio.

Conclusións

.....
O Foro Patrimonio
e Sociedade no Consello
da Cultura Galega
.....

Introdución

Como xa expuxemos, esta guía práctica pode lerse de dúas maneiras, na súa totalidade como un documento único ou por bloques independentes, por iso, volvemos a recoller aquí os aspectos básicos do «Foro Patrimonio e Sociedade» xa que estas conclusións teñen por obxectivo constituír unha lectura final do mesmo que pode realizarse de forma pechada e independente da totalidade da guía. Ademais, estas conclusións correspóndense co documento que foi enviado á Comisión de Cultura do Parlamento, á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural unha vez rematadas as xornadas do Foro, polo que queremos manter o seu formato e por á disposición da comunidade patrimonial a mesma estrutura que foi enviada a estes organismos.

Para aqueles e aquelas que veñan do documento xeral recomendamos comezar no apartado Ideas forza transversais do Foro Patrimonio e Sociedade, xa que todo o demais foi presentado nas páxinas anteriores.

Unha das decisións adoptadas no desenvolvemento do Foro foi apostar pola pluralidade, de maneira que todos aqueles axentes da sociedade que estivesen implicados na xestión integral do patrimonio ou tivesen intereses sociais, culturais e profesionais nel estivesen representados. Participou un total de 37 profesionais e axentes.

As temáticas seleccionadas para a análise estruturáronse en tres mesas de traballo, que contan cunha coordinación asumida por persoas que integraban a SPBBCC. Os restantes participantes foron seleccionados entre as seguintes entidades/organismos/axentes: universidades e centros de ensino medio, institucións da memoria, organismos públicos de investigación, academias, administracións públicas, asociacións culturais, industrias culturais e profesionais liberais.

As mesas de traballo e os seus coordinadores/ason as seguintes:

- Coordinación xeral do foro: Rebeca Blanco-Rotea
- Mesa 1: Patrimonio, políticas públicas e normativa legal. Coordinación: Teresa Nieto Freire e Cristina Sánchez-Carretero.
- Mesa 2: Xestión patrimonial: conservación, protección e promoción-difusión do patrimonio cultural. Coordinación: Carlos Nárdiz Ortiz e Iago Seara Morales.

- Mesa 3: Patrimonio, educación, formación e cidadanía. Coordinación: Rebeca Blanco-Rotea e Juan M. Monterroso Montero.

Destacamos a importancia da integración no Foro dunha mesa cos partidos políticos con representación no Parlamento galego (PP, PSOE e BNG), na que se achegaron propostas de moito interese, confluentes e concordantes, derredor das políticas e xestión do patrimonio cultural e que se incorporarán no informe final do Foro.

O Foro xorde como resultado de:

- Un traballo interno da Sección de Patrimonio e Bens Culturais na súa última etapa e das propias dinámicas do CCG, apostando pola realización de actividades con novos formatos.
- As conclusións obtidas no documento «Liñas forza en materia de Patrimonio e Bens Culturais para a elaboración da diagnose do sector cultural galego como base para a creación da estratexia da Cultura Galega 2021» (5/12/2017), encargado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao CCG o 25 de outubro de 2017.
- A decantación das diferentes manifestacións recollidas polo CCG nos últimos tres anos, realizadas por distintos colectivos, asociacións e axentes que traballan en patrimonio cultural, ou asistentes ás distintas actividades levadas a cabo arredor do patrimonio polo CCG, sobre a necesidade dunha análise profunda previa á posible elaboración dunhas liñas estratéxicas de xestión do patrimonio cultural de Galicia.

O Foro é pois unha actividade plural, polifónica e aglutinadora. Concibiuse como un proceso de traballo aberto, cunha dinámica participativa, representativa e transversal e cunha metodoloxía de traballo específica, que é unha das grandes achegas do Foro.

O Foro Patrimonio e Sociedade executa, na práctica, o mandato que se lle fai por lei ao Consello da Cultura Galega, no sentido de que unha das súas funcións principais é elevar aos poderes públicos da comunidade autónoma, en toda a súa extensión, informes e propostas a prol da defensa e promoción dos valores culturais galegos.

O CCG ten o mandato de investigar e valorar as necesidades do pobo galego en materia de cultura, así

como propoñer solucións para os problemas existentes na conservación e promoción da Cultura e, en concreto, ten a misión de analizar todas as cuestións que se refiran ao patrimonio cultural atendendo á súa preservación, estudo, valorización e difusión.

Recollendo este mandato, realizouse esta actividade, cuxos resultados se presentarán en breve e dos que adiantamos estas conclusións á Comisión de Cultura do Parlamento, xa que cremos que poden servir de ferramenta para abordar algunhas cuestións que están neste momento no debate público arredor da xestión patrimonial e na problemática respecto a algunhas actuacións e actividades que afectan directamente ao patrimonio cultural de Galicia, e especialmente á súa paisaxe cultural e os valores que integra, e que o poden facer de xeito irreversible.

Ideas forza transversais do Foro Patrimonio e Sociedade

Queremos chamar a atención sobre as ideas que no contexto de debate das xornadas do Foro Patrimonio e Sociedade, así como no propio desenvolvemento do Foro, xurdiron por consenso entre os e as membros deste e as/os participantes convidados a estas xornadas que tiveron lugar os días 19, 20 e 21 de abril de 2021. Estes catro puntos son as cuestións que este Foro considera imprescindible desenvolver para unha mellora da xestión patrimonial na nosa comunidade autónoma, se ben no seguinte apartado se recollerán as conclusións específicas de cada mesa.

1. Elaboración dun **Plan Autonómico Patrimonial de Galicia**, en cuxa elaboración se teña en conta o documento da Guía Práctica resultado deste Foro, e dotación orzamentaria para o seu desenvolvemento. Para a elaboración deste Plan deberíase contar con todas as entidades/organismos/axentes implicados na súa xestión e salvagarda, incluíndo a sociedade civil. Considérase que o Plan debería incorporar no seu contido un plan sectorial específico de educación patrimonial.
2. Creación dunha **Comisión de Patrimonio no Parlamento de Galicia**, que podería estar vinculada á propia Comisión de Cultura, que atenda ao patrimonio como elemento estratéxico e transversal na política cultural galega.

3. Creación dun **Observatorio de Patrimonio** (cunha sección dedicada á **Educación Patrimonial**).
4. Creación dun **órgano interadministrativo de coordinación** da política, normativa e xestión integral do **patrimonio cultural de Galicia** que goce de maior autonomía e, ao mesmo tempo, integre os principais ramos da Administración activa autonómica na xestión do territorio, combinando liderado e participación das visións sectoriais.

Conclusións das Mesas

Conclusións da Mesa 1: Patrimonio, políticas públicas e normativa legal.

1. A xestión do patrimonio require unha perspectiva de estratexia, polo que é imprescindible deseñar un **Plan Patrimonial de Galicia** e dotar o plan con orzamentos adecuados. Esa estratexia debe ser intersectorial, descendente e participada, debe integrar patrimonio cultural, natural e paisaxe e débese coordinar coa xestión territorial. Para o seu desenvolvemento é necesario xerar novas ferramentas, métodos e enfoques e dotar a xestión dos recursos materiais e humanos que precisa. É necesario revisar as estruturas administrativas para adecualas ás novas formas de xestión, e para iso contar co sector académico e coas organizacións sociais, ampliando os cadros de profesionais consonte as novas funcións de sensibilización, investigación e formación, que demandan un patrimonio cultural ampliado ás dimensións inmaterial e territorial.
2. O patrimonio como marco da transversalidade das políticas públicas: é urxente restituír a Lei do patrimonio cultural de Galicia (LPC/16) ao papel central e protagonista que lle corresponde, mantendo un marco xurídico estable e coherente cos conceptos e criterios da lexislación internacional, que non pode ser continuamente revisado pola lexislación sectorial. Son igualmente urxentes o desenvolvemento regulamentario da lei, incluíndo nese desenvolvemento os principios de integración da protección do patrimonio cultural nas políticas sectoriais, o principio de subsidiariedade e a participación e corresponsabilidade social, así como a elaboración dun Censo e dun Catálogo homologados.
3. É necesario un cambio de paradigma no goberno do patrimonio: do modelo punitivo ao modelo

dos cuidados e corresponsabilidade. Os poderes públicos precisan facilitar o achegamento entre sociedade e patrimonio. Un patrimonio cultural vivo, que permaneza e que se sinta como herdanza que transmitir, ten que ser coñecido e apreciado pola sociedade. Isto só é posible se se valora, e non só economicamente senón tamén nas súas dimensións ecolóxicas e sociais, se se incorpora ao desenvolvemento situando os valores culturais e a súa salvagarda no centro das políticas públicas (de todas).

4. Cómpre resituar a cidadanía no centro dos procesos, con capacidade de ser parte na definición e xestión do patrimonio cultural, ampliando o dereito ao patrimonio ao dereito da sociedade a participar nas decisións dende o recoñecemento do patrimonio e a protección ata a xestión, outorgando á cidadanía un maior protagonismo no deseño das políticas patrimoniais. Isto require crear complicidades sociais e políticas e, dende o marco legal, espazos, mecanismos e ferramentas que o faciliten, facer accesible de maneira clara e transparente a información, tamén a opinión experta, e contar co tecido asociativo.
5. O territorio como marco e escenario da xestión transversal do patrimonio cultural: o territorio —como elemento aglutinador e portador de valores— débese considerar como patrimonio e dende esa perspectiva desenvolver o seu coñecemento, identificar e caracterizar os seus valores culturais e facer posible a súa protección, a toma de conciencia e valorización e o seu uso sostible. Esta visión garante a permanencia do patrimonio e posibilita xestionalo de forma integral, sen esquecer as actividades que se desenvolven nel, tal e como requiren conceptos como o de paisaxe cultural ou territorio histórico.
6. O enfoque integrado do patrimonio cultural tense que incorporar nas políticas públicas que afectan ao territorio e nas lexislacións sectoriais, rompendo ademais coa xestión dividida de patrimonio natural, cultural e paisaxe. Isto supón que a ordenación do territorio ten que servir á tutela dos valores naturais, ambientais, paisaxísticos e culturais e establecer unha base firme das políticas sectoriais atendendo á integración e harmonía e ao concerto dos usos e actividades no territorio cos seus valores. Débense manter as avaliacións de impacto sobre o patrimonio cultural das actuacións con incidencia sobre o territorio realizadas a partir das prospeccións que as Directrices de Ordenación do Territorio estableceron para a identificación e localización do PC.
7. Nas políticas económicas o patrimonio débese considerar como un recurso, como fonte de actividade e de atracción no territorio, avaliando tamén a súa contribución en termos económicos e de emprego polas actividades de conservación, difusión e rehabilitación, sen esquecer valorar os servizos non materiais que as persoas obteñen. O deseño destas políticas ten que ter en conta a natureza do patrimonio cultural, respectar a súa integridade, incrementar o orzamento público e contemplar e desenvolver novas ferramentas de financiamento que permitan empregar os recursos cos que a sociedade pode contribuír á conservación do patrimonio. Cómpre contar con políticas de fomento específicas dirixidas aos propietarios e posuidores para a conservación dos bens patrimoniais.
8. Incorporar o patrimonio como recurso para o desenvolvemento non pode facer da lóxica económica a base da súa protección e conservación. Non se debe ignorar a contribución non económica do patrimonio ao desenvolvemento social e ambiental, dúas das patas do desenvolvemento sustentable. O modelo de monocultivo turístico leva á deturpación e ata á desaparición do patrimonio e é incompatible coa identidade cultural do territorio cando a súa salvagarda require a continuidade das actividades que soporta e que conformaron as paisaxes culturais. Os beneficios da actividade turística teñen que reverter no ámbito territorial dos bens patrimoniais dos que se beneficia, o que require plans de dinamización turística que garantan un equilibrio nas economías locais coherente coas estratexias de protección do patrimonio cultural, natural e da paisaxe.
9. O desenvolvemento rural debe ser multifuncional e protexer os recursos naturais e culturais que conforman a súa base. Cómpre traballar transversalmente superando a división entre a xestión do patrimonio cultural, natural e da paisaxe e a xestión doutros recursos, como os agrícolas, forestais, rehabilitación rural ou turismo, e priorizando a conservación destes recursos e dos bens culturais e ecolóxicos diante de políticas invasivas, como as mineiras ou as enerxéticas, que os poñen en risco. A xestión do patrimonio rural débese enfrontar na súa amplitude e complexidade dende o concepto de paisaxe cultural, tendo en conta os coñecementos e manexos tradicionais dos agrosistemas, realizando o recoñecemento dos recursos patrimoniais e naturais dende unha visión global e como paso previo ao deseño dos plans e proxectos de desenvolvemento.

10. É necesario definir modelos alternativos de xestión que incorporen o enfoque participativo, que atendan ás tres compoñentes: social, do desenvolvemento territorial e económico e de coñecemento e educación, prioritarias nas estratexias europeas. Nese modelo hai que atopar un equilibrio entre a tutela institucional do patrimonio e a participación social no deseño das políticas patrimoniais e xerar vías de cooperación dentro da Administración autonómica, entre as demais administracións e coas organizacións sociais, superando os receos que se manifestan na actualidade. A LPC/16 ten que desenvolver a práctica da participación cidadá, un dos principios teóricos que a inspiran, dende a identificación do patrimonio cultural ata a xestión. Esa participación débese estender ás materias sectoriais con incidencia sobre o patrimonio e a paisaxe cultural.

Conclusións da Mesa 2: Xestión patrimonial: conservación, protección e promoción-difusión do patrimonio cultural.

1. O patrimonio é un concepto global, que se estende dende o monumento á paisaxe e ao territorio, dende os obxectos móbiles aos inmobles, dende a realidade material á inmaterial. O patrimonio non existe sen a dimensión social, antropolóxica e histórica. Por iso hai que falar máis da «xestión» do patrimonio que da «protección» illada.
2. O patrimonio nace na lexislación a partir do concepto de monumento, como un ben de natureza material, de aí o peso do patrimonio material respecto ao inmaterial. A superación do concepto de patrimonio material esixe un coñecemento máis profundo dos significados que contribúen á herdanza cultural, dando visibilidade tamén aos valores inmateriais do patrimonio, que, por outra banda, obrigue a revisar a relación entre o turismo e o patrimonio cultural, que afecta a bens como os Camiños de Santiago.
3. Habería que tratar de evitar, por enriba de todo, a desaparición das paisaxes asociadas ás aldeas e parroquias que teñen incorporados valores singulares relativos a unha complexa organización e xestión do territorio, asociados a saberes e prácticas tradicionais. Non se pode deixar desaparecer un patrimonio multiseccular tan rico e variado, tanto material como espiritual, que, ademais, nos identifica culturalmente.
4. Hai que difundir e facer chegar á sociedade galega o valor da paisaxe como parte do patrimonio cultural de Galicia, como resultado dunha historia e unhas necesidades, cos seus significados e obxectivos de protección, favorecendo e promovendo un compromiso transversal e a asunción de competencias por parte de todas as administracións.
5. A dinámica aberta polos Camiños de Santiago e os procesos de delimitación do seu territorio histórico, xunto coa identificación dos seus trazados, abren a porta para recoñecer outros camiños históricos, como a vía romana XVIII. Hai por diante un amplo percorrido para seguir investigando dende a Administración, coa utilización de instrumentos de protección, planificación e xestión a escala territorial que permite xa a lexislación autonómica, tanto a nivel urbanístico como paisaxístico e territorial, no que se integren outros tipos de patrimonios, como os que se refiren ao patrimonio cultural dos ríos.
6. A protección e xestión dos centros históricos das cidades e das vilas en Galicia que se apoiou na lexislación e planificación urbanística é, de xeito evidente, insuficiente, se non se engade á mirada *intra muros* a mirada *extra muros* que integre o contorno xeográfico como paisaxe urbana histórica e a súa relación co resto da cidade, xunto coa dimensión social, o mantemento da poboación e o emprego nestes centros históricos.
7. O recoñecemento patrimonial dos bens territoriais debe servir para introducir dende a planificación urbana e territorial novos elementos de xestión do patrimonio cultural que impliquen unha coordinación entre administracións e o uso de técnicas cartográficas e inventario asociadas a bases de datos que poñan de relevo a dimensión territorial destas categorías de bens culturais.
8. A tutela patrimonial exercida polas administracións non se pode limitar á súa xestión. Tamén se debe orientar a unha valoración integral, en termos non só económicos senón tamén sociais e culturais, de tal maneira que se mellore a xestión actual do patrimonio cultural de Galicia, cun incremento dos recursos económicos, técnicos e humanos.
9. Co fin de evitar erros no futuro, é necesario defender criterios de valor ao redor dos elementos do patrimonio cultural. Por tanto, é imprescindible dotar a Administración de persoal científico adecuado e suficiente que teña un coñecemento rigoroso dos proxectos de intervención nos bens culturais, fomentando a formación de equipos multi e interdisciplinares.

10. A situación xurídica e administrativa actual dos bens protexidos en Galicia recomenda promover un debate amplo sobre o modelo do patrimonio cultural galego, fomentando o seu carácter crítico e o rexistro documental exhaustivo. É necesario recorrer ao patrimonio cultural como un motor e recurso activo nas áreas deprimidas, para mellorar a estruturación das comarcas e territorios de Galicia, e a tal fin instrumentos como o catálogo e a declaración de BIC deben atender especialmente aos valores patrimoniais desas áreas. Neste debate hai que incorporar a participación dos cidadáns, mellorando as canles de relación coa Administración, buscando a transparencia ao redor da xestión e protección do patrimonio cultural, cunha actuación rápida e dilixente da Administración fronte ás denuncias.


Conclusións da Mesa 3: Patrimonio, educación, formación e cidadanía

1. Patrimonio cultural e socialización. Débese entender o patrimonio cultural como un factor fundamental no proceso de socialización de calquera comunidade, na medida en que permitirá consolidar os seus sinais de identidade a través da aprendizaxe colectiva, a participación e a inclusión.
2. Patrimonio e produtos culturais. É necesaria a creación dunha consciencia patrimonial na que o produto cultural sexa entendido como un mediador dentro do proceso de comprensión/apreciación do patrimonio cultural, e non como unha finalidade en si mesmo.
3. Patrimonio cultural e xestión integral. Resulta imprescindible construír unha cultura da xestión patrimonial que teña como eixes fundamentais do seu desenvolvemento a participación social e a gobernanza participativa, os obxectivos da axenda europea 2020-2030, a promoción da cultura do seguimento dos proxectos realizados e un enfoque integral e sustentable.
4. Patrimonio cultural e ensino ao longo da vida. Tense que recoñecer que o patrimonio cultural, nas súas diferentes manifestacións, é un dos principais referentes en que se poden concretar as oportunidades dunha aprendizaxe ao longo da vida. Para iso é necesario recoñecer e reforzar o impacto positivo da educación patrimonial, a través do ensino regrado non universitario, no alumnado, na sociedade e no propio patrimonio galego.

5. Patrimonio e educación patrimonial. É preciso investir en educación e formación en patrimonio, e desenvolver plans específicos, o mesmo que en investigación, na medida en que isto suporá a mellora na concepción que teñen os formadores do patrimonio, un incremento cualitativo na oferta formativa para profesionais relacionados co patrimonio cultural e, en definitiva, a aparición dun instrumento de formación patrimonial, entendido como un *continuum*, a través dun **Plan Galego de Educación Patrimonial** que debería formar parte como un subplán ou plan sectorial específico do Plan Autonómico Patrimonial de Galicia.
6. Patrimonio cultural e profesionalización. Asímése a identificación do potencial cívico inherente á profesionalización, na e da cultura, poñendo a énfase nos dereitos e deberes da cidadanía e da democracia cultural. Para isto é necesario comprometer as diferentes instancias públicas no recoñecemento e regulamentación do quefacer patrimonial, identificar e poñer en valor os diferentes perfís académicos e profesionais, e desenvolver políticas culturais que contemplan o rol principal dos/as profesionais socioculturais.
7. Patrimonio cultural e cidadanía. Enténdese que a participación efectiva e proactiva da sociedade é imprescindible para unha nova xestión dos bens culturais, para a súa comprensión como legado común e para a súa emerxencia como referentes de futuro. Isto supón facer da cidadanía unha ferramenta activa no coidado e na salvagarda da interpretación e mesmo da xestión dos bens patrimoniais.
8. Patrimonio cultural e asociacionismo. Recoñécese que as asociacións e colectivos estiveron, e están, na primeira liña da defensa do patrimonio cultural, tanto no conxunto da autonomía como no eido local. Por iso é necesario crear un marco regulador claro e transparente no que se poidan desenvolver as relacións entre a Administración e o tecido asociativo; tamén é preciso integrar dun xeito pleno e eficiente este tecido asociativo nos procesos de divulgación, protección e salvagarda do patrimonio cultural. Para acadar uns resultados adecuados pódese pensar na creación dunha Escola do Patrimonio.
9. Patrimonio cultural, redes e dixitalización. Valórase o traballo en rede como un método probado para a consecución de obxectivos e metas común, en especial en todos os aspectos que teñen que ver coas novas tecnoloxías da información e

comunicación, cos contidos dixitais de calidade ou coa súa función educativa e divulgativa.

10. Patrimonio cultural e comunicación. Dentro do **Observatorio Galego de Patrimonio** considérase imprescindible a creación dunha sección dedicada á **Educación Patrimonial**. Considérase a educación patrimonial como o vector fundamental na creación dunha consciencia patrimonial a través da que se promova o carácter inclusivo do patrimonio cultural —diversidade, alteralidade, multiculturalidade etc.—, na que prime o criterio educativo sobre todos os demais valores do patrimonio e coa que se acade o proceso de desmaterialización do patrimonio como alternativa para a materialización da identidade. A comunicación patrimonial tense que apoiar nun Plan sectorial específico de Educación Patrimonial, dependente do Plan Autonómico Patrimonial de Galicia, e na creación da sección específica do Observatorio.



Anexos

.....

**1. Conclusións da Mesa
política do Foro
Patrimonio e Sociedade**

**2. Documentación e
conclusións da xornada
do Foro Patrimonio
e Sociedade**

.....

Anexo 1

.....

Conclusións da Mesa política do Foro Patrimonio e Sociedade

.....

Índice Temático

Contexto
Estrutura
Programa
Resumo das reflexións
Puntos de acordo
Puntos de desacordo
Algunhas propostas de mellora
Propostas concretas

Contexto

O día 2 de marzo de 2021 desenvolveuse no CCG a Mesa Política do Foro Patrimonio e Sociedade. Foi unha sesión de traballo na que participaron, por unha banda, algúns dos membros das tres mesas, xunto con dous xuristas especialistas en patrimonio (ambos os dous integrantes tamén do foro). Por outra banda, tamén estaban as persoas designadas polos tres grupos con representación parlamentaria en Galicia, para intervir individualmente nunha das mesas nas que se articula a xornada, cun esquema e contido igual para todos e todas. Esta estrutura tivo por obxectivo garantir que a sesión se desenvolvese como un intercambio entre a persoa que represente a cada grupo político e o conxunto de especialistas e profesionais presentes.

Estrutura

Como dicíamos, esta xornada de traballo articulouse en tres mesas de debate, unha con cada representante designado polo grupo parlamentario correspondente:

- Mesa Política de Debate 1. Noa Díaz Varela, representante do PSdG.
- Mesa Política de Debate 2. Mercedes Queixas Zas, representante do BNG.
- Mesa Política de Debate 3. Xosé Luís Ferro Iglesias, representante do PP.

Ademais, nas tres mesas estiveron presentes os xuristas:

- Carlos Amoedo Souto, xurista especialista en patrimonio, catedrático da Universidade da Coruña (integrante da Mesa 1 do Foro).
- Beatriz González Moreno, xurista especialista en patrimonio na Valedora do Pobo (integrante da Mesa 2 do Foro).

Programa

1. Presentación do/das representantes designadas polo grupo parlamentario que van intervir.
2. Intervención do/das representantes dos grupos parlamentarios arredor da seguinte pregunta xeral: Que papel xoga o patrimonio no proxecto de país e cultural que presenta o seu grupo parlamentario nos seus programas políticos?

3. Debate sobre tres cuestións máis concretas que os integrantes do Foro Patrimonio e Sociedade lles formularon ás persoas representantes dos partidos políticos:

- 1ª cuestión. Parece existir un certo consenso político na necesidade de que o patrimonio cultural (PC) debe estar presente como concepto básico que condicione, complemente e enriqueza as accións públicas e privadas e en todas as políticas públicas e obxectivos e intereses privados que teñan unha afección territorial, social, cultural, educativa e/ou turística. Como se aplica este principio no caso do programa político do seu partido? É dicir, que accións concretas propón o partido político ao que vostede representa para facer efectiva a transversalidade no ámbito das políticas públicas sinaladas en materia de patrimonio?
- 2ª cuestión. A xestión do patrimonio cultural afecta a moitos ámbitos, que van desde a propiedade dos elementos que o integran ás competencias sobre a súa xestión ou a propia complexidade do patrimonio (desde un petróglifo ata un conxunto monumental, pasando por unha festa tradicional ou unha paisaxe cultural), e o certo é que estamos falando de máis de 50.000 elementos protexidos na nosa comunidade. A xestión do PC en Galicia leva evolucionado desde a primeira Lei do patrimonio cultural de Galicia de 1995, ata a aprobada en 2016. Nesta última recóllese a preocupación da necesidade de «remover os obstáculos que dificulten a participación dos individuos e dos grupos na vida cultural galega» e resollen esta participación na deriva de competencias de xestión aos concellos, como interlocutores coa sociedade a nivel local. Non obstante, a protección e xestión do PC está concentrada fundamentalmente na Xunta de Galicia e na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Tendo en conta a demanda internacional cara a unha gobernanza participativa en materia de PC, considera o seu grupo parlamentario que debe ser a Xunta de Galicia a única administración que exerza a tutela, protección e xestión da práctica totalidade dos bens protexidos que existen en Galicia ou debe repartir competencias cos concellos, deputacións e Administración xeral do Estado? Que papel

xogaría neste novo reparto de competencias a cidadanía? E, como propón o seu grupo político que pode desenvolverse unha xestión patrimonial integral compartida entre os diferentes axentes que deberían formar parte desa gobernanza participativa en materia de PC?

- 3ª cuestión. O patrimonio é un potencial medio de socialización e, polo tanto, de educación e formación de cidadanía, tanto no eido formal, levando o patrimonio ás escolas e centros educativos, coma no informal, levando a cabo actividades formativas e performativas ao seu redor. Ademais, o Consello de Europa invita os estados membros a elaborar marcos de gobernanza multilateral a múltiples niveis que recoñezan o PC como recurso compartido reforzando os vínculos entre o nivel local, rexional, nacional e europeo de gobernanza do PC, respectando o principio de subsidiariedade para prever beneficios para as persoas a todos os niveis. Neste contexto, podería explicar se ve factible a implementación dun Plan de educación patrimonial estrutural en Galicia que sirva como punto de partida para a creación dunha sensibilidade e responsabilidade social a respecto do patrimonio, no que a cidadanía desempeñe un papel activo e no que se poida definir un espazo de traballo para todos os colectivos implicados nel? Como o desenvolvería o seu grupo político?

Resumo das reflexións

Tiveron lugar nas mesas de debate co/coas representantes dos grupos parlamentarios

Tras unha introdución ao foro por parte da coordinación que permitiu contextualizar as temáticas, inquiredanzas, obxectivos e a súa estrutura, expuxéronse as intencións da Sección de Patrimonio e Bens Culturais co desenvolvemento desta mesa de traballo. Non insistiremos nestes aspectos, xa que xa foron recollidos nas páxinas anteriores, mais para poñer en situación, lembraremos que o foro se deseñou cun carácter moi plural e aberto, entendido como un proceso que dese cabida a todos os actores relacionados co patrimonio cultural galego e, polo tanto, no que tamén estivesen os representantes dos partidos políticos como portavoces da cidadanía no Parlamento de Galicia, de aí, esta actividade. Así, no foro estarían representadas todas as voces que podían proporcio-

nar visións plurais ao debate, desde o coñecemento, experiencia e afectación. A última fase incorporou, deste xeito, tres novas accións: o desenvolvemento da mesa política –da que dá conta este resumo–, o desenvolvemento das xornadas –que tiveron lugar os días o 19, 20 e 21 de abril, nas que se presentaron os resultados de todo o labor realizado e da que se inclúen a continuación as conclusións– e a publicación e presentación pública da guía de patrimonio que nos ocupa.

Como xa expuxemos, o debate tivo lugar de xeito independente con cada unha das persoas designadas polos partidos con representación parlamentaria en Galicia. Con cada unha delas, a mesa prolongouse ao longo de dúas horas arredor das cuestións arriba recollidas. Os tres membros, agradecéronlle o convite ao CCG, mentres avaliaron o foro como unha iniciativa necesaria para facer unha reflexión profunda sobre a situación actual e o futuro máis próximo do patrimonio cultural galego. Non faremos aquí unha análise detallada de cada unha delas, pois estes debates foron pechados, mais si intentaremos recoller as ideas chave que se expuxeron neles. Recollémolas de xeito breve e esperamos que nun futuro próximo poidamos enriquecer esta guía coa análise profunda desta actividade, así como coa achega do resto dos materiais que se foron xerando no proceso de desenvolvemento.

Puntos de acordo

Existen certas discrepancias entre as persoas representantes dos tres partidos políticos, non tanto no concepto teórico sobre o patrimonio, senón nunha certa desavinza á hora de avaliar a protección que deste se fai en Galicia, unha certa disensión nas políticas deste sector, a demanda da falta de transversalidade, a preocupación pola vulnerabilidade da lei galega desde normas sectoriais e, sobre todo, algunha desconformidade na maneira en que se desenvolve a xestión patrimonial.

De feito, case o maior punto de acordo está no concepto de patrimonio que manexan os grupos políticos. No seu peche da intervención introdutoria, o representante do partido de goberno apuntaba que «o patrimonio ten que ser o noso sinal de identidade, pero por suposto tamén fonte de ingresos económicos e xerador de postos de traballo; por todo isto entendemos, non só o meu grupo político, senón todos os que están representados no parlamento, a importancia do papel que xoga o patrimonio cultural

no proxecto que temos en Galicia», declaración de intencións que, no global, efectivamente comparten os tres grupos.

Así, o e as representantes dos tres partidos políticos coincidiron en considerar o patrimonio como un concepto dinámico con sentido e significado actual e como un asunto prioritario e vertebrador dunha política de país, pois son elementos representativos da identidade propia dos pobos no devir histórico e da súa memoria colectiva. Ademais, caracterízanse pola súa diversidade, mentres que propician a cohesión social e territorial desde o legado cultural e poden converterse nunha oportunidade dentro dunha nova e distinta modernidade que se afaste de modelos impostos desde fóra. Ao mesmo tempo, esta identidade enténdese nun dobre sentido, como elemento identitario en si mesmo dos pobos, mais tamén como aquilo que os identifica na súa singularidade.

Considérase que respectar a cadea de valor do patrimonio cultural non é só un deber, senón unha obriga. Polo tanto, o coidado é unha das funcións que non se deben descoidar por parte das administracións. Non coidar o patrimonio suporía rachar a cadea de transmisión cultural cara a xeracións futuras, incumprindo a nosa obriga na identificación, incremento, conservación, salvagarda e transmisión do patrimonio cultural. Neste sentido, a Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia é a ferramenta dispoñible para desenvolver estas obrigas.

Polo tanto, enténdese que debe fomentarse e practicarse unha política transversal real –na que vaian da man os gobernos, as administracións públicas e a sociedade– e integrarse a protección do patrimonio cultural nas políticas sectoriais. Tamén se considera unha obriga fomentar, difundir e socializar o patrimonio e incluso o emprego dos BIC como recurso para dinamizar e desenvolver certas zonas da comunidade pouco activas ou deprimidas, nun manexo responsable dos bens patrimoniais cara ao desenvolvemento sostible.

Ao mesmo tempo, e dadas as circunstancias especiais nas que nos atopamos, vense os anos 2021 e 2022 como unha grande oportunidade grazas á chegada de fortes recursos económicos a Galicia a través dos fondos europeos de recuperación, polo que os representantes dos partidos consideran que o momento actual é propicio para traballar nun propósito conxunto que sente as bases para deseñar unha estratexia específica en materia de patrimonio na nosa comunidade.

Aínda que se introduciu unha visión tripla do patrimonio nas presentacións dos tres representantes, foi o primeiro partido da oposición o que a verbalizou deste xeito, considerando que este sostense en tres eixos fundamentais: o identitario, polo cal o patrimonio reflicte o que somos como sociedade tanto interna como externamente, o que o converte na nosa mellor carta de presentación; o social, que dá conta da relación da sociedade civil co patrimonio, o que fai necesario traballar nesta liña para que o patrimonio non se vexa como un obstáculo ao progreso, senón que se converta nun vínculo de apego e que axude a protexelo; e o económico que, sendo quizais o máis delicado, habería, non obstante, que traballar nel en prol dunha xestión xeradora de recursos e de emprego.

Tendo en conta este punto de partida teórico e conceptual, tamén se puxo de manifesto a necesidade de deseñar, elaborar e executar unha estratexia de xestión patrimonial galega, cunha planificación axeitada á especificidade do patrimonio, baseada nunha diagnose previa. Se ben sobre este aspecto recaeron os tres representantes, non coincidiron exactamente en que e como facer isto. Para os partidos da oposición, a xestión do patrimonio necesita dunha mudanza en profundidade que se adapte aos novos tempos e aos conceptos que sobre el hoxe en día manexamos e, asemade, precisa dun incremento dos presupostos que se lle dedican (un 0,02€ de peso relativo nos orzamentos xerais da comunidade autónoma). Mentres, no caso do representante do goberno, este considera que, aínda que efectivamente existen algunhas eivas neste ámbito, son moitas as fronteiras nas que se avanzou en materia xestión patrimonial; tamén apunta que os problemas na catalogación ou protección do patrimonio veñen derivados precisamente da insuficiencia de recursos e orzamentos baixos, aspectos que espera se palíen unha vez rematada a crise sanitaria.

Outro aspecto que saíu de xeito recorrente no debate das tres mesas de traballo foi o da transversalidade. Coinciden os tres representantes en que a cuestión do patrimonio debe ser transversal en todas as políticas de actuación de xeito implícito. Con todo, do mesmo xeito que no caso da xestión, a ausencia/existencia desta transversalidade ten máis ou menos peso en función de quen analizara esta cuestión, aínda que todos coinciden en que, como mínimo, é fundamental para o desenvolvemento dunha axeitada xestión e, desde logo, mellorable.

Tamén se demandou a mellora da relación da sociedade coa xestión do patrimonio. Por parte da opo-

sición considérase que as iniciativas sociais son as que están levando a cuestión patrimonial a todas as accións políticas, polo que o diálogo social é fundamental, do mesmo xeito que cómpre establecer mecanismos de participación cidadá que acaben coa indefensión. Por parte do representante do goberno, apúntase que o patrimonio cultural debe estar presente en toda actividade social e humana cotiá, igual que xa o está a responsabilidade colectiva co medio, a práctica habitual da reciclaxe ou o dereito do acceso á cultura e ao ocio, o que implica a necesidade de mellorar a coordinación entre as administracións para a xestión do patrimonio, con criterios unificados e partindo dos mesmos obxectivos.

En calquera caso, para os representantes, sobre todo coa oposición, o nexa que une estes tres eixos (xestión, transversalidade e participación da sociedade na xestión patrimonial) é a necesidade imperiosa de implicar a sociedade na gobernanza do patrimonio cultural.

Puntos de desacordo

En canto ao desacordo, existiron tamén algunhas críticas no desenvolvemento do debate, fundamentalmente por parte dos partidos da oposición en relación coa xestión patrimonial que está desenvolvendo o partido de goberno, cuxos aspectos máis recorrentes, en certo modo xa tratados, podemos resumir en seis aspectos:

- A consideración que a política actual galega se está a equivocar no enfoque desde o que se aborda o patrimonio, xa que parte dunha concepción moi simplista do que é o patrimonio. Isto provoca unha situación de desleixamento que non está só relacionada co marco normativo, senón tamén cunha actitude política –crítica–, que é compartida por moitas asociacións e colectivos galegos en defensa do patrimonio, pero que habitualmente non son escoitadas.
- A ausencia de planificación na xestión patrimonial na actual política cultural mentres hai determinados patrimonios que absorben unha parte importante do orzamento –como o caso dos bens da igrexa aos que se destina a súa a meirande parte–, leva aparellada a marxinación doutros elementos patrimoniais relevantes. Considérase así que esta actitude reflicte unha gran falta de obxectivos, que ten graves consecuencias para algúns patrimonios.

- O incumprimento constante da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, cuxo texto se está a cambiar permanentemente a través da aprobación doutras leis sectoriais que implican reiteradas modificacións lexislativas, mentres que a lei aínda non se desenvolveu. Así pois, considérase que urxe pór en marcha unha nova estratexia de xestión do patrimonio cultural galego e adoptar unha perspectiva transversal do patrimonio cultural galego, con políticas que favorezan a súa conservación e o aproveitamento sustentable e responsable.
- A ausencia de implicación real da sociedade na toma de decisións e na xestión do patrimonio cultural.
- A diminución dos orzamentos da Xunta de Galicia entre o ano 2009 e 2021 amosa un descenso de 69 millóns de euros. Polo que os grupos da oposición consideran que hai que reverter esta situación para aspirar a unha boa xestión.
- O patrimonio, fundamentalmente o arqueolóxico, estase a ver afectado de xeito moi grave polas industrias extractivas, as plantacións forestais ou os parques eólicos. Este aspecto que habería que mudalo desde unha política patrimonial que o poña como prioridade nas políticas públicas.

Algunhas propostas de mellora

Foron varios os aspectos que se analizaron en canto á mellora da xestión do patrimonio, algúns dos cales indicamos a continuación:

- O aumento de representación dos distintos patrimonios nos elementos catalogados.
- A sustentabilidade e o aliñamento con outras políticas relacionadas co compromiso co planeta, a loita contra o cambio climático ou a mellora da calidade de vida das persoas.
- O desenvolvemento de políticas públicas transversais a prol da salvagarda do patrimonio cultural.
- O aumento dos recursos humanos e económicos destinados á xestión patrimonial.
- A maior colaboración entre as administracións e axentes implicados, marcando uns obxectivos claros que deben ter o maior consenso posible por parte de toda a sociedade galega.

- As políticas culturais referidas á constitución e protección dos rexistros de bens deben estar baseadas en liñas de actuación apoiadas pola meirande parte da poboación galega.
- A necesidade de mellorar a busca de consenso entre a sociedade e as administracións.
- A conversión da protección do patrimonio en medidas proactivas e non reactivas, que teñan como obxectivo principal a identificación, o recoñecemento, a difusión do valor cultural e que procuren a súa posta a disposición da sociedade co obxecto de mellorar a vida das persoas.
- A necesidade de mellorar a formación das persoas profesionais que se dedican a este amplo campo e integralas en todos os procesos que implica a xestión patrimonial.

Propostas concretas

Como propostas concretas subliñaremos as seguintes:

- Buscar vías alternativas para que a cidadanía se aproxime ao patrimonio.
- Establecer e mellorar as vías de internacionalización do noso patrimonio.
- Elaborar un plan de rescate que coloque no centro o patrimonio cultural galego e a situación na que se atopa.
- Promover e incrementar o coñecemento, análise e prospección cultural crítica do patrimonio galego para construír un *corpus* de BIC máis homoxéneo e representativo da realidade e do interese das manifestacións culturais desde a antigüidade ata a actualidade.
- Elaborar un rexistro de bens característicos da arquitectura tradicional galega e das expresións do patrimonio cultural inmaterial.
- Poñer o patrimonio cultural no centro de toda actividade social e humana cotiá, mellorando a coordinación entre as administracións para a súa xestión, con criterios unificados e partindo dos mesmos obxectivos.

En definitiva, reclámase un aumento do orzamento para patrimonio, para a defensa da gobernanza participativa ou o desenvolvemento de políticas transversais, entre outros aspectos. Subliñase que este é o momento idóneo para darlles resposta a estas demandas sociais e para crear solucións novas.

Anexo 2



Documentación e conclusións da xornada do Foro Patrimonio e Sociedade

María del Mar Bóveda López
Caixal, Proxectos Culturais
Membro do Grupo de Investigación RODA
(Facultade de CC. da Educación, USC)

Índice Temático

Presentación
As Xornadas
Sesións de mañá
Sesións de tarde
Contidos transversais

Presentación

Este documento constitúe unha síntese do traballo que se desenvolveu nas xornadas de debate do Foro Patrimonio e Sociedade que tiveron lugar do 19 ao 21 de abril de 2021 no Consello da Cultura Galega e estrutúrase en catro partes diferenciadas.

En primeiro lugar, na presentación destácanse os contidos máis relevantes da inauguración, a cargo de Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega e da coordinadora do foro.

En segundo lugar, aparece unha descrición e resumo do tratado nas sesións da mañá, que se centran nas achegas das persoas convidadas e no debate posterior.

En terceiro lugar, enuméranse os contidos tratados nas sesións de traballo da tarde con cada unha das mesas. Por último, a modo de contidos transversais, recóllense as propostas para destacar que xurdiron das tres mesas nas Xornadas máis as cuestións de relevancia que se presentan como conclusións finais.

As xornadas

As xornadas do Foro Patrimonio e Sociedade constitúen a súa IV fase de traballo, que ten como obxectivo presentar publicamente as conclusións do labor realizado polas tres mesas nas que, desde decembro de 2019, se estruturou esta actividade.

Concibíronse como unhas xornadas de exposición e debate de conclusións, destinadas tanto ás persoas que a integraron como ao público en xeral. Pecharon o traballo desenvolvido durante un ano e catro meses e estruturáronse en sesións de mañá e de tarde, nos que se lles dedicou un día a cada unha delas. As de mañá foron abertas e públicas e comezaron coa conferencia dunha persoa experta, seguida das presentacións dos resultados, que finalizaron cunha mesa redonda e un posterior debate. As da tarde organizáronse como sesións de traballo, co obxectivo de confeccionar as conclusións finais e facerlle as modificacións pertinentes ao documento definitivo do foro, no que se levaba traballando nos meses anteriores, segundo as achegas da sesión da mañá e o traballo previo sobre o documento, para a súa publicación posterior.

Como xa apuntamos na presentación da guía, este documento ten varias lecturas diferentes, polo que, para aquelas persoas que se achen exclusivamente a este anexo sobre as

xornadas, é pertinente engadir aquí a súa programación completa e tamén unha breve descrición do foro do que forman parte como elemento final.

1. Descrición do foro

Entre os meses de decembro de 2019 e o mes de abril de 2021, o Consello da Cultura Galega (CCG) desenvolveu a actividade denominada Foro Patrimonio e Sociedade. Trátase dunha acción encamiñada á reflexión e o desenvolvemento dunhas liñas estratéxicas arredor da xestión integral do patrimonio cultural na comunidade galega. A través deste preténdese identificar cales son os intereses que Galicia ten no patrimonio cultural, que simboliza para a comunidade ese patrimonio e, sobre todo, como se debe xestionar.

Esta actividade foi promovida pola Sección de Patrimonio e Bens Culturais (SPBBCC) do CCG. Unha das decisións adoptadas foi apostar pola pluralidade, de maneira que todos aqueles axentes da sociedade que estivesen implicados na xestión integral do patrimonio ou tivesen intereses sociais, culturais e profesionais nel, tivesen representación. Desta maneira, foron 37 profesionais e axentes os que participaron no foro.

As temáticas seleccionadas para a análise estrutúranse en tres mesas de traballo, que están coordinadas persoas que integran a SPBBCC. Os restantes participantes foron seleccionados entre as seguintes entidades/organismos/axentes: organismos públicos de investigación, universidades e ensino medio, institucións da Memoria, academias, administracións públicas, asociacións culturais, industrias culturais e profesionais liberais.

As mesas de traballo e os seus coordinadores/as son as seguintes:

Mesa 1: Patrimonio, políticas públicas e normativa legal. Coordinación: Teresa Nieto Freire e Cristina Sánchez-Carretero.

Mesa 2: Xestión patrimonial: conservación, protección e promoción-difusión do patrimonio cultural. Coordinación: Carlos Nárdiz Ortiz e Iago Seara Morales.

Mesa 3: Patrimonio, educación, formación e cidadanía. Coordinación: Rebeca Blanco-Rotea e Juan M. Monterroso Montero.

2. Presentación

As Xornadas inauguráronse co agradecemento da presidenta do Consello da Cultura Galega (CCG), Rosario Álvarez Blanco, a todas as persoas participantes polo seu traballo e compromiso co desenvolvemento, a pesar dos inconvenientes provocados pola pandemia, que obrigou a retrasar o calendario do programa previsto e que comezou hai 17 meses.

É fundamental poñer de relevancia a importancia da participación plural e representativa no foro de distintas institucións, administracións, asociacións e profesionais que traballan co patrimonio. Neste sentido, salientase a importancia da integración dunha mesa de traballo cos partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia (PP, PSOE e BNG) na que se achegaron propostas de moito interese, confluentes e concordantes, derredor das políticas e xestión do patrimonio cultural (Anexo I).

O foro xorde como resultado de:

- Un traballo interno da Sección de Patrimonio e Bens Culturais (SPBBCC) na súa última etapa e das propias dinámicas do CCG, na que se apostou pola realización de actividades con novos formatos.
- As conclusións obtidas no documento Liñas forza en materia de Patrimonio e Bens Culturais para a elaboración da diagnose do sector cultural galego como base para a creación da estratexia da Cultura Galega 2021 (5/12/2017), encargado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao CCG, o 25 de outubro de 2017.
- As manifestacións realizadas por distintos colectivos, asociacións e axentes que traballan en patrimonio cultural e tamén asistentes ás actividades levadas a cabo sobre este ámbito polo CCG, recollidas por este nos últimos tres anos. Nelas observouse a necesidade dunha análise profunda previa á posible elaboración dunhas liñas estratéxicas de xestión do patrimonio cultural de Galicia.

O foro deseñouse como unha actividade encamiñada ao estudo, reflexión e o diálogo, contando co tempo suficiente para confeccionar un documento final que integrase todas as achegas. Dese xeito, calquera tema podería ser enriquecido con diálogos plurais e diversos, tendo como obxectivo acadar o maior número de consensos e de entendementos mutuos, coa finalidade de sentar as bases para a redacción dun Plan

Estratéxico de Xestión Integral do patrimonio cultural en Galicia.

Algunhas das cuestións fundamentais a responder mediante este traballo conxunto foron:

- Serven as políticas de protección coas que contamos hoxe en día desenvolvidas na nosa Lei do patrimonio cultural (2016) na praxe real?
- Como podemos alcanzar unha transversalidade real na toma de decisións sobre o patrimonio?
- Que mecanismos existen para a cooperación/ coordinación entre as diferentes administracións (estado, Xunta e Galicia, concellos, consorcios, deputacións, etc.) ás que compete a xestión do patrimonio cultural?
- Debemos reivindicar e potenciar a importancia do papel da sociedade en materia de patrimonio mediante a educación patrimonial e o asociacionismo?
- Que mecanismos existen para a transferencia de coñecemento á sociedade e o acceso á información da cidadanía e de todos os axentes implicados na investigación, xestión e salvagarda do patrimonio cultural?
- Cal é e como debe ser o papel doutras institucións e axentes en materia de xestión do patrimonio e políticas patrimoniais galegas: universidades, organismos públicos de investigación (OPI), bibliotecas, arquivos, museos, academias, profesionais, asociacións do patrimonio, etc.?

O foro é pois unha actividade plural, polifónica e aglutinadora ante os posibles problemas e discrepancias que puidesen xurdir. Concibiuse como un proceso de traballo aberto, cunha dinámica participativa, representativa e transversal e cunha metodoloxía de traballo específica confeccionada desde outubro de 2018 e que é unha das súas grandes achegas.

Esta metodoloxía debía contemplar as voces que proveñen de todos os sectores do ecosistema cultural, así como de todas as institucións e das administracións responsables das políticas e da xestión do patrimonio, facendo fincapé no diálogo como ferramenta de achegamento diante das posibles discrepancias.

É importante salientar que cada mesa de traballo desenvolveu a súa metodoloxía de forma autónoma, chegando a conclusións con moitos elementos en común

que se recollen neste documento final: *Foro Patrimonio e Sociedade: guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro*. A publicación desta guía constitúe a quinta e derradeira fase.

Polo tanto, no sentido de que un dos seus cometidos principais é elevar aos poderes públicos da comunidade autónoma, en toda a súa extensión, informes e propostas a prol da defensa e promoción dos valores culturais galegos, o Foro Patrimonio e Sociedade executa, na práctica, o mandato que se lle fai por lei ao Consello da Cultura Galega. Outro dos preceptos que ten é investigar e valorar as necesidades do pobo galego en materia de cultura, así como propoñer solucións para os problemas existentes na súa conservación e promoción e, en concreto, ten a misión de analizar todas as cuestións que se refiran ao patrimonio cultural atendendo á súa preservación, estudo, valorización e difusión.

En definitiva, o deseño e a execución do Foro Patrimonio e Sociedade está no cerne do mandato que ten o CCG, tal e como aparece recollido na Lei de creación desta entidade, seguindo o establecido no propio Estatuto da Autonomía de Galicia.

Programa

Luns, 19 de abril

9:30 h. Inauguración das xornadas do Foro Patrimonio e Sociedade.

- Rosario Álvarez Blanco, presidenta do Consello da Cultura Galega.
- Rebeca Blanco-Rotea, coordinadora do foro e da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG.
- Mesa 2. Xestión patrimonial: conservación, protección e promoción-difusión do patrimonio cultural.

10:00 h. Conferencia, Román Fernández-Baca Casares (alcalde do Alcázar de Sevilla e ex-director xeral de Belas Artes e do Instituto Andaluz de Patrimonio Histórico): *Experiencias arredor da xestión integral do patrimonio cultural*.

11:00 h. Debate.

11.30 h. Descanso.

12:00 h. Conclusións da Mesa 2: Carlos Nárdiz e Iago Seara (coordinadores).

12:45 h. Mesa redonda e debate: Iago Seara, Carlos Nár-

diz, Román Fernández-Baca: *Que xestión patrimonial facemos?*

16:30-18:30 h. Grupo de traballo da Mesa 2: análises e revisións das fichas da guía práctica que incorporan a revisión externa de Román Fernández-Baca Casares e as conclusións da mañá.

Martes, 20 de abril

Mesa 1: Patrimonio, políticas públicas e normativa legal.

10:00 h. Conferencia, José Castillo Ruiz (catedrático de Historia da Arte, Universidade de Granada): *O Patrimonio Agrario: a construción cultural do territorio a través da actividade agraria*.

11:00 h. Debate.

11:30 h. Descanso.

12:00 h. Conclusións da Mesa 1: Teresa Nieto e Cristina Sánchez-Carretero (coordinadoras).

12:45 h. Mesa redonda e debate: Teresa Nieto, Cristina Sánchez-Carretero e José Castillo: *A transversalidade como principio nas políticas patrimoniais*.

16:30-18.30 h. Grupo de traballo da Mesa 1: análise e revisións das fichas da guía práctica que incorporan a revisión externa de José Castillo Ruiz e as conclusións da mañá.

Mércores, 21 de abril

Mesa 3: Patrimonio, educación, formación e cidadanía

10:00 h. Conferencia de Olaia Fontal Merillas (profesora titular de Educación Artística da Universidade de Valladolid, directora do Observatorio de Educación patrimonial de España): *A dimensión educativa como vector estratéxico na xestión do patrimonio cultural*.

11:00 h. Debate.

11:30 h. Descanso.

12:00 h. Conclusións da Mesa 3: Rebeca Blanco-Rotea, Juan M. Monterroso (coordinación).

12:45 h. Mesa redonda e debate: Rebeca Blanco-Rotea, Juan M. Monterroso e Olaia Fontal. *Gobernanza participativa e educación patrimonial. Paradigmas de futuro*.

16.30-18.30 h. Grupo de traballo da Mesa 3: análise e revisións das fichas da guía práctica que incorporan a revisión externa de Olaia Fontal Merillas e as conclusións da mañá.

Sesións de mañá

Como aparece descrito no programa, cada día das xornadas dedicouse a unha das mesas do foro. Deste xeito, cada unha delas focalizou diariamente os contidos tratados, coa presentación pública das conclusións do traballo desenvolvido durante todo o ano, máis a conferencia dunha persoa experta allea vinculada co seu contido específico.

Neste apartado faise unha síntese dos temas tratados nas conferencias diarias, dos contidos xurdidos do debate e da mesa redonda, alén do resumo da xornada diaria que recolle as conclusións principais da sesión da mañá, e que foron incorporadas ás da tarde.

Día 1: Mesa 2. Xestión patrimonial: conservación, protección e promoción-difusión do patrimonio cultural

Data: luns 19 de abril de 2021

Coordinación: Iago Seara e Carlos Nárdiz

Duración: 4,5 horas

1. Conferencia: *Experiencias arredor da xestión integral do patrimonio cultural.*

Román Fernández-Baca comeza a súa exposición partindo da evolución do concepto de patrimonio e as súas formas de xestionalo que, desde a súa experiencia, concreta en tres etapas:

- Primeira: a noción de patrimonio está ligada ao monumento e ás políticas centradas na conservación. Defínese o obxecto patrimonial.
- Segunda: desde esta descrición enténdense e defínense as primeiras políticas do patrimonio relacionadas co seu contorno a través da titoría, entendida esta como o conxunto de accións que van máis alá da conservación. O concepto de obxecto patrimonial evoluciona ao concepto de ben cultural, que ten a tutela tanto no ámbito público coma no privado. Aparece a arqueoloxía como disciplina indispensable na achega do coñecemento que vén da man da estratigrafía. Neste momento é cando se aproba a Lei de patrimonio histórico español de 1985 e se confecciona o primeiro Plan xeral de bens culturais de Andalucía (1989), que se pon en marcha co proxecto de

recuperación da Illa da Cartuja para a Exposición Universal de 1992.

- Terceira: amplíase o concepto de patrimonio, que se integra agora na cidade e no territorio. Comeza a entenderse o como un recurso de identidade, de cohesión, educativo, científico, etc. e convértese nun dos grandes recursos económicos contemporáneos. O concepto de tutela amplíase evolucionando cara ao de políticas culturais engadindo a perspectiva territorial. Derivados do feito de profundar no concepto do patrimonio aparecen e incorpóranse á necesidade de investigación e rexistro outros novos que hai que considerar: inmaterial, industrial, subacuático, paisaxístico, dixital, etc.

Por último, desde hai uns anos estamos asistindo e sendo protagonistas dunha nova evolución da conceptualización patrimonial. Debido aos cambios sociais que leva aparellada a participación máis activa da cidadanía e a incorporación da visión antropolóxica do legado inmaterial, dáse unha translación desde a concepción do obxecto patrimonial ao suxeito (persoas ou comunidades). Desta forma, hoxe en día enténdese que non hai patrimonio se este non é asumido polo colectivo que se reconece nel e que non existen políticas correctas que o inclúan sen participación social.

Valórase a innovación en materia patrimonial desde o coñecemento dos bens no seu contexto. Enténdese que debe ser investigado, transmitido, transferido e divulgado. A xestión desde as administracións públicas debe ser eficiente e transparente, con criterios de calidade e buscando a excelencia na xestión. Aparece a necesidade de xerar institucións capacitadas para xestionar as visións contemporáneas dos bens culturais intimamente vinculada coa participación social.

Os criterios que rexen a conservación dos bens culturais en Andalucía baseáronse, desde un primeiro momento, nunha metodoloxía que segue a cadea de valor e que se estrutura en tres pasos: diagnose e coñecemento en profundidade do ben, recuperación dos valores expresivos en clave proxectual e a súa transmisión e divulgación.

En relación coas paisaxes culturais, tómase como referencia o *Memorandum de Viena* (10 de maio 2006), que destaca que o patrimonio ten que ver coa calidade de vida e co desenvolvemento sostible. Debe haber, polo tanto, un equilibrio entre os valores inherentes aos bens e á sociedade na que están incorporados e expostos a procesos de transformación.

O Instituto Andaluz de Patrimonio Histórico (IAPH) xestiona o conxunto de bens culturais da comunidade andaluza mediante un sistema de información que estrutura e organiza os datos nas dúas escalas fundamentais: a dos bens culturais e a do territorio e as paisaxes. O sistema de información integra toda a documentación que se ten deles, que está xeorreferenciada nun gran proxecto de prevención que serve como recurso cultural, para desenvolver e incrementar o inventario de bens e para a súa difusión social.

Unha vez concibido todo o rexistro do patrimonio de Andalucía no sistema de información, desenvolvéronse especificamente todas as políticas correspondentes aos patrimonios especiais: o Rexistro da Arte Contemporánea, o Atlas do Patrimonio Inmaterial, a delimitación das Zonas de Interese do Patrimonio Subacuático, o Mapas das Paisaxes de Interese Cultural, o Patrimonio Industrial, etc.

Como exemplo de proxectos realizados no ámbito da paisaxe cultural, descríbese a Guía da paisaxe cultural da Ensenada de Bolonia (Cádiz), que no ano 2003 serviu como referencia, a escala local, para emprender con posterioridade, xa a escala rexional, o proxecto de caracterización patrimonial do Mapa de paisaxes culturais de Andalucía (2006-2008), que acadou un inventario de máis de 120 paisaxes culturais.

En materia de paisaxes históricas urbanas, salientase a necesidade de identificar os valores excepcionais universais que hai que protexer, tendo en conta que deben incrementar a calidade de vida da cidadanía unha vez que se interveña neles. A xestión destas intervencións nos conxuntos históricos débese realizar mediante procesos sostibles que integren as diferentes políticas implicadas nesa sostibilidade (sociais, de emprego, turísticas, culturais, de ordenación territorial, vivenda, de seguridade cidadá, eficiencia enerxética, medio, etc.).

En definitiva, o modelo de xestión do IAPH baséase na produción do coñecemento coa información recadada a través da documentación e das intervencións realizadas. Esta xestión non se pode levar a cabo sen unha política transparente e de excelencia institucional, tampouco pode ser desenvolvida se non é compartida con outros grupos ou centros de investigación que colaboren e complementen os coñecementos. Débense establecer mecanismos de acción consorciados que sexan operativos e que garantan a rigorosidade dos procesos.

Polo tanto, o modelo de xestión para as institucións que administran as demandas dos bens culturais e da sociedade debe estar baseado na xestión do coñece-

mento cunha visión integral e participativa. Ademais, debe ter capacidade para abordar a relación territorio versus patrimonio e intervir con suficiente experiencia técnica e científica que a sitúe no sistema de I+D+i desenvolvendo accións competitivas, cun claro obxectivo de divulgación e difusión e traballando cunha xestión e organización eficaz e transparente, con criterios de mellora permanente.

En relación coa Dirección Xeral de Belas Artes do Ministerio de Cultura, salientase a importancia de que existan órganos colexiados como o Consello Xeral de Patrimonio Histórico, que é fundamental para a toma de decisións e o bo funcionamento. Tamén é moi relevante o Instituto do patrimonio cultural de España (IPCE) como instrumento esencial na política facultativa do territorio, que é quen se encarga da elaboración e execución dos plans nacionais e da formación de técnicos, entre moitas outras funcións.

O Plan de Acción 2018-2020 naceu coa finalidade de ordenar, contextualizar e liderar un novo enfoque arredor da política de patrimonio, partindo do concepto de desenvolvemento sostible da súa xestión, da evolución do concepto, da demanda de transferencia de coñecemento da sociedade civil, da transformación dixital e da importancia de incorporar os novos patrimonios.

De entre todas as iniciativas da súa proposta sublíñanse: o reforzo das políticas culturais como políticas de investimento, o impulso para a coordinación da Dirección Xeral coas comunidades autónomas, as iniciativas de tutela de xestión de calidade dos bens e institucións culturais e o impulso cara ao coñecemento e á innovación das súas institucións e ferramentas de investigación, xestión e divulgación.

Todo isto concretouse nun amplo proxecto de remodelación do IPCE e, dentro del, nunha reconceptualización e redistribución dos plans nacionais coa finalidade de adecualos á realidade territorial nacional, converténdoo nunhas ferramentas de xestión acordadas coa realidade e necesidades do patrimonio cultural.

2. Síntese do debate

- Non hai un liderado claro para desenvolver as políticas territoriais de patrimonio por parte do Estado, que está moi centrado nas políticas de museos e arquivos. A administración e a política precisan persoas que dirixan ilusionadas e que sexan dinamizadoras do cambio.

- É preciso sentar as bases para unha política consensuada en materia de patrimonio cultural e débese insistir na clarificación dos destinatarios/as desas políticas e cara a onde deben dirixirse, tendo en conta o xiro antropológico na súa concepción e xestión.
- As políticas de patrimonio deben estar no centro da xestión institucional, non na periferia, ser o eixo sobre o que pivotan o resto. Deben poñer orde no control dos procesos que se levan a cabo desde outras políticas sectoriais (turismo, obras públicas, medio, urbanismo, vivenda, educación) e non á inversa, como está sucedendo. Polo tanto, é imprescindible coordinar estratexias concertadas entre todos os ámbitos para desenvolver accións preventivas interadministrativas. Destaca, neste sentido, o labor do Consello Xeral de Patrimonio Histórico da Dirección Xeral de Belas Artes como exemplo de boas prácticas para reproducir nas comunidades.
- Por outra banda, os bens precisan ser documentados para poder ser protexidos. A base para a protección xurídica dos bens a nivel nacional é o Servizo de Documentación do IPCE. Precísanse catálogos integrados e correctamente documentados para o rexistro e coñecemento dos bens culturais, tendo en conta as distintas escalas da catalogación.
- Os plans nacionais débense converter en instrumentos de consenso para poñelos a disposición das comunidades autónomas, para contar coa súa opinión e tamén para traballar en equipos que decidan de forma consorciada as liñas estratéxicas e actuacións nas que deben investir os fondos do Estado dedicados a cada plan nacional.

3. Conclusións da primeira xornada

- I-dotar de recursos económicos o patrimonio non é un gasto senón un investimento. Esta cuestión afianza o feito de que este, a través do turismo cultural, é a segunda industria do país.
- A súa transversalidade, a importancia como recurso, as directrices estatais e internacionais sobre o seu papel na cultura sostible ou a existencia dos plans nacionais que deben materializarse nas autonomías obrigan a incrementar a dotación de recursos materiais e humanos nas administracións públicas, para poder traballar co rigor e a intensidade

que require hoxe a complexidade da xestión patrimonial.

- Houbo un cambio do concepto de tutela de patrimonio ao de políticas culturais, que implica a realización dunha boa política patrimonial que leve aparellada unha xestión eficiente e transparente, de excelencia institucional na xestión.
- A sostibilidade do Patrimonio implica a necesidade imperiosa de harmonizar as políticas patrimoniais con outras políticas sectoriais (vivenda, turismo, medio ambiente, ordenación do territorio, educación, políticas sociais).
- Isto é imposible sen a cooperación das administracións nos seus diferentes estratos e niveis (autonómica, provincial, local), alén da vinculación con outras entidades de investigación, académicas e sociais.
- Existe a necesidade de repensar os instrumentos que xa existen desde a evolución do concepto de patrimonio e da nova gobernanza participativa e dotalos con persoal novo para afrontar estes cambios.
- Debe facerse fincapé na importancia de contemplar a xestión do patrimonio cultural desde a escala territorial e a paisaxística, da ordenación do territorio.
- Destácase a importancia de establecer órganos de xestión patrimonial interadministrativos.
- Hai que poñer o Patrimonio no centro das políticas de xestión e sostibilidade, tomando conciencia de que o Patrimonio é transversal a todas as políticas da administración
- Esta centralidade do Patrimonio nas políticas de xestión axudaría á resolución de conflitos territoriais, como os xerados en relación coas industrias forestais, enerxéticas e mineiras que inciden no patrimonio e na paisaxe cultural.
- É necesario poñer de relevancia as políticas preventivas e xerar foros de debate na nosa comunidade para que a xestión dos plans nacionais sexa transferida ás administracións (autonómica, provinciais e locais), ou ben se desenvolvan como plans autonómicos.
- É preciso promover un amplo debate sobre o modelo de xestión de patrimonio que Galicia demanda, no que o foro pode servir como motor deste proceso desde o Consello da Cultura Galega.

Día 2: Mesa 1. Patrimonio, políticas públicas e normativa legal

Data: martes, 20 de abril de 2021

Coordinación: Teresa Nieto e Cristina
Sánchez-Carretero

Duración: 4 horas

1. Conferencia: *O patrimonio agrario, a construción cultural do territorio a través da actividade agraria*

O proxecto que nos achega José Castillo Ruiz é o resultado dun enorme traballo que xorde como compromiso persoal na defensa dun territorio singular. Este comezou coa implicación de moita xente de diferentes disciplinas, xunto con diversos colectivos sociais que estaban mobilizados na protección dunha zona rural en perigo, a Vega de Granada.

Desde un primeiro momento, as persoas implicadas preguntáronse que podían facer como cidadanía comprometida coa súa contorna, desde a súa experiencia e desde o seu traballo na universidade, e aí naceu un proxecto de investigación.

Este parte de que a agricultura é unha achega fundamental á civilización e, como tal, merece a consideración e recoñecemento como cultura. Polo tanto, procede integrala como patrimonio agrario para estudala e xestionala, como o resto de bens que son de interese e é preciso salvagardar.

A maioría dos desconvidos que existen para a valoración deste tipo de patrimonio é a desconsideración xeneralizada cara ao rural derivado dos prexuízos, infravaloración e descoñecemento do medio e das persoas.

O recoñecemento do patrimonio agrario é unha conquista para a sociedade, para a cidadanía. Os valores que integra este patrimonio teñen que ver, en xeral, co coidado da vida, coa importancia do desenvolvemento dun traballo fundamental para o sustento e coa representatividade das cuestións esenciais que soportan o propio concepto de patrimonio e o feito cultural.

Aínda que a agricultura, gandería, silvicultura, etc. non se consideran actividades culturais, senón que se entenden dende un punto de vista economicista de produción de bens de consumo e materias primas, non cabe dúbida de que todo o relacionado coa tradición agraria é cultura. Pero o concepto de patrimonio agrario aínda non aparece recollido nas normas patrimoniais; estase conformando desde o ámbito académico e é a primeira construción científica a realizada nese proxecto¹, formalizado na publicación da *Carta de Baeza sobre patrimonio agrario*², que se pretende converter nun documento de carácter internacional avalado pola UNESCO e que permite a súa aplicación en calquera país, de aí a súa estrutura e composición.

Saliéntanse os traballos, estudos e discusións previos á elaboración da Carta de Baeza pola súa amplitude e abordaxe desde diferentes disciplinas. A Carta de Baeza define as claves para caracterizar o patrimonio agrario e supón un grande avance para o establecemento dun corpus teórico que xustifique e avale o recoñecemento desde tipo de patrimonio.

O recoñecemento do patrimonio agrario é moi urxente porque a súa consideración contribuiría a evitar a que desapareza ou aos fortes agravios que se lle infrinxen por unha carencia de xestión integrada (patrimonial e de ordenación territorial) que o considere debidamente. Ten sentido que se considere e incorpore ás lexislacións, do mesmo xeito que se fixo co patrimonio arqueolóxico, industrial ou co etnolóxico.

O patrimonio cultural, en canto sistema de tutela, xa dispón dos conceptos e instrumentos para recoñecer os bens agrícolas, gandeiros e silvícolas como partes del e para establecer mecanismos de tutela para eles que cómpre desenvolver.

Son moitos os bens que forman parte do patrimonio agrario que están inventariados ou recoñecidos noutros tipos (hidráulico, etnolóxico, arquitectónico, etc.). Estes perden parte do seu significado ao estar descontextualizados e moitos deles convértense en teatrillos ou elementos musealizados que non teñen sentido sen relacionalos coa súa función. Son representacións da cultura afastadas da realidade agraria, o que leva a que sexa descoidado e destruído.

O patrimonio agrario defínese como o conxunto de bens naturais e culturais, materiais e inmateriais, xerados ou aproveitados pola actividade deste sector ao

.....
1. Proxecto Pago, Proxecto de investigación I+D+i del MICCIN (HAR2010-15809). Este proxecto tiña como un dos seus obxectivos fundamentais lexitimar o movemento cidadán a través da fundamentación científica e do coñecemento.
.....

2. Descarga gratuíta no repositorio institucional da Universidade de Granada: <http://digibug.ugr.es/handle/10481/36377#WE0-h7LhCUK>

longo da historia. Isto inclúe todo o relacionado co legado intanxible –os saberes– e coa riqueza natural e biolóxica, que non se pode separar da propia acción sobre o territorio e que non se vincula nin se xestiona desde este ámbito.

O patrimonio agrario debe entenderse desde unha dimensión histórica e/ou tradicional, non desde unha visión contemporánea do agrario, porque a historia non se xulga e a agricultura é unha actividade viva e actual. Porén, aqueles bens ou prácticas que non sexan concordantes cos valores e principios éticos do presente, non deben recoñecerse como patrimonio na actualidade.

A práctica agraria que hai que preservar é aquela fundada nas prácticas tradicionais de manexo sostibles que son ameazadas pola agricultura intensiva, a industrializada e as explotacións enerxéticas dos recursos naturais. Existen prácticas históricas tradicionais que xa contemplaban os valores que agora se retoman coa agricultura ecolóxica, aínda que se debe diferenciar o patrimonio agrario doutras actividades emerxentes coas que o relacionan (agroecoloxía, hortas urbanas, hortas con nome, etc.).

Este legado incorpora aqueles valores máis transcendentales que teñen que ver con aqueles máis elevados da agricultura, como son a alimentación, a seguridade e soberanía alimentaria, a relación harmónica co territorio, a contribución á diversidade biolóxica, o recoñecemento e o respecto polo traballo das mulleres, etc. Neste sentido, as políticas de protección deben manter esta actividade protexendo o territorio no seu conxunto, xa que tamén se mantén co seu funcionamento (equilibrio e sostibilidade).

A protección dos bens culturais agrarios débese facer desde o ámbito do patrimonio cultural, xa que forma parte indiscutible del. Así pois, non se deben utilizar mecanismos excepcionais de protección como leis específicas ou abordaxes desde outros ámbitos nos que poida ter cabida e que xa existen como os instrumentos de carácter territorial nas normas aprobadas. Outra cousa é valorar como se delimita ese territorio e cales son as prácticas que hai que protexer.

O patrimonio agrario non sempre se pode soste cos recursos que se obteñen da súa produción, polo que ademais da súa tutela hai que garantir que non se perda, empregando para iso un sistema de xestión axeitado.

Por último, para acadar isto é preciso actuar na concienciación social de forma axeitada, mediante a formación profesional e a educación en todos os niveis e sectores.

2. Síntese do debate

- Débeselle trasladar a importancia do patrimonio agrario á xente maior que o preservou e que o mantén. É importante valorar a súa autoridade e os seus saberes, incorporándoos á nosa actividade de recoñecemento desde a empatía e a igualdade.
- A protección das paisaxes culturais debe estar vinculada á recuperación das actividades que os crearon, entendendo as motivacións da protección e perseguindo afianzar poboación que siga mantendo o territorio. Polo tanto, as declaracións de protección deben ter en conta os usos que se fan deste e como se manifestan, ademais de considerar que ás veces a actividade agraria transcende a materialidade concreta da unidade que se protexe.
- Os elementos constitutivos do territorio deben estar amplamente representados e recollidos na protección, aínda que están determinados pola actividade que os creou e mantivo. É necesario incorporar a actividade histórica asociada aos saberes nas normativas, introducindo cambios ou contemplando a súa evolución sen perverter a súa autenticidade.
- É fundamental facer unha catalogación ampla e extensa cunha dimensión territorial e cunhas directrices establecidas desde o ámbito patrimonial que determinen e controlen o resto dos espazos sectoriais (medio, ordenación do territorio, urbanismo, etc.).
- É imprescindible formar os técnicos dos concellos. Estas entidades deben contar con profesionais que coñezan en profundidade o territorio no que traballan.
- É necesario implicar a sociedade e trasladarlle os valores patrimoniais, ademais de fomentar e afianzar o establecemento da poboación local nos lugares a través da continuidade das actividades agrarias. Por outra parte, débese reflexionar sobre a excesiva dependencia da participación social á que se expoñen os bens patrimoniais e a súa xestión, xa que algunhas políticas desenvólvense baixo unha retórica de colaboración que é moi cuestionable. Tamén existen territorios e lugares que teñen valores obxectivos para a súa protección e as

administracións deben actuar, con rigor e transparencia, aínda que non exista un consenso social.

- É preciso facer unha reflexión crítica sobre a xestión das denominacións de orixe que promoven monocultivos e invisibilizan a diversidade que se atopa nos espazos agrarios tradicionais.
- Os documentos da mesa 1 do foro xa contemplan como debe ser a tutela dos bens culturais. Seguidamente é preciso desenvolver os fundamentos desa tutela coa adecuación das administracións públicas á realidade patrimonial, incorporando novas dimensións e desenvolvendo as ferramentas precisas.
- O sistema de tutela, aínda que é válido, estase descapitalizando a nivel de recursos e descualificando, coa escusa de consideralo insostible. Deste xeito, estase provocando unha deriva das intervencións que, a súa vez, implica unha deslexitimación social das administracións e a banalización do patrimonio cultural, salvo como recurso turístico.
- Estase impoñendo, desde unha visión capitalista, que este só xera recursos mediante o turismo e que non é, nin funciona, como un elemento sostible no territorio. Esta visión leva á perda da herdanza cultural e das paisaxes pola degradación dos territorios.
- É importante comprender que da súa consideración como ben de carácter colectivo derivan uns dereitos e deberes para os propietarios e para a comunidade. Polo tanto, é lexítimo que as inversións das administracións revertan sobre os axentes, persoas ou comunidades que manteñen as actividades e os territorios.
- Destácase a importancia do Consello da Cultura Galega como institución relevante na defensa dos valores esenciais do patrimonio cultural para o pobo galego.

3. Conclusións da segunda xornada

- Refórzase a idea de incorporar as persoas no centro da xestión do patrimonio cultural, alén de poñelo no centro.
- Hai que destacar a importancia do patrimonio agrario (gandeiro, silvícola, agrícola, etc.) como aglutinador de actividades, elementos e saberes do territorio e no territorio, tendo en conta e atendendo as persoas que o habitan,

xa que son imprescindibles para o coidado e sostibilidade da xestión do PC.

- Existe a necesidade de incorporar este tipo de patrimonio aos diferentes tipos de patrimonios existentes pola súa coherencia co territorio e a súa virtualidade como integrador dos elementos patrimoniais no mesmo.
- Realizar o recoñecemento patrimonial desde o agrario supón afianzar a poboación local no territorio a través da continuidade das actividades agrarias co recoñecemento das prácticas tradicionais.
- Por outra banda, cuestiónase se estamos sometendo a xestión do patrimonio a unha vinculación excesiva da participación cidadá. Nalgúns casos pode ser necesario conciliar valores contraditorios e equilibrar esa participación.
- Entender o patrimonio como ben de carácter colectivo supón entender os dereitos e deberes dos propietarios e da comunidade depositaria e corresponsable, o que ten implicacións que hai que resolver no dereito público e privado.
- A riqueza que se xera a través do patrimonio ten que revertir no seu territorio e retornar aos seus propietarios ou ás persoas que o manteñen e salvagardan.
- Reitérase a necesidade de poñelo no centro das normativas para que non se invisibilice e salientase a característica da transversalidade, que implica que debe estar presente en todos os ordenamentos, pero permanecendo no centro e desde o seu propio ámbito.
- A tutela dos bens existe, precísase desenvolver a normativa actual, que aínda está sen facer. Cómpre dotala de instrumentos e ferramentas que lle dean sentido e a concreten.
- Por outra banda, é preciso identificar e revisar todas as normas que se están aprobando e que dalgunha forma adelgazan e deixan sen contido a lexislación en materia de patrimonio tanto polo contido desas normas como porque, como xa se dixo, están sen desenvolver as ferramentas precisas que necesitan os bens e a propia xestión.
- É urxente e imprescindible incrementar os recursos para a xestión do patrimonio cultural: materiais, humanos, de formación, etc.
- Cómpre atender á territorialidade na xestión deste legado, non soamente no relativo ao patrimonio agrario, senón de forma xeral.

- É fundamental para a protección e xestión realizar unha catalogación completa, ampla e rigorosa dos bens existentes, dada a súa cantidade e complexidade.

Día 3: Mesa 3. Patrimonio, educación, formación e cidadanía

Data: mércores, 21 de abril de 2021

Coordinación: Rebeca Blanco-Rotea e Juan M. Montero Montero

Duración: 4 horas

1. Conferencia: *A dimensión educativa como vector estratéxico na xestión do patrimonio cultural.*

O acceso á cultura e ao patrimonio é un dereito que xa aparece na Declaración dos dereitos humanos (1948). Olaia Fontal Merillas fai un repaso das grandes normas e recomendacións internacionais que estipulan o acceso a el como un dereito fundamental.

O concepto foise modificando a través do tempo, tanto a nivel social como lexislativo. Pártese da consideración de obxecto para chegar ao concepto de vínculo na actualidade.

Isto implica mergullarse na súa esencia porque é entendelo como identidade individual ou colectiva. Xa que logo, a identidade consiste en establecer as relacións das persoas cos elementos patrimoniais e traballar cos valores e coa súa relación cos vínculos está na idea de comunidades patrimoniais.

O tránsito na concepción do patrimonio como vínculo sintetízase neste proceso:

- Os bens teñen un valor que se lle atribúe ao longo do tempo.
- As persoas e os bens identifícanse cuns valores patrimoniais.
- As persoas establecen relacións cos bens aos que lles concede un valor.
- O valor que se lle outorga ao ben patrimonial é o impulso que xera ao vínculo.

O que se fai desde diferentes investigacións educativas patrimoniais é analizar eses valores, alén de entender a forma de relacionarse que teñen as persoas cos obxectos patrimoniais mediante eses vínculos.

Esta forma de entender o patrimonio, comprende os bens culturais como unha realidade cambiante, viva,

dinámica segundo os vínculos que as persoas establezan con eles. O impulso que xera ese vínculo son os valores que se lle outorgan a ese ben. Soamente as persoas proxectan valores e o seu proceso de atribución é complexo.

Desde o punto de vista educativo é moi importante a forma de definir o patrimonio porque segundo sexa identificado como obxecto, texto, contexto ou símbolo utilizarase un modelo educativo diferente. Polo tanto, con esta concepción como vencello, pásase dun modelo baseado na transferencia de información a un de educación patrimonial que é transmisivo, interpretativo, comunicativo, simbólico, identitario, comunicativo, etc. A comprensión é clave para entender os motivos que lle outorgan valor a un elemento patrimonial.

O proceso educativo pódese sintetizar do seguinte xeito: é imprescindible xerar experiencias de disfrute que provoquen inercias que leven á sensibilización para conseguir a concienciación.

Unha persoa está sensibilizada cun ben cando reconece o seu valor e, unha vez que se reconece isto, comeza a coidarse. Polo tanto, é preciso demostrar que valores teñen os bens culturais, que estes sexan asumidos pola colectividade, para que as persoas establezan ese vínculo e, de seguido, apareza a preservación.

Desde o punto de vista educativo pódense medir as sensibilizacións avaliando as condutas.

Para coñecer o patrimonio é preciso transmitir uns saberes a través dunhas vías de acción e uns procedementos de mediación (educativos). E todo isto tradúcese nunhas aprendizaxes que poden ser medidas.

O coñecemento e a comprensión son fundamentais para responder os porqués dos intereses, para obter os motivos de valor. Pero estes poden variar; poden ser instrumentais, económicos, formais, históricos, relacionais, sociais, simbólicos, etc.

É importante salientar que na nova Lei de educación que se está xestando, estanse definindo os contidos curriculares incorporando o patrimonio con moito peso. Para harmonizar os procesos educativos, a lexislación deste ámbito e tamén a patrimonial deben ser concordantes.

As investigacións realizadas en avaliación de programas de educación patrimonial nos últimos anos proporcionan datos moi importantes. É fundamental poder investigar e afondar no coñecemento das actividades que se desenvolven, moi diversas e de diferentes tipos en todo o territorio nacional.

Cabe dicir que o Plan nacional de educación patrimonial promoveuno por María Domingo desde o IPCE do Ministerio e elaborouse de 2011 a 2013. Este plan incorporou a creación do Observatorio de Educación patrimonial, que realiza unha análise anual das actividades de educación patrimonial en España.

O Plan nacional de educación patrimonial parte duns principios metodolóxicos claros, defínese cuns obxectivos moi concretos e desenvolve tres grandes programas que se articulan en distintas liñas de actuación.

Os programas comprenden:

- A Investigación en educación patrimonial e innovación na didáctica do patrimonio.
- A formación de educadores, xestores e outros axentes culturais e investigadores en educación patrimonial.
- A difusión da educación patrimonial en distintos soportes e niveis, que xera moitos materiais que están a disposición pública.

Con posterioridade desenvólvese o Plan autonómico de educación patrimonial da Comunidade de Madrid cunha enorme diversidade de accións, publicacións, etc., poñendo de relevancia unha vez máis a importancia dos liderados persoais e colectivos dentro das administracións públicas.

Por outra banda, salientase que en España hai, polo menos, seis grupos que están traballando en todo o relativo á educación patrimonial desde as universidades e un dos máis relevantes está na USC. Con todo, só un 2% dos plans de estudos das universidades españolas (públicas e privadas) integran contidos didácticos disciplinares en patrimonio nas escolas ou nas facultades de formación do profesorado.

Máis aló diso, están a formación de profesionais doutros sectores ou as experiencias de ensino-aprendizaxe que desde os ámbitos non formais e informais da educación poidan desenvolverse, destinadas aos distintos sectores da poboación.

Todos estes ámbitos, e outros, son recollidos nos Plans de educación patrimonial autonómicos que tamén integran todo o que ten que ver coa xestión do patrimonio e a educación.

2. Síntese do debate

- A motivación das persoas, que é o que promove o establecemento do vínculo cos elementos patrimoniais, é transversal e non se con-

segue soamente coa transmisión de contidos. Vén dada, polo xeral, a través da experiencia persoal. O interese decídeo a persoa segundo o valor que lle outorga ao ben.

- Para que se produza o cambio cara á sensibilización, fai falla tomar conciencia do aprendido e, para iso, precísase avaliar o feito educativo. Non é a mesma conciencia do aprendido a que teñen as persoas en xeral, que a que ten o/a especialista en educación patrimonial coa observación e medición externa a través da avaliación. As lecturas son moi diferentes e ambas de interese para a educación patrimonial.
- O estudo das aprendizaxes sobre as prácticas que promoven a sensibilidade e concienciación sobre o patrimonial é de suma importancia cara á reprodución de conductas e boas prácticas, a medio e longo prazo.
- A formación de mestres/as no ensino superior é fundamental para mudar as consciencias sociais de cara a vindeiras xeracións. O profesorado concienciado traballará integrando eses valores patrimoniais de forma transversal na súa práctica profesional.
- A rendibilidade social, cultural e identitaria da educación patrimonial vén dada polo feito de que unha sociedade formada obterá beneficios a nivel de coñecemento, salvagarda e conciencia crítica sobre as actuacións dos distintos axentes en relación co patrimonio. E todo isto pódese medir coa identificación dos indicadores no comportamento.
- A nivel cultural e identitario, a educación patrimonial contribúe a eliminar os usos dos elementos patrimoniais con intereses simbólicos orientados nunha determinada dirección, evitando as manipulacións, mentres que amplía o espectro dos referentes e valores que axudan a definir as identidades complexas das persoas. Estas son as que implican unha disposición para o cambio, para incorporar novos intereses, ideas, colectivos cos que atopar vínculos que favorezan o crecemento e autoconecemento, por exemplo.
- Saliéntase a importancia de entender o patrimonio como algo complexo con moitas dimensións (material, inmaterial, espiritual) para poder abordalas de xeito independente desde a acción educativa.
- A idea de comunidades patrimoniais integra na súa esencia todo o relativo á inclusión-ex-

clusión en relación co patrimonial. Enténdese que a motivación para a participación nestas comunidades (inclusión propia) ten que xurdir desde a persoa ou colectivos que están, son ou se consideran, excluídos das actividades educativas que se organizan desde un ámbito formal ou non formal. A comunidade patrimonial é ilimitada e na súa propia natureza está a transformación permanente. A dimensión educativa é un vector clave na xestión do patrimonio cultural. Falar da educación a través do patrimonio, tomando este como elemento indispensable para a socialización é innovador na actualidade. E, ao mesmo tempo, para a xestión do patrimonio a educación é esencial en todos os seus ámbitos, xa que a súa conservación precisa en primeiro lugar da concienciación social.

- Saliéntase que o propio documento do foro constitúe xa a xustificación da necesidade dun Plan autonómico de educación patrimonial, pola súa envergadura e procedemento na elaboración. O seguinte paso debería ser crear unha estrutura operativa para comezar a traballar no nel desde o órgano instructor competente.
- Recoméndase a creación do Observatorio de Educación patrimonial en Galicia que incorpore a distintos axentes do tecido profesional que deben estar presentes nel, xa que conecta o patrimonio coa sociedade. Debe incorporar unha importante función consultiva e de seguimento, alén dos estudos e avaliacións específicas, indo máis aló das funcións que cumpre hoxe en día o observatorio nacional, que carece destas competencias. Tamén debe realizarse unha sistematización das actividades que se executan e coñecer como se realizan esas experiencias en profundidade, para o que precisan recursos para o seu funcionamento.
- Sublíñase a importancia de recoñecer as actividades de educación patrimonial que se están desenvolvendo desde os centros de ensino en Galicia, que son múltiples e variadas, pola súa invisibilidade e pola importancia da elaboración voluntaria por parte do profesorado con exceso de traballo sobre o que xa se ten de xeito ordinario. Parece que hai certos prexuízos ao respecto e isto leva aparelado un desprestixio do ensino público que pode reproducir modelos políticos de invisibilización ou que manipulen a realidade.
- A educación patrimonial cambia o foco de atención da xestión e o estudo patrimonial, saíndo da centralidade dos obxectos para achegalos ás persoas. É, polo tanto, a peza fundamental para que se produza o cambio de enfoque cara ao futuro nas políticas e na xestión do patrimonio cultural.

3. Conclusións da terceira xornada

- A educación é a engrenaxe fundamental para que a cadea de valor do patrimonio teña sentido. Permite que a cadea de valor funcione, que se chegue desde o coñecemento dos bens patrimoniais á integración da participación cidadá na súa xestión, a través do establecemento do vínculo cos valores do legado.
- É fundamental recoñecer o valor das asociacións e colectivos que sempre están na primeira liña de defensa do patrimonio cultural.
- Existen en Galicia multitude de experiencias e proxectos de educación patrimonial dos que é importante facer un seguimento para que sexan visibilizados o suficiente. Así pois, é importante promover a creación do Observatorio de Educación patrimonial de Galicia.
- A sociedade debe converterse en axente activo no coidado, salvagarda, interpretación e mesmo na xestión dos bens patrimoniais.
- É necesaria a integración da educación de adultos para que a sociedade entenda e valore o seu patrimonio.
- É fundamental crear un censo público de asociacións, organizacións e institucións que traballen en educación patrimonial.
- Débese valorar o traballo en rede como un método probado para a consecución de obxectivos e metas comúns entre todas as disciplinas, potenciando a inter e transdisciplinariedade e o traballo en equipo en todos os procesos.
- É preciso inventariar os proxectos, planes e experiencias de educación patrimonial que se producen en Galicia.
- É necesario integrar a educación patrimonial nos diferentes ámbitos e niveis de formación para os profesionais da xestión e das administracións (locais, provinciais, autonómicas). A educación patrimonial débese entender como a aprendizaxe ao longo da vida, traballando deste xeito na socialización do pa-

trrimonio nos distintos ámbitos educativos (formal, non formal e informal).

- Hoxe en día, en Galicia estamos na vangarda da educación e da socialización do patrimonio. De feito, saliéntase como o traballo realizado no foro, xunto co documento final, sentan as bases para desenvolver un Plan de autonómico educación patrimonial 2.0.

Sesións de tarde

As sesións de tarde das xornadas do Foro Patrimonio e Sociedade deseñáronse como un espazo de traballo conxunto para cada mesa, onde se revisaron durante 2 horas cada día os contidos das fichas do documento da Guía Práctica, co fin de incorporar as modificacións oportunas previamente traballadas polos membros das respectivas mesas e segundo a dinámica definida para cada unha delas por parte da coordinación. A tarefa comezou despois da presentación das conclusións do tratado pola mañá por parte da que subscribe e tivéronse en consideración as suxestións de cada especialista convidado/a.

De forma xeral, as sesións das tardes mudaron en relación ao previsto inicialmente e convertéronse en debates moi produtivos sobre os contidos traballados en cada mesa e pola mañá (conferencia e conclusións). Tamén se tiveron en conta as valoracións e suxestións concretas respecto dos contidos do documento e dos comentarios pertinentes ao debate que fixeron as persoas especialistas alleas.

Alén diso, expuxéronse de forma conxunta as propostas de mellora para cada ficha do texto e, aínda que non se executaron directamente as modificacións nestas sesións, si que quedaron aprobadas e acordouse o xeito de incorporalas.

Estas correccións aos textos confeccionados por cada mesa de traballo non se recollen nas síntese seguinte salvo no que se refire a acordos ou cuestións de relevancia.

Día 1: Mesa 2. Xestión patrimonial: conservación, protección e promoción-difusión do patrimonio cultural

Participantes (14 persoas): Román Fernández-Baca, Iago Seara, Carlos Nárdiz, Teresa Nieto, Cristina Sánchez-Carretero, Rebeca Blanco-Rotea, Rosa Benavi-

des, Begoña Fernández, Felipe Criado, Ceferino Castro, Manuel M. Chaín, Luisa Serrano, Beatriz González e M^a del Mar Bóveda

Duración: 2,5 horas

Síntese de contidos

- Existe unha carencia de avaliación das políticas patrimoniais orientadas cara a unha valoración cualitativa. As que hai, relacionadas coa ordenación do territorio, céntranse en indicadores cuantitativos en relación ao número de bens catalogados, autorizacións concedidas, informes realizados, etc.
- Precísase a incorporación de máis recursos humanos á administración do patrimonio, pero cunha formación e capacitación específica, cuns criterios e orientacións claras. Tamén é necesario desenvolver os instrumentos e ferramentas que a lei contempla e que aínda non se desenvolveron, o que solucionaría as eivas na xestión.
- É importante retomar a figura dos plans directores para unha xestión eficaz e de calidade nas intervencións. Débese reforzar o papel dos plans municipais e provinciais das deputacións para que sexan ferramentas de xestión operativas. Por outra banda, é preciso fortalecer tamén a presenza dos plans nacionais na comunidade autónoma, posiblemente a través da adaptación á nova normativa ou coa creación de plans autonómicos baseados nos nacionais.
- É necesario ampliar o coñecemento do patrimonio e a concienciación da sociedade sobre o patrimonio e a súa xestión.
- É necesario establecer criterios claros que xurdan da reflexión e se atean á Lei do patrimonio cultural de Galicia, sen que mude cada pouco coa aprobación de novas normas sectoriais. Eses criterios poderían ser os propostos nos plans nacionais.
- A xestión por parte da administración non debería concentrarse só en autorizar, senón en investigar, propoñendo e avanzando novos patrimonios, facendo fincapé nas políticas preventivas.
- En Galicia xa existe un sistema con unha base topográfica (MapaXunta) que rexistra 62.000 fichas onde están incorporados os catálogos municipais, mais debe ser mellorado para corrixir os erros e imprecisións que presenta. Así mesmo, é necesario rexistrar todos os ele-

mentos patrimoniais que non están catalogados en Galicia, empezando polos que son BIC (hórreos, cruceiros, castelos, etc.).

- Sería interesante trasladar a metodoloxía de traballo utilizada para a elaboración dos plans nacionais nas confeccións dun plan autonómico e/ou sectorial para Galicia. Neste caso, o importante é o modelo de traballo.
- Desde a DXPC creouse un órgano interadministrativo no que están representados todos os departamentos con competencias sectoriais para a xestión da paisaxe cultural da Ribeira Sacra e onde tamén están representados os concellos, parroquias, denominacións de orixe, etc., que podería converterse nun ensaio para outras paisaxes e entidades complexas dende a transversalidade.
- Nos materiais elaborados para o documento específico da Mesa 2, bótase en falta unha referencia máis clara ás arquitecturas tradicionais na paisaxe, xa que o territorio galego está moi antropizado e aparecen pouco representadas no documento en relación ás paisaxes culturais.
- O patrimonio é un recurso de identidade, de cohesión e tamén económico, mais é preocupante que os conxuntos históricos só sexan entendidos como recurso económico en relación co turismo ou con actividades de ocio e que se convertan en lugares despoboados nos que as comunidades non se ven identificadas.
- É importante a implicación da sociedade na rexeneración do tecido social e económico que sustentaba a actividade destes conxuntos históricos e a estabilidade de usos para a súa revitalización. Así pois, é imprescindible facer visibles as persoas e poñelas no centro das políticas de patrimonio, incorporando a este o concepto do coidado e retomando a idea de que a sociedade coñeza, asuma e protexa os valores que representan os elementos patrimoniais.
- Cómpre poñer o foco no interese da dimensión intanxible/inmaterial do patrimonio e volver a mirada cara a estas tipoloxías.
- Bótase en falta a carencia ao longo do documento do concepto patrimonio como memoria.
- Fai falta reflexionar sobre o fundamento e a visión do concepto de paisaxe cultural que se recolle nas fichas do documento.
- Cómpre focalizar na escala territorial da xes-

tión, aspecto moi necesario na propia xestión. Considérase que está ligada en Galicia coa carencia dunha cultura respecto da ordenación do territorio. O patrimonio non sabe de límites territoriais nin administrativos.

- O tipo de administración que queremos debería ter os seguintes ingredientes: ser ortodoxa, de altísima calidade na tutela, priorizar e harmonizar con outras políticas que lle afectan, manter un diálogo arredor da sostibilidade do patrimonio e o papel da cidadanía.

Día 2: Mesa 1. Patrimonio, políticas públicas e normativa legal

Participantes (9 persoas): José Castillo, Teresa Nieto, Cristina Sánchez-Carretero, Rebeca Blanco-Rotea, M^a Luisa Chas, Carlos Amoedo, Lucía Santiago, Fran Quiroga e M^a del Mar Bóveda

Duración: 2 horas

Síntese de contidos

- Existe unha idea de regresión na xestión do patrimonio cultural, é dicir, a aceleración de procesos de degradación, que en moitos casos son irreversibles, nun momento de carecía económica. Cuestiónase o sistema de tutela que provoca un proceso de deslexitimación e regresión nos recursos e competencias.
- A tutela é un sistema válido e validado que cómpre manter e que é necesario desenvolver, aínda que necesita máis recursos e que a inversión sexa destinada realmente ao patrimonio cultural.
- É necesario que a catalogación sexa ampla e extensa, fundamental para protexelo diante das actuacións sectoriais, polo que é preciso empregar criterios cualitativos, e non só cuantitativos na avaliación de instrumentos como o catálogo. Tamén é necesario cambiar a maneira de mirar o territorio, xa que existe un problema de base na ordenación territorial sobre o que cómpre reflexionar e que debe ser construído moderadamente.
- Aproveitar os recursos económicos que poidan recibirse de Europa no momento pospandemia para incrementar o investimento neste sector cunha visión estratéxica e sostible.

- É fundamental socializar que é o patrimonio cultural e introducilo no ensino regrado e non regrado.
- As normas delimitan os espazos para a xestión e a participación social. Para integrar a cidadanía na corresponsabilidade e exista cogobernanza na xestión do patrimonio cultural, precísase xerar un espazo onde se poida facer o seguimento por parte da cidadanía.
- Os cambios legislativos que se están realizando en Galicia son emendas das políticas patrimoniais que mudan en moitos ámbitos os conceptos sobre os que se asentaba a protección patrimonial, incluso aqueles que se sitúan no marco da normativa e dos criterios internacionais.
- Débese considerar a función social da propiedade e da tutela. As limitacións derivadas da tutela son igual de léxítimas que outras restricións ao dereito de propiedade en interese público.
- É necesario estudar que resposta se lle da á cidadanía cando fai unha denuncia, demanda información, etc. para explorar distintas posibilidades de cogobernanza e coxestión. É preciso investigalo para ter datos fiables.
- A lexitimidade social é a que sustenta o concepto de patrimonio, o ben común. É necesario xerar complicidade social, tecer redes para a participación. Saliéntase o traballo da Rede de Patrimonio, integrada por moitas asociacións, que están suplindo baleiros importantes neste sentido.
- É preciso, polo tanto, definir os mecanismos de participación mutuos entre a administración e a sociedade organizada. Chámase a atención sobre o papel que lle corresponde ao Consello da Cultura Galega como principal e estatutario órgano asesor de Galicia e salientase a necesidade de recuperar o sentido crítico.
- Proponse a creación dun Servizo de Difusión e Participación Social que se integre nas propias administracións, do mesmo xeito que o Servizo de Protección e Catalogación para evitar que se dilúan a súas competencias e para que a comunicación entre os dous servizos sexa áxil e o traballo operativo.
- A súa creación solucionaría todas as cuestións

derivadas da obrigatoria transparencia dos poderes públicos, a avaliación das actuacións e da rastrexabilidade procedemental.

Día 3: Mesa 3. Patrimonio, educación, formación e cidadanía

Participantes (14 persoas): Olaia Fontal, Rebeca Blanco-Rotea, Juan M. Monterroso, Teresa Nieto, Cristina Sánchez-Carretero, Beatriz Comendador, Paz Varela, Belén Hernández, Mercedes Vázquez, David Barreiro, Soledad Felloza, Isabel Cobas, Beatriz Prieto e M^a del Mar Bóveda.

Duración: 3 horas

Síntese de contidos

- A idea do patrimonio como eixe fundamental para a educación. Defínese como un vector fundamental das propostas da Mesa 3.
- Para que a participación sexa tal, a cidadanía debe estar formada e informada e na actualidade estase producindo unha campaña de desinformación xeneralizada nun contexto de retroceso en relación ás políticas patrimoniais.
- Incídese na importancia da educación de adultos e da formal para a valoración do patrimonio e a participación social. A chave do cambio está na xeración dunha nova sensibilidade.
- Constátase o cambio que se está a producir na cidadanía tendo en conta os requirimentos e demandas que a sociedade civil organizada (asociacións e grupos de asociacións) achegou ao Consello da Cultura Galega e a Valedora do Pobo, que motivaron, en gran medida, a realización do foro.
- Precísanse programas específicos de formación orientada á clase política e para o persoal técnico das distintas administracións.
- É importante recoñecer as actividades de formación continua que se desenvolven desde o tecido asociativo desde hai arredor de 15 anos.
- A incorporación da idea da educación ao logo da vida é fundamental, pois a maioría das aprendizaxes prodúcense no contexto informal do eido educativo.
- O documento do foro pode ser a base para a redacción do Plan Galego de Educación pa-

trimonial. Enténdese que os eixes temáticos definidos pola Mesa 3 constitúen os criterios metodolóxicos de partida, tendo como antecedentes os plans que xa están redactados a nivel nacional e rexional na Comunidade autónoma de Madrid. O seguinte paso sería a constitución dunha comisión para a redacción do plan galego, que as propostas sexan aprobadas e que se dote de orzamento para a elaboración.

- Valóranse os programas de educación patrimonial que se desenvolven desde a administración, pero bótase en falta un proxecto integrado e de futuro.
- A elaboración dun Plan autonómico de educación patrimonial é fundamental para poder avanzar neste sentido, de xeito que a Dirección Xeral de Patrimonio poida contar cun proxecto que sexa transversal a todas as cuestións coas que traballa.
- É preciso xerar unha intelixencia colectiva de ferramentas concretas para achegar as vontades políticas e xerar complicitades. As administracións teñen a obriga de responder ás necesidades sociais que se lle demandan, como é este caso. Enténdese que o lugar para impulsar todas estas iniciativas é o Parlamento de Galicia a través da Comisión de Cultura.

Contidos Transversais

Ao longo dos tres días de traballo, nas distintas mesas xurdiron de xeito transversal, ideas forza ou contidos que, de xeito repetido, debutaron e poderían inferirse como conclusións xerais para ter en conta para o peche deste documento de síntese. Estas conclusións, de feito, tivéronse a en conta na elaboración das conclusións de peche da Guía Práctica.

Tamén recollemos algunhas das palabras chave que se resaltaron durante as xornadas e enumeramos as propostas que xurdiron das distintas mesas do foro.

Palabras chave

Memoria, espolio, herdanza cultural, fraude, territorio, paisaxe cultural, educación, liderados compartidos, transparencia, visibilización, gobernanza participativa, coidados.

Propostas que xurdiron das mesas

- Creación dunha Comisión de Patrimonio no Parlamento.
- Creación dun Observatorio de Patrimonio.
- Creación dun Observatorio de Educación patrimonial.
- Establecemento dun Servizo de Difusión e Participación Social complementario ao Servizo de Protección e Catalogación da administración autonómica e local que atenda as demandas de información da cidadanía.
- Creación dunha Rede Comarcal de Asesoramento para información cidadál.
- Creación dunha Escola de Patrimonio.
- Creación dun Censo Público de Asociacións, colectivos ou institucións que traballen en prol da conservación e difusión do patrimonio.
- Redacción do Plan autonómico de educación patrimonial, baseado no documento da Guía Práctica, resultado deste foro, que contemple todos os ámbitos educativos e sectores de poboación (infancia, xuventude, educación de adultos, etc.).

Conclusións das xornadas

- Constátase o cambio de concepto de patrimonio: a evolución desde a materialidade dos elementos patrimoniais aos valores dos bens patrimoniais (tanto os antigos coma os novos); desde a importancia do obxecto á importancia que lle outorgan os suxeitos (profesionais e sociedade en xeral) e a intervención da cidadanía na súa defensa e xestión.
- É fundamental integrar a dimensión territorial dos elementos patrimoniais nesta redefinición na que emerge a relevancia do concepto de paisaxe cultural para a súa descrición e concreción. Así, é importante abordar a ordenación do territorio desde estas novas perspectivas.
- Atendendo ao xiro antropolóxico do concepto de patrimonio cultural, tamén é preciso incorporar ás súas políticas e xestión a dimensión social. Isto é, trasladarlle os seus valores á sociedade e, ao mesmo tempo, incorporar de xeito efectivo as demandas da cidadanía e a súa participación na toma de decisións.

- Necesidade de recoñecer (definir, valorar e integrar) os novos tipos de patrimonio, os patrimonios emerxentes: agrario, inmaterial, contemporáneos, etc. Identificar cales son tractores como referentes no cambio de paradigma nas políticas na xestión.
- IO patrimonio cultural é transversal a todas as políticas sectoriais. Xa que logo, é preciso poñelo no centro das políticas para que as administracións públicas as harmonicen en relación a outros ámbitos como poden ser a ordenación do territorio, o medio, a vivenda, a explotación de recursos naturais, a educación, etc. A xestión patrimonial debe executarse tendo en conta esta transversalidade, de xeito que non sexa modificada constantemente por mor doutras políticas e/ou normas sectoriais que lle afectan directamente ao territorio e aos bens patrimoniais.
- A centralidade do patrimonio debe organizarse e integrarse desde os departamentos e delegacións encargadas da súa xestión tendo en conta as necesidades e tratamentos específicos que precisa a súa tutela, sen que quede limitada nas consideracións recollidas noutras áreas da xestión pública como son as urbanísticas, forestais, enerxéticas, etc. Estas, polo xeral, eluden e invisibilizan os requirimentos que se realizan nesta materia.
- É preciso incorporar no desenvolvemento legislativo actual a gobernanza participativa do patrimonio, tal e como establece o Consello de Europa. Debe dotarse de ferramentas que poidan ser útiles e transversais como, por exemplo, a creación de órganos interadministrativos que traballen nesta materia.
- Urxe revisar as normas que baleiran de contido os instrumentos legais que tutelan e regulan o patrimonio cultural en Galicia e a súa xestión, que están a mudar a súa conceptualización, subtraendo competencias deste ámbito e, incluso, rebaixando a tutela e a protección dos bens, co perigo que supón para a salvagarda dos elementos patrimoniais e das paisaxes culturais porque son fráxiles e non renovables.
- Existe unha visión economicista desta materia como xeradora de recursos exclusivamente a través do turismo. Isto leva a unha descontextualización dos elementos patrimoniais e/ou unha modificación irreversible do territorio, que supón a perda da herdanza cultural que temos a obriga de salvagardar, como sucede coa perda de identidade coas comunidades rurais e locais, e co despoboamento dos conxuntos históricos.
- Cómpre a dotación de recursos, materiais e humanos, nas distintas administracións públicas para exercer as súas funcións con transparencia, calidade e eficacia nas intervencións en patrimonio cultural. Isto é fundamental para poder darlle cumprimento ás obrigas das institucións públicas de xestión e para poder atender os requirimentos da sociedade civil. Incrementar os recursos para a súa protección e difusión é un investimento intelixente, non un gasto.
- Demándase un catálogo do patrimonio cultural de Galicia amplo e extenso que engada a súa dimensión territorial (materiais e inmateriais), rigoroso e elaborado con criterios científicos, que sexa de acceso público e consulta mediante sistemas de información xeográfica (SIX).
- Saliéntase a necesidade de traballar de maneira coordinada desde o ámbito local, provincial e autonómico, xerando comisións de traballo eficaces e integrando o tecido social nelas.
- Precísase un liderado para a protección, defensa e boa xestión do patrimonio cultural galego que emerxa desde as institucións públicas, establecendo as sinerxías que primen a excelencia da xestión pública e a calidade do traballo dos técnicos, profesionais e da cidadanía de forma conxunta na defensa do patrimonio, garantindo a escoita e participación de todos os sectores sociais implicados (cidadanía, tecido produtivo, técnicos e profesionais).
- A súa protección e a xestión pasa necesariamente pola educación neste ámbito como eixe vertebrador da cadea de valor dos elementos e do territorio que semantizan. Así, a educación patrimonial enténdese no máis amplo sentido, tomando o patrimonio como elemento de socialización, atendendo os distintos sectores da poboación –infancia, xuventude, educación de adultos, formación de profesionais, técnicos das administracións e especializados en sectores afíns– e integrando os distintos ámbitos da formación ao longo da vida (formal, non formal e informal).
- Para que se produza unha participación social real, precísase unha cidadanía formada e in-

formada, polo que é imprescindible a confección dun Plan de educación patrimonial autónomo que garanta esta formación desde as bases sinaladas no punto anterior e tomando como punto de partida a análise realizada polo traballo do foro.

- A integración da participación social na gobernanza do patrimonio non se debe entender como un problema, senón como unha oportunidade para a resolución de conflitos e para a salvagarda dos bens no seu territorio.
- Precisan ser definidos os mecanismos de participación mutua entre a administración e a sociedade, organizada para que a xestión patrimonial sexa transparente e ao servizo da cidadanía, xa que somos as persoas, dun xeito individual ou colectivo, as principais afectadas polas boas ou malas políticas que se desenvolvan.
- Potenciar a inter e transdisciplinabilidade mediante o traballo e equipos para desenvolver o proceso anterior, valorando o traballo a través de redes (asociativas e colaborativas) con procedementos claros de participación, como un método probado para a consecución de obxectivos comúns entre diferentes disciplinas.
- Proponse o establecemento dun Servizo de Difusión e Participación Social nas delegacións e departamentos administrativos de xestión do patrimonio, complementario ao Servizo de Protección e Catalogación, que lle ofrezca información detallada á cidadanía en relación a calquera situación que poida xurdir en relación con este ámbito. Este solucionaría todas as cuestións relacionadas coa transparencia da xestión, a rastrexabilidade procedemental e a avaliación da calidade nos servizos.
- Unha boa política patrimonial leva aparelladas prácticas eficientes e transparentes na xestión, con criterios de excelencia institucional, coa incorporación de indicadores de calidade nos procesos e nos resultados, así como a opinión da cidadanía de xeito transversal. Esta transparencia é obrigada desde a política autonómica á local, para servir da mellor forma a todas as persoas xunto coas distintas realidades territoriais que son depositarias desta enorme herdanza cultural e memoria que define a Galicia. Isto supón, en definitiva, orientar as políticas cara aos cidadáns das persoas e dos bens culturais.

Bibliografía



Bibliografía

Ayán, X.; Fernández Malde, A.; Gago, M.; Toural, C. (2012): «A torre dos Mouros», en J. Almanza Sánchez (ed.), *Arqueología Pública en España*, Madrid, JAS Arqueología S.L.U., 291-315.

Ayán Vila, X.; Gago Mariño, M. (2012): *Herdeiros pola forza*, Ames, 2.0 Editora.

Ballart Hernández, J.; Juan Tresserras, J. (2001): *Gestión del patrimonio cultural*, Barcelona, Ariel.

Borja, J.; Muxí, Z. (2001): «Centros y espacios públicos como oportunidades», *Perfiles Latinoamericanos*, 19, 115-130.

Caride, J. A. (2020): *Proxecto Xerfa@: formación e profesionalización da acción cultural pública en Galicia. Informe*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia–Grupo de Investigación SEPA-interea da Universidade de Santiago de Compostela. (Accesible en: <https://www.xerfa.gal/proxecto>)

Castillo Ruiz, J. (dir.) (2013): *Carta de Baeza sobre patrimonio agrario*, Sevilla, UNIA. (<http://hdl.handle.net/10481/36377>)

Chevallard, Y. (2005): *La trasposición didáctica: del saber sabio al saber enseñado*, Buenos Aires, Aique.

Cobas Fernández, M. I. (2016): «El concepto de paisaje cultural como recurso para la educación patrimonial en la educación secundaria», *CAPA 37*, Santiago de Compostela, Incipit, CSIC. (Accesible en: <http://hdl.handle.net/10261/134694>)

Consello da Cultura Galega (2014): *Usos do Castelo de Monterrei (Ourense)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega. (Accesible en: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2442>)

Criado-Boado, F. (1996): «Hacia un modelo integrado de gestión de investigación y gestión del Patrimonio Histórico: La cadena interpretativa como propuesta», *Boletín del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico*, 16, 73-78.

GESCULCyL, AGPXD e PdGC (2020): *Conceptualización y descripción de los puestos de trabajo en los Departamentos de Cultura en las organizaciones culturales profesionales (Administración pública, sector privado/sector asociativo profesionalizado)*, Asociación de Profesionales de la Gestión Cultural Castilla y León (GESCULCYL) – Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXD) – Professionals de la Gestió Cultural (PdGC). (Accesible en: <http://xestoresculturais.gal/wp-content/uploads/2020/12/conceptualizacion-y-definiciones.pdf>)

González-Pérez C. (2018): *Modelado de información para arqueología y antropología. Principios de Ingeniería de Software para Patrimonio Cultural*, CreateSpace Independent Publishing Platform.

Guillén Gracia, J. A. (2018): «Zonificación de los municipios españoles sujetos a desventajas demográficas graves y permanentes. Mapa 174», *Red de Áreas Escasamente Pobladas del Sur de Europa*. (Accesible en: <http://sspa-network.eu/wp-content/uploads/Mapa174.pdf>)

Hufty, M. (2009): «Una propuesta para concretar el concepto de gobernanza: el marco analítico de la gobernanza», en H. Mazurek (ed.), *Gobernabilidad y gobernanza de los territorios de América Latina*, 77-100. (Actes & Mémoires, núm. 25).

Lalana Soto, J. L. (2011): «El paisaje urbano histórico: modas, paradigmas y olvidos», *Ciudades: Revista del Instituto Universitario de Urbanística de la Universidad de Valladolid*, 14, 15-38.

Lázaro, Y. (2014): «La resignificación del término “producto” en el ámbito cultural», *Cuadernos del Centro de Estudio en Diseño y Comunicación. Ensayos*, 50, 119-125.

Luengo Cruz, M. (2008): «El producto cultural: claves epistemológicas de su estudio», *Zer*, 13, 317-335.

Nárdiz Ortiz, C. (coord.) (2021): *A posta en valor do patrimonio cultural dos ríos: Galicia e outros exemplos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Noguer Juncà, E.; Saez, A. (2016): «Del producto cultural al turismo cultural: el caso del Camino de Santiago», *RITUR. Revista Iberoamericana de Turismo*, 6, 157-165.

Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económico (2005): *La definición y selección de competencias clave. Resumen ejecutivo*, OCDE. (Accesible en: <https://www.deseco.ch/bfs/deseeco/en/index/03/02.parsys.78532.downloadList.94248.DownloadFile.tmp/2005.dscexecutivesummary.sp.pdf>)

Otero Pedrayo, R. (1982): *Galicia, una cultura de Occidente*, León, Editorial Everest.

Otero Pedrayo, R. (1998): *A paisaxe galega, as súas leis e tipos. Federación de Sociedades Galegas, Bos Aires, 26 de xullo de 1947*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Otero Pedrayo, R.; Bonet Correa, A.; López Cuevillas, F.; Losada, A.; Allué Andrade, J. L.; Cunqueiro, A.; Lorenzana, S. (2009): *Paisaxe e cultura*, Vigo, Galaxia.

Pérez Alberti, A. (2001): «A paisaxe como sistema: o exemplo de Galicia», en A. Pérez Alberti (ed.), *O feito diferencial galego. As paisaxes de Galicia*, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, 57-106.

Pérez-Alberti, A.; Borobio-Sanchiz, M.; Castillo-Rodríguez, F.; Payán-Pérez, M. (2014): «Metodología y clasificación de tipos de paisaje en Galicia», *GOT, Revista de Geografía e Ordenamento do Território*, 6, 259-282.

Sánchez-Carretero, C.; Jiménez-Esquinas, G. (2016): «Relaciones entre actores patrimoniales: gobernanza patrimonial, modelos neoliberales y procesos participativos» *Revista PH*, 90, 190-197.

Sánchez-Carretero, C.; Muñoz Albaladejo, J.; Ruiz-Blanch, A.; Roura, J. (coords.) (2019): *El imperativo de la participación en la gestión patrimonial*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

Seara Morales, I. (2009): «Paisaxe é cultura, cultura é paisaxe», en VV.AA., *Paisaxe e cultura*, Vigo, Galaxia, 9-43.

Tallón Nieto, M^a. J.; Rodríguez Puentes, E.; Infante Roura, F.; Rey García, M. (2004): *A rede galega de patrimonio arqueolóxico*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Recursos web

Convenio Marco do Consello de Europa Sobre o Valor do Patrimonio Cultural para a Sociedade Faro, 27.X.2005
<https://rm.coe.int/16806a18d3>

Recommendation of the Committee of Ministers to member States on the European Cultural Heritage Strategy for the 21st century

(Adopted by the Committee of Ministers on 22 February 2017 at the 1278th meeting of the Ministers' Deputies)
<https://rm.coe.int/16806f6a03>

Estratexia Territorial Europea. Cara a un desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio da UE. Acordada na reunión informal de Ministros responsables de ordenación do territorio en Potsdam, maio de 1999
https://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docoffic/official/reports/pdf/sum_es.pdf

Indicadores Unesco de Cultura para o Desenvolvemento. Manual Metodolóxico
https://es.unesco.org/creativity/sites/creativity/files/iucd_manual_metodologico_1.pdf

Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020
http://www.planestratexico.gal/es_ES/presentacion

Estratexia da cultura galega. Documento para valoración pública (ECG)
https://www.cultura.gal/sites/default/files/documents/basico/ecg21_documento_para_valoracion_publica_2019_0.pdf

Diagnose da Cultura Galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI, Consello da Cultura Galega
<https://www.cultura.gal/es/diagnose-cultura-galega-datos-para-estratexia-cultural-seculo-xxi>

Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)
https://cmatv.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_Instituto_Estudios_Territorio?content=Direccion_Xeral_Sostibilidade_Paisaxe/Directrices_Ordenacion_Territorio/seccion.html&std=descarga-dot.html

Estratexia 2020 do turismo de Galicia (ET)

https://www.turismo.gal/canle-institucional/turismo-de-galicia/a-axencia/estratexia-do-turismo-de-galicia-2020?langId=gl_ES

Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2021

https://www.turismo.gal/canle-profesional/plans-e-proxectos/plan-director-camino-de-santiago?langId=gl_ES

Plan Nacional de Educación y Patrimonio. Ministerio de Cultura e Deporte

<http://www.culturaydeporte.gob.es/planes-nacionales/planes-nacionales/educacion-y-patrimonio.html>

Plan Nacional de Educación y Patrimonio

<http://www.culturaydeporte.gob.es/planes-nacionales/planes-nacionales/educacion-y-patrimonio.html>

Le patrimoine et au-delà. Consello de Europa 2008

<https://rm.coe.int/16806abdeb>

Getting cultural heritage to work for Europe' Report of the Horizon. 2020 Expert Group on Cultural Heritage EUROPEAN COMMISSION 2015

<https://ec.europa.eu/programmes/horizon2020/en/news/getting-cultural-heritage-work-europe>

UNESCO Cultura en crisis: guía de políticas para un sector creativo resiliente

<https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000374633>

UNESCO 2011, Recomendaciones sobre el paisaje histórico urbano

http://portal.unesco.org/es/ev.php-uRL_ID=48857&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html

Xunta de Galicia, 2021, Directrices de paisaxe de Galicia

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210201/AnuncioG0532-120121-0001_gl.pdf

Textos legais citados

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (2014). *Diario Oficial de Galicia*, núm. 171.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140909/AnuncioG0164-050914-0005_gl.html

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (2009). *Diario Oficial de Galicia*, núm. 212.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2009/20090623/Anuncio24C76_gl.pdf

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (2015). *Diario Oficial de Galicia*, núm. 120.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_gl.html

Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia

https://rbgalicia.xunta.gal/sites/default/files/documents/documento/lei_8_1995_do_30_de_outubro_do_patrimonio_cultural_de_galicia.pdf

Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPC)

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioC3B0-110516-0001_gl.html

Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia (LPN)

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190807/AnuncioC3B0-020819-0001_gl.html

Lei 7/2008, do 23 de maio, de protección da paisaxe de Galicia

https://xeg.xunta.gal/sites/default/files/documentos/Lei%207_2008.pdf

Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20111111/AnuncioC3B0-041111-8318_gl.html (LTG)

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171025/AnuncioC3B0-201017-0001_gl.html

Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (LRRR)

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190502/AnuncioC3B0-250419-0001_gl.html

Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210226/AnuncioC3B0-240221-0002_gl.html

Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (LOT)

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210114/AnuncioC3B0-110121-0001_gl.html

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (2006). *Boletín Oficial do Estado*. Accesible en galego en: <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/Conselleria/loe.pdf>

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (2020). *Boletín Oficial do Estado*, núm. 106. Accesible en galego: https://www.boe.es/boe_gallego/dias/2020/12/30/pdfs/BOE-A-2020-17264-G.pdf

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (2020). *Boletín Oficial do Estado*, núm. 295. Accesible en: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2013/12/09/8/dof/spa/pdf>

